

MEMORIA TOMO II
VOLUME 1





MEMORIA

TOMO II VOLUME 1

CONTIDO

I.	PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	7
II.	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	69
III.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	259
IV.	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	333



PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

SECCIÓN 04

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa parte, o Decreto 48/2024, do 22 de abril, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e fixou aqueles órganos que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

No Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Xunta de Galicia dispónse que dependerán da Presidencia da Xunta de Galicia os seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaría Xeral da Presidencia, á que está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
- Secretaría Xeral de Medios, á que está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación.
- Oficina de Coordinación Económica da Presidencia, con rango de secretaría xeral.
- Asesoría Xurídica Xeral, con rango de Secretaría Xeral, á que está adscrita a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo.
- As delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia:

- A Axencia de Turismo de Galicia, que se axusta nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia; no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.
- A Presidencia contará coa Xefatura de Gabinete de Apoio á Presidencia da Xunta de Galicia e coa Xefatura de Comunicación.

Tamén están adscritas aos órganos superiores dependentes da Presidencia os seguintes órganos colexiados:

- O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, regulado polo Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, adscrito á Axencia de Turismo de Galicia.
- O Consello de Turismo de Galicia, regulado polo Decreto 149/2012, do 5 de xullo, á Axencia de Turismo de Galicia.
- A Comisión Interdepartamental do Camiño de Santiago, regulada polo Decreto 107/2016, do 4 de agosto, á Axencia de Turismo de Galicia.

- O Comité Camelia Galicia, regulado pola Orde do 25 de maio de 2020 pola que se establece a ordenación da Ruta dos Xardíns da Camelia e se crea o Comité Camelia Galicia, á Axencia de Turismo de Galicia.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA PRESIDENCIA

As funcións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o establecido no Decreto 135/2024, do 20 de maio, son as que se indican a seguir:

SECRETARÍA XERAL DE PRESIDENCIA

A Secretaría Xeral da Presidencia configúrase como órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de apoio e asistencia técnica á Presidencia da Xunta de Galicia.

Correspóndelle en particular, entre outras:

- a) A asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Presidencia.
- b) A coordinación da planificación interdepartamental e a comunicación, nos asuntos xerais, coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia da Xunta de Galicia, así como as que lle sexan delegadas pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.
- c) A coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no artigo único, letra a), punto I, do Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- d) A elaboración de estudos e informes para a Presidencia da Xunta.
- e) e) A coordinación dos asuntos xerais da Presidencia da Xunta que así o precisen.
- f) A coordinación da elaboración dos orzamentos da Presidencia.
- g) A xestión do persoal da Presidencia nos termos establecidos neste decreto.
- h) As funcións de réxime interior e os asuntos xerais da Secretaría Xeral da Presidencia.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio directo á Presidencia.

Correspóndelle en particular:

- a) Prestar asesoramento en todos os asuntos e materias que dispoña a Presidencia da Xunta de Galicia.
- b) Solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para os efectos de facilitarlle a coordinación da acción de Goberno.
- c) Solicitar das institucións públicas e privadas a información que demande para o exercicio das súas funcións.
- d) Preparar os documentos e informes que sexan necesarios para a súa interlocución ou toma de decisións.
- e) Prestar asistencia para a preparación das súas intervencións no Parlamento de Galicia.
- f) A coordinación das actividades da Casa de Galicia en Madrid.
- g) O secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas, coa excepción da asistencia ás súas sesións, exercendo as competencias que se sinalan nas normas reguladoras de réxime interior da Xunta de Galicia.
- h) A defensa dos asuntos da Presidencia da Xunta na Comisión de Secretarios Xerais e o apoio á persoa titular da Presidencia no sometemento daqueles ao Consello da Xunta.
- i) A xestión da documentación da Presidencia da Xunta de Galicia.
- j) Realizar aquelas outras actividades ou funcións que se lle encomenden.

Para o exercicio das súas competencias, a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia conta coa Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación, á que lle corresponden as seguintes competencias:

- a) A realización dos informes que lle sexan encomendados pola persoa titular da Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
- b) O estudo dos asuntos que teñan que elevarse á Comisión de Secretarios Xerais e ao Consello da Xunta de Galicia.
- c) O apoio á persoa titular da Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia no labor de solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías.
- d) A edición do Diario Oficial de Galicia.
- e) En xeral, a asistencia e xestión de cantos asuntos lle sexan encomendados.

Queda adscrita á Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia a Casa de Galicia en Madrid que, como sede da Xunta de Galicia en Madrid, desenvolverá as actividades previstas no artigo 17 do Decreto 135/2024, sen prexuízo da coordinación dos demais departamentos da Xunta de Galicia das actividades que se poidan desenvolver nela.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá, entre outras, as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia; a xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, comunicación audiovisual e as referidas á publicidade, recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia; a coordinación da política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia e da súa identificación corporativa; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da Comunidade Autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

No marco das súas competencias, correspóndelle a esta secretaría xeral a supervisión e coordinación da política informativa e de comunicación da Xunta de Galicia; a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia, así como a coordinación da comunicación interdepartamental da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA PRESIDENCIA

Co rango de secretaría xeral, a Oficina de Coordinación Económica da Presidencia asume funcións de apoio e asesoramento en materia económica á Presidencia da Xunta de Galicia.

En concreto, correspóndenlle:

- a) A elaboración de estudos sobre o impacto das políticas económicas aplicadas na Comunidade Autónoma.
- b) A elaboración de estudos de seguimento e avaliación sobre o desenvolvemento de proxectos de investimentos estratéxicos e transformadores.
- c) A análise e a proposta de fontes de financiamentos, no ámbito dos fondos europeos, para os proxectos e investimentos transformadores.
- d) A elaboración de estudos e informes sobre a situación económica e análises sectoriais.
- e) O asesoramento e o apoio á Oficina Económica de Galicia na coordinación dos distintos departamentos e órganos sectoriais do sector público autonómico, garantindo a coherencia das actuacións que cada un desenvolva no marco das súas competencias para a consecución dun resultado común.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Co rango de secretaría xeral, asume a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

DELEGACIÓNS TERRITORIAIS DA XUNTA DE GALICIA

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia quedan adscritas organicamente á Presidencia da Xunta de Galicia, e exercerán as competencias previstas no artigo 7 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, así como aquelas previstas na normativa aplicable.

1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia de Turismo de Galicia, que ten como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade Autónoma e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, procedeuse ao desenvolvemento da citada disposición adicional, creando a Axencia de Turismo de Galicia e regulando os aspectos referidos á organización e funcionamento da Axencia, a súa estrutura, o réxime do seu persoal, o seu réxime económico-financeiro e o seu réxime patrimonial e de contratación.

No Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Xunta de Galicia, queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Turismo de Galicia.

Así mesmo, o citado Decreto establece na Disposición adicional sétima que a Axencia de Turismo de Galicia asume a tutela funcional da sociedade pública Galicia Calidade, S.A.

Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Axencia de Turismo de Galicia ten as seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

- a) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da Comunidade Autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego.
- b) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.
- c) A dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma.
- d) A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.
- e) O desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo para aplicar nos xeodestinos e/ou establecementos turísticos, apostando pola innovación, calidade e sustentabilidade dos produtos turísticos que configuren o portafolios de produtos turísticos de Galicia.
- f) O aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia coma no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.
- g) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.
- h) Os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.
- i) Directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.
- j) A coordinación da participación da Comunidade Autónoma nas exposicións universais.
- k) Dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.
- l) O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.
- m) A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística.

- n) A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos.
- o) Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.
- p) O exercicio da función estatística da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo, no marco do previsto no artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- q) Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

1.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 2, encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, (en diante Corporación RTVG), a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico con forma de sociedade anónima e con capital participado na súa totalidade pola Comunidade Autónoma de Galicia. A Corporación RTVG goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canais de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinados a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

Esa función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canais xeneralistas e temáticas, así como a oferta de servizos conexos e interactivos.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixando aqueles que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

E, pola súa banda, o Decreto 135/2024, do 20 de maio, estableceu a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

Mediante este decreto actualízase a estrutura dos órganos superiores de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia fixada polo Decreto 108/2022, do 16 de xuño, incorporando a Oficina de Coordinación Económica da Presidencia, con rango de secretaría xeral, a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo, dependente da Asesoría Xurídica Xeral.

Como novidade, e mediante o citado Decreto, tamén se asume a estrutura periférica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da adscrición orgánica das delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Así mesmo tamén se recolle a tutela funcional da sociedade pública Galicia Calidade, S.A., asumida pola Axencia de Turismo de Galicia.

A Secretaría Xeral da Presidencia configúrase como órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de apoio e asistencia técnica á Presidencia da Xunta de Galicia.

En 2025, continuarase a reforzar, nos asuntos xerais, a coordinación da planificación interdepartamental en colaboración con todas as consellerías e co resto dos órganos superiores e de dirección da Xunta de Galicia.

En consecuencia, os orzamentos de 2025 reflicten as dotacións necesarias para afrontar o desempeño destas atribucións que se derivan desta nova estrutura.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS.

A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual.

Neste senso, establécense como principais funcións da Secretaria Xeral de Medios as seguintes:

- A divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia, tanto nos soportes convencionais como a través dos novos soportes nas diferentes redes sociais.
- A xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social e comunicación audiovisual.
- A coordinación da política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- A coordinación da transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada na política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- A proposición e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e a publicidade.
- A elaboración, coordinación e seguimento relativo ao manual e normas sobre a identidade corporativa da Xunta de Galicia.
- O estudo, preparación e tramitación de cantas actuacións correspondan á Xunta de Galicia para o desenvolvemento e efectividade das previsións do artigo 34 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en relación coa radio, televisión e medios de comunicación social.
- A realización de estudos e a súa coordinación sobre materias relativas a todos os sectores da información e medios de comunicación en xeral.
- As competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto na lexislación básica en materia de comunicación audiovisual e, se é o caso, a potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cuxo ámbito de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non supere os límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación.
- A implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual.
- A dirección e coordinación das actuacións en materia de comunicación audiovisual e multimedia, e todos os aspectos que deriven da aplicación destas tecnoloxías no ámbito da comunicación.

En 2025, a Secretaría Xeral de Medios continuará desenvolvendo todas as funcións que ten asignadas, entre as que se inclúen, as labores de coordinación da comunicación interdeparta-

mental da Xunta de Galicia e dos contidos ofrecidos, no eido dixital, nas relacións coa cidadanía e coas institucións.

Nun contexto en permanente evolución, marcado polo desenvolvemento tecnolóxico e os cambios no patrón de consumo audiovisual e de medios escritos, cómpre o desenvolvemento de estratexias acordes con esta nova realidade.

Trátase, por unha parte, de adaptar a oferta dos contidos informativos xerados pola propia Xunta de Galicia a esta nova realidade. E, ao mesmo tempo, estar atentos a esta evolución por se fose necesario axustar o marco normativo neste sector, sempre co obxectivo de preservar o ecosistema mediático galego e, por extensión, os valores inherentes á Comunidade Autónoma, lingua e cultura, nomeadamente.

Potenciar o uso do galego nos diferentes medios de comunicación, con independencia do soporte, constitúe un obxectivo permanente para a Secretaría Xeral de Medios.

Do mesmo xeito e no ámbito das súas competencias, a Secretaría Xeral de Medios avanzará no redeseño e modernización da imaxe corporativa da Xunta de Galicia na procura dunha identidade uniforme, coherente e facilmente identificable.

OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA PRESIDENCIA

A Oficina de Coordinación Económica da Presidencia, con rango de secretaría xeral, configúrase como un órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con nivel orgánico de secretaría xeral e funcións de apoio e asesoramento en materia económica á Presidencia da Xunta de Galicia.

A súa creación responde a unha aposta clara e firme polas políticas económicas con altura de miras, nas que non só prime a inmediatez de resultados, senón tamén os impactos de longo prazo. Esta concepción da política económica é especialmente relevante nos momentos actuais de cambio, onde o aproveitamento das oportunidades asociadas ao proceso de transición climática e a dixitalización brinda a posibilidade de situar a economía galega nunha posición de liderado e vangarda, tanto a nivel nacional como internacional.

Por este motivo, á Oficina de Coordinación Económica da Presidencia corresponderanlle, en particular, as seguintes funcións:

- a) A elaboración de estudos sobre o impacto das políticas económicas aplicadas na Comunidade Autónoma.
- b) A elaboración de estudos de seguimento e avaliación sobre o desenvolvemento de proxectos de investimentos estratéxicos e transformadores.

- c) A análise e a proposta de fontes de financiamento, no ámbito dos fondos europeos, para os proxectos e investimentos transformadores.
- d) A elaboración de estudos e informes sobre a situación económica e análises sectoriais.
- e) O asesoramento e o apoio á Oficina Económica de Galicia na coordinación dos distintos departamentos e órganos sectoriais do sector público autonómico, garantindo a coherencia das actuacións que cada un desenvolva no marco das súas competencias para a consecución dun resultado común.

A visión estratéxica das actuacións da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia está aliñada cos obxectivos do Pacto Verde Europeo para a transformación da economía cara un modelo de sustentabilidade e neutralidade climática para 2050. Un reto que cómpre afrontar aproveitando todas as vantaxes comparativas que nos ofrecen os nosos recursos e capacidades, para impulsar así o desenvolvemento económico e social de Galicia.

Así mesmo, as accións estratéxicas impulsadas dende a Oficina de Coordinación Económica estarán orientadas a facilitar a transición cara unha nova economía, transición que estará impulsada pola innovación e talento para conseguir unha economía máis dinámica e inclusiva.

En 2025, desde esta Oficina de Coordinación Económica seguirase traballando na priorización de todos aqueles proxectos de investimento estratéxicos e innovadores para Galicia relacionados con 3 pilares básicos: enerxía, auga e talento; incidindo naqueles sectores que teñen unha alta produtividade, resiliencia e potencialidade de desenvolvemento.

As dúas ferramentas básicas que servirán para impulsar a posta en marcha de proxectos de investimento relacionados con cada un dos 3 eixes mencionados son:

- a) Por unha banda, a futura lei de recursos naturais de Galicia, que establece o marco normativo que regula o uso e a xestión responsable dos nosos recursos naturais, e ademais establece os mecanismos necesarios para que os beneficios económicos e sociais de todos os proxectos de investimento que usen os nosos recursos naturais revertan en Galicia. Entre eses mecanismos está a sociedade Recursos Naturais de Galicia, RDG, unha sociedade instrumental con capacidade para participar no mercado e garantir que os proxectos de investimento que utilicen os nosos recursos naturais teñan un impacto socioeconómico positivo no noso territorio e preserven o noso capital natural.
- b) Por outra banda, un marco de certeza que garanta un novo modelo de relación coas empresas: en primeiro lugar, a través dunha xanela única, a Oficina Económica de Galicia residenciada no IGAPE, a través da cal todos os proxectos de investimento poden fluír dunha forma áxil e directa cara á Administración da Comunidade Autónoma e seren identificados como estratéxicos; e, en segundo lugar, reducindo a burocracia e os prazos, axilizando todas as tramitacións requiridas nun período inferior a un ano, salvagardando sempre todas as garantías legais e medioambientais establecidas na normativa vivente.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de secretaría xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da Comunidade Autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 551.3 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Polo Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta, créase a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo, dependente da Asesoría Xurídica Xeral. A persoa titular da mesma terá, entre outras, a función de apoiar á persoa titular da Asesoría Xurídica Xeral no exercicio das súas funcións, así como levar, dirixir, supervisar ou coordinar aqueles ámbitos da prestación de asistencia xurídica e contenciosa ou os asuntos concretos que lle sexan encomendados.

O Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta, creou tamén un Gabinete de Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao que lle corresponde a representación e defensa da Xunta de Galicia e da Administración da Comunidade Autónoma ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en todos os procedementos previstos na lexislación vixente en que coñeza en única instancia, sen prexuízo das competencias de representación e defensa en determinadas materias atribuídas a outros órganos da Asesoría Xurídica. Este Gabinete irá asumindo progresivamente as súas funcións de conformidade coas instrucións que dite a persoa titular da Secretaría Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, que poderá atribuírle determinadas categorías ou tipos de asuntos atendendo ao seu volume, natureza e complexidade, e tendo en conta o persoal letrado asignado en cada momento.

Para o ano 2025 continuarase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo de todos os entes do sector público autonómico. Deste xeito, seguirase reforzando o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control, o que se traducirá nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Tamén se pretende, neste ano 2025, ao igual que no ano 2024, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

En particular, na materia de contratación pública, as accións da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia diríxense: a potenciar a utilización das modalidades de compra pública innovadora; á aplicación criterios de adxudicación baseados na calidade social e ambiental impostos pola normativa sectorial (como a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia; a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia; a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia); a contribuír ao deseño dos expedientes contractuais de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público; a asistir á Administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrència.

En cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos. Nese sentido, para contribuír ao obxectivo de cumprir o principio de calidade normativa intensifícase a colaboración da Asesoría Xurídica Xeral, mediante a asistencia dos/das letrados/as da Xunta de Galicia nas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos. O traballo destas comisións resulta fundamental para a mellora da calidade da redacción das normas, da súa claridade e precisión, o que fomenta a seguridade xurídica, e facilita, así mesmo, a participación pública e dos sectores interesados, e a súa máis áxil tramitación e informe por parte dos órganos administrativos e consultivos que deben informalas, coa consecuente redución dos prazos de tramitación. A Administración autonómica, pretende no ano 2025 continuar avanzando na redución do prazo medio de tramitación das normas.

En particular, no ano 2024, a Asesoría Xurídica Xeral colaborou en relevantes proxectos de disposicións de carácter xeral, entre os que se poden destacar os anteproxectos da lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, da lei de Estatística de Galicia e da lei de medidas fiscais e administrativas, como garante da seguridade xurídica nestas materias.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia segue a participar na aplicación das medidas impulsadas pola Administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

A Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 23 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Por último, a Asesoría Xurídica Xeral continuará a intervir nas iniciativas do plan anual normativo, no marco das funcións previstas na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo desenvolver todo o potencial turístico da Comunidade Autónoma destacando como destino multiexperiencial único e diferenciado a nivel nacional e internacional, a través da implantación dunha oferta singular, segmentada e desestacionalizadora, que pon en valor a riqueza do noso territorio ao redor dunha marca, Galicia Calidade.

Unha labor de planificación, ordenación e fomento do turismo que se desenvolve, un ano máis, en diálogo e colaboración con todos os axentes da cadea de valor para facilitar a competitividade e a sustentabilidade do sector a medio e longo prazo.

Precisamente, resultado do diálogo co sector turístico é a Estratexia de Turismo de Galicia 2030. Esta nova planificación das políticas de turismo na nosa Comunidade Autónoma deseñouse tras a participación de profesionais na súa elaboración, co obxecto compartido de que cada visitante non só descubra Galicia, senón que tamén a sinta como terra de acollida ao visitante, tal e como se manifestou o pobo galego ao longo da súa historia.

O Camiño de Santiago volverá a ser un elemento destacado desta misión, ao conxugar a súa proxección mundial coa vertebración territorial de Galicia ao longo das aldeas e as cidades. A sostibilidade do propio Camiño e a celebración do Xacobeo 2027 marcarán o desenvolvemento deste recurso diferencial do turismo galego.

Así mesmo, a tutela funcional da sociedade pública Galicia Calidade, S.A. pola Axencia de Turismo de Galicia servirá para proxectar a Comunidade Autónoma como referente do turismo de calidade, da man de produtos e servizos certificados.

Neste contexto, as principais liñas de actuación da Axencia de Turismo de Galicia para 2025 priorizarán:

- A aposta polo turismo como factor de reequilibrio territorial e de loita contra o despoboamento ao converterse nunha ferramenta capaz de revitalizar áreas rurais e xerar oportunidades económicas na comunidade local.
- O impulso dun turismo auténtico e sostible, a través do compromiso por preservar e realzar a riqueza cultural, natural e social de Galicia.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, profesionalizado, innovador e coordinado, con visión internacional. Así mesmo, no marco da estratexia retorna, en colaboración coa Secretaría Xeral da Emigración, continuarase profundizando na achega de man de obra cualificada ás distintas categorías profesionais existentes.
- A xestión e o seguimento dos fluxos turísticos e a procura da desestacionalización do sector a través do fomento dun crecemento turístico fora da época estival.
- A xeración de novas experiencias e produtos innovadores que permitan aumentar o valor dos servizos turísticos.
- O apoio á transformación dixital e a sostibilidade do sector turístico, así como a captación e retención de talento.
- A preparación do Xacobeo 2027, con diferentes mecanismos de promoción e actuacións que permitan por en valor o Camiño de Santiago como mellor embaixador da marca Galicia nos ámbitos nacionais e internacionais.
- A mellora da experiencia no Camiño de Santiago, tamén coa vista posta no Xacobeo 2027, que se levará a cabo a través dun ambicioso plan para reforzar a seguridade nos distintos itinerarios que discorren por estradas con alta intensidade de tráfico rodado. Así mesmo, actuarase sobre a renovación de establecementos de aloxamento vinculados ao Camiño e de xestión pública para facelos máis sostibles e atractivos para ás persoas usuarias.
- O Impulso da gobernanza turística, a través do diálogo e da implicación do sector e das administracións para a posta en marcha de iniciativas que dean resposta aos novos retos.
- A posta en marcha de proxectos tractores que se convertan en motor do territorio onde se sitúan, contribuíndo a dinamizalos turisticamente, con especial atención a aqueles que potencien a loita contra o despoboamento do rural e permitan crear tecido socioeconómico e aqueles que se encontran no noso litoral en desenvolvemento da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Neste último eido, precisamente, cabe mencionar que a Xunta de Galicia encarará en 2025 a recta final da execución dos Plans Territoriais do Litoral, de Enogastronomía e de Cascos Históricos e Vilas Termas, así como do Plan Nacional Xacobeo que inclúe a posta en valor de 12 Bens de Interese Cultural (BIC) na ruta xacobeá.

Deste xeito, entre outras, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- A revalorización da totalidade dos Portos Náutico Deportivos de Galicia para a mellora das instalación de recepción de turistas náuticos.
- A licitación das obras de creación de máis de 1.700 km da Senda Litoral de Galicia.
- O desenvolvemento da Actuación de Cohesión en Destino “Unha viaxe sostible entre viñedos: descubre as cinco Rutas do Viño de Galicia en Vehículo Eléctrico”.
- O remate das obras nos BICs, segundo o cronograma de execución previsto, con intervencións nos arquipélagos da Illa de Ons e de Sálvora, o acondicionamento na contorna das Torres do Oeste en Catoira e do Parque do Pasatempo en Betanzos, a rehabilitación integral do Cárcere Vello de Tui e a rehabilitación da Fortaleza de Monterrei.

Fóra destes plans territoriais, licitarase un contrato para a formación en competencias dixitais das persoas ligadas ao do sector turístico e tamén se convocará unha nova axuda para establecementos temais.

A asunción de Galicia Calidade nos orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia vai permitir establecer sinerxías entre ambas entidades e promover unha imaxe competitiva e favorable da Comunidade Autónoma como destino.

Así, no ano 2025 elaborárase un plan estratéxico global para impulsar a transformación de Galicia Calidade nunha marca de país, vertebrando todas as accións do Goberno en favor da construción, desenvolvemento e promoción de Galicia ante o mundo. Esta marca, asociada á excelencia, será válida para representar a tradición, a cultura e a personalidade propia de Galicia, pero tamén para poñer en valor os seus sectores produtivos, os seus proxectos empresariais e as súas potencialidades de futuro.

En conclusión, os orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2025 perseguen seguir mantendo os valores que identifican á Comunidade Autónoma, a través do desenvolvemento dun modelo turístico único e sostible a longo prazo, e que ten na calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxeos, xunto co Camiño de Santiago, como as súas mellores ferramentas para a creación de experiencias adaptadas ás necesidades das persoas viaxeiras.

II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A CORPORACIÓN CRTVG

Desde o punto de vista regulamentario estase a abordar un novo marco normativo, que se adecúe á lexislación europea, aliñado co programa estratéxico da Década Dixital para 2030 (Decisión UE 2022/2481), comprometido coa transformación dixital.

As liñas de acción da Corporación RTVG cara ao exercicio 2025, articúlanse, de xeito prioritario, nos eixes seguintes:

1. Prover un servizo centrado en dotar de máis e mellores prestacións ao conxunto da cidadanía, mantendo o pulso de competitividade, consolidando á CRTVG como una das canles máis dinámicas da FORTA.
2. Impulsar a transformación dixital asociada á plataforma AGalega.gal mediante unha dotación específica destinada ao financiamento da oferta de contidos.
3. Incorporar mais liñas de modernización tecnolóxica e innovación fornecendo así a transformación dixital para adecuarse as demandas de consumo da sociedade.
4. Garantir un emprego de calidade, axeitadamente retribuído e estable, coa firmeza da totalidade do cadro de persoal.

En consecuencia as principais liñas de acción no exercicio 2025, están focalizadas en promover un entorno dixital inclusivo, transparente e aberto, centrado nas persoas e baseado nos dereitos fundamentais; desenvolver competencias dixitais co fin de reducir a fenda dixital cultural e xeográfica; garantir infraestruturas de xestión masiva de datos seguras e accesibles; contribuír a desenvolver un ecosistema global e sostible de infraestruturas dixitais en Galicia; implementar esquemas que contribúan a mellorar a resiliencia ante ameazas de ciberseguridade.

a) Liñas de acción en materia de contidos e innovación.

As liñas de acción establecidas na xestión están a potenciar os servizos informativos como núcleo da prestación ao tempo que se avanza, adaptándose ás tendencias da demanda, na creación de novos formatos de entretemento.

Ao fío do exposto, as actuacións a realizar centraranse, entre outras, en realizar unha provisión do servizo audiovisual baixo criterios de eficiencia, colocando á audiencia no centro da estratexia Corporativa; impulsar a plataforma de comunicación audiovisual de Galicia; implantar o sistema de produción dixital da Radio Galega e avanzar no desenvolvemento da plataforma AGalegaAudio.gal; implantar solucións con intelixencia artificial para mellorar a eficacia da comercialización publicitaria e nas áreas que se estime que engade valor á cadea de traballo; plantexar unha nova actuación focalizada na dixitalización do arquivo da CRTVG; desenvolver o Proxecto G24.gal, sustentado nunha plataforma de xestión de contidos; potenciar o traballo nas redes sociais como canle de comunicación xerando un esquema cunha gran capacidade de cobertura e retroali-

mentación; integrar plenamente os medios da Corporación de forma que incorpore ás delegacións territoriais da CRTVG.

b) Liñas de acción na área de emisión.

Con soporte nas súas disponibilidades orzamentarias, a CRTVG manterá a emisión das canles dixitais de radio e televisión, ademais dun servizo de información en liña.

c) Liñas estratéxicas e obxectivos de produción.

Para o 2025 rexerán de novo os principios de eficiencia, calidade e rendibilidade do servizo prestado: promover e difundir a cultura, a lingua e a identidade de Galicia, segundo se recolle na normativa vixente, e contribuír na proxección de Galicia ao exterior; executar o Plan Xeral de Actuación da Corporación; promover a xestión do valor público para a cidadanía e a sociedade como estratexia de lexitimación do servizo audiovisual público; xestionar a transformación dixital fortalecendo os espazos de innovación e estratexia, a programación de contidos culturais, accións sobre públicos infantís e xuvenís como a plataforma Xabarin.gal, e a coordinación de valores públicos e políticas de igualdade e diversidade; executar liñas de acción comprometidas cunha tracción decisiva como motor do sector audiovisual galego.

d) Liñas de acción en materia de tecnoloxía.

Reforzar as capacidades produtivas cunha actividade liderada por persoas e potenciada pola tecnoloxía, para favorecer unha contorna dixital máis rica e adaptable aos constantes desenvolvementos da vangarda tecnolóxica.

e) Liñas de acción en materia económica e xurídica.

- No ámbito económico-administrativo e de xestión preténdese o perfeccionamento da administración, a mellora da eficiencia e dos procedementos e mecanismos de seguimento en perspectiva estratéxica, toda vez que o saneamento económico financeiro está xa consolidado.
- No ámbito xurídico, téndose avanzado nas garantías e controis da responsabilidade xurídica corporativa a través dunha unidade de supervisión do modelo de cumprimento, integrárase esta liña de perspectiva xurídica na xestión dos recursos humanos.

f) Liñas de acción en materia de xestión das persoas.

- Proxecto centrado nas persoas e comprometido coa estabilidade no emprego, con vectores orientados a un axeitado clima laboral, coidado da contorna de traballo, estudo da implantación de instrumentos colaborativos, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e a elaboración e execución dun plan de formación continua.
- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica, ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte para a estabilización no emprego de todo o cadro de persoal, mellorando así a capacidade de gobernanza facilitándolle ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.

En definitiva, perséguese un servizo público media moderno e eficaz que presta máis e mellores servizos a un menor custo, cunha mellora na gobernanza, transformación tecnolóxica, económica, de xestión e de estabilidade no emprego.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes, asegurando a coordinación e a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un importante carácter intrínseco á propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta, no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias, e ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como xa se indicou, este programa ten un marcado carácter de apoio á actividade do presidente da Xunta de Galicia, polo que nel se recollen basicamente gastos de funcionamento que sustentan esa actividade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base, primeiramente, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

En desenvolvemento das previsións contidas nesa lei, dítanse os oportunos decretos de estrutura. Así, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa banda, o Decreto 48/2024, do 22 de abril, establece os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixando aqueles que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

En base a esta última norma, o Decreto 135/2024, do 20 de maio, regulou a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é actuar como soporte orzamentario da actividade singular da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, así como das unidades administrativas que apoian directamente esa actividade, dun xeito eficiente e menos gravoso para as finanzas autonómicas, asegurando tamén a coordinación e comunicación co resto de órganos do sector público autonómico e reforzando a acción coordinada do goberno galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.2. PROGRAMA 121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL E PERIFÉRICA DA XUNTA DE GALICIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado ás delegacións territoriais, atende as tarefas de coordinación do exercicio das competencias da Administración periférica da Xunta de Galicia, dado que, e segundo o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, as delegacións territoriais da Xunta de Galicia pasan a quedar adscritas organicamente á Presidencia.

Dentro do ámbito das competencias dos delegados ou delegadas territoriais lle corresponden, no respectivo ámbito territorial:

- a) Exercer a representación oficial da Xunta de Galicia.
- b) Exercer as competencias que lles sexan atribuídas ou desconcentradas en virtude dunha norma xurídica ou que lles sexan delegadas polos conselleiros, directores e secretarios xerais no ámbito das súas competencias.
- c) Ditar cantas instrucións e ordes de servizo consideren convenientes para o mellor funcionamento da delegación.
- d) Dispor canto concirne ao réxime interior da delegación en todas as súas dependencias.
- e) Desempeñar a xefatura de persoal da delegación sen prexuízo das funcións que neste ámbito lles correspondan a outros órganos administrativos.
- f) Resolver os recursos de alzada que correspondan contra os actos que adopte o secretario territorial.
- g) Asegurar o cumprimento das disposicións legais e regulamentarias na actuación dos órganos da Administración autonómica.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A través das actuacións recollidas neste programa se asume a coordinación do exercicio das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma nos servizos administrativos periféricos, o que redunda nun servizo público máis eficaz que ten como destinataria directa á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As delegación territoriais se configuran como órganos decisorios e representativos do presidente da Xunta e o do Goberno autonómico da Administración periférica da Xunta de Galicia, polo que se recollen basicamente gastos que sustentan esa actividade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base no Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa banda, o Decreto 48/2024, do 22 de abril, establece os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixando aqueles que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

En base a esta última norma, o Decreto 135/2024, do 20 de maio, regulou a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa está orientada a coordinar os órganos en que se estrutura a delegación territorial, a impulsar a actividade administrativa e velar polo eficaz emprego dos medios dispoñibles no ámbito territorial da súa competencia para proporcionar unha administración de calidade, eficiente e próxima á cidadanía. A estes efectos, cada delegación territorial xestionará o crédito que, segundo a consignación da Lei de orzamentos lle corresponda, e lle sexa desconcentrado.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Delegacións Territoriais

III.1.3. PROGRAMA 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de secretaría xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da Comunidade Autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Polo Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta, créase a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e de Desenvolvemento Lexislativo, dependente da Asesoría Xurídica Xeral. A persoa titular da mesma terá, entre outras, a función de apoiar á persoa titular da Asesoría Xurídica Xeral no exercicio das súas funcións, así como levar, dirixir, supervisar ou coordinar aqueles ámbitos da prestación de asistencia xurídica e contenciosa ou asuntos concretos que lle sexan encomendados.

O Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta, creou tamén un Gabinete de Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao que lle corresponde a representación e defensa da Xunta de Galicia e da Administración da Comunidade Autónoma ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en todos os procedementos previstos na lexislación vixente en que coñeza en única instancia, sen prexuízo das competencias de representación e defensa en determinadas materias atribuídas a outros órganos da Asesoría Xurídica. Este Gabinete irá asumindo progresivamente as súas funcións de conformidade coas instrucións que dite a

persoa titular da Secretaría Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, que poderá atribuírlle determinadas categorías ou tipos de asuntos atendendo ao seu volume, natureza e complexidade, e tendo en conta o persoal letrado asignado en cada momento.

Para o ano 2025 continuarase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo de todos os entes do sector público autonómico. Deste xeito, seguirase reforzando o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control, o que se traducirá nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Tamén se pretende, neste 2025, ao igual que no ano 2024, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

En particular, na materia de contratación pública, as accións da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia diríxense: a potenciar a utilización das modalidades de compra pública innovadora; á aplicación dos criterios de adxudicación baseados na calidade social e ambiental impostos pola normativa sectorial (como a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia; a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia; e a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia); a contribuír ao deseño dos expedientes contractuais de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público; a asistir á Administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrência.

En cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneas nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos. Nese sentido, para contribuír ao obxectivo de cumprir o principio de calidade normativa intensificarase a colaboración da Asesoría Xurídica Xeral, mediante a asistencia dos/das letrados/as da Xunta de Galicia nas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos. O traballo destas comisións resulta fundamental para a mellora da calidade da redacción das normas, da súa claridade e precisión, o que fomenta a seguridade xurídica, e facilita, así mesmo, a participación pública e dos sectores interesados, e a súa máis áxil tramitación e informe por parte dos órganos administrativos e consultivos que

deben informais, coa consecuente redución dos prazos de tramitación. A Administración autonómica, pretende no ano 2025 continuar avanzando na redución do prazo medio de tramitación das normas.

En particular, no ano 2024, a Asesoría Xurídica Xeral colaborou en relevantes proxectos de disposicións de carácter xeral, entre os que se poden destacar os anteproxectos da lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, da lei de Estatística de Galicia e da lei de medidas fiscais e administrativas, como garante da seguridade xurídica nestas materias.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia segue a participar na aplicación das medidas impulsadas pola Administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

A Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 23 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia diríxese á cidadanía, dado que este centro directivo, e dentro del os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función: a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo da mesma.

Esta dobre función ten como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e á defensa dos intereses propios da Comunidade Autónoma, o que redunda, en último termo, a favor da cidadanía.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como se sinalou anteriormente, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e, dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función, a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

Así, e en canto ao labor de defensa en xuízo da administración, aos preitos seguidos en primeira instancia (polos Gabinetes das catro provincias, e polos Gabinetes de Vigo e de Santiago) hai que sumarlle os recursos ordinarios e extraordinarios (de casación). A todo isto hai que engadirle ademais os preitos e recursos no Servizo Galego de Saúde e das entidades do sector público asistidas mediante convenio de colaboración.

Por outra banda, en canto á función de asesoramento xurídico, hai que ter en conta que a elaboración de informes constitúe unha das principais actividades dos letrados de cada unha das consellerías.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os obxectivos e liñas de acción da Asesoría Xurídica Xeral son os que se definen e concretan na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público e, en xeral, a prestación de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva á Administración autonómica e ao seu sector público.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos a conseguir son os propios da Asesoría Xurídica Xeral definidos na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e que se concretan no asesoramento á administración autonómica e ao sector público en asuntos constitucionais así como a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional; no asesoramento á administración da Comunidade Autónoma e ao seu sector público en materia de dereito comunitario europeo e o seguimento de normativa comunitaria; no asesoramento e emisión de informes en dereito á Administración autonómica e ao seu sector público; no estudo e informe dos anteproxectos de lei e dos proxectos de normas regulamentarias e na defensa e representación en xuízo da Administración autonómica e das entidades pertencentes ao seu sector público.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

O Consello da Xunta na súa reunión de 11 de xullo de 2013 aprobou un Acordo conxunto da Secretaría Xeral da Igualdade e da Asesoría Xurídica Xeral para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

III.1.4. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como obxecto a promoción dos valores e a imaxe de Galicia, o apoio a proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios e a divulgación da acción institucional da Xunta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido fundamentalmente ás empresas xornalísticas e de radiodifusión, así como ás universidades galegas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os medios de comunicación social constitúen un dos elementos básicos da promoción dos valores e a imaxe de Galicia, das súas institucións e da lingua e cultura galegas.

Considérase fundamental que o sector dos medios informativos e de comunicación teñan a mellor capacidade para desenvolver as súas potencialidades nun sector extremadamente cambiante e dinámico, enormemente influído polo rápido desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Polo tanto, as actuacións da Xunta de Galicia van encamiñadas a favorecer un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 14/1966, do 18 de marzo, de prensa e imprenta, e as sucesivas modificacións.
- Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e as sucesivas modificacións.
- Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa orzamentario basicamente está enfocado á cobertura informativa da actividade institucional da Xunta de Galicia, así como á difusión dos valores e a imaxe de Galicia a través de accións de comunicación institucional de alcance xeral.

Neste senso, a Secretaría Xeral de Medios incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertinte.

Por un lado, as campañas de comunicación contribúen á igualdade de xénero, fomentando unha imaxe equilibrada e non estereotipada de homes e mulleres. Ademais, realízanse campañas de comunicación que promoven especialmente a aplicación das políticas de igualdade e visibilizan a perspectiva de xénero.

Por outra banda, os procedementos de contratación incorporan nos pregos de cláusulas administrativas particulares o criterio de adxudicación e de desempate para aqueles licitadores que teñan implantado un Plan de Igualdade nas súas empresas, así como para aqueles que obtivesen a Certificación galega de excelencia en igualdade.

Tamén se incluíu nas cláusulas, como criterio de adxudicación, a implantación de medidas de conciliación familiar e laboral, como a flexibilidade temporal (racionalización de horarios) ou espacial (teletraballo).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Dentro da programación anual de campañas, cómpre destacar a do 8 de marzo, Día Internacional da muller, que está destinada principalmente á sensibilización e educación co fin de potenciar a igualdade entre mulleres e homes.

Tamén se desenvolve a campaña do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, destinada principalmente á sensibilización e o tratamento integral de cara á erradicación da violencia sexista.

Estas campañas contan cun elevado nivel de difusión, tanto a través da radio como dos xornais escritos e das súas edicións dixitais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As campañas do Día Internacional da Muller e do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller teñen como poboación obxectivo os homes e mulleres de Galicia, sen que exista un tratamento exclusivo ou preferente a persoas dun sexo ou doutro, tendo en conta o obxectivo de reforzar a concienciación social e contribuír a erradicar a violencia de xénero, así como promover actitudes inclusivas e normalizadoras da igualdade entre xéneros.

Estas campañas teñen como público obxectivo a poboación galega en xeral, con rangos de idade diferente dependendo do medio de comunicación a utilizar; no caso de radios e xornais impresos en papel inclúe as persoas maiores de 14 anos; no caso das edicións dixitais as persoas maiores de 15 anos e para a televisión as persoas maiores de 16 anos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

Todas as campañas previstas inicialmente realizáronse de conformidade, achegando as mensaxes sobre igualdade e de erradicación da violencia sexista aos homes e mulleres de Galicia, mediante a utilización dos soportes de prensa, radio e internet.

Non existe unha valoración cuantitativa dos resultados, tendo en conta a inexistencia de datos numéricos de avaliación das campañas desagregadas por xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

As campañas de publicidade e comunicación institucional xa incorporan a perspectiva de xénero, polo que poden ser consideradas como actuacións óptimas para reforzar a concienciación social en materia de igualdade e para a erradicación da violencia de xénero.

Tanto a creatividade como a planificación das campañas son fundamentais para mellorar o impacto na poboación das mensaxes sobre a perspectiva de xénero. Neste senso, acadar as mellores ideas creativas e unha óptima planificación da campaña son os mecanismos que permitirán incrementar o coñecemento das mensaxes sobre xénero entre a poboación galega.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

III.1.5. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese continuar coa mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a plataforma Agalega.gal, a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de difusión da comunicación audiovisual.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A cidadanía galega ou outros cidadáns residentes en calquera das entidades de poboación de Galicia, concellos, empresas fabricantes ou instaladoras de equipos e infraestruturas de telecomunicacións, empresas públicas de telecomunicacións. Cidadáns e comunidades galegas no exterior. En definitiva, o conxunto da cidadanía global.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Con base no establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral da Comunicación Audiovisual, os servizos públicos de comunicación audiovisual televisiva e radiofónica de ámbito autonómico teñen a consideración de servizo esencial de interese xeral, cuxo custo neto financiarase en base aos orzamentos públicos, así como cos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade.

Dende o punto de vista regulamentario, estase a abordar un novo marco normativo, que se adecúe á lexislación europea, alineado co programa estratéxico da Década Dixital para 2030 (Decisión UE 2022/2481), comprometido coa transformación dixital.

Ao tempo preténdese consolidar o marco de transformación e innovación do concepto de radiodifusión, de radio e televisión tradicional, ampliándoo ao de plataforma ou conxunto de servizos de comunicación audiovisual con difusión non só a través de ondas hertzianas senón tamén Over the Top (OTT).

A Corporación desenvolve a súa actividade nun escenario en permanente estado de cambio. Isto caracteriza un ecosistema televisivo-audiovisual que pon de manifesto unha fonda transformación coa irrupción de novas tecnoloxías e a velocidade exponencial coa que se suceden como principais trazos. Por este motivo, e coa finalidade de manter o pulso da competitividade, vai desenvolver un conxunto de actividades que contribúan a propiciar unha CRTVG máis áxil, flexible, social, innovadora, próxima, curiosa, asentada nunha cultura de avance e nunha estratexia dinámica que permita o progreso competitivo. Neste contexto, a canle pública galega, preséntase como unha das máis atractivas.

O financiamento basearase nun sistema mixto, mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos derivados da súa participación no mercado da publicidade. As compensacións polo cumprimento das obrigas do servizo público consignaranse nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, unha vez rematado o proceso da liberación do segundo dividendo dixital coa reorganización das frecuencias utilizadas para a difusión da televisión dixital, en base á publicación do Real Decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulamentan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital, unha parte da poboación galega recibe os múltiplex dixitais a través das redes públicas dos case 300 centros de extensión de cobertura.

Todo isto supón un novo reto para a rede de difusión dos múltiples públicos de televisión dixital, e a necesidade de realizar novos investimentos en equipamento para garantir un servizo público de comunicación audiovisual de Galicia competitivo, de calidade e cunha cobertura axeitada, procurando a adaptación dos servizos públicos de comunicación á sociedade dixital.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Real decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 135/2024, do 20 de maio de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual e radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decisión 2017/899 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, sobre o uso de banda de frecuencias.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, completado o proceso de liberación do dividendo dixital, faise necesario investir en novos equipamentos necesarios para o correcto funcionamento dos múltiples dixitais de titularidade pública autonómica, conforme aos plans técnicos aprobados e aos estándares de innovación tecnolóxica no eido da televisión.

A Corporación RTVG mediante a plataforma de Agalega.com, a Radio Galega, a Televisión de Galicia e os servizos dixitais, ofertará á cidadanía, a través dos distintos medios e soportes tecnoloxicamente adecuados, un número suficiente de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da sociedade dixital.

En relación coas emisións de radio e televisión, estas terán o maior ámbito de cobertura dentro do territorio autonómico. Ao tempo manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para os dispositivos de televisión e radio en mobilidade.

No ámbito da produción a Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade na provisión do servizo público audiovisual media.

Ao fin do exposto, a transformación tecnolóxica afecta á difusión, acceso, conexión e consumo por parte dos usuarios, espectadores ou consumidores. Isto proxecta o seu efecto na transformación da produción, programación, financiamento e organización corporativa. Neste contexto, Agalega promove unha contorna de servizos dixitais inclusiva e aberta, baixo o obxectivo de liderar a referencia audiovisual dos servizos e contidos en lingua galega, nomeadamente de ficción, informativos, divulgativos, deportivos e de entretemento.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, e equilibrar os custos nos que incorre como consecuencia da especial carga de servizo público da programación de contidos de medios dixitais, radio e televisión, así como facilitarlle os instrumentos para impulsar a transformación dixital asociada á plataforma de servizos de comunicación audiovisual e os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (en diante Corporación RTVG) ten encomendada a xestión da prestación do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma.

Como medio de comunicación, e no cumprimento da súa misión de servizo público, a CRTVG deberá contribuír ao desenvolvemento da sociedade dixital e aos valores de universalidade, diversidade, calidade, pluralismo, participación, independencia, innovación e dixitalización. Así, a súa actividade atende á promoción dunha serie de valores entre os que se atopan a promoción e defensa activa da igualdade de trato entre mulleres e homes. Isto implica, en xeral, un compromiso de implantación e desenvolvemento de políticas de comunicación para a transmi-

sión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres, o impulso da súa visibilidade e audibilidade, a integración da perspectiva de xénero na súa actividade e a utilización dunha linguaxe non sexista; en particular a sensibilización e concienciación sobre o total rexeitamento e correcto tratamento dos casos de violencia de xénero.

Isto é así en razón dos principios inspiradores que recolle a Lei 9/2011 e, coherentemente, dos imperativos que se derivan do vixente Mandato Marco e do establecido nos seus criterios reitores da dirección editorial, consonte coa normativa estatal e autonómica vixente en materia de igualdade.

A esta dimensión de proxección externa, como titular de medios de comunicación engádese o obrigado e congruente reflexo interno deses principios na organización e dinámica corporativas.

Neste sentido a CRTVG ten un renovado compromiso empresarial na implantación e desenvolvemento de políticas de igualdade de trato e oportunidades sen discriminación por razón de sexo, así como de impulso de medidas tendentes á consecución da igualdade real, establecéndoa como un principio estratéxico da política corporativa e de xestión das persoas, de acordo cos principios que fixan a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A CRTVG está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e regulado no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a devandita Lei no relativo aos órganos consultivos e de participación, sendo un dos eixos fundamentais do seu traballo a prevención de todo tipo de violencia machista.

É membro, así mesmo, da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, no que participa activamente e no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que reflicten dunha forma non axeitada o papel da muller na sociedade.

Tamén está integrada na Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, na que participa todo o sector da publicidade en España.

A CRTVG está comprometida na visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregando unha linguaxe e imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller.

En relación directa co anterior, a CRTVG ten implantada unha planificación anual de accións de comunicación corporativa que se instrumenta a través de campañas de Responsabilidade Social Corporativa (RSC). Estas accións teñen a igualdade como eixo transversal.

Por outra parte, nun plano interno, as políticas de Igualdade na CRTVG son estruturais e están concibidas desde a súa orixe de forma transversal. As mesmas aplícanse a todas as Áreas e en todos os ámbitos.

Así, a Corporación RTVG dispón a nivel orgánico, dunha Comisión de Igualdade constituída no seu Consello de Administración, e a nivel operativo dun proxecto de igualdade corporativo.

Dunha parte, as prácticas da CRTVG en materia de organización e xestión do tempo de traballo das persoas integradas no seu cadro, promoven activamente a coresponsabilidade e a conciliación da vida persoal e laboral, situándoa como unha empresa avanzada no contexto de Galicia e no do sector da produción e difusión audiovisual.

Doutra, as relacións laborais da CRTVG baséanse no principio de diálogo entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade unha Comisión Negociadora do Plan de Igualdade entre a Corporación e a representación do persoal. Esta Comisión ten como finalidade a elaboración e aprobación do Plan de Igualdade. Ao fío do exposto o pasado día 7 de outubro do 2024 foi aprobado pola comisión negociadora (paritaria corporación-parte social) o "I Plan de Igualdade da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.", cunha vixencia de 4 anos.

Alén do anterior, a Corporación ten asinado, co departamento competente nesta materia, un convenio de colaboración cuxo obxecto consiste na realización de accións conxuntas dirixidas á promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero, reforzando a integración do principio transversal de xénero na Administración pública galega.

A Corporación RTVG ten establecido, ademais, que nas contratacións públicas, no caso de empate entre varios candidatos, un criterio de desempate é a acreditación por parte do licitador da condición de Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Dada a natureza do programa, a valoración dos seus efectos está asociada á dimensión da acción da CRTVG que se proxecta nos medios e canles da súa titularidade.

A instancia reguladora interna do cumprimento das estratexias de Igualdade na CRTVG é a Comisión de Igualdade do propio Consello de Administración que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios e canles da súa titularidade. A Comisión de Igualdade celebra reunións cando menos trimestrais, participando nelas os responsables das Áreas de Proxección Social, Innovación e Negocio, Recursos Humanos e Informativos e Documentación.

Ademais da consideración de todas as referencias normativas ás que se aludiron na actividade de comunicación da entidade, teñen unha importancia de primeira orde as “Normas reguladoras de comunicación comercial audiovisual emitidas a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG)”, establecidas en 2017, co seu capítulo III dedicado á “Imaxe da Muller”.

Entón á hora de prever os efectos desta dimensión da actividade que dá sentido e razón de ser á CRTVG, hai que sinalar que a actuación desenvolvida pola Corporación neste eido ten unha relevancia social de primeira orde en clave de influxo transformador. Desde esta consideración do resultado do programa, valorando o alcance dos medios e as canles en conxunción coa súa continuidade, mesmo coa singularidade única que lle outorga estar dispoñibles 24 horas e en galego, pode concluírse que a provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia proxecta un efecto moi positivo sobre a consecución dos obxectivos das políticas de promoción da igualdade.

Un reflexo expresivo do efecto e a percepción social da prestación de servizo público que ten encomendada a Corporación RTVG, resulta dos datos obtidos do Estado de Información non Financeira 2023 en base ás dimensións seguintes: audiencia declarada de televisión; atribución á TVG de utilidade social; imaxe de marca da TVG; notoriedade social e económica da TVG e a súa prestación de servizo público.

Unha observación sintética a partir da porcentaxe media en cada dimensión leva a concluír nos sentidos seguintes para 2023:

- Case 7 de cada 10 galegos/as afirman que a TVG cumpre a súa misión de servizo público.
- Máis de 7 de cada 10 galegos/as entenden que a TVG ten notoriedade social e económica.
- Case 7 de cada 10 galegos/as teñen unha imaxe de marca positiva da TVG.
- Case 8 de cada 10 galegos/as xulgan a TVG como socialmente útil.
- Máis de dous terzos da poboación galega que ve a televisión son espectadores algunha vez ao mes da TVG.

No ámbito especificamente dixital, en 2023, en sintonía coas tendencias xerais de evolución do consumo, os indicadores relativos a redes sociais reflicten un crecemento moi notable, en Facebook. Como saldo, o consumo das plataformas dixitais da Corporación tivo un aumento interanual por riba do 100%.

O ámbito dixital consolídase coa aposta da Corporación nos medios dixitais, e que inclúe unha plataforma OTT, operativa desde xaneiro de 2024 despois dunha intensa axenda de implantación que opera con tres marcas diferentes: Agalega, centrada no entretemento e na ficción audiovisual; AGalegaAudio, especializada en todos os contidos sonoros e; Xabarín, dedicada integralmente aos contidos infantís. Esta acción pretende adaptar os estándares internacionais de difusión dixital aos contidos galegos, para garantir a máxima distribución dos contidos na nosa lingua ao conxunto da cidadanía.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

Na perspectiva da súa realidade interna a CRTVG é exemplo de igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, na actualidade, esta componse de 17 homes e 19 mulleres.

A Área de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, e a Área de Soporte Tecnolóxico e Medios, encargada da xestión dos departamentos técnicos e de produción, están dirixidas por dúas mulleres, e se se ten en conta a fenda de xénero que persiste nos sectores da tecnoloxía e da enxeñería, ten unha relevancia expresiva.

Na pantalla, a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. E tamén nos deportes, en todas as especialidades, hai unha notable presenza feminina, presenza outra volta maioritaria na información meteorolóxica.

En resumo atendendo ao total do persoal que presta os seus servizos na CRTVG son mulleres cerca do corenta e dous por cento do total.

En relación aos datos salariais non cabe falar de fenda salarial.

Na perspectiva non obstante que importa ao programa, desde a singularidade sinalada para unha medición literal de efectos, cabe apuntar algúns feitos significativos.

Desde a política referida de aplicación transversal do principio de igualdade e segundo a suma de criterios e normas expostos ao respecto, tense a convicción de estar a insistir na dirección correcta, avanzando e consolidando, nun continuo, unha entidade e unha proxección en contidos e servizos cada vez máis igualitaria e xeradora de igualdade.

A modo de exemplo, as actividades concretas de exercicio da responsabilidade social corporativa realizadas a través das denominadas #AcciónsG -enmarcadas nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU subscritos voluntariamente pola entidade e co seu propio espazo dentro do portal crtvg.gal-; a emisión de contidos no portal de cine galego en aberto "Carteleira G"; e a especial atención informativa e cobertura realizadas en datas sinaladas como o 25N, Día internacional para a eliminación da violencia de xénero, ou o 8M, Día internacional da muller, sensibilizaron e informaron á poboación sobre a igualdade de trato e sobre a necesidade da erradicación total da violencia de xénero. A inclusión do teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres (016), en todos os programas, reportaxes, espazos e informacións relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, asegurou o seu coñecemento xeral e normalizou o seu uso.

Na mesma liña as accións en relación coa potenciación da visibilidade do deporte feminino, tanto na emisión de eventos deportivos como no reforzo da presenza da muller nos distintos ámbitos, normalizou a imaxe das mulleres naqueles nos que tradicionalmente estiveron relegadas a un segundo plano.

Paralelamente á evolución experimentada pola sociedade, a CRTVG, no seu incremento da presenza en redes, contribuíu á información e sensibilización mediante o mantemento de contidos sobre igualdade e violencia nunha sección específica do seu portal na Rede, o que permitiu a visión e consulta permanente e a demanda de entrevistas, documentais e outros contidos xa emitidos.

Precisamente no eido dixital, na Rede e nas redes sociais, préstase desde a Área de Contidos unha especial atención a esa temática e ás datas significativas en que se intensifica a comunicación ao respecto, coa intención de achegar información ao público máis novo que consume contidos en novos formatos e desde soportes móbiles.

O compromiso da Corporación coa igualdade maniféstase así inequivocamente. Como unha mostra entre outras dos seus froitos, segundo un informe específico elaborado ao respecto, unha análise das retransmisións deportivas desde o ano 1992 ata este ano, revelou que a Televisión de Galicia, a través da G2, é a segunda canle de televisión de orientación xeral que máis deporte feminino emitiu e a primeira de todas as autonómicas do Estado.

Rubricando eses resultados a CRTVG viuse recoñecida con varias distincións que confirman a súa sensibilidade e compromiso perante a igualdade de mulleres e homes. Esas distincións atinxen tamén á realidade interna da organización. Un exemplo sobranceiro é que obtivo, por parte do Servizo Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo, por quinto ano consecutivo, o indicador “Empresa Igual en Xénero 2023”, que recoñece aquelas -atinxindo só un 8,4% dun conxunto de 37.900 das galegas- con altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

A CRTVG está a enfrontar con rigor todos os mandatos legais e convencionais, e todos os compromisos adquiridos no ámbito da igualdade e da erradicación da violencia de xénero. Está ademais preparada para enfrontar calquera dos novos retos que, como medio de comunicación, deba de adquirir por resultar socialmente convenientes ou legalmente esixibles.

A CRTVG seguirá a traballar en todas as liñas anteriores e paralelamente incorporará todas as accións complementarias que estime precisas. Neste sentido continuará avanzando no eido da RSC, aliñada coa misión e acción do Pacto Mundial das Nacións Unidas e cunha estratexia corporativa propia, #AcciónsG, coa que expresa o compromiso coa igualdade e ao abeiro da que desenvolverá campañas específicas en clave de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

III.1.6. PROGRAMA 761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo desenvolver todo o potencial turístico da Comunidade Autónoma destacando como destino multiexperiencial único e diferenciado a nivel nacional e internacional, a través da implantación dunha oferta singular, segmentada e desestacionalizadora, que pon en valor a riqueza do noso territorio ao redor dunha marca, Galicia Calidade.

Unha labor de planificación, ordenación e fomento do turismo que se desenvolve, un ano máis, en diálogo e colaboración con todos os axentes da cadea de valor para facilitar a competitividade e a sustentabilidade do sector a medio e longo prazo.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Resultado do diálogo co sector turístico é a Estratexia de Turismo de Galicia 2030. Esta nova planificación das políticas de turismo na nosa Comunidade Autónoma deseñouse tras a participación de profesionais na súa elaboración, co obxecto compartido de que cada visitante non só descubra Galicia, senón que tamén a sinta como terra de acollida ao visitante, tal e como se manifestou o pobo galego ao longo da súa historia.

O Camiño de Santiago volverá a ser un elemento destacado desta misión, ao conxugar a súa proxección mundial coa vertebración territorial de Galicia ao longo das aldeas e as cidades. A sostibilidade do propio Camiño e a celebración do Xacobeo 2027 marcarán o desenvolvemento deste recurso diferencial do turismo galego.

Así mesmo, a tutela funcional da sociedade pública Galicia Calidade, S.A. pola Axencia de Turismo de Galicia servirá para proxectar a Comunidade Autónoma como referente do turismo de calidade, da man de produtos e servizos certificados.

Neste contexto, as principais liñas de actuación da Axencia de Turismo de Galicia para 2025 priorizarán:

- A aposta polo turismo como factor de reequilibrio territorial e de loita contra o despoboamento ao converterse nunha ferramenta capaz de revitalizar áreas rurais e xerar oportunidades económicas na comunidade local.
- O impulso dun turismo auténtico e sostible, a través do compromiso por preservar e realzar a riqueza cultural, natural e social de Galicia.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, profesionalizado, innovador e coordinado, con visión internacional. Así mesmo, no marco da estratexia

retorna, en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, continuarase profundizando na achega de man de obra cualificada ás distintas categorías profesionais existentes.

- A xestión e o seguimento dos fluxos turísticos e a procura da desestacionalización do sector a través do fomento dun crecemento turístico fora da época estival.
- A xeración de novas experiencias e produtos innovadores que permitan aumentar o valor dos servizos turísticos.
- O apoio á transformación dixital e a sostibilidade do sector turístico, así como a captación e retención de talento.
- A preparación do Xacobeo 2027, con diferentes mecanismos de promoción e actuacións que permitan por en valor o Camiño de Santiago como mellor embaixador da marca Galicia nos ámbitos nacionais e internacionais.
- A mellora da experiencia no Camiño de Santiago, tamén coa vista posta no Xacobeo 2027, que se levará a cabo a través dun ambicioso plan para reforzar a seguridade nos distintos itinerarios que discorren por estradas con alta intensidade de tráfico rodado.

Así mesmo, actuarase sobre a renovación de establecementos de aloxamento vinculados ao Camiño e de xestión pública para facelos máis sostibles e atractivos para ás persoas usuarias.

- O impulso da gobernanza turística, a través do diálogo e da implicación do sector e das administracións para a posta en marcha de iniciativas que dean resposta aos novos retos.
- A posta en marcha de proxectos tractores que se convertan en motor do territorio onde se sitúan, contribuíndo a dinamizalos turisticamente, con especial atención a aqueles que potencien a loita contra o despoboamento do rural e permitan crear tecido socioeconómico e aqueles que se encontran no noso litoral en desenvolvemento da Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Neste último eido, precisamente, cabe mencionar que a Xunta de Galicia encarará en 2025 a recta final da execución dos Plans Territoriais do Litoral, de Enogastronomía e de Cascos Históricos e Vilas Termiais, así como do Plan Nacional Xacobeo que inclúe a posta en valor de 12 Bens de Interese Cultural (BIC) na ruta xacobeá.

Deste xeito, entre outras, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- A revalorización da totalidade dos Portos Náutico Deportivos de Galicia para a mellora das instalacións de recepción de turistas náuticos.
- A licitación das obras de creación de máis de 1.700km da Senda Litoral de Galicia.
- O desenvolvemento da Actuación de Cohesión en Destino “Unha viaxe sostible entre viñedos: descubre as cinco Rutas do Viño de Galicia en Vehículo Eléctrico”.
- O remate das obras nos BICs, segundo o cronograma de execución previsto, con intervencións nos arquipélagos da Illa de Ons e de Sálvora, o acondicionamento na contorna das Torres do Oeste en Catoira e do Parque do Pasatempo en Betanzos, a rehabilitación integral do Cárcere Vello de Tui e a rehabilitación da Fortaleza de Monterrei.

Fóra destes plans territoriais, licitarase un contrato para a formación en competencias dixitais das persoas ligadas ao do sector turístico e tamén se convocará unha nova axuda para establecementos termais.

A asunción de Galicia Calidade nos orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia vai permitir establecer sinerxías entre ambas entidades e promover unha imaxe competitiva e favorable da Comunidade Autónoma como destino.

Así, no ano 2025 elaborárase un plan estratéxico global para impulsar a transformación de Galicia Calidade nunha marca de país, vertebrando todas as accións do Goberno en favor da construción, desenvolvemento e promoción de Galicia ante o mundo. Esta marca, asociada á excelencia, será válida para representar a tradición, a cultura e a personalidade propia de Galicia, pero tamén para poñer en valor os seus sectores produtivos, os seus proxectos empresariais e as súas potencialidades de futuro.

En conclusión, os orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2025 perseguen seguir mantendo os valores que identifican á Comunidade Autónoma, a través do desenvolvemento dun modelo turístico único e sostible a longo prazo, e que ten na calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxeos, xunto co Camiño de Santiago, como as súas mellores ferramentas para a creación de experiencias adaptadas ás necesidades das persoas viaxeiras.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa diríxese tanto a axentes públicos e entidades xestoras como a axentes privados nacionais e internacionais.

Facer de Galicia un destino único, non é viable sen a cooperación con toda a cadea de valor do turismo, tanto entre axentes privados coma entre axentes públicos, para articular unha oferta máis atractiva e deseñar as comunicacións e infraestruturas necesarias para traer o turista a Galicia de xeito coordinado e potenciando tamén as alianzas nacionais e internacionais que permiten achegar o turista a Galicia baixo o prisma da gobernanza e da cooperación público-privada.

Neste sentido cómpre lembrar a transversalidade do turismo, polo que é relevante a colaboración e cooperación entre os distintos departamentos da Xunta na busca de estratexias conxuntas para lograr sinerxías entre o turismo e outros sectores (exteriores, emigración, medio rural, industria, cultura, lingua, mobilidade, medio ambiente, comercio, artesanía, ...).

Finalmente hai que destacar as actuacións que desde a Axencia de Turismo de Galicia van dirixidas a toda a poboación en xeral, á que se pretende atraer a través de campañas ou accións de promoción directa.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O 2024 está a conseguir manter a positiva evolución da actividade turística tanto de xeito cuantitativo como cualitativo, constatando a súa importancia na economía galega (supón o 10,4% do PIB e o 11% do emprego).

No primeiro semestre do ano os establecementos de aloxamento galegos recibiron máis de 2,8 millóns de viaxeiros, o que supón un incremento de 2,4% con respecto ao ano pasado. É o cuarto ano no que se observa un ascenso da demanda turística acumulada en Galicia ata o pasado mes de xuño. Esta tendencia fai que o volume de viaxeiros sexa o máis elevado dos últimos once anos.

O 79,1% da demanda turística corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis (que representan o 84,7%) como ás pensións (co 19,2%). O 20,9% restante, en cambio, sitúase no sector extrahoteleiro, aos cámpings, establecementos de turismo rural, albergues... Polo tanto, un ano máis, o comportamento da demanda turística vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis.

En relación coas tipoloxías de aloxamento, no acumulado ata o mes de xuño obsérvase un crecemento da demanda turística no ámbito hoteleiro, cunha variación do 4,9%, unido a unha mellora do 6,5% en termos de viaxeiros.

No ámbito extrahoteleiro, nestes seis primeiros meses do ano destaca o bo comportamento do turismo rural, cun incremento da demanda turística unido a un aumento do número de viaxeiros aloxados (do 5,5% e 6,0% respectivamente).

Estes avances cuantitativos tradúcense nunha mellora tamén cualitativa, como constatan os datos de rendibilidade hoteleira. De feito, neste primeiro semestre estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 157,7 M€, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 8,7%- así como o valor previo á pandemia, dos primeiros seis meses de 2019 -cando se facturaban 119 M€ no segmento hoteleiro da comunidade-. Marca, con isto, a cifra máis elevada da serie histórica.

Destino máis internacional.

Durante este 2024, Galicia estase a consolidar como un destino cada vez máis internacional. Así, o 63,9% da demanda turística corresponde ao turismo nacional mentres que o 36% restante corresponde ao internacional. De feito, o turismo estranxeiro medrou nestes meses un 9,4% no que se refire aos viaxeiros e nun 6,8% no caso das noites.

Galicia está a recibir tamén un maior número de peregrinos que chegan cada vez máis repartidos polos nove itinerarios terrestres do Camiño de Santiago e máis distribuídos ao longo do ano. Así, a recollida de Compostelas está a medrar a un ritmo de entre un 12 e un 15%, supe-

rando a día de hoxe a cifra de peregrinos chegados en todo o ano 2023. Ademais, preto do 60% dos peregrinos que recollen a Compostela proceden do estranxeiro sendo EEUU o primeiro país de procedencia, seguido por Italia, Alemaña, Portugal e Reino Unido.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 16/2023, do 16 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia de Turismo de Galicia para a creación da Área de Turismo Termal con sede en Ourense.

Neste marco legal e regulamentario son de aplicación o Plan Director do Camiño de Santiago e as directrices de accesibilidade turística que definen as actuacións a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia dentro do programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa será incidir na execución de accións que permitan desenvolver todas as iniciativas que o turismo pode aportar ao desenvolvemento de Galicia, priorizando:

- A posta en valor dos recursos turísticos endóxeos para a creación dun destino turístico de excelencia, sostible, diferencial a nivel interno, nacional e internacional.
- A consolidación de Galicia como marca e como destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora.
- O desenvolvemento de Galicia como destino europeo de turismo sustentable, garantindo o desenvolvemento dun modelo turístico adaptado ás novas necesidades do viaxeiro post pandemia, que busca experiencias e contacto cos recursos turísticos e a poboación local.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, profesionalizado, innovador e coordinado, con visión internacional.
- A conservación, mantemento e posta en valor do Camiño de Santiago como o mellor embaixador da marca Galicia no ámbito internacional, tanto desde o punto de vista do trazado como dos servizos ofertados á peregrinación, garantindo a conservación e mellora da rede de albergues públicos así como dos valores intrínsecos á cultura xacobeá tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A presenza das mulleres segue a ser importante no sector turístico, que en 2023 o ocupaba un total de persoas empregadas de 127.162, atopándose a meirande parte delas na rama de servizo de comidas e bebidas.

Así pois, e tendo en conta a sección da hostalería segundo a CNAE, que recolle as ramas servizos de aloxamento e servizo de comidas e bebidas, e representa o 61,1% do total de ocupados no sector do turismo en Galicia, o grupo máis numeroso é o das mulleres. Das 77.664 persoas ocupadas na hostalería en Galicia, o 58 % son mulleres e o 42% homes, o que indica un sector feminizado. Con todo a actividade máis feminizada é o de servizos de aloxamento cun 62,6%.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

No ano 2025 continuarase a fomentar a igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento, tanto das informacións turísticas como das campañas, programas e demais iniciativas que se poñen en marcha desde a Axencia de Turismo de Galicia, como da actividade no Centro Superior de Hostalería de Galicia, instando ao persoal docente a poñer especial coidado na formación en igualdade e na maneira na que se dirixen ao seu alumnado. Tamén nos cursos específicos de formación para o sector seguiranse incluíndo módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres, así como a progresiva ruptura

da segregación de xénero do mercado laboral e o teito de cristal, que segue determinando que as mulleres ocupen poucos postos no ámbito da dirección ou da responsabilidade.

Nas accións formativas a través dos acordos de colaboración coas universidades previstas para o 2025 seguirase incidindo na información, sensibilización e educación para a igualdade entre mulleres e homes. Neste ámbito, preverase tamén a inclusión de cláusulas nos convenios de colaboración que se asinen coas entidades sectoriais, conducentes a que se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico. Así mesmo, a utilización de indicadores como o número de mulleres beneficiarias destas accións servirán para valorar a incidencia das medidas formativas.

Nas ordes de axudas destinadas a empresas turísticas, procurarase a valoración na concesión das subvencións da aplicación de políticas de igualdade de oportunidades aos traballadores e traballadoras das empresas do sector e, así mesmo, estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES como instrumento máis adecuado para dar acceso ás mulleres ao sector turístico. Neste sentido, os indicadores a utilizar serán o número de mulleres destinatarias destas liñas de axuda.

A través da segregación e recompilación destes datos no ámbito dos estudos e estatísticas que se realizan pola Axencia de Turismo de Galicia, que permitirán seguir detectando desviacións ou desigualdades nas que sexa preciso mellorar.

No ámbito da promoción turística e campañas publicitarias da marca Galicia, porase especial atención na utilización de imaxes e linguaxe non sexistas, e en horarios e soportes máis axeitados para que a mensaxe chegue máis facilmente ás mulleres. Indicadores como franxa horaria de emisión ou soportes utilizados poden indicar se as decisións son as máis adecuadas para que a mensaxe chegue á poboación feminina.

As accións destinadas á desestacionalización do turismo contribúen tamén a incrementar as posibilidades de participación na oferta turística de actores económicos locais dos que resultan maioritariamente beneficiadas as mulleres.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As accións deseñadas pretenden, moi especialmente, a revalorización económica e social do traballo das mulleres en actividades turísticas, a superación dos esquemas sociais discriminatorios de xénero e promover o emprendemento feminino e o posicionamento das mulleres na oferta turística.

Tamén o obxectivo é incidir na mellora da accesibilidade dos recursos turísticos, o que favorecerá a decisión das mulleres a favor do recurso turístico accesible e de calidade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

O conxunto de ocupados na economía galega nas ramas características do turismo recolle un total de 127.162 persoas, unha diferenza respecto do ano anterior dun 15,6%. A principal rama de actividade que recolle a maior parte dos ocupados en turismo é a rama de Servizos de comidas e bebidas, cun 51,6%, cunha variación porcentual do 13% respecto do ano 2022. Segundo o sexo, o 50,5% dos ocupados son homes, fronte a un 49,5% de mulleres, case un punto e medio máis que no conxunto de Galicia.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

Dado o equilibrio entre homes e mulleres, non se aprecia unha necesidade imperativa para a implantación de novas estratexias para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia este programa de gasto.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia de Turismo de Galicia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 111A PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Programa: 121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMON XERAL E PERIFERICA DA XUNTA DE GALICIA	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Programa: 121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Programa: 461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Accións de dinamización e consolidación do sector da comunicación.	
Indicador	Valor Previsto
P00044 - Axudas concedidas aos medios de comunicación social	55
Programa: 461B RADIODIFUSIÓN E TVG	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Transferencias internas	
0004 - Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radiodifusión	
0008 - .	
Indicador	Valor Previsto
P00023 - Actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión	462
P01006 - Emisión de programas producidos en Galicia na RG	7.525

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P01007 - Emisión de programas producidos en Galicia na TVG	6.650
P01126 - Contidos publicados nas canles dixitais da CRTVG	100.000
Programa: 761A POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental 0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.	
Indicador	Valor Previsto
P0045G - Axudas concedidas en eficiencia enerxética	300
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA06 - Fomentar o turismo sustentable e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, que aposte por proxectos de alto valor engadido, sustentable e adaptado aos cambios do mercado. Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación sectorial do turismo e adaptar a actividade turística para minimizar o seu impacto Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0004 - Actuacións sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos. 0007 - Promoción e fomento do turismo 0011 - Actividade turística máis sustentable co medio ambiente: redistribución de fluxos turísticos, mellora da eficiencia das infraestruturas turísticas e redución do impacto no medio ambiente do turismo	
Indicador	Valor Previsto
P00015 - Accións de mellora sobre o Camiño de Santiago	110
P00016 - Accións de promoción de produtos turísticos	688
P0045K - Axudas concedidas para potenciar o turismo en Galicia	1.687
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental 0003 - Modernización, adaptación e mellora das infraestruturas sobre as que se prestan os servizos públicos (incluídas novas instalacións e equipamentos)	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	03	05	06
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	6.574		136	
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma				3.431
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social		6.001		
461B-Radiodifusión e TVG		129.812		
Total	6.574	135.813	136	3.431

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	08	A2	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia			6.710
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	2.979		2.979
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma			3.431
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social			6.001
461B-Radiodifusión e TVG			129.812
761A-Potenciación e promoción do turismo		146.349	146.349
Total	2.979	146.349	295.281

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	4.916	1.679		105	11			6.710
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	2.799			180				2.979
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma	3.267	164						3.431
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	2.153	1.060		1.244	1.545			6.001
461B-Radiodifusión e TVG					2.381	250	127.181	129.812
761A-Potenciación e promoción do turismo	13.030	7.345	1	10.981	67.255	47.737		146.349
Total	26.164	10.248	1	12.510	71.191	47.987	127.181	295.281

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.769	4.780	0,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.493	1.679	12,5
Cap. IV - Transferencias correntes	105	105	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	11	11	0,0
Total	6.377	6.574	3,1

(Orçamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.125	2.153	1,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.060	1.060	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.244	1.244	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.926	3.926	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	250	250	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	132.860	127.181	-4,3
Total	141.464	135.813	-4,0

(Orçamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA PRESIDENCIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	134	136	1,8
Total	134	136	1,8

(Orçamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

06 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.200	3.267	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	164	164	0,0
Total	3.364	3.431	2,0

(Orçamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

08 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.733	2.799	2,4
Cap. IV - Transferencias correntes	0	180	0,0
Total	2.733	2.979	9,0

(Orçamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.610	13.030	3,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	7.345	7.345	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	1	1	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10.897	10.981	0,8
Cap. VI - Investimentos reais	62.367	67.255	7,8
Cap. VII - Transferencias de capital	43.852	47.737	8,9
Cap. VIII - Activos financeiros	8.000	0	-100,0
Total	145.072	146.349	0,9

(Orçamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	6.377	6.574	3,1
03 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	141.464	135.813	-4,0
05 OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA PRESIDENCIA	134	136	1,8
06 ASESORIA XURÍDICA XERAL	3.364	3.431	2,0
08 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	2.733	2.979	9,0
A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	145.072	146.349	0,9
Total	299.144	295.281	-1,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	12.960	13.134	0	13.030	0	0	0	26.164
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.716	2.903	0	7.345	0	0	0	10.248
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	1	0	0	0	1
Cap. IV - Transferencias correntes	28.706	29.827	0	10.981	0	28.298	0	12.510
OPERACIÓNS CORRENTES	44.382	45.864	0	31.357	0	28.298	0	48.923
Cap. VI - Investimentos reais	3.936	3.936	0	67.255	0	0	0	71.191
Cap. VII - Transferencias de capital	113.924	115.136	0	47.737	0	114.886	0	47.987
Cap. VIII - Activos financeiros	132.860	127.181	0	0	0	0	0	127.181
OPERACIÓNS DE CAPITAL	250.720	246.253	0	114.992	0	114.886	0	246.359
Total	295.102	292.116	0	146.349	0	143.184	0	295.281

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Presidencia da Xunta de Galicia	2025
Altos Cargos	14
Persoal Funcionario	159
Subgrupo A1	80
Subgrupo A2	19
Subgrupo C1	37
Subgrupo C2	15
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	6
Grupo IV	2
Grupo V	4
TOTAL	179

Medios Personais

Axencia de Turismo de Galicia	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	124
Subgrupo A1	30
Subgrupo A2	42
Subgrupo C1	24
Subgrupo C2	21
Agrupacións profesionais	7
Persoal Laboral	146
Grupo I	2
Grupo II	4
Grupo III	2
Grupo IV	3
Grupo V	5
Sin Grupo	130
TOTAL	271

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Galicia Calidade, S.A.U.	1.354	
Soc. Anónima de xestión do Plan Xacobeo	8.324	
Corporación Radio Televisión de Galicia	125.283	10.450
Total	134.961	10.450

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SECCIÓN 05

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. De conformidade con este, aprobouse o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa e coa finalidade de conseguir o máximo nivel de calidade na prestación de servizos.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, baixo a superior dirección da persoa titular, contará para o exercicio das súas funcións coa seguinte estrutura orgánica:

- A Secretaría Xeral Técnica.
- A Secretaría Xeral para o Deporte.
- A Dirección Xeral de Xustiza.
- A Dirección Xeral de Administración Local.
- A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
- A Dirección Xeral de Mobilidade.

Quedan adscritos á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o Instituto de Medicina Legal de Galicia, órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, e os órganos colexiados que se establecen no artigo 3 do Decreto 136/2024, do 20 de maio.

Tamén quedan adscritas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as seguintes entidades:

- a) A Academia Galega de Seguridade Pública, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, e demais normas de aplicación.
- b) A Axencia Galega de Emerxencias, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e demais normas de aplicación.

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, configurada como órgano de apoio e asistencia á Presidencia, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden a elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea, deportes e mobilidade, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica no Decreto 136/2024, do 20 de maio, para cada un dos órganos que integran este departamento.

I.2.1. DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas outras que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Correspóndenlle, en particular:

- a) A asistencia técnica, o apoio e asesoramento á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- b) As funcións de réxime interior e os asuntos xerais da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- c) A vicepresidencia da Comisión de Secretarios Xerais, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Ademais do anterior e xunto co desenvolvemento de competencias de carácter xenérico, asume a xestión, entre outras, das seguintes materias:

- A dirección, a coordinación e o control das oficinas de asistencia en materia de rexistro e atención á cidadanía, así como das demais oficinas de rexistro da Administración autonómica e das entidades locais galegas vinculadas ao Sistema de interconexión de rexistros (SIR).
- A xestión e o mantemento do Rexistro Electrónico de Apoderamentos, así como a coordinación co Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado e demais administracións públicas.

- A recepción, a dixitalización e o envío aos órganos competentes dos documentos presentados nas oficinas de Rexistro e Atención á cidadanía.
- A xestión de asuntos relativos ás asociacións, fundacións de interese galego, colexios profesionais e academias de Galicia.
- A tramitación das respostas aos requirimentos e peticións formulados á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes polos xulgados, tribunais, o Defensor do Pobo, o Valedor do Pobo, a cidadanía e outros órganos e institucións.
- A xestión dos expedientes de contratación administrativa.
- A xestión dos asuntos relativos aos proxectos e actuacións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiados ou susceptibles de ser financiados con fondos europeos.
- O impulso, a coordinación e a xestión das actuacións de carácter transversal que lle poidan afectar á Xunta de Galicia.
- A xestión de infraestruturas administrativas.
- A avaliación, a implantación e a planificación en materia de prevención de riscos laborais.
- A coordinación dos servizos que a Xunta de Galicia lle encomende para a xestión da prevención e asistencia en materia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- O seguimento e a supervisión das obras e proxectos de competencia da consellería.
- A dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías.
- A coordinación da asistencia médica facultativa ao persoal dos servizos centrais.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

A Secretaría Xeral para o Deporte exercerá as competencias e funcións en materia de deportes, entre elas as seguintes:

- a) O deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia.
- b) A promoción e a difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.
- c) O apoio e a promoción das asociacións deportivas, sempre que o seu ámbito de actuación non exceda o propio da Comunidade Autónoma.
- d) O estudo e a planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas.
- e) A promoción e a execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais. A colaboración coas administracións

loais e coas entidades deportivas a través de axudas e subvencións nos ámbitos das infraestruturas e da adquisición de equipamentos.

- f) En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutas entidades, corresponderalle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.
- g) A xestión das prestacións e programas en materias propias das Secretaría Xeral, así como a realización de todas aquelas accións encamiñadas á mellora da actividade física e deportiva e da infraestrutura deportiva galega. j
- h) A promoción e a difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos.
- i) Aqueloutras que lle atribúa a normativa vixente.

Ademais do anterior, asume, entre outras, as seguintes funcións:

- A coordinación e a asistencia técnica dos centros e instalacións deportivas para o correcto desenvolvemento da súa actividade.
- O seguimento da creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia e a elaboración do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos.
- A tramitación, a concesión e a xestión das axudas e subvencións a entidades públicas ou privadas para a práctica deportiva, a construción ou reparación de infraestruturas deportivas ou a adquisición de equipamentos deportivos.
- A tramitación e a execución de convenios que permitan a execución da liñas de actuación da Secretaría Xeral.
- A elaboración, o deseño e a execución dos plans de tecnificación deportiva e alto nivel.
- A elaboración de plans e programas relacionados co ámbito deportivo non competitivo, especialmente relativos á promoción da actividade física no conxunto da sociedade e ao desenvolvemento das funcionalidades económica, social e educativa do deporte.
- A xestión dos centros de tecnificación deportiva da Xunta de Galicia e a súa coordinación coas federacións deportivas e outras entidades para a súa utilización.
- A tramitación da axuda á Fundación Deporte Galego.
- A coordinación e a supervisión das funcións da Escola Galega do Deporte.
- A elaboración dos plans e programas relacionados co deporte en idade escolar, particularmente con relación ao programa Xogade.
- As actuacións relativas ao desenvolvemento do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, en especial no ámbito do recoñecemento da condición de alto nivel, alto rendemento e rendemento deportivo de base e dos núcleos de adestramento especializado.
- A realización e a análise de auditorías financeiras e operativas ou de xestión ás federacións deportivas galegas.

- O Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, asumindo as tarefas derivadas da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Exercer as funcións de secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Levar o seguimento xurídico dos procesos electorais das federacións deportivas.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

A Dirección Xeral de Xustiza exercerá as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, relativas aos medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza, á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades.

No exercicio das súas competencias correspóndenlle a este órgano as relacións ordinarias cos órganos do poder xudicial, co Ministerio de Xustiza e coas demais institucións relacionadas co ámbito xurisdiccional.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Xustiza:

- A programación e a xestión dos medios persoais e materiais da Administración de xustiza de Galicia, agás as que lle correspondan á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, incluíndo a xestión das relacións sindicais e a actividade negociadora neste ámbito sectorial, a autorización da nómina referente ás súas retribucións, o exercicio das potestades disciplinarias respecto do dito persoal e a prevención de riscos laborais nos centros de traballo da Administración de xustiza.
- O impulso do uso do galego na Administración de xustiza en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- A promoción do acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de condicións, a través da dirección, reforma e control do sistema de asistencia xurídica gratuíta.
- A presentación das propostas sobre demarcación e planta xudicial, sobre demarcación notarial e sobre convocatoria das prazas vacantes de maxistratura, xudicatura, letrados e letradas da Administración de xustiza; elevación á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dos nomeamentos de persoas titulares de notarías e rexistros da propiedade; a elaboración do modelo de oficina xudicial e a implantación de programas de modernización, mellora e promoción da calidade no funcionamento das oficinas e servizos da Administración de xustiza.
- A elaboración das relacións de postos de traballo do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, así como das súas modificacións, de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e demais normativa en vigor.

- A organización e a supervisión do funcionamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a programación de actuacións para o establecemento de sistemas de xestión de calidade dos seus servizos e para o seu desenvolvemento científico e tecnolóxico.
- A coordinación, coa Secretaría Xeral Técnica e coas delegacións territoriais, para impulsar a prevención de riscos laborais nos centros de traballo da Administración de xustiza.
- A execución das competencias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para o funcionamento e a mellora da xustiza de paz e das oficinas colaboradoras do Rexistro Civil.
- A implantación, o impulso e o desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación.
- O impulso da formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero na Administración de xustiza, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade.
- Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de Administración local. Correspóndenlle a este órgano as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Administración Local:

- A coordinación das políticas públicas en materia de Administración local, xestión en materia de pacto local e cooperación coas asociacións de municipios.
- A proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local.
- A elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.
- O fomento e a ordenación dos procesos asociativos e consorciais das entidades locais así como as propostas en materia de organización territorial.
- O fomento do asociacionismo veciñal.
- A execución das competencias que, con respecto aos funcionarios e ás funcionarias con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.
- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da consellería competente en materia de Administración local, facendo especial fincapé nas accións enmarcadas no eido da cooperación Galicia-Norte de Portugal.

- O impulso, estudo e control do cumprimento da Lei de Administración local de Galicia e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.
- O impulso do proceso de incorporación do galego á Administración local de forma coordinada coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- A xestión do Portal Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.
- A tramitación dos expedientes de declaración de urxente ocupación nas expropiacións forzadas instados polas entidades locais.
- O Rexistro de Entidades Locais de Galicia.
- A tramitación dos expedientes de alteración e deslindamento de termos municipais; a tramitación dos expedientes suxeitos a intervención autonómica en materia de patrimonio das entidades locais e a tramitación dos expedientes de solicitude de disolución dos órganos das corporacións locais e de consultas populares en asuntos de competencia municipal.
- O impulso da formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero nas accións formativas para membros e persoal da Administración local en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.
- Aquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, que lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Comunidade Autónoma galega nas seguintes materias:

- a) A asunción das relacións entre o Goberno e o Parlamento galego, para artellar de xeito fluído as comunicacións entre ambos os dous órganos da Comunidade Autónoma, facilitando o control parlamentario sobre o Goberno e a achega das propostas deste ao lexislativo.
- b) A representación ordinaria do Goberno na Xunta de Portavoces do Parlamento, sen prexuízo de que a poida asumir outra persoa, membro do Goberno galego, cando este o considere oportuno.
- c) A asistencia ou representación da persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes nas reunións da Xunta de Portavoces do Parlamento, cando o Goberno considere oportuno acudir a elas, de conformidade co previsto no artigo 38.2 do Regulamento.
- d) A información e asistencia ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia.

- e) O seguimento do programa lexislativo do Goberno galego e dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia.
- f) A organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia, así como a representación da Xunta de Galicia naqueles procesos electorais a que estea invitada como observadora.
- g) A xestión e a resolución das axudas ás formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia, previstas no capítulo III do título I da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes.
- h) O seguimento das iniciativas tramitadas nas Cortes Xerais ou noutras comunidades autónomas que puideren ter algunha relación coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) A determinación do departamento da Xunta de Galicia que debe dar resposta ás iniciativas parlamentarias que se presenten na Cámara.
- j) A representación da Comunidade Autónoma no que atinxe ás relacións institucionais coa Administración e Goberno estatal, así como coas restantes administracións e gobernos doutras comunidades autónomas.
- k) O rexistro dos convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais do sector público autonómico galego.
- l) A legalización de sinaturas de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico que vaian producir efectos no estranxeiro, conforme o establecido no Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- m) A representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica, así como naqueles foros en que sexa necesaria a súa presenza e non estea predeterminado o departamento que deba asistir por razón da materia que se vai tratar, cando así o acorde o Consello da Xunta de Galicia.
- n) O seguimento da participación da Xunta de Galicia nas conferencias sectoriais.
- o) A coordinación da actividade da Comisión de Seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas.
- p) A coordinación e o seguimento de actuacións en materia de liberdade relixiosa e de culto, xunto cos órganos competentes dos demais departamentos, así como a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.
- q) A coordinación, xunto cos órganos competentes dos demais departamentos, de programas de cooperación en materia de memoria democrática con outras comunidades autónomas, corporacións locais e outros organismos.
- r) A representación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes naqueles supostos en que lle sexa encomendada pola persoa titular.

- s) Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, que lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior exercerá as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, relativas ás materias de protección civil e atención de emerxencias, e de interior e seguridade.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

1. En materia de protección civil e emerxencias:

A planificación e coordinación das políticas de protección civil e emerxencias, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A dirección e a coordinación das funcións que ten atribuídas a Axencia Galega de Emerxencias nesta materia.
2. En materia de interior e seguridade:

A autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteproxectos de disposicións xerais na materia.

A xestión do Rexistro de empresas e establecementos dedicados ao desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A tramitación dos procedementos de expedición da habilitación e do distintivo acreditativo como persoal de control de acceso a espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público.

O exercicio da xefatura dos servizos de seguridade baixo a superior autoridade da persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A proposta e a execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación, xestión e planificación operativa dos servizos policiais adscritos á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

A planificación, a xestión e a distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia, e a proposta ou a resolución, se é o caso, das cuestións relativas á selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito aos servizos policiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

As funcións de coordinación das policía locais que lle correspondan á Comunidade Autónoma.

O establecemento de mecanismos e fórmulas de cooperación coas forzas e corpos de seguridade do Estado para a coordinación e a realización das competencias en materia de prevención e seguridade.

A elaboración de cantos informes e estudos requira e exixa o exercicio das competencias que lle corresponden á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de prevención e seguridade.

O impulso para garantir a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, dentro das actividades formativas e de perfeccionamento do persoal de seguridade, policía e bombeiros, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade.

A preparación dos correspondentes estudos e anteproxectos de disposicións xerais.

3. Aqueloutras que, non estando incluídas neste artigo, lle atribúa a normativa vixente, así como as que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Entre as atribucións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea destacan as seguintes:

- A execución da actividade europea e da actividade exterior da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias sectoriais que lle correspondan a cada departamento.
- A cooperación institucional e técnica en relación co proceso de integración europea, especialmente naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais, e nas organizacións rexionais europeas non comunitarias.
- A coordinación entre os departamentos da Xunta de Galicia para os asuntos relacionados coa Unión Europea e coa acción e cooperación exteriores.
- A elaboración dos plans e estratexias no marco da Unión Europea, da acción exterior e da cooperación ao desenvolvemento, nos cales se determinarán as prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Xunta de Galicia.
- A representación da Comunidade Autónoma nos órganos que existan entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, sobre acción exterior e cooperación ao desenvolvemento, sen prexuízo das competencias doutros órganos autonómicos.
- A promoción das relacións de cooperación con entidades e institucións non estatais ou subestatais estranxeiras, fomentando especialmente a dimensión de xénero en todas elas, sen prexuízo das funcións doutros departamentos ou centros directivos.
- A elaboración das propostas de desenvolvemento normativo nas materias da súa competencia.
- O fomento da imaxe integral de Galicia no exterior.
- O seguimento das actuacións da Fundación Galicia Europa.
- A tramitación das notificacións oficiais de axudas públicas e das correspondentes ás actuacións inherentes ás queixas e infraccións comunitarias en que o Ministerio de Asuntos

Exteriores, Unión Europea e Cooperación ou a Comisión Europea requiran un único centro de notificación e de interlocución.

- O desempeño das tarefas inherentes á súa condición de organismo intermedio para a xestión dos fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo que se subscriba coa autoridade de xestión.
- A canalización da información que se xere no ámbito da Unión Europea e que sexa de interese para as distintas consellerías e órganos superiores da Xunta de Galicia, para as entidades integrantes do sector público autonómico e para a sociedade galega en xeral.
- A implementación e supervisión da execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), así como a prospección do contorno exterior para propor a súa revisión puntual ou actualización integral, sen prexuízo das competencias que lle correspondan a outros centros directivos.
- O impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento de conformidade coas prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Xunta de Galicia, e a intervención na determinación dos procedementos económicos e administrativos na materia.
- O fomento da cooperación ao desenvolvemento entre os diferentes axentes de cooperación galegos, promovendo o seu fortalecemento e a súa participación a través do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

Entre as atribucións da Dirección Xeral de Mobilidade destacan as seguintes:

- A planificación, a coordinación e o seguimento da política xeral de transportes e a execución dos servizos e das infraestruturas de transportes na Comunidade Autónoma.
- A promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e o asesoramento ao departamento nestas materias.
- A asistencia e a supervisión ao funcionamento da Xunta Arbitral de Transportes de Galicia, como instrumento de protección e defensa das partes intervinientes no transporte.
- A ordenación do transporte terrestre, por cable e marítimo no ámbito competencial da Comunidade Autónoma.
- A planificación e prestación dos servizos de transporte a escolares con dereito a transporte escolar gratuito no ámbito das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma.
- O exercicio das competencias que corresponden á Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, como transporte adaptado, programado e non urxente, para traslados puntuais, de persoas usuarias que se encontren en situación de discapacidade e/ou dependencia e de imposibilidade de utilización do transporte público colectivo.

- A planificación e a execución das políticas de control e inspección dos diversos modos de transporte.
- A tramitación e a resolución dos expedientes sancionadores en materia de transporte terrestre e marítimo, de conformidade coas normas de atribución de competencias vixentes. Así mesmo, e de acordo con esas mesmas normas, o estudo e a tramitación dos recursos administrativos que se formulen contra as resolucións ditadas en tal clase de expedientes, e a súa resolución, de ser o caso.
- O estudo, a análise e a implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, o control e a supervisión dos sistemas de información e xestión automatizados, a coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos e o fomento de melloras nos elementos móbiles do transporte.
- A planificación, a coordinación e a execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as, e a proposta de adxudicación e explotación das terminais de transportes de viaxeiros/as.
- A planificación, a promoción, a proxección, a construción e a xestión dos centros integrados de transporte e de plataformas para as actividades do transporte e a operatividade loxística de mercadorías.
- A programación de investimentos, obras e instalacións de transportes por estrada, ferrocarril, aéreo e por cable e o réxime administrativo, dirección, inspección e control delas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O desenvolvemento da xestión administrativa en materia de transporte.
- A coordinación da actividade dos servizos territoriais de mobilidade.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), foi creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, que regula, entre outros aspectos, os seus fins e as súas funcións:

A Academia Galega de Seguridade Pública orientará a súa actuación ao:

- Enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.
- Compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.
- Impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán.

As funcións formativas da AGASP son as seguintes:

1. No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:
Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.
2. No ámbito da formación policial:
Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.
Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policía locais.
Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.
3. No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:
Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.
Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

Son tamén funcións da AGASP nas materias que lle son propias:

- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.
- Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Homologar, cando proceda, os títulos correspondentes aos cursos de formación impartidos por outras academias, escolas ou centros.
- Calquera outra que lle poida ser atribuída polas normas, de conformidade coa súa natureza.

I.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

A Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) se axustará nos seus fins estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias, e ao Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que regula na súa disposición adicional primeira a integración na Axencia Galega de Emerxencias da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil e dos servizos de Emerxencias dos Departamentos territoriais, establecendo as súas funcións.

Correspóndelle á AXEGA o exercicio das seguintes funcións:

- A coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia, no marco das funcións atribuídas a esta pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
- Xestionar os medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
- Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.
- Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia de protección civil.
- Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.
- Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
- Por á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellaría na que esta delegue e mais daqueloutras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.

- Estudar as actuacións necesarias para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade e a restauración, a rehabilitación e o entorno a normalidade en casos de catástrofe ou calamidade.
- Fomentar, a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns as actividades de protección civil.

1.2.4. DOS CONSORCIOS PROVINCIAIS E COMARCAIS CONTRA INCENDIOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso a Xunta de Galicia, xunto coas deputacións provinciais de Galicia, a pesar de que é un servizo de competencia provincial ou local, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa comunidade.

A figura do consorcio contra incendios foi posta en marcha pola Xunta de Galicia, ao abeiro da lei de Administración local de Galicia, no ano 1999 coa finalidade de prestar este servizo esencial á poboación galega con independencia do seu lugar de residencia, garantindo a protección das súas vidas e patrimonios mediante a implementación de servizos profesionais de atención ás emerxencias as vinte e catro horas do día os 365 días do ano.

Estes consorcios, que inicialmente foron configurados con carácter comarcal, permitiron pasar dos 7 parques existentes na nosa comunidade no ano 1999 (parques municipais das grandes cidades galegas) á existencia neste intre, xa en funcionamento, de 32 parques en Galicia.

A fórmula de xestión destes servizos é a través dos consorcios contra incendios e de salvamento, que permiten unha xestión áxil e eficaz dos recursos, ao mesmo tempo que unha proximidade ao territorio cuberto polos mesmos e ás administracións implicadas no seu ámbito de actuación.

Estes consorcios que xestionan o servizo de extinción de incendios e salvamento, teñen actualmente todos eles, agás o consorcio comarcal Deza/Tabeirós con parque en Silleda, un carácter provincial nas catro provincias galegas, e, sen prexuízo da participación financeira da Xunta de Galicia, adscribíense ás respectivas deputacións provinciais de acordo coa Lei 27/2013, do 27 de decembro e a Lei 40/2015, do 1 de outubro.

1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

A Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico, creada en 1988, que ten como obxectivo xeral promover o achegamento entre Galicia e Europa.

Ademais da previsión establecida no Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fundación Galicia Europa aparece regulada na disposición adicional segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Tal e como se prevé na citada norma, a Fundación Galicia Europa, configúrase como unha entidade instrumental do sector público autonómico sen ánimo de lucro que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as súas actividades. Ten o mandato da Administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado. A Fundación estará adscrita e sometida á tutela funcional do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior da Administración autonómica.

Respecto das funcións que lle son propias á Fundación Galicia Europa, ao longo do seus máis de 30 anos de historia, o traballo da FGE tense materializado en catro grandes ámbitos de acción que responden aos seguintes obxectivos:

- a) Defender os intereses de Galicia perante a Unión Europea;
- b) Informar sobre a Unión Europea en Galicia;
- c) Formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia,
- d) Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos.

A Xunta de Galicia é membro fundador da Fundación Galicia Europa xunto con outras institucións como ABANCA. Ambas son membros do actual padroado xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo, as deputacións de Coruña e Lugo e a Axencia Galega de Innovación.

A FGE ten a sede en Santiago de Compostela e dispón dunha oficina en Bruxelas.

FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída mediante escritura pública outorgada o 16 de marzo de 1991. Foi declarada de interese galego por Orde da consellería do 10 de xullo de 1991 (DOG, núm. 140, do 23 de xullo). Figura inscrita no

Rexistro de fundacións de interese galego, Sección da actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con número 1991/5.

A composición do padroado, establecida no artigo 12 dos estatutos (aprobados por acordo da Xunta de Galicia do 13 de decembro de 2018 e formalizados en escritura pública 20 de decembro de 2018) é a seguinte: O presidente e 6 patróns en representación da Xunta de Galicia; Dous patróns en representación da Deputación de Pontevedra; Dous patróns en representación da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia; Un patrón en representación do Concello de Silleda e un patrón en representación de Abanca.

Entre os fins da Fundación atópanse:

- Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e mercados agropecuarios.
- Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar a mellora continua dos devanditos sectores.
- Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais.
- O impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Para a consecución destes fins, a Fundación realiza as seguintes actividades:

- Organización de actividades feirais, expositoras e promocionais relacionadas cos sectores agrario e industrial de Galicia, ben directamente ou ben en colaboración con administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.
- Colaboración co sector público e privado na realización de eventos sectoriais, exposicións e lonxas de contratación, que contribúan ao cumprimento dos fins fundacionais.
- Facilitar a implantación de actividades económicas públicas, privadas ou mixtas baixo o réxime de concertación, dentro das súas instalacións e terreos, que contribúan de forma significativa á elevación do nivel económico da zona e á viabilidade económica da Fundación.
- Prestación de servizos e aportación de medios técnicos e instalacións do Recinto Feiral de Galicia en Silleda en orde ao impulso e mellora da posición estrutural dos sectores agroalimentario e industrial, e así mesmo, en orde á garantía da viabilidade económica da Fundación, mediante a posta en valor das instalacións da mesma, para a mellora da xestión económico-administrativa e o mellor aproveitamento do patrimonio da Fundación.

- Apoio e difusión de boas prácticas que contribúan a mellorar o dinamismo e rendibilización do sector feiral de Galicia, e en particular, a avaliación e redución do impacto negativo do mesmo no medio ambiente.
- Patrocinio do certame anual “Semana Verde de Galicia” e subscrición de convenios de colaboración e patrocinio con aquelas entidades públicas ou privadas que contribúan de forma significativa ao cumprimento dos fins fundacionais, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.

Así mesmo, a Fundación Semana Verde de Galicia realiza as tarefas resultantes das encomendas que se lle asignan.

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A Fundación Deporte Galego foi constituída pola Xunta de Galicia como fundación de interese galego para o fomento do deporte e a práctica deportiva no seu ámbito de actuación. A fundación, constituída sen ánimo de lucro, está declarada de interese galego por Orde do 19 de xuño de 2001.

O seu patrimonio está afectado de forma permanente á realización dos fins de interese xeral que constitúen o seu obxecto. Asemade, ten a consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Fundación Deporte Galego está adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte.

De acordo os seus estatutos, a fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son os ámbitos educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas función sociais. No seu ámbito de actuación podemos destacar as seguintes tres grandes liñas.

I. Apoio ao deporte de alto nivel.

O obxectivo fundamental nesta liña é incrementar o número de entidades e recursos para elas. Asemade, desenvolver actuacións que favorezan ás persoas deportistas compaxinar estudos ou traballo e competición, así como a incorporación ao mundo laboral unha vez finalizada a súa carreira deportiva. Para o cumprimento desta liña lévanse a cabo distintas accións, entre as que podemos destacar as seguintes:

- A sinatura de convenios de patrocinio cos clubs galegos de alta competición.
- A convocatoria de axudas aos deportistas galegos de alto nivel.

- A posta en marcha da Oficina de Atención ao Deportista.

2. Plan Galicia Saudable

Co Plan Galicia Saudable preténdese o fomento da práctica de actividade física e a mellora da condición física en toda a poboación co obxectivo de reducir o risco de padecer enfermidades non transmisibles. As actuacións coordinadas coas diferentes consellerías é o eido principal na consecución deste obxectivo, colaborando coa comunidade científica na fundamentación das mesmas e consolidando as TIC como ferramentas imprescindibles.

3. Deseño de programas físico – deportivos nas instalacións xestionadas directamente pola Fundación.

Dentro desta liña podemos destacar a supervisión e o control das xestións e actuacións realizadas polas empresas concesionarias nas xestións indirectas.

Por último, cómpre mencionar que a Fundación integra os principios de igualdade e inclusión de maneira transversal nas súas actuacións, na práctica deportiva en xeral e na de alto nivel en particular.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

O papel central da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes na súa acción para o ano 2025 é o de exercer a súa función como órgano de apoio e asistencia á Presidencia da Xunta de Galicia, así como de coordinación da mesma coas administracións locais, coas institucións do Estado e co Parlamento de Galicia. Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes exercerá a coordinación da acción exterior do Goberno galego, en todos aqueles ámbitos de interese estratéxico para Galicia e coa interlocución coas distintas institucións e organizacións implicadas.

Intégranse na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Secretaría Xeral Técnica (con funcións de coordinación de servizos transversais), a Secretaría Xeral para o Deporte, a Dirección Xeral de Xustiza, a Dirección Xeral de Administración Local, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e a Dirección Xeral de Mobilidade.

No ano 2025 a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, centrará os seus esforzos en mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas, promovendo a actividade física e o deporte, contribuíndo a unha xustiza máis eficiente e próxima á cidadanía, atendendo ás demandas das entidades locais, procurando a mellora constante na atención ás emerxencias no territorio galego, dirixindo a acción exterior da Comunidade Autónoma cun esforzo renovado a prol da cooperación ao desenvolvemento, promovendo unha política activa no eido da mobilidade e achegando unha administración cada vez máis eficiente á cidadanía.

No marco da estratexia de mellora das infraestruturas administrativas, a Xunta de Galicia vén asignando importantes recursos económicos para poder contar cuns espazos de traballo e servizo público modernos e en óptimas condicións de utilización. Así, nos últimos anos, xa se puxeron en marcha distintos proxectos para diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios, xa que dentro dos obxectivos prioritarios do goberno galego atópase a mellora da eficiencia enerxética no ámbito da Administración autonómica. Neste sentido, a Xunta de Galicia ven impulsando desde o ano 2014 actuacións de mellora enerxética co fin de converter as infraestruturas administrativas e xudiciais en infraestruturas saudables e eficientes, reducindo así, de forma significativa as emisións de CO₂, tal e como establece a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, cara a converxencia dunha economía limpa, que cumpra os mais rigorosos estándares de eficiencia enerxética.

As obras realizadas desde a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, supuxeron un investimento de máis de 25,8 millóns de euros, 18,9 millóns en edificios administrativos e de 6,9 millóns en edificios xudiciais, e están a producir grandes beneficios, tanto operativos, isto é, ligados á mellora das infraestruturas, dos servizos públicos e das condicións das traballadoras e

traballadores públicos; coma outros conexos coa eficiencia enerxética, e que supoñen na actualidade unha redución de 2.634 Tm/ano de emisións de CO₂ e uns aforros anuais nos consumos de 13.190.523 Kwh/ano.

Cómpre salientar, dentro dos investimentos efectuados, a instalación dunha caldeira de biomasa no edificio administrativo de San Caetano, a mellora da eficiencia enerxética na Academia Galega de Seguridade Pública, a mellora da envolvente térmica en cinco dos principais edificios do Complexo Administrativo de San Caetano, a rehabilitación do Edificio Administrativo da Rúa Benito Corbal de Pontevedra, as obras de mellora enerxética na EGAP e no edificio que alberga a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Ourense, Lugo, Vigo, A Coruña e Ferrol, así coma no Pazo de Raxoi, entre outras.

As actuacións prioritarias en materia de deporte, diríxense ao fomento da práctica do deporte e da actividade física na Comunidade Autónoma en atención á súa importancia para o fomento da saúde e do benestar, o desenvolvemento, a educación e a inclusión social, ou a propia economía e o emprego, xunto á vertente competitiva deportiva.

A explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de equipamentos e infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios.

Os beneficios que se esperan acadar da súa actuación atópanse ligados ás necesidades existentes no actual ámbito deportivo galego: o aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, a mellora da calidade de vida da cidadanía e o crecemento deportivo de Galicia, mediante o apoio ao tecido deportivo galego e a mellora da dotación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

No ámbito da Administración de xustiza, tamén se seguirán estendendo as tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética, avanzando en novas actuacións nas envolventes de xulgados e instalando iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostibles.

Ademais, proseguirase coa construción e remate do novo edificio xudicial da Estrada, coa construción do novo edificio que albergará a sede do IMELGA en Santiago de Compostela e realízanse as obras de remodelación do Edificio Xudicial de Vilagarcía de Arousa. Con estas obras a Xunta de Galicia continúa a renovar as sedes da Administración de xustiza galega, tralo investimento de 127 millóns de euros no marco do Plan de Infraestruturas xudiciais, que acometeu desde o ano 2010 obras destacadas como a da nova Cidade da Xustiza de Vigo, novos edificios xudiciais en Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense, Tui e a Estrada ou a rehabilitación da Fábrica de Tabacos da Coruña ou o edificio da Parda en Pontevedra.

En paralelo, no ano 2025 continuaránse realizando distintas obras nos diferentes edificios xudiciais.

Por outra banda, daráselle continuidade á execución do Plan de renovación do equipamento dos arquivos e das oficinas xudiciais, no que xa foron executados máis de 6 millóns de euros, reforzase o apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta; seguiránse promovendo solucións alternativas para a resolución de conflitos, e seguirase apoiando o desenvolvemento da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O apoio aos concellos para que poidan prestar os mellores servizos de proximidade á cidadanía continuará sendo unha prioridade para este departamento en 2025. Así, o Goberno galego manterá un foco especial no seguimento do desenvolvemento dos acordos acadados pola Comisión Galega de Cooperación Local, seguirase atendendo a carencia de persoal habilitado nacional, continuarase apoiando a dinamización da vida local dos concellos a través da consolidación da liña de apoio económico ás asociacións veciñais, que este ano reforzase con medio millón de euros ou a realización de investimentos en infraestruturas municipais e seguirase desenvolvendo, xunto coa FEGAMP, o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia para loitar contra a vespa velutina.

O diálogo cos propios concellos e as deputacións provinciais como institucións titulares da competencia, seguirá sendo fundamental para abordar ao longo do vindeiro ano un fortalecemento do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia que permita a mellora continua da atención ás emerxencias e a seguridade na Comunidade Autónoma, sobre a base do sólido mapa de recursos desenvolvido nos últimos anos.

O diálogo cos propios concellos e as deputacións provinciais como institucións titulares da competencia, seguirá sendo fundamental para abordar ao longo do vindeiro ano un fortalecemento do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia que permita a mellora continua da atención ás emerxencias e a seguridade na Comunidade Autónoma, sobre a base do mapa de recursos desenvolvido nos últimos anos.

Neste ámbito, de acordo cos compromisos acadados no Grupo de Traballo dependente da Comisión Galega de Protección Civil continuaron a súa operatividade os Grupos de Emerxencia Supramunicipais (en diante, GES) trala sinatura de convenios coas catro Deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP).

No ano 2025 continuarase a traballar no marco do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia para dar ampliar e completar os efectivos dos GES coa renovación e sinatura dos convenios de colaboración coas Deputacións provinciais e a FEGAMP co gallo de seguir avanzando na implementación dun mapa de emerxencias que abarque a totalidade do territorio de Galicia e que permita mellorar os tempos de resposta ás Emerxencias.

Ao mesmo tempo, e co mesmo obxectivo, continuarase a traballar na comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades de Galicia, en colaboración coas deputacións provin-

ciais e cos concellos, para ademais de garantir a atención das emerxencias en Galicia se avance na coordinación operativa e se optimicen os recursos cos que a nosa comunidade conta.

Pola súa banda, dende a Axencia Galega de Emerxencias continuarase traballando co obxectivo de asegurar unha mellor resposta ante as emerxencias, perseguindo unha coordinación máis efectiva entre os diferentes servizos que forman parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia.

No ámbito da seguridade, continuarase a incidir de xeito particular na coordinación entre os distintos corpos e forzas de seguridade e emerxencias para garantir un maior índice de seguridade e protección para a cidadanía de Galicia.

Tamén a Academia Galega de Seguridade Pública continuará a potenciar a súa actividade dirixida á formación dos distintos colectivos que traballan nos ámbitos de seguridade e atención ás emerxencias, co obxectivo da súa permanente actualización e especialización e potenciando a coordinación das súas actuacións no noso territorio.

Cómpre destacar así mesmo, en relación á Academia, que durante o ano 2025 realizará a formación da 17ª promoción de policía local, xunto cos cursos selectivos de promoción interna ás categorías de oficial, inspector e inspector principal.

Así mesmo seguirase impulsado o proceso de selección centralizada das policía locais de Galicia, nos que 95 concellos delegaron xa na Xunta de Galicia a selección do seu persoal do Corpo da Policía Local, o que supón o 73% dos concellos galegos con corpo da policía local.

No ámbito da acción exterior galega, cómpre destacar a aplicación da Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Esta lei determina os principios reitores da acción exterior galega, fixa obxectivos estratéxicos e concentra na Presidencia da Xunta de Galicia a representación exterior da comunidade autónoma e para subscribir acordos internacionais.

Ademais establece como regras xerais da acción exterior galega a transcendencia estratéxica alén do espazo dunha soa lexislatura e a busca do maior apoio parlamentario e social plasmados na Estratexia galega de acción exterior, e axustarse ao principio de unidade de acción, que incluírá o aliñamento coa Estratexia española de acción exterior e coa dirección da política internacional española.

O título II da lei regula a programación da acción exterior galega sinalando que se programará periodicamente por lustros nun documento estratéxico denominado Estratexia galega de acción exterior (Egaex), que prelacione os obxectivos a longo prazo, tanto materiais coma xeográficos, e ordene e rexa as diversas iniciativas sectoriais na materia, dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos, co obxecto de maximizar os retornos socioeconómicos, demográficos e culturais para a comunidade autónoma.

No ano 2025 prevese a implementación, no caso de ser aprobada, da Estratexia galega de acción exterior 2024-2028. Para a súa elaboración aténdese aos documentos previos de planificación da Xunta de Galicia que teñan unha proxección exterior e á vixente estratexia española, así como as achegas das consellarías, as entidades, os organismos, as institucións e os expertos con intereses e experiencia na materia.

Ao tempo, no ámbito europeo seguirase participando activamente nos debates da axenda comunitaria que máis afectan a Galicia.

Galicia traballará para facer valer as súas prioridades no novo ciclo institucional que comezou tralas eleccións ó Parlamento Europeo do 9 de xuño e para reforzar os intereses rexionais en Bruxelas nos distintos eidos de competencia autonómica. Entre outros temas, continuaremos traballando para asegurar unha transición xusta e ordenada dos sectores económicos galegos no marco do pacto verde europeo e facilitar a contribución de Galicia ao debate sobre a transición enerxética no ámbito da pesca e sobre a avaliación da Política Común de Pesca. O seguimento da aplicación en Galicia do mapa revisado da Rede Transeuropea de Transportes, o equilibrio entre a protección da biodiversidade e o desenvolvemento dos sectores produtivo e o desenvolvemento da regulación sobre Intelixencia Artificial son outros sectores nos que traballaremos para que as achegas de Galicia sexan escoitadas en Europa.

Todo isto, ao tempo que Galicia mantén a súa activa e frutífera cooperación transfronteiriza con Portugal, a través da presenza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal co seguimento exhaustivo dende a Administración galega do Plan de Investimentos Conxuntos e da concreción dos fondos do POCTEP.

No eido da cooperación ao desenvolvemento no 2023 comezou un novo exercicio de planificación trala aprobación, co apoio unánime do sector, do V Plan Director 2023-2026 da cooperación galega, que permitirá neste 2025 avanzar nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 como a erradicación da pobreza, a promoción dos dereitos humanos, a igualdade de xénero e a loita contra o cambio climático. Preténdese tamén reforzar a identidade singular, as vantaxes comparativas e o valor engadido da cooperación galega no contexto da cooperación española e con respecto aos principios de coordinación e complementariedade coa Administración Xeral do Estado. Ademais, afondarase na concentración xeográfica da axuda galega, no fortalecemento das capacidades dos actores e axentes de cooperación na busca de maiores complementariedades e da xeración de sinerxías entre eles que permitan alianzas estratéxicas para a posta en marcha liñas de actuación novidosas.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exerce as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a con-

sellería, correspóndelle en particular a asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as funcións de réxime interior e os asuntos xerais.

Os obxectivos e liñas fundamentais, dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

- a) Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estrutura, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión.
- b) No seguimento e control dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración.
- c) Nas obras e proxectos.
- d) E no seguimento e control dos expedientes de subvencións.

Estes últimos anos viñéronse adoptando un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación cos cidadáns e tamén das empresas. O contexto de crise sanitaria fixo necesario afondar na eficiencia no uso dos recursos públicos e na realización de investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns cara a unha economía dixital e verde.

Xa se acometeron actuacións para a mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos de Santiago de Compostela, A Estrada, Ourense, Pontevedra, Vigo, Lugo, A Coruña e Ferrol.

Continuaremos coas accións que permitan mellorar os edificios administrativos da Xunta de Galicia levando a cabo investimentos co obxectivo principal de mellorar as condicións de todo o persoal ao servizo da administración autonómica e dos cidadáns que acoden a estes edificios a realizar algún tipo de xestión e que suporán unha nova redución do consumo enerxético asociado á utilización destes edificios co conseguinte aforro económico, así como unha mellora ambiental, xa que continuarán a reducirse as emisións de gases contaminantes á atmosfera.

Para o ano 2025 continúaase apostando pola mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos, así como actuacións de mellora de acondicionamento dos mesmos, sempre co fin de mellorar os servizos a cidadanía e mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos.

No ámbito das infraestruturas administrativas, desde o 2015 veñen asignando tamén importantes recursos económicos ao mantemento e mellora continua dos edificios administrativos xestionados por esta Administración. Neste ámbito de actuación, nos últimos anos, puxéronse en marcha distintos proxectos de mellora das infraestruturas administrativas que acadan uns investimentos de máis de 20,8 millóns de euros.

Continuando nesta liña, en 2023 iniciáronse as obras para acondicionar novos espazos no edificio administrativo de Ferrol que rematarán no segundo semestre de 2024. No 2024 foron destinados a esta actuación un total de 491.074,60 euros.

Asemade, despois do concurso de ideas convocado para un novo edificio administrativo na cidade de Ourense, consígnase no orzamento 2.000.000 de euros, coa previsión de empezar a execución das obras da nova delegación no ano 2025. A construción do novo edificio administrativo de Ourense permitirá liberar os inmobles que actualmente ocupan as distintas dependencias administrativas na dita localidade e aforrar naqueles que están en aluguer.

Coa actuación prevista no edificio situado na Rúa Lalín en Vigo para poder albergar locais dedicados a asociacións, seguírase na senda de rehabilitación e recuperación do patrimonio e de establecemento de liñas de colaboración cos actores sociais e outras administracións e entidades públicas, coa finalidade de reverter o seu uso á cidadanía. Esta obra iniciárase previsiblemente a finais do 2024 e será financiada con Fondos FEDER 21-27.

Trátase dunha iniciativa xa probada con éxito en concellos como Pontevedra e A Coruña onde un número importante de asociacións dispoñen xa dun espazo propio. Os locais da Rúa Lalín paliarían o déficit existente no Concello de Vigo para que os colectivos municipais desenvolvan a súa actividade en boas condicións.

Así mesmo, dende o ano 2009, a Xunta de Galicia apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a Xustiza e con visión de futuro para a creación de novas unidades xudiciais.

Estas actuacións de mellora inclúen desde a construción de edificios xudiciais de nova planta ata a completa rehabilitación doutros; así como a realización de obras menores e traballos de mellora da eficiencia enerxética.

No 2025 continuarase coa execución das obras do novo edificio do IMELGA en Santiago e rematarase o edificio xudicial da Estrada xunto coa remodelación do antigo edificio xudicial da Parda en Pontevedra.

Por outra banda, coas obras de mellora da eficiencia enerxética realizadas ata o momento conseguíuse diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios xudiciais, obténdose ademais importantes reducións de emisións de gases contaminantes á atmosfera, en liña co establecido na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Seguindo esta liña, continuarase coas tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética.

Todos estes investimentos tradúcense en beneficios reais para a cidadanía e para os empregados públicos, ao dispoñer de mellores infraestruturas, máis eficientes e menos espalladas e de medios que garanten unha mobilidade sostible e segura.

Por outra banda, nas oficinas de rexistro e información á cidadanía está a seguirse unha liña de actualización e innovación permanentes, tanto no eido da formación do persoal como no da innovación tecnolóxica.

Respecto ao primeiro, hai que destacar a impartición dun curso específico sobre as funcións que desenvolven as oficinas de rexistro e atención á cidadanía. Igualmente seguen a realizarse reunións telemáticas cos xestores das restantes oficinas da Xunta de Galicia e das Administracións do Estado e demais comunidades autónomas, co obxecto de ter enfoques comúns e abordar solucións para tódalas cuestións que xorden no día a día.

Con respecto á innovación tecnolóxica, cabería destacar tres actuacións efectuadas no último ano:

- En primeiro lugar, a implantación do Escritorio 360, que reúne nunha única icona o acceso a tódalas aplicacións a través das que se xestionan todas as funcións que desenvolven estas oficinas, permitindo un mais rápido acceso e unha significativa mellora na xestión e na atención á cidadanía.
- En segundo lugar, a implantación dunha aplicación para a recepción de notificacións dirixidas á Xunta de Galicia.
- Por último, tamén cabe destacar modificacións de mellora da aplicación do Rexistro Electrónico de Apoderamentos de Galicia (REAG), que fai mais accesible o acceso ás consultas e a inscrición neste Rexistro. A progresión de inscricións é moi significativa, neste momento e dende a súa entrada en funcionamento hai 13.279 inscricións en total. No que vai do ano 2024 os números son os seguintes: inscricións tipo A, poderes para tódalas Administracións públicas do estado español, 1.479; inscricións tipo B, poderes para actuacións ante a Xunta de Galicia e órganos dela dependentes, 1.222; inscricións tipo C, para procedementos concretos, 1.610.

Todas estas medidas están a conseguir unha relación mais áxil e mais segura entre a Administración galega e a cidadanía, aportando tamén unha mellor interrelación coas demais unidades xestoras.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Seguindo coas liñas marcadas nos últimos exercicios, durante o 2025 as principais liñas de acción da Secretaría Xeral para o Deporte agruparanse nestas grandes áreas:

- En primeiro lugar, a explotación das distintas funcionalidades do feito deportivo, con especial referencia á función sanitaria, á educativa e á económica do deporte. Neste contexto, e dende a perspectiva da promoción da saúde, continuarase co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable a través das actuacións que dinamicen a práctica da actividade física e deportiva

entre toda a poboación galega, en especial a actividade deportiva en idade escolar. Ademais, fomentárase a actividade física dende un punto de vista sanitario, como elemento preventivo das enfermidades non transmisibles facilitando a práctica a toda a cidadanía, consolidando as ferramentas TIC.

No ámbito educativo, de forma directa e en colaboración coas entidades deportivas de Galicia, continuarase cos programas de actuación destinados á consolidación da actividade física e o deporte entre os nosos escolares a través das actuacións encadradas na actividade física e deportiva na idade escolar: entre outros, o programa XOGADE ou Proxecto de Vida Activa e Deportiva (modalidades DAFIS, Milla diaria, Camiña/en bici á escola, Mais e mellor actividade física, etc.).

Na funcionalidade económica do deporte, a Secretaría Xeral para o Deporte potenciará, entre outras, actuacións encamiñadas ao impulso da achega económica do noso sector deportivo á economía galega, especialmente no ámbito do turismo, como son a organización de eventos deportivos e o patrocinio das principais entidades e eventos deportivos de Galicia.

- En segundo lugar, o apoio ao tecido asociativo deportivo galego e aos deportistas. Neste ámbito, destácanse como accións principais o plan de axudas ás federacións, mediante a subscrición de convenios de colaboración, así como o perfeccionamento no control do seu funcionamento; o plan de axudas aos clubs e a outras entidades deportivas; o desenvolvemento do deporte de alto nivel (apoio ás entidades deportivas e a concesión de becas a deportistas) e o apoio ou organización de eventos deportivos.

Continuarase coa aposta polos centros deportivos de tecnificación e alto nivel en Galicia: – Centro Galego de Tecnificación Deportiva, o Centro de Vela de Vilagarcía e a Pista de Piragüismo de Verducido – Complexo Náutico e Campo de Regatas de Verducido–David Cal, como pezas claves no crecemento da alta competición do deporte de Galicia. Neste punto, continuarase o apoio aos núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE), e iniciaremos o proceso de ampliación do CGTD mediante a tramitación do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) da parcela actualmente ocupada polo campo de tiro de Cerna-diñas Novas, o que permitirá a necesaria aplicación do centro e a súa final conversión nun Centro de Alto Rendemento.

- En terceiro lugar, a mellora da dotación de equipamentos e do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, tanto propias como de terceiros.

Todas estas actuacións serán abordadas dende unha perspectiva que afonde na mellora e optimización da calidade do eido deportivo galego.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de Administración de xustiza e no marco do programa de gasto I31A “Administración de xustiza”, baséanse en continuar co proceso de modernización da Administración de xustiza,

tanto dende o punto de vista dos seus medios materiais como da optimización dos seus recursos humanos.

En materia de infraestruturas, para o ano 2025 está prevista a realización das obras de remodelación do Edificio Xudicial de Vilagarcía de Arousa co obxectivo de mellorar a súa distribución espacial, habitabilidade e confortabilidade. Igualmente procederase á adecuación dos edificios xudiciais ao concepto de accesibilidade universal e á arquitectura da vítima. A finalidade é, por unha banda, mellorar a accesibilidade e usabilidade dos servizos da Administración de Xustiza garantindo que todos os espazos e servizos sexan accesibles para todas as persoas e, por outra banda, optimizar a asistencia, benestar, intimidade e seguridade das vítimas.

Estas obras seguen a senda iniciada no ano 2009 e con elas, a Xunta non só cumpriu os seus compromisos, senón que foi máis aló deles e aínda segue a mellorar as sedes xudiciais tanto con obras menores como con proxectos de eficiencia enerxética.

Durante o ano 2025 continuarase coa execución do plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario dos arquivos e oficinas xudiciais, no que xa foron executados máis de 6 millóns de euros. Para afondar nesta liña de investimento, no orzamento para 2025 consígnanse 2.056.298 €, medrando así as previsións iniciais dos investimentos do Plan.

En materia tecnolóxica, no 2025, avanza na sede xudicial electrónica, nas medidas de dixitalización e catalogación de arquivos xudiciais e de expurgo.

Igualmente, segue a ser unha liña fundamental de actuación o apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta: para o ano 2025 incrementase esta partida para atender ás novas cantidades do baremo de compensación económica que poidan resultar da negociación dos novos baremos, que entrarían en vigor no cuarto trimestre do ano 2025. Así, a cantidade consignada nos orzamentos do 2025 é de 15.446.069 €, o que supón un incremento do 8,60 %.

Outras liñas de actuación serían a promoción dos métodos adecuados de solución de controversias, e a continuidade das actuacións amparadas polo Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, que inclúen o funcionamento do persoal de Traballo Social das Oficina de Atencións ás Vítimas dos delitos e a formación especializada nesta materia dirixida aos operadores xurídicos.

Finalmente, a Xunta de Galicia abordou no 2020 a implantación dun sistema de carreira profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza que continuará a desenvolver, permitindo aplicar un recoñecemento da súa traxectoria profesional. Así, a falta dun sistema de carreira profesional que tal e como establece a Lei orgánica do poder xudicial, debe ser aprobada por Real decreto, configurouse un sistema transitorio que permita retribuír ao persoal ao servizo da Administración de xustiza en condicións similares ás dos empregados públicos da Xunta de Galicia.

Cabe salientar que desde o ano 2009 o cadro do persoal incrementouse en máis dun 20%. Así, tras a aprobación de 15 novas prazas no ano 2024, para o ano 2025, está previsto incremen-

tar o cadro de persoal para dar servizo ás novas unidades xudiciais que o Ministerio de Xustiza autorice para Galicia, tras a proposta remitida pola Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza-Xunta de Galicia de creación priorizada de 15 novas unidades xudiciais, entre as que se atopa un xulgado exclusivo de violencia sobre a muller en Santiago de Compostela.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, como centro directivo encargado da colaboración coas entidades locais galegas, segue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.
- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A colaboración entre a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local permitiu a posta a disposición dos concellos de Galicia do Portal de Transparencia e a Guía de Transparencia Local de Galicia que se configuran coma unha ferramenta para que os concellos podan dar información a cidadanía e o mesmo tempo serve de vía de comunicación permanente a través da rede entre tódolos concellos e a Administración Autonómica e por suposto facilítalles o cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado. Durante o exercicio 2025 manteranse permanentemente actualizados ambos instrumentos incorporando as novas obrigas derivadas da lexislación sectorial.

- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflectan as particularidades e características propias, tanto da nosa Comunidade Autónoma, como das nosas entidades locais.

Un dos grandes retos deste centro directivo é o impulso dunha nova xestión pública local e a modernización das entidades locais de Galicia. Con este fin, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Administración Local, para a consecución deste obxectivo, estanse executando distintos proxectos que terán continuidade ao longo do ano 2025, entre estas actuacións destacamos:

- a) A nova Lei de Administración Local de Galicia.

Un dos retos desta norma é a articulación efectiva dun sistema de reparto de competencias que sexa claro e preciso así como o reforzo e concreción das competencias pro-

vinciais como garantía da apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade, tendo en conta que os concellos son o nivel de proximidade por excelencia e, por tanto o máis sensible ás necesidades dos noso veciños.

A Lei reguladora da Administración Local de Galicia, conta con máis de 25 anos, neste tempo, a realidade das entidades locais galegas ten mudado de xeito radical. As entidades locais galegas precisan dun novo marco normativo autonómico adaptado ás súas necesidades e as da veciñanza.

Neste ámbito, nos últimos 4 anos a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Administración Local colaborou na realización de diversos estudos e traballos sobre o marco xurídico local:

- En 2020 a Vicepresidencia primeira asinou coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio para o desenvolvemento dun estudo sobre a delimitación competencial no ámbito da Administración Local de Galicia.
- En 2021 colaborou coa Fundación Juana de Vega na realización dun estudo sobre a planta local galega e o impulso dos novos procesos de fusión.
- En 2022 asinouse un convenio coa Universidade de Vigo para o desenvolvemento do proceso de revisión, mellora e actualización do marco lexislativo en materia de Administración Local.
- En abril de 2023 constitúese a Comisión técnica de delimitación competencial integrada por representantes da Xunta de Galicia e da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) co obxectivo de avaliar os estudos de ambas entidades e avanzar na clarificación das competencias das administracións autonómica e local.

Neste ano 2025, seguiremos afondando no proxecto da nova Lei para que sexa aprobada neste mesma lexislatura. Esta norma, adaptará o marco normativo local a nova realidade social, económica e tecnolóxica, modernizará o seu réxime xurídico e potenciará autonomía local e a potestade de autoorganización.

Será unha norma adaptada á realidade demográfica galega actual que proporcionará aos municipios de menor poboación en risco de despoboación, ferramentas que garantan a calidade da prestación dos servizos municipais.

Esta norma incorporará aspectos de nova xestión administrativa actual, baseada no funcionamento electrónico e a necesaria adaptación organizativa de tal xeito que a prestación de servizos a cidadanía redunden na mellora da calidade de vida dos galegos e galegas.

E recollerá un sistema de reparto de competencias claro e preciso no que se reforzarán e concretarán as competencias de colaboración provinciais como garantía da apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade.

A delimitación competencial é un das cuestións máis controvertidas das relacións entre as administracións territoriais. A complexa tarefa de delimitar, en certas materias, as competencias entre a administración local e autonómica foi o obxecto do estudo sobre a delimitación competencial da Administración Local de Galicia, elaborado en

colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, que estase confrontando cos traballos realizados pola Fegamp no marco da Comisión técnica de delimitación competencial, constituída o 17 de abril de 2023.

No ano 2025 esta comisión continuará analizando os distintos ámbitos materiais nos que se proxectan as competencias dos concellos, co fin de acadar o consenso necesario nesta crucial tarefa para finalmente incorporar na nova regulación autonómica unha relación de competencias clara e sen incongruencias que poda ser coñecida e aplicada polos operadores xurídicos sen dificultades.

- b) Co aval dos bos resultados acadados co traballo desenvolvido pola Cátedra institucional de Bo Goberno Local, o éxito do Congreso celebrado no ano 2024 “ A reforma inconclusa das competencias locais” e o interese suscitado polas investigacións, publicacións e informes elaborados no marco da mesma, durante o ano 2024 o Goberno Galego continuará apoiando o traballo desta Cátedra coma marco de debate público sobre o mundo local e mecanismo para procurar a solución dos problemas do mundo local no momento no que se detectan.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas, con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lles son propios, apoiando a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

Compre destacar que no ano 2024 a Xunta de Galicia volve a reforzar o apoio aos concellos con cifras históricas. Así este ano a Xunta de Galicia puxo a disposición dos concellos mais de 602 millóns de euros, 38 millóns mais que o ano pasado.

Nesta contía inclúense os 152 millóns de euros que recibiron os concellos galegos a través do Fondo de Cooperación Local (un 6,17% mais que o ano 23) dos que:

- 112 millóns de euros corresponden ao fondo base.
- e 39,3 millóns ao fondo adicional. En efecto, tras a suba histórica aplicada no ano 2023, o fondo adicional seguiu medrando ata chegar no 2024 aos 39,3 millóns de euros. Esta nova suba representa un 30 % máis de orzamento para os servizos que máis demanda a cidadanía.

No ano 2025 a través do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local a Xunta reforzará a cooperación cos concellos cunha dotación de 168 millóns de euros, 10 M€ máis que no ano 2024, incrementándose este importe nun 6,3€ por riba da suba media do Orzamento.

No ano 2025 a Xunta acolle a demanda da Fegamp de incrementar o fondo base ao Fondo de Cooperación Local, en concreto en 5,4 millóns de euros, que se repartirán entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que teñen menos ingresos, os que máis dependen das transferencias doutras administración e os que teñen menos capacidade de aforro.

A Orde de infraestruturas de uso público, dotada con 3,5 millóns de euros permitiu neste no ano 2024 a 107 entidades locais mellorar as súas instalacións para a prestación de servizos básicos, de lecer infantil e familiar, deportivos ou culturais.

A orde de infraestruturas municipais, que constitúe unha das principais liñas de colaboración cos concellos cas que conta a Dirección Xeral de Administración Local ten coma obxectivo mellorar a cobertura do benestar da poboación rural, favorecer o reequilibrio territorial e facilitar a realización de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación.

Con relación a este último aspecto, cómpre subliñar que esta convocatoria se configura como un instrumento adecuado para fomentar os proxectos de cubrición de parques infantís xa existentes ou ben a construción de novos parques cubertos, contribuíndo cos concellos no desenvolvemento desta tipoloxía de proxectos de innegable repercusión nunha área tan sensible para a cidadanía como é o lecer infantil e a creación de ámbitos de convivencia e relación social na infancia.

No período 2009-2024 a Dirección Xeral de Administración Local destinou máis de 51 millóns de euros ao financiamento desta liña de axudas cos que se financiaron un total de 1.691 proxectos.

Pola súa banda, o Fondo de Compensación Ambiental facilitou, no ano 2024, cun investimento superior aos 8,6 millóns de euros, actuacións de mellora da contorna natural en 121 concellos ao abeiro da liña competitiva e en 109 ao da liña non competitiva, dirixida a concellos nos que hai parques eólicos.

A xestión do Fondo de Compensación Ambiental que tamén se empregará como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.

Para 2025, a orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental recollerá, igual que o fixera nas convocatorias dos últimos anos, un catálogo de actuacións subvencionables, agrupadas por categorías que se orientan ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión Europea, é dicir, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, o impulso e incremento da participación de enerxía procedente de fontes renovables e a mellora e o incremento da eficiencia enerxética.

Nesta orde recóllese un catálogo de proxectos subvencionables, agrupándoos en varias categorías, sen esquecer que se trata dunha enumeración non pechada susceptible de ampliación mediante as achegas que as propias entidades locais fagan no momento de materializar a súa solicitude.

A través do desenvolvemento de proxectos para a optimización enerxética dos edificios, instalacións e vehículos das entidades locais e para a implantación de tecnoloxías máis eficientes e respectuosas co ambiente e de menor consumo enerxético pode conseguirse unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera e asemade unha redución da factura enerxética das entidades locais. A isto engádese o efecto exemplarizante dos proxectos na medida en que contribúen a concienciar a veciñanza da repercusión sobre

o ambiente das medidas de eficiencia enerxética e impulso da sustentabilidade ambiental no sector público local.

Dende o ano 2020, ao abeiro desta orde fináncianse proxectos novidosos entre os que se destacan:

- As campañas divulgativas municipais para a sensibilización sobre a importancia das medidas de protección ambiental e de eficiencia enerxética: boas prácticas ambientais, divulgación de medidas de aforro e eficiencia enerxética.
- A elaboración e difusión de material divulgativo e recursos didácticos sobre valores ambientais ou espazos naturais concretos no ámbito municipal.
- Plans e estratexias de mellora ambiental nos edificios municipais: auditorías enerxéticas, certificación enerxética de edificios municipais ou plans para a implantación de estratexias enerxéticas municipais.
- Plans sustentables de mobilidade que fagan compatibles as necesidades do transporte local e a sustentabilidade ambiental.
- As actuacións nos núcleos rurais que permitan unha mellor integración paisaxística no contorno, particularmente o soterramento dos tendidos aéreos de cableado e a construción de pavimentos interiores de pedra.
- Adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética: equipos de climatización, ofimáticos e de alumeadado interior.
- Renovación sustentable das flotas municipais mediante a adquisición de vehículos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

Xunto a isto cabe salientar tamén a maior definición dos proxectos destinados a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais, establecendo diferentes niveis de actuación: mellora da eficiencia enerxética da envolvente do edificio, mellora de iluminación interior, instalación de sistemas eficientes de climatización, sistemas de aforro de auga, ascensores eficientes, e introdución de enerxías renovables para calefacción e auga quente sanitaria, con referencia expresa por primeira vez á instalación de paneis solares térmicos en edificios municipais.

Durante o período 2010-2024, a través das liñas competitiva e non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, destináronse máis de 133 millóns de euros a actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e ao reequilibrio territorial. No ano 2025 este fondo terá un papel moi importante na recuperación sostible dos nosos concellos.

Nos anos 2021 e 2022, no eido da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobáronse dúas novas liñas de subvencións que teñen coma obxectivo a redución do incremento das emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) ca que se pretende a renovación en verde do parque de vehículos dos corpos de Policía Local de Galicia, contribuíndose a mudanza cara a un modelo de mobilidade e transporte facilitador de vida en condicións saudables, compatible coa sustentabilidade ambiental e conciliable coa promoción do desenvolvemento económico.

Estas ordes incardínase no Fondo de Compensación Ambiental dentro das actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e do reequilibrio territorial, nas que se inclúen as actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Por medio de estas ordes, financiada co Fondo de Compensación Ambiental e dirixida aos concellos de Galicia de menos de 50.000 habitantes, estanse a financiar a subministración de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables ou non enchufables que reúnan as condicións para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de Policía Local para o exercicio das súas funcións.

Neste momento a Dirección Xeral de Administración Local está xestionando dúas convocatorias da orde de renting de vehículos da Policía Local, a primeira, convocada no ano 2021 abrangue o período 2021-2025, a segunda, convocada no ano 2022, abrangue o período 2022- 2026, estas convocatorias están dotadas cun crédito de 1.675.200 euros destinados ao pagamento das cotas mensuais que deba aboar o concello beneficiario polo renting do vehículo durante un máximo de 48 meses.

No ano 2024, con cargo ao programa Galicia - Feder 2021-2027 convocouse unha nova liña de financiamento destinada a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados coa prestación de servizos municipais, concretamente esta orde plurianual, financia tres tipos de actuacións: obras de mellora da envolvente térmica dos edificios e infraestruturas municipais, obras de instalación de sistemas de iluminación eficiente no interior dos edificios e infraestruturas municipais e obras de mellora dos sistemas de climatización e calefacción nos edificios e infraestruturas municipais, a esta orde destínanse 5,3 millóns de euros distribuídos entre as anualidades 2024 e 2025.

O obxectivo a longo prazo e a consecución de concellos climáticamente neutros mediante a modernización das infraestruturas municipais, a descarbonización e a búsqueda de alternativas as enerxías fósiles.

Mellorar o medio ambiente, promover o uso das enerxías renovables e fomentar a eficiencia enerxética deben ser os puntos crave de calquera xestión pública medio ambiental. Dentro da responsabilidade das institucións pola optimización do uso da enerxía e polo establecemento dun marco de sustentabilidade eficiente, xoga un papel moi relevante a eficiencia enerxética nas dependencias municipais e na iluminación pública. Para acadar os fitos establecidos por Europa, é necesario incorporar nas estratexias municipais un plan de acción sobre eficiencia enerxética.

Esta nova liña de axudas da Xunta de Galicia mellorará a eficiencia e o aforro enerxético, diminuírá o impacto ambiental e as emisións de CO₂ dos inmobles e infraestruturas municipais.

Non cabe dúbida de que a redución das emisións pasa tamén pola concienciación en materia de eficiencia enerxética e polo fomento de accións que impliquen unha diminución da demanda de enerxía. Así, a aplicación de criterios de sustentabilidade asociados á construción de edificacións novas e á rehabilitación dos edificios son aspectos nos que se debe fundamentar a redución de emisións.

Finalmente, no eido da cooperación económica cos concellos e especificamente na mellora da eficiencia enerxética e como xa ocorreu no ano 2023, o fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local no ano 2024 reforzou especialmente a atención ás necesidades dos concellos de menor poboación, os concellos de menos de quince mil habitantes, aos que especificamente destináronse 5 millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética dos edificios de titularidade municipal, priorizándose as instalacións deportivas, achegas das que foron beneficiarios 93 concellos.

O obxectivo é claro, avanzar na igualdade de oportunidades contribuído á fixación de poboación e a prestación de servizos de calidade aumentado a capacidade de desenvolvemento dos territorios rurais.

- Outra das principais novidades do orzamento deste centro directivo para o ano 2025, tendo en conta a importante demanda, que incrementase ano a ano, e os resultados acadados polas convocatorias de axudas específicas destinadas as asociacións veciñais, asociacións de mulleres rurais e comunicades de usuarios de augas de Galicia nos exercicios anteriores, é o incremento en máis dun 33,33% da aplicación orzamentaria destinada á colaboración, fomento e dinamización do asociacionismo veciñal.

Efectivamente, tratase dunha liña de axudas que incrementa a súa demanda ano tras ano. Concretamente, na convocatoria do ano 2024, foron recibidas un total de 955 solicitudes, das que resultaron 341 concesións nas dúas liñas de axudas que recolle esta orde, tanto para obras como para equipamento.

A vista destes datos non cabe dúbida de que o reforzo destas liñas de axuda é fundamental para que estes colectivos poidan seguir mantendo a súa actividade como motor dinamizador da vida local. Polo que é importante incrementar o seu orzamento.

Concretamente, para o ano 2025, incrementarase nun millón de euros a aplicación orzamentaria destinada á colaboración, fomento e dinamización das asociacións veciñais, asociacións de mulleres rurais e comunicades de usuarios de augas de Galicia a que se destinarán 4 millóns de euros, recoñecendo así o seu labor indispensable no desenvolvemento da vida social nos concellos, e a súa condición de eixo fundamental da participación cidadá. Crédito que será destinado á mellora dos locais sociais e o equipamento destas entidades así coma a execución de obras sobre captacións e canalizacións, obras para a mellora dos depósitos, e actuacións de mellora da xestión, medición ou control da calidade da auga. Importe que engádese aos case 22 millóns de euros destinados, durante o período 2016-2024, a través do Plan específico de acción comunitaria, ao apoio, mellora, dinamización e consolidación do tecido asociativo, mediante a convocatoria anual destas axudas facilitando as achegas económicas que lles permiten non so manter a súa actividade senón prestar máis e mellores servizos aos veciños e veciñas de Galicia.

- Tamén se evidenciará a colaboración cos concellos nas medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.

Os municipios máis turísticos teñen unha serie de necesidades específicas derivadas do incremento de poboación que experimentan en épocas puntuais. Esta maior afluencia turística

implica a necesidade de reforzar os servizos públicos para que non vexan mermada a súa calidade.

A Policía Local é un destes servizos municipais que precisan ser reforzados nos municipios turísticos, especialmente no verán cando crece exponencialmente a poboación coa chegada masiva de turistas, reforzamento que lles permite desenvolver con normalidade as súas funcións.

Por este motivo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, aproba anualmente, dende o ano 2012 un Plan específico de axudas a os concellos mais turísticos cun elevado incremento poboacional con achegas para contribuír a cubrir parte dos gastos salariais dos efectivos que reforzan durante o verán o cadro de persoal da Policía Local.

Esta medida, únese a outra liña de axudas xestionada dende a Consellería de Presidencia neste ano 2024, que ten como obxecto a colaboración cos concellos para a contratación de socorristas para o servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descuberta.

Trátase de dúas liñas de axudas de colaboración clave para os concellos no exercicio das súas competencias especificamente relacionadas coa seguridade nas praias e co turismo, co fin de mellorar a calidade dos servizos e conseguir atender as necesidades dos seus residentes e dos turistas.

Así, durante o ano 2024, a Xunta de Galicia destinou 145.000 euros a 11 concellos turísticos co obxecto de contribuír a paliar os custos que supón a contratación de auxiliares de policía local, importe que consolidaremos no orzamento do vindeiro exercicio 2025.

Compre destacar que dende a posta en marcha deste plan en 2012, o Goberno galego leva investidos mais de 1,1 millóns de euros no financiamento da contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán nos concellos turísticos da comunidade.

Pola súa banda, e tal e como se indicou, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes tamén conta con outras medidas para garantir a seguridade nos concellos mais turísticos. Trátase das axudas á contratación de socorristas as que este ano destinamos 1,5 millóns de euros. Este ano 2024 foi a primeira vez que esta orde se convoca desde a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, xa que en edicións anteriores instrumentábase desde outros departamentos da Xunta, como a Consellería de Promoción do Emprego, e convocábanse baixo o epígrafe 'contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral'.

A diferenza de convocatorias anteriores nas que se esixía ao persoal estar en situación de desemprego e figurar no Servizo Público de Emprego, nesta ocasión amplíase a cobertura ao persoal propio da entidade local que presta o servizo de vixilancia, rescate e salvamento como á prestación a través dunha empresa externa mediante un contrato de servizos.

Gracias a isto no 2024 subvencionáronse 30 servizos municipais máis que no ano 2023, pasando de 155 entidades beneficiarias a 185, o que representa un incremento do 20% no número de concellos beneficiarios.

Así pois, un total de 185 concellos beneficiáronse do apoio do Goberno galego para contratar a estes profesionais destinado ao servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos e instalacións acuáticas. Unha liña que seguirá impulsando esta Consellería no ano 2025.

- A necesidade de que as entidades locais afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, subxace nas accións que promoverá a Dirección Xeral de Administración Local en apoio ás fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo a concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas.

Coa modificación do marco normativo local, a través da nova lei de administración Local de Galicia daremos un paso adiante no fomento dos agrupamentos de concellos para a prestación conxunta de servizos e competencias, como fórmula idónea de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos municipais fronte a xestión individual, regulando estes agrupamentos, como áreas funcionais de carácter temporal, entre dous ou máis concellos. Fomentaranse dende a normativa os agrupamentos coma fórmulas de xestión non permanentes limitando a súa actuación a proxectos ou actuacións concretas que non xustifican a constitución dunha entidade local permanente, coma as mancomunidades.

Tamén se lle dará impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostemento común dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos.

O Goberno galego, xunto coa FEGAMP, continuará liderando o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia de loita contra a vespa velutina, posto en marcha no ano 2020 para dar solución a un problema que se estende por practicamente todo o territorio galego e no que tanto a Xunta coma os concellos levamos anos traballando. Un Plan ao que están adheridos os 313 concellos galegos.

Así, para continuar con este obxectivo, consígnanse en 2025 un total de 1,8 millóns de euros. Deles, 1,2 atópanse residenciados no fondo adicional do Fondo de Cooperación Local e 575.000 euros no orzamento das diferentes consellerías colaboradoras (Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

- Continuarase apoiando a cooperación municipal, tanto a través de fórmulas de xestión compartida de servizos públicos como mediante o fomento de novos procesos de fusión municipal impulsando activamente unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade.

Así, a Xunta de Galicia leva anos desenvolvendo unha política de promoción e fomento da cooperación municipal tanto a nivel normativo como orzamentario, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados ou que presten servizos públicos de xeito conxunto, como a través do fondo especial para fusións.

Trala realización do estudo sobre a planta municipal xunto coas tres universidades Galegas e a Fundación Juana de Vega, avanza, en colaboración coa FEGAMP, no impulso de novas formas de xestión compartida e propostas de fusión municipal.

- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación. Isto atopa a súa mellor expresión no obxectivo de estender os servizos de emerxencias ao 100% do territorio galego. Clarificar o papel das deputacións é fundamental tanto pola súa configuración coma polo impacto das súas competencias na garantía da prestación dos servizos municipais, por isto o Goberno Galego considera inaprazable o desenvolvemento e concreción das funcións, competencias e vías de asistencia destes entes respecto dos concellos do seu ámbito territorial en eidos como a contratación, a administración electrónica e a garantía da prestación dos servizos básicos nos concellos de menos de 20.000 habitantes.
- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración Local.
- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a Administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2025, logo do éxito das convocatorias realizadas nos anos 2018, 2019, 2021, 2022 e 2024. A Dirección Xeral de Administración Local continuará coa xestión das listas de persoal interino para poder ofertar aos concellos de Galicia a posibilidade de provisión dos postos vacantes abertos ás escalas e subescalas da Administración Local con habilitación nacional de maneira máis áxil e con respecto aos principios constitucionais de acceso á función pública.

- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel. Continuarase na senda iniciada no 2017, ano no que a Comisión Galega de Cooperación Local retomou a súa actividade. A Dirección Xeral de Administración Local realiza unha importante labor de seguimento e impulso do cumprimento dos acordos adoptados.
- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da Comunidade Autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

No marco dos principios xerais de actuación de defensa da Constitución Española e de desenrolo e potenciación do ámbito competencial autonómico e tendo como guía o Estatuto de Autonomía, o marco autonómico, e o cumprimento dos acordos parlamentarios e a lealdade nas relacións institucionais cabe reseñar que a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano de coordinación e desenvolvemento dos ditos principios no seno do goberno galego. No exercicio das funcións desta dirección, as principais liñas de acción a desenvolver no vindeiro exercicio poden establecerse en relación ás seguintes áreas:

- No eido das relacións parlamentarias, mantéñense como destacadas liñas de traballo:
 - A coordinación e canalización das actividades da Xunta de Galicia na súa relación co Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre ambas as dúas institucións.
 - A análise, calificación e distribución das iniciativas parlamentarias de control e impulso ao Goberno para a súa tramitación.
 - O apoio ao Goberno Galego na evacuación da información e documentación interesada, solicitando aos diferentes organismos da Xunta de Galicia e ao Sector Público Autonómico os informes que procedan para dar resposta ás diferentes iniciativas que sexan formuladas no seo da Cámara galega.
 - A xestión da participación e resposta dos diferentes membros do Goberno e autoridades ante os diferentes órganos nos que se organiza o Parlamento de Galicia.
 - O impulso e seguimento do cumprimento dos acordos parlamentarios aprobados en sede parlamentaria.
 - A implementación de melloras no sistema informático de xestión do fluxo do traballo parlamentario.
 - O seguimento da actividade lexislativa no Parlamento de Galicia e, especialmente, do desenvolvemento do programa lexislativo do Goberno galego, que sexa aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.
- No eido das relacións institucionais, o labor desta dirección xeral centrarase en optimizar tanto as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España así como a cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas, na busca dunhas relacións intensas e fluídas en aras da coordinación e colaboración institucional.

Na busca da mellora das relacións coa Administración Xeral do Estado, tanto dende o punto de vista dos resultados como dende o punto de vista de custo económico.

O reforzo da regularidade das reunións do Grupo de Traballo, como órgano permanente para a análise e estudo dos conflitos no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, sendo convocadas por videoconferencia, e non presenciais, obtendo así un importante aforro en custos de desprazamentos e una maior axilidade e eficiencia nas comunicacións. Tamén é un claro obxectivo

da Xunta de Galicia manter a liña de colaboración para a resolución das posibles discrepancias que poidan xurdir na produción legislativa autonómica e, en todo caso, dar prioridade a consensuar, entre ambas partes, acordos interpretativos que poñan fin á conflitividade normativa.

Insistir ao Goberno central e facer as xestión precisas para que se convoque a Conferencia de Presidentes. Segundo o Regulamento da mesma (adoptado na XXVI Conferencia de Presidentes celebrada o día 13 de marzo de 2022), esta debe ser convocada polo Presidente do Goberno e débese reunir, polo menos, dúas veces ao ano (a última reunión foi no ano 2022). Trátase do órgano de máximo nivel político de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Por iso, temas tan relevantes para Galicia como a financiación autonómica, a xestión de fondos europeos, as infraestruturas e comunicacións, as políticas medioambientais ou medidas conxuntas en materia de sanidade que atoparían na Conferencia de Presidentes un espazo no que poderían ser tratados de maneira conxunta.

A regularidade na convocatoria da Comisión de Seguimento e análise das disposicións normativas estatais e doutras comunidades autónomas dende o punto de vista competencial. A finalidade é defender as competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia coa posta en marcha, se procede, dos requirimentos correspondentes nos casos de conflitos de competencias e do procedemento da Comisión Bilateral, como instrumento para xestionar a conflitividade constitucional co fin de conquistar acordos para a resolución das discrepancias que poidan xurdir entre as partes, ben como paso previo a presentación dos posibles recursos de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional ou ben coa finalización dun acordo que evite a interposición do recurso de inconstitucionalidade.

A reivindicación da necesaria participación e audiencia da Comunidade Autónoma de Galicia na toma de decisión e na elaboración de disposicións normativas de rango estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.

Seguir afondando no autogoberno, ben mediante a mellora do sistema competencial co reforzamento das capacidades executivas ou ben pola vía do traspaso de competencias. Neste reforzo das relacións co Estado debe mencionarse o traballo que se efectúa en materia de traspasos de competencias coa convocatoria, e seguimento das reunións da Comisión Mixta de Transferencias, nun momento ademais no que se está a tramitar a transferencia de ordenación e xestión do litoral e en proxecto a solicitude de mais competencias ao Estado.

A cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas é outro obxectivo prioritario para esta dirección xeral, que continuará na liña de reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.

É atribución tamén desta dirección xeral a función de recoñecemento de sinaturas e posterior legalización de documentos emitidos por autoridades ou persoal público da administración autonómica, que deban producir efectos no estranxeiro.

Outra das liñas de actuación inclúe a xestión do procedemento completo relativo ás subvencións recollidas no Capítulo III (Subvencións para gastos de funcionamento) da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas (DOG Núm. 165, do 31 de agosto de 2015).

Ademais das funcións en materia de xestión económica que implica o parágrafo anterior, tamén se levará a cabo a xestión económica ordinaria propia da dirección xeral.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia colaborarase coa transparencia e as boas prácticas na administración, de conformidade coa Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Neste eido, como unha das ferramentas básicas de transparencia e publicidade das actuacións desta administración pública, xestiónase o mantemento e actualización continua da base de datos do Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, poñéndoa a disposición da cidadanía para a consulta dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico.

Por último, e como complemento das dúas grandes áreas de actuación expostas, esta dirección xeral asume a coordinación e seguimento, cos órganos competentes dos demais departamentos: a promoción, análise, investigación, asistencia técnica, e desenvolvemento da liberdade relixiosa e de culto, e a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dirixe as súas actuacións nos seguintes eidos e liñas de actuación:

I. Protección Civil e Emerxencias:

As accións neste campo centranse en tres obxectivos estratéxicos, que a súa vez incluírán medidas operativas para o seu cumprimento:

a) Aplicación e desenvolvemento da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e consolidación do mapa galego de emerxencias:

No ano 2018, a través do Grupo de Traballo de Emerxencias dependente da Comisión Galega de Protección Civil, no que estaban representadas as diferentes administracións, autonómica e locais, acordouse por unanimidade avanzar cara un modelo de atención as emerxencias que supere as fronteiras administrativas e conformado polos parques de bombeiros municipais, os parques dos Consorcios provinciais para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento e os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (en diante, GES).

Acordouse, e así se materializou nos anos 2019 a 2024 por medio da renovación dos correspondentes convenios, dar continuidade á figura dos GES, ampliando os existentes para mellorar a cobertura de xeito que practicamente toda a poboación e territorio

de Galicia teñan un servizo dilixente de atención as emerxencias. A estes efectos, recóllense no orzamento da Xunta de Galicia para 2025 as partidas necesarias na parte que corresponde ao Goberno galego para seguir mellorando o mapa de emerxencias ampliando e completando os efectivos dos GES, sempre en colaboración imprescindible coa FEGAMP e, especialmente, coas deputacións provinciais, que terán que implicarse economicamente para a prestación destes servizos cuxa competencia, cómpre non esquecer, correspóndelles a elas en exclusiva.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia continuará no ano 2025 dotando aos GES e ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (en diante, AVPC) con material necesario para o exercicio das súas funcións, a cuxo efecto mantense a partida dedicada a infraestruturas e equipamento nos servizos de emerxencias e protección civil e a partida destinada a axudas ao funcionamento das AVPC.

Tamén neste ano 2025 potenciaranse os catro consorcios provinciais para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento, a través dun incremento notable das achegas da Xunta de Galicia, para equipamento e para gastos de funcionamento, que garanten á poboación galega, independentemente do seu lugar de residencia, un servizo permanente e profesional de atención e resposta ás emerxencias.

Compre sinalar ao respecto dos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento, que no ano 2024 acadouse un consenso nas catro provincias acerca do réxime do persoal dos consorcios e na regulación das súas condicións laborais, para a mellora destes servizos. Neste senso durante este ano 2024 está prevista a aprobación das catro RPTs destes consorcios provinciais con criterios de valoración de postos similares, para garantir, na medida do posible, unha homoxeneidade nas retribucións de persoal operativo e unha actuación funcional uniforme. Neste marco negociador tamén prevese a aprobación dos correspondentes convenios laborais de cada consorcio para unificar as condicións laborais deste persoal operativo, afondando na necesaria profesionalización deste servizo esencial para a sociedade. Neste senso, esta prevista o incremento dos efectivos de cada consorcio para garantir unha correcta prestación deste servizo.

Todo elo co obxectivo de acadar unha prestación homoxénea e uniforme en todo o territorio de Galicia, co horizonte de dar un servizo áxil e eficaz a todos os galegos e galegas, independentemente do seu lugar de residencia, a través dos servizos profesionais de emerxencias que constitúen tanto os parques de bombeiros como os GES, complementados coas AVPC implementadas en todo o territorio galego.

Paralelamente, a Xunta de Galicia consigna no orzamento de 2025 o presuposto necesario para continuar coas comarcalizacións doutros parques de bombeiros das grandes cidades.

A comarcalización constitúe unha das recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galicia, que a propoñía coa finalidade de reducir os tempos de resposta a emerxencias nas súas áreas metropolitanas. A estes efectos volverase a consignar nos orzamentos, con cargo

ao Fondo de Cooperación Local, unha contía dedicada especialmente á prestación dos servizos de emerxencias con carácter comarcal ou, no seu defecto, supramunicipal, na convicción de que este é o camiño para acadar a mellor cobertura posible no territorio dun servizo profesional de emerxencias.

Este proceso de comarcalización de parques municipais de bombeiros require do acordo e da vontade de distintas administracións; en primeiro lugar, do concello titular do servizo e, de seguido da administración autonómica, da administración provincial e, como non, dos concellos aos que o parque que se comarcaliza deba dar este servizo.

A Xunta de Galicia aposta decididamente por este modelo de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades que permitirá optimizar os recursos xa existentes e dar cobertura ás emerxencias que se poidan producir nos seus contornos, defendendo un modelo de colaboración entre tódalas partes afectadas, como xa se ven facendo co parque de Ferrol dende hai varios exercicios.

Neste senso xa se ten acadado un acordo entre Xunta de Galicia, Deputación de Coruña e o concello de Santiago para a comarcalización do parque de bombeiros de Santiago de Compostela. Este acordo, que se pretende asinar neste ano 2024, comprende actuacións dirixidas á construción dun novo parque de bombeiros como o acordo de financiamento do servizo comarcalizado, o que supón unha aportación económica das tres administracións implicadas.

A Xunta de Galicia, tal e como sempre manifestou, aposta por este modelo de prestación de servizos e de apoio e colaboración ás administracións locais á hora de prestar un servizo áxil e eficaz á cidadanía galega.

No ano 2025 continuaremos a traballar e impulsar estes acordos de comarcalización de parques de bombeiros municipais, que xa se teñen producido e aumentarán na provincia da Coruña, para que se poidan estender e materializar no resto do territorio de Galicia, e así se poidan beneficiar todos os galegos e galegas desta, sen dúbida, mellora da atención das emerxencias.

O apoio e o compromiso da Xunta de Galicia co voluntariado de protección civil tense posto de manifesto a través de diversas campañas de promoción, reunións con servizos provinciais de emerxencias e concellos para informar e asesorar na creación de novas AVPC, así como mediante a dotación de material e recursos económicos. No ano 2025, a Xunta continuará impulsando as AVPC a través da colaboración cos concellos, co obxectivo de optimizar o uso dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais. Ademais, promoverase a incorporación de novos voluntarios nas AVPC existentes e a creación de novas agrupacións, consolidando o seu papel como canles fundamentais para a participación cidadá en accións de voluntariado. A importancia destas agrupacións quedou patente nos numerosos operativos, tanto de carácter preventivo como de apoio loxístico aos servizos de intervención, nos que demostraron ser esenciais na resposta comunitaria ante situacións de crise nas que é necesario adoptar medidas de protección á poboación.

Continuaremos apoiando e pondo en valor o papel das AVPC impulsando a súa participación en programas específicos como son a atención as incidencias que poidan ocorrer nos camiños de Santiago, a seguridade en lugares de pública concorrencia e a implementación de plans de protección civil.

A ampliación da dotación de medios e recursos naqueles concellos con GES ou AVPC e zonas nas que aínda houbese necesidades pendentes. Esta actuación virá a complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos anos e que achegou ás Asociacións equipamento (209 vehículos todoterreo, 206 remolques de emerxencias, 65 furgóns, 98 espaxadores de sal, 70 embarcacións, 143 tendas de campaña, 4 UTV, 43 coitelas quitaneves, 49 kits de material loxístico de seguridade viaria, 21 kits de material para as emerxencias no medio acuático, 49 kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 16 millóns de euros. A impartición de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.

Así mesmo e co gallo de potenciar e impulsar a seguridade en lugares públicos implementárase unha liña de colaboración coas administracións locais na prestación do servizo de socorrismo en espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas da Comunidade Galega, mediante a implementación de liñas de axudas para a contratación deste persoal por parte destas administracións.

A sinatura de convenios de colaboración con entidades, organismos e colectivos colaboradoras do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, entre os que cómpre destacar os asinados con entidades para a prestación de atención psicosocial en emerxencias que así o requiran como accidentes de múltiples vítimas ou emerxencias que podan requirir a evacuación das persoas a consecuencia de incendios forestais.

A mellora e potenciación dos sistemas de información para coñecemento do risco, actualizando e incorporando ao Xeoportal Galego de Riscos de Protección Civil datos xeoespaciais relacionados cos riscos naturais e tecnolóxicos en Galicia.

b) Planificación:

A modificación e actualización dos plans existentes para adaptalos á Lei 5/2007, do 7 de maio, e á estrutura prevista dos sistemas de atención ás emerxencias, incluíndo os mapas de riscos correspondentes.

Neste senso no ano 2024 revisouse o Plan especial ante o risco Sísmico (SISMIGAL), actualizando os estudos de análise de risco, ao desenvolver o instituto xeográfico nacional un novo mapa de perigosidade e adaptándoo á nova normativa. No ano 2025 acometerase a súa implantación, destacando a revisión da aplicación SESGAL, Simulador de Escenarios Sísmicos para Galicia, o que permitirá unha primeira avaliación de danos no caso de terremotos de intensidade media ou elevada.

No que atinxe a outros riscos naturais, continuarase coa implantación do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións (INUNGAL) revisado no 2024, a través

da divulgación do plan e o desenvolvemento da formación nesta materia a través da AGASP. Levarase a cabo tamén a análise de riscos de maremotos en Galicia, aliñada co establecido na Directriz Básica de Planificación de Protección Civil. Este estudo permitirá avaliar de maneira exhaustiva os posibles impactos e definir as medidas preventivas necesarias para protexer á poboación e o territorio galego e planificar a resposta coa aprobación do Plan especial de protección civil ante o risco de maremotos.

Respecto dos riscos tecnolóxicos, trala revisión no ano 2024 do Plan especial ante o risco de accidente no transporte de mercadorías perigosas (TRANSGAL), no ano 2025 acometerase a súa implantación así como a revisión e actualización dos Plans de emerxencia exterior da Grela Bens e de Exolum Vigo e a elaboración do Plan especial de protección civil ante o risco radiolóxico.

Así mesmo continuarase coas tarefas de información e divulgación dos diferentes plans de protección civil aos servizos intervinientes en caso de emerxencia, tanto a través da formación como executando exercicios e simulacros para garantir o coñecemento dos plans por parte dos servizos de emerxencia e para avaliar e mellorar os plans, garantindo unha coordinación efectiva entre todas as partes involucradas.

A implantación da normativa autonómica en materia de autoprotección, logo da aprobación no ano 2022 do decreto polo que se actualiza o catálogo de actividades e centros, establecementos e dependencias obrigados a realizar estes plans, establecendo as medidas e medios persoais e materiais necesarios para afrontar situacións de risco, e determinando o contido mínimo dos Plans de autoprotección, en desenvolvemento das previsións contidas no título IV da Lei 5/2007, do 7 de maio, e de acordo coas directrices básicas establecidas na lexislación vixente. O desenvolvemento, actualización e impulso do rexistro dos plans de autoprotección en Galicia, con especial significación na autoprotección escolar, logo de que no ano 2023 se integrase na sede electrónica o procedemento de rexistro de ditos plans.

O apoio á Comisión Galega de Protección Civil para a revisión dos plans de emerxencia, especialmente dos plans de emerxencia municipal (PEMU), así como a convocatoria e coordinación dos grupos de traballo que se creen no seno de dita comisión, con especial dedicación ao Grupo de Traballo para revisar tecnicamente e identificar liñas de traballo das diferentes administracións, para mellorar a atención as emerxencias en Galicia.

A mellora e potenciación do Xeoportal Galego de Riscos de Protección Civil que, desde a súa posta en marcha no ano 2022, se ten convertido nunha ferramenta de consulta para servizos e cidadanía que permite coñecer a previsión dos riscos no territorio. Co obxectivo de garantir o seu funcionamento óptimo e incrementar a súa utilidade actualízanse de xeito continuo os datos xeoespaciais relacionados cos riscos naturais e tecnolóxicos en Galicia, asegurando que a información dispoñible sexa precisa e relevante.

O fomento do voluntariado de protección civil, tanto potenciando a súa formación como realizando campañas de promoción entre a cidadanía, con especial atención á poboación en idade escolar así como a xente maior que pode atopar nas AVPC unha oportunidade para un envellecemento activo participando en actividades da Agrupación

e transmitindo coñecementos, experiencias e valores aos mais novos. O labor altruísta dos voluntarios e voluntarias debe ser recoñecido e potenciado polas Administracións, a cuxos efectos desde o ano 2021 se realizaron actos de entrega de distintivos de permanencia aos voluntarios e voluntarias que levaban mais de 25 anos pertencendo a unha AVPC. No ano 2025 procederase novamente a recoñecer a labor do impulsando o papel das asociacións provinciais de AVPC a través de xornadas de convivencia e captación de novos voluntarios e voluntarias.

Ademais, no ano 2025 continuarase a convocar as axudas para garantir o correcto funcionamento das AVPC, dotándoas de material e realizando formación a través da AGASP.

c) Coordinación e colaboración transfronteiriza en emerxencias: (AXEGA)

O Centro Integrado de Atención ás Emerxencias I12 Galicia (CIAE I12-Galicia), ubicado na Estrada, configúrase como un elemento esencial para a paulatina “integración operativa” dos distintos servizos básicos de atención ás emerxencias (sector seguridade, sector sanitario, sector asistencial, sector contra incendios e salvamento, sector medioambiental e sector protección civil) para así acadar unha xestión e coordinación “integral” (que abarque todos os campos posibles implicados nas emerxencias) e integrada (para que todos os axentes dos servizos de intervención actúen conxuntamente, de xeito coordinado e compartindo información en tempo real).

Ademais, no eido da coordinación, a AXEGA continúa a traballar na realización de simulacros que permitan unha actuación conxunta cada vez máis eficiente dos diferentes servizos. Así, durante o ano 2024 leváronse a cabo diversos simulacros de coordinación destacando os de medios en lumes forestais que se teñen demostrado de vital importancia para a coordinación dos incendios forestais declarados de situación 2, no ano 2025 continuarase coa realización de simulacros no ámbito das empresas SEVESO, aeroportuario, presas, lumes forestais, portuarios, etc, con exercicios presenciais onde se practique a implantación de plans e os seus protocolos de intervención correspondentes.

Coa análise dos resultados obtidos nas anteditas simulacións e cos exercicios prácticos que se continúen a desenvolver na próxima anualidade 2025, seguirase a traballar na liña de implantar sistemas de coordinación de traslado de información que resulten cada vez máis eficaces, así como procurar novas melloras nas comunicacións entre os diversos medios de intervención. No 2025 se levará a cabo a entrega de dispositivos móbiles remotos cunha APP que permita a comunicación e traslado de datos de incidencias entre o CIAE-I12 e os diferentes organismos que participan no sistema galego de Protección Civil. Estes dispositivos permitirán unha navegación ata o punto da incidencia e traslado de imaxes e vídeos en tempo real co cal fará máis eficiente a toma de decisións prioritariamente en grandes emerxencias.

Os traballos de coordinación esténdense a outros territorios de zonas fronteirizas comúns (Portugal, Castela-León, Principado de Asturias). No 2023 deu comezo o desenvolvemento do proxecto ATEMPO (Asistencia Transfronteiriza de emerxencias) que sigue a

liña de traballo do Ariem+ tendo como obxectivos continuar na consolidación da colaboración e cooperación transfronteiriza na atención de emerxencias dentro da franxa fronteiriza entre Galicia, Castela-León e norte de Portugal). tal e como quedou patente nos lumes forestais en 2022 na fronteira en Chaves-Verín, Moncao-Arbo, Barco de Valdeorras, etc.

A Xunta de Galicia como líder do proxecto ATEMPO busca afondar na mellora da capacidade de resposta das unidades de emerxencia transfronteiriza en un tempo efectivo ante eventos adversos relacionados co cambio climático e riscos tecnolóxicos con impacto nos ecosistemas da Eurorexión.

Para elo fará uso de 1) as ferramentas predictivas ofrecidas polos desenvolvementos da Intelixencia Artificial (IA) 2) a mellora da capacitación conxunta de efectivos e a posta en marcha dun marco de habilitación profesional común do persoal de emerxencias 3) o incremento da eficacia na resposta a emerxencias mediante o reforzo da inversión dotacional de equipamentos conxuntos e 4) a mellora da concienciación e a capacitación da poboación para facer fronte a emerxencias derivadas do cambio climático.

Dentro das previsións de colaboración e coordinación mediante proxectos europeos, para o exercicio 2025 continúa a participación da AXEGA en proxectos de colaboración co Instituto Tecnolóxico de Galicia en traballos relacionados con drons con tecnoloxía que permita voar de forma autónoma controlada dende ubicacións remotas como é o proxecto AMU-LED ou ACRE e colaboracións con GAIN no uso de tecnoloxía embarcada en DRONS para a busca de persoas desaparecidas.

2. Interior e Seguridade.

a) Espectáculos Públicos.

No exercicio 2025 continuarase coa aplicación do desenvolvemento normativo da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, favorecendo a formación dos colectivos implicados no sector dos espectáculos públicos e actividades recreativas (controladores de acceso, persoal das administracións con competencias en materia de autorizacións administrativas, funcionarios dos corpos de policía, etc.).

Tamén se impulsará o rexistro de empresas e establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Manterase a colaboración cos diversos sectores afectados e cos concellos, permanecendo aberta a liña de consultas específicas sobre a aplicación da distinta normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e continuando coa difusión da Guía explicativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas elaborada no seu día pola Subdirección xeral de Xogo e Espectáculos Públicos.

Colaborarase cos concellos na adaptación das ordenanzas e das licenzas municipais ás tipoloxías do novo Catálogo aprobado no ano 2019, fixando criterios de aplicación xeral que faciliten a devandita adaptación, así como a colaboración na aplicación da Orde pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Realizaranse periodicamente os procedementos de obtención e renovación da habilitación para o desenvolvemento das funcións do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, a través da colaboración da AGASP, dirixidos a facilitar o acceso a estes postos de traballo, garantindo a seguridade no acceso a locais de ocio e de xogo na nosa comunidade, circunstancia especialmente valiosa á hora de garantir as condicións de acceso e funcionamento destes establecementos.

b) Coordinación dos Corpos de Policía local:

No ano 2023 realizouse o desenvolvemento normativo derivado da modificación da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, mediante o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, recollendo e solucionando todas aquelas cuestións máis conflitivas, favorecendo deste xeito tanto aos concellos como ao persoal policial, garantindo a cobertura efectiva das vacantes e a estabilidade nos postos de traballo de aqueles efectivos que opten aos corpos de policía doutros concellos a través do sistema de provisión de postos por mobilidade. Así mesmo suprimiuse o requisito de estatura mínima tanto para mulleres como para homes para o acceso aos corpos de policía local, aos concellos con vixiantes municipais e para a selección de auxiliares de policía.

No ano 2025, aprobaranse as disposicións normativas pendentes en materia de coordinación de corpos de policía locais, relativas a materias tales como medios técnicos, normativa relativa as probas, méritos e baremos para o acceso e promoción interna dos corpos de policía local, vixilantes e auxiliares, así como para o procedemento de provisión por mobilidade entre corpos de policía local e outras.

Manterase a colaboración cos concellos e o seu persoal policial, permanecendo aberta a liña de consultas específicas sobre a aplicación da distinta normativa en materia de coordinación de policía e continuando coa difusión de as respostas a estas consultas a través da publicación das memorias anuais, do traslado destas respostas e informes as representacións sindicais e á FEGAMP.

Do mesmo xeito potenciarase a coordinación das actuacións dos corpos de policía locais coa convocatoria e reunión periódica de órganos específicos como o Sacop, cara a garantir a efectiva implementación das disposicións normativas e procedementos de actuación policial e de xeito homoxéneo en todo o territorio galego.

Consensuar coa representación da FEGAMP e dos sindicatos, un marco para establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local.

Avaliar, no marco do Grupo de Traballo creado na Comisión de Coordinación de Policía Locais, a posibilidade de establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local que sirvan de referencia para o apoio na prestación puntual de servizos en concellos con insuficiencia de medios.

Promover a través da FEGAMP a implantación xeneralizada da nova aplicación informática do Rexistro de Policía locais xa rematada, actualizando os datos dos diversos corpos de Policía Locais para dotar a este Rexistro de máis operatividade e funcionalidade, acordes coas necesidades actuais.

c) Unidade de Policía Nacional adscrita (UPA):

- Promover o aumento dos medios humanos da UPA, tendo en conta as competencias que esta Unidade policial ten asumido na actualidade, para o cal será necesario a sinatura dun Convenio de colaboración co Ministerio do Interior.

Este obxectivo reiteradamente reclamado ao goberno do Estado, tanto polo goberno da Xunta de Galicia como en sede Parlamentaria, persegue poder dar un servizo de calidade aos galegos e galegas a través desta unidade policial que tras 30 anos de servizo en Galicia é recoñecida como unha policía propia de todos os galegos e que de forma progresiva foi asumindo cada vez mais competencias.

Algunha das competencias asumidas, como son as referidas a protección dos camiños, as de protección do medio ambiente e de protección do patrimonio cultural, requiren dun esforzo de persoal constante pero que, demandan unha maior atención e implicación pola nosa policía, xa que o número de peregrinos está a incrementarse ano tras ano, polo tanto, as accións vencelladas a este incremento e atención de competencias nas rutas xacobeas tamén serán maiores. Así mesmo este incremento de persoal permitiría poñer en marcha unha nova modalidade de patrullaxe nos camiños con servizos a pé en distintos puntos das rutas xacobeas e que permitirían unha atención máis cercana e accesible aos peregrinos, cunha especial incidencia na protección da muller nas distintas rutas. Todo elo complementado coa adscrición a estes servizos de vehículos híbridos e todo camiño adquiridos especialmente para esta finalidade e que se complementan con equipos DESA para a posible atención in situ dos peregrinos.

- Continuarase coa renovación de vehículos e medios técnicos necesarios para unha mellor prestación do servizo policial e un óptimo desenvolvemento das funcións propias da UPA, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia; a prevención e investigación de incendios; a protección do medio natural e dos recursos mariños; a colaboración en tarefas de rescate e salvamento; e a actuación e colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.
- Fomentar a participación do persoal da UPA na formación específica, dirixida especialmente a aquelas funcións que precisan dunha maior actualización e competencia profesional, respecto de todas as funcións que desenvolve, incidindo de xeito prioritario na formación vencellada aos ámbitos dos camiños xacobeos e atención dos peregrinos en eidos tales como a violencia de xénero, a formación en DESA e protección do patrimonio cultural.
- Manter e ampliar os mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de Seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade, con especial incidencia na colaboración coas policía locais de Galicia, impulsando cando sexa necesario e demandado a implementación de dispositivos coordinados e conxuntos.

Este compromiso coa seguridade, en todos os seus aspectos, require a implicación de todas as administracións.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

O obxectivo prioritario da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea é a promoción da Acción Exterior de Galicia en xeral, especialmente nas relacións coa Unión Europea, nas relacións con Portugal, prioritariamente coa Rexión do Norte, e o fomento da cooperación para o desenvolvemento de conformidade coas prioridades xeográficas e sectoriais de actuación previstas no V Plan director 2023- 2026, aprobado por unanimidade polos axentes de cooperación representados no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na súa reunión de 14 de febreiro do 2023, polo Consello da Xunta de Galicia o 2 de marzo de 2024 e polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 2024.

Cara ao futuro, a opción estratéxica por unha Europa plenamente integrada resulta crucial para Galicia. O ceme básico das relacións internacionais de España cara ao exterior mantense con independencia dos cambios de Goberno. É nese ceme no que a acción exterior autonómica ha ter un referente, pero fóra del a autonomía -compatible coa lealdade constitucional- poderá desenvolver as particularidades discrecionais que decidan as institucións públicas galegas. Neste senso, hai que salientar do devandito núcleo:

- A promoción dos dereitos humanos, a democracia, a seguridade, o feminismo e a diversidade como referentes da acción de España no mundo.
- Impulsar a construción no plano global dun novo contrato social e interxeracional, sobre a base da Axenda 2030 e o pleno desenvolvemento dos dereitos políticos, sociais, económicos e ambientais.
- A defensa dun planeta máis sustentable, habitable, resiliente e verde.
- Prestar especial atención ás cuestións da paz, a seguridade e a defensa, desde unha concepción holística e integral da seguridade humana e a dignidade das persoas.
- Impulsar a Política Exterior e de Seguridade Común e a Política Común de Seguridade e Defensa.

Asemade, os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) han de informar de todas as iniciativas e actuacións da nosa acción exterior.

Neste contexto, a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, aspira a mellorar a proxección de Galicia a través da coordinación da acción exterior galega. Entre outros aspectos regulados pola Lei destacan, incentivar: a participación galega na negociación de tratados internacionais, mellorar a atención

dos galegos no exterior, consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a súa proxección nos países da lusofonía, e dotar a Galicia de maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento.

Esta Lei tamén regula a maneira de negociar e executar en Galicia tratados e acordos internacionais tanto na Unión Europea como fóra do marco xurídico da UE, aspecto este último clave trala materialización da saída do Reino Unido da Unión Europea.

Ademais, regúlanse distintas accións sectoriais no exterior. Así, no ámbito económico, recóllese a posibilidade de que a Administración autonómica examine no primeiro trimestre de cada ano o estudo Doing Business, do Banco Mundial, para avaliar a implantación de medidas coas que mellorar a atracción de capital foráneo. No ámbito educativo, avógase por reforzar o apoio á internacionalización das universidades galegas para captar talentos novos.

Cómpre sinalar en todo caso un dos principais logros acadados no eido da Acción Exterior na lexislatura anterior e que terá continuidade: o peso que ten a cooperación transfronteiriza, tanto na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como en xeral, nas relacións entre España e Portugal.

O principal instrumento de financiamento son os Programas Europeos de Cooperación transfronteiriza España – Portugal (POCTEP).

O apoio deste programa é fundamental para a dinamización financeira e investidora na fronteira, así como para a creación de institucións transfronteirizas e o desenvolvemento de infraestruturas de transporte e comunicación. Actualmente o vixente Programa POCTEP 2021-2027 ten catro convocatorias xa en marcha, cun total de 71 proxectos aprobados para toda a Eurorrexión e un gasto total que ascende a máis de 109M€.

As liñas básicas de actuación da dirección xeral son as seguintes:

- Reforzar e mellorar o seguimento, o fluxo de información institucional relevante e a participación na elaboración e aplicación das políticas comunitarias nos distintos eidos de competencia autonómica. Prestaremos especial atención ao posicionamento nos debates sobre o futuro da política de cohesión e a súa configuración no próximo Marco Financeiro, a transición enerxética, a avaliación da Política Común de Pesca, a aplicación da Rede Transeuropea de Transportes, o equilibrio entre a protección da biodiversidade e o desenvolvemento dos sectores produtivos e o desenvolvemento da regulación sobre Intelixencia Artificial.
- Participar no debate sobre o marco financeiro plurianual da UE despois de 2027, en particular sobre o peso da política de cohesión dentro del. O gasto en seguridade e defensa, o reforzo da competitividade, a ampliación e a reconstrución da Ucraína son novos retos que terán un impacto na aplicación das políticas tradicionais como a PAC e Política de Cohesión.
- Afianzar unha Eurorrexión do coñecemento e da proximidade para que os cidadáns que viven a carón da fronteira se beneficien do feito transfronteirizo, así como para aproveitar

as sinerxías que supón o traballo conxunto das dúas rexións, a galega e a portuguesa, nos ámbitos nos que están a traballar conxuntamente. A finais deste ano está previsto que a presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – norte de Portugal pase a Galicia, o que servirá para intensificar o impulso desta cooperación.

- Apoiar e seguir potenciando á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, como un instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, tanto públicas como privadas, no marco da nosa Eurorexión.
- Executar as competencias da Unidade de Coordinación como Organismo Intermedio para os fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza (Programa de Cooperación Transfronteriza Interreg VI España-Portugal (POCTEP) 2021-2027). Entre estas competencias atópanse as de valoración das candidaturas de proxectos presentadas de acordo coas prioridades rexionais, a xestión e o seguimento do Programa no noso ámbito competencial e os controis de primeiro nivel dos gastos cofinanciados con fondos comunitarios FEDER dos socios vinculados coa Xunta de Galicia. A Unidade de Coordinación participa como membro nos Comités de Seguimento e de Xestión do Programa, e co-preside o Comité Territorial.
- Apoiar o desenvolvemento dos obxectivos da Macrorrexión RESOE, que xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.
- Seguimento da Estratexia Atlántica e apoio a unha Estratexia Macrorrexional que remate coa creación dunha Macrorrexión Atlántica no seo da UE, a primeira na que estaría presente España.
- Manter o liderado na promoción da colaboración coa lusofonía e os países lusófonos toda vez que España, baixo o impulso de Galicia, ten entrado como Observador Asociado na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP). Nesa liña, está prevista a posta en marcha do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.
- Apostar polo crecemento e pola creación de emprego en Galicia, como país con identidade propia, potenciando a súa integración económica, social e territorial co resto de rexións europeas.
- Fomentar a participación de Galicia nos programas europeos, no contexto do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e do instrumento de recuperación europea Next Generation Europe, mellorando a interlocución institucional e o acceso á información relevante coa finalidade de contribuír a que o financiamento chegue á economía real e a facilitar o acceso ao investimento para as entidades e o tecido industrial galego.
- Consolidar a participación de Galicia nos órganos europeos de participación territorial, prioritariamente no Comité Europeo das Rexións, asegurando a nosa presenza nos comités con competencia nos sectores estratéxicos de Galicia.
- Garantir e reforzar o apoio a todas as consellerías na defensa dos seus intereses no contexto comunitario.
- Defender o firme compromiso de Galicia coa Unión Europea e a pertenza ao Mercado Único Europeo.

- Coordinar actuacións con outros territorios que teñan intereses e obxectivos comúns dentro do marco das organizacións rexionais europeas (CRPM, Comisión Arco Atlántico, ARFE), para permitir a elaboración de estratexias conxuntas e o seu desenvolvemento.
- Apoiar á representación de Galicia nos órganos comunitarios abertos á participación autonómica en materia de consumo durante o segundo semestre de 2025; así como nos comités de Comitoloxía nos que Galicia está presente.
- Participar nos mecanismos de diálogo existentes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE), avogando por reforzar este órgano para que se converta nun verdadeiro foro de diálogo e coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas.
- Apoiar unha resposta coordinada da UE aos retos derivados do cambio demográfico e a súa consideración como cuestión transversal que afecta a distintas políticas sectoriais da UE.
- Potenciar todas aquelas actuacións da Fundación Galicia Europa que contribúan a divulgar as políticas comunitarias en Galicia, e a que as institucións comunitarias coñezan de primeira man as peculiaridades e a casuística da rexión galega.
- Fomentar e reforzar o acercamento das institucións comunitarias a toda a sociedade civil.
- Implementar unha nova Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028, no caso de ser aprobada, consensuada cos principais actores, atendendo aos seus valores e intereses e que foi informada favorablemente por unanimidade polo CAEX.
- Potenciar e difundir unha imaxe integral de Galicia no exterior, facendo fincapé nunha “especialización intelixente”, e tendo en conta as prioridades da Estratexia Galega de Acción Exterior e os eixos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
- Adoptar as medidas necesarias para permitir unha execución que dea cumprimento ao V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026 no que se definen ámbitos estratéxicos de intervención, aliñados coa Axenda 2030 e os ODS das Nacións Unidas, e os países e colectivos prioritarios das actuacións no exterior da Cooperación Galega, definindo, consonte ao modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, un marco de resultados con indicadores precisos e suficientes para garantir o seguimento e avaliación no alcance de resultados do Plan director.

Cómpre destacar que o Plan anual 2024 da Cooperación Galega foi executado na súa totalidade, avanzando no cumprimento dos obxectivos previstos no V Plan director da Cooperación Galega. O Plan anual que se elaborará para o 2025, deberá adaptarse aos obxectivos e prioridades que se definirán co V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.

En calquera caso, a política de cooperación da Xunta de Galicia seguirá apostando por:

- Promover o aliñamento coa axenda global do desenvolvemento das Nacións Unidas, contribuíndo a realización dos ODS.
- Consegui- r unha maior eficacia da axuda desembolsada no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, así como unha maior especialización nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.
- Garantir a participación da Xunta de Galicia en proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria.
- Seguir apostando polas convocatorias públicas de axudas como principal instrumento para a xestión dos fondos destinados a cooperación, destinando a elas máis dun 80% do orzamento operativo de gastos.
- Apoiar o fortalecemento da profesionalización do sector da cooperación para o desenvolvemento en Galicia.
- Fomentar a Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.
- Promover a complementariedade entre os actores e axentes de cooperación a través do impulso da coordinación, a colaboración e a concertación.
- Consolidar a participación de Galicia nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

O sector do transporte en Galicia ten unha enorme importancia estratéxica, ao afectar transversalmente a todos os sectores produtivos. O sector do transporte e a loxística en Galicia, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) no seu “Análise do sector do transporte e da loxística” (2017), no ano 2014 achegou o 3,9% do produto interior bruto (PIB) da economía galega, 2.126 millóns de euros. Os postos de traballo que xerou supoñen un 4,5% do emprego total.

A súa importancia vai máis alá dos aspectos meramente económicos xa que o transporte permite aos cidadáns alcanzar aquilo que é importante no seu quefacer cotiá: desprazarse ao traballo, ao centro de formación, a recibir asistencia médica ou simplemente a participar en actividades culturais ou de esparexemento que, especialmente en Galicia, requiren o desprazamento e, con frecuencia, utilizar medios de transporte público. Así mesmo, o transporte é un elemento clave para mellorar a competitividade do noso tecido empresarial no marco dun mercado global, ao permitir o descenso dos custos loxísticos, especialmente importantes en certos produtos. Por outra parte, o transporte permite que os consumidores accedan a unha variedade maior de produtos e de máis calidade.

Deste xeito, en Galicia fórmulanse múltiples retos que requiren do transporte para ser superados, polo que é preciso seguir a manter unha política activa que, aínda dentro das estritas

limitacións orzamentarias, permita mellorar o sector facéndoo máis competitivo, eficiente e sustentable, ademais de resolver as demandas de mobilidade que se producen dende os ámbitos social e produtivo de Galicia.

En resumo, é necesario manter accións dirixidas tanto á mellora da competitividade das empresas de transporte, como a facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable e conectada, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte, na súa dixitalización e nas infraestruturas asociadas aos mesmos (estacións intermodais, estación de autobuses, paradas de autobús, aparcadoiros seguros para camións, refuxios,...).

As accións contempladas no programa 512A, Ordenación e Inspección do Transporte, van dirixidas, polo tanto, aos sectores do transporte de persoas e mercadorías, configurados por unhas 16.000 empresas. Igualmente, este programa prevé actuacións encamiñadas ao público en xeral, como usuario do sistema de transporte público.

No eido dirixido ao campo profesional, a administración estima esencial actuar en ámbitos orientados á mellora da competitividade do sector empresarial, tanto de mercadorías como de viaxeiros, fomentando a realización de accións formativas que faciliten o acceso de novos profesionais ao sector (bonificando a obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) correspondente), a mellora do tecido empresarial e o cumprimento da normativa sectorial (por exemplo, relativa aos períodos de descanso dos condutores), e proseguindo coa implantación de accións de modernización dos servizos de transportes público de viaxeiros, entre outras actuacións.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

Por outro lado, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dedica o capítulo II do Título III á ordenación e promoción da integración dos servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma Administración, atribuíndolle á Consellería competente en materia de transporte público as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte coa programación e as excepcións que, de selo caso, acorde o Consello da Xunta ou estableza o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa aprobación corresponde igualmente ao Consello da Xunta de Galicia.

O Plan de Transporte Público de Galicia foi aprobado, logo de deliberación, polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29 de novembro de 2018.

Consonte a este plan, o 5 de abril de 2019, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou o anuncio da licitación do expediente de contratación das concesión que conforman

a primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia (lotes XG-600 a XG-743). Estas 98 concesións foron implantadas con éxito durante o primeiro trimestre de 2020. Posteriormente, o 17 de xaneiro de 2020, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou o anuncio de licitación do expediente de contratación das 29 concesións que conforman a segunda, e derradeira, fase do Plan de Transporte Público de Galicia (claves XG800 a XG891). Destas, 10 concesións xa se implantaron en setembro de 2020 e as 19 restantes en decembro de 2020. Así, no 2021, completouse a implantación das 127 concesións que conforman o Plan de Transporte Público de Galicia, segundo o previsto na Lei 10/2016. Este novos contratos, ademais de supoñer unha reestruturación total e reordenación do transporte público da Comunidade Autónoma, traen consigo a extensión de sistemas de axuda a explotación (SAE) centralizados que serven de base a dixitalización tanto da oferta como da información os usuarios.

Estas actuacións en materia de mobilidade e transporte público refórzanse coa nova organización da Xunta de Galicia e a unificación na Dirección Xeral de Mobilidade das competencias en materia de servizos públicos de transporte, de servizos de transporte público escolar, e do servizo de transporte do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal-065.

Así, á xestión destes contratos sumouse a partir do ano 2024, a xestión dos servizos de transporte público regular de uso especial a través dos que se presta o servizo de transporte escolar nunha parte relevante de centros escolares públicos, así como na do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, SGAMP-065.

A prestación destes servizos, complementarios e necesarios para o normal desenvolvemento de actividades como as educativas ou laborais, ten un importante peso específico nas políticas públicas e esixe a xestión eficiente e racional dunha cantidade notable de recursos asignados que debe cumprir o principio constitucional de estabilidade orzamentaria.

En canto aos servizos de transporte regular de uso especial, dedicados ao transporte de escolares, no ano 2023 a consellería competente naquel momento sobre eles, procedeu á prórroga dos 57 contratos de xestión dos servizos de transporte escolar de uso especial licitados no ano 2021 que prestan este servizo. A prórroga dos ditos contratos remata no mes de novembro de 2025, polo que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes procederá no ano 2025 a licitación destes novos servizos de transporte regular de uso especial.

Pola súa parte, e en canto, á prestación dos servizos de transporte do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, no ano 2024 iniciouse o procedemento de licitación para a renovación dos contratos de servizos a través dos que se presta este servizo.

Ao mesmo tempo, cómpre continuar impulsando actuacións de mellora da oferta de transporte público en Galicia. Nesta liña de potenciación do sistema de transporte público, e trala implantación das Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Vigo; continuarase a traballar para estender as vantaxes tarifarias e de métodos de

pago do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, superando as fronteiras das actuais áreas metropolitanas, facendo partícipe de elas a toda Galicia.

Nesta liña, con base no principio de colaboración administrativa e coa firme vontade de afianzar aquelas accións dirixidas á potenciación do uso do transporte público colectivo en toda Galicia, o Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2021 aprobou o Anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia, que viu completar o devandito Plan mediante o establecemento da Área de Transporte de Galicia (en adiante ATG) que abrangue a todo o territorio da Comunidade Autónoma. Os principais obxectivos da ATG é afianzar o conxunto de actuacións de promoción da utilización do transporte público que viñan impulsando as diferentes Administracións e, de xeito singular, a Xunta de Galicia a través do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, así como impulsar a atención prioritaria do ámbito rural e garantir a cobertura do transporte público nas zonas con poboación máis dispersa, contando para iso coa colaboración de todas as administracións locais de Galicia, ás que terán a posibilidade de adherirse á ATG a través da formalización dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. Posteriormente, a definición de esta área de transporte mellorouse a través da modificación do Anexo do PTPG (DOG nº 155 do 17 de agosto de 2022) acentuando as previsións dirixidas a promover a eficiencia e racionalización na actuación administrativa e facilitando a integración das entidades locais. Así estableceuse un procedemento para a integración directa e sen custe de concellos rurais de reducida poboación.

Nacida no ámbito do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, cómpre destacar de xeito significativo o esforzo orzamentario que supón o mantemento, por parte da Xunta de Galicia da tarifa Xente Nova. Tras a súa publicación no DOG, do pasado 20 de maio de 2021, da resolución pola que se estende ao conxunto da comunidade a gratuidade no transporte público aos menores de 21 anos coa utilización da tarxeta 'Xente Nova'. Esta medida social permite aos mozos e mozas, de entre catro e vinte anos, incluídos, viaxar gratuitamente en todos os servizos de transporte interurbano da Xunta de Galicia co único límite de 60 viaxes ao mes, Medida social moi potente de ampla utilización pola mocidade.

Esta iniciativa social contribúe, por unha parte, a unha importante potenciación da utilización do transporte público, cunha clara orientación á concienciación na súa utilización por parte das persoas que serán usuarios nos vindeiros anos. Mais igualmente, trátase dunha medida dun claro contido social, supoñendo un aforro importantísimo para as familias que se suma ao que xa dispoñan grazas ao propio Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e as que no futuro inclúa a Área Única de Transporte de Galicia.

Esta medida está a ser complementada co desenvolvemento tecnolóxico que permitirá dispoñer da "Tarxeta Xente Nova" directamente nos dispositivos móbiles. Este avance permitirá acceder aos beneficios da gratuidade no transporte público mediante a xeración dun código QR dende o teléfono móbil, eliminando a necesidade de contar cunha tarxeta monedero física. Este enfoque busca simplificar e modernizar a experiencia de viaxe, ofrecendo ás persoas usuarias unha forma máis cómoda e áxil de acceder aos servizos públicos de transporte de Galicia.

Ademais, de xeito parello á tarifa “Xente Nova”, no ano 2024 a Xunta de Galicia impulsou unha nova iniciativa social de transporte, a “TARXETA DE TRANSPORTE +65”, que se virá a consolidar xa nesta nova anualidade. Esta iniciativa supón a gratuidade dos servizos de transporte público para as persoas maiores de 65 anos. Así apostamos por facilitar a mobilidade dos nosos maiores no transporte público autonómico. Este enfoque adquire especial relevancia nunha comunidade como a nosa, caracterizada pola súa natureza rural, alta taxa de envellecemento da poboación e dispersión xeográfica, garantindo unha maior accesibilidade e calidade de vida para os nosos maiores.

O aspecto e relevancia social destas actuacións resulta reforzado co mantemento, durante o ano 2024, da colaboración da Xunta de Galicia cos taxistas na implantación de taxis adaptados para persoas con mobilidade reducida, Eurotaxi, e de baixas emisións continuando así unha liña de axudas a estes profesionais aberta no ano 2016. Con esta actuación a Xunta de Galicia contribúe a compensar os incrementos de custe que supón para os taxistas a incorporación deste tipo de vehículos, facilitando a existencia dunha oferta real de vehículos sostibles e accesibles para todos.

Igualmente, continuarase con actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros na procura dunha mobilidade sostible.

E, de xeito paralelo, a Xunta de Galicia continuará a colaborar na precisa adaptación do sector do transporte público, de persoas e de mercadorías, ao conxunto de novas iniciativas promovidas cara a mellora continua destas actividades, mantendo un ambicioso programa de apoio ás asociacións profesionais en diferentes programas de formación que estas desenvolven. De xeito complementario, promoverase, a través de distintos programas, o acceso de novos profesionais ao sector do transporte, bonificando a obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) necesario para o exercicio da profesión de condutor.

Por outro lado e de cara a fomentar a utilización do transporte público e mellorar a calidade que perciben os usuarios, e en coordinación coa Estratexia Galega de Mobilidade:

1. É necesario garantir o bo estado da rede galega de estacións de autobuses, para o que se continuarán con actuacións de reparación e mantemento e mellora da eficacia enerxética das estacións de autobuses.
2. Mellorarase a accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia, para convertelas en paradas seguras. Mellorarase o equipamento da propia parada, incluíndo a marquesiña, a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, a información e sinalización e a seguridade, dende o punto de vista viario e da perspectiva de xénero, dando unha maior visibilidade, con iluminación, sinalización, etc.
3. Executaranse de sendas peonís e/ou ciclistas na contorna das principais vías de entrada ás cidades de Galicia, que aproximen o cidadán aos servizos de transporte público e ofrezan unha alternativa de mobilidade sustentable atractiva e competitiva, de tal forma que se minimize a necesidade de acceder ás cidades en vehículo privado.

4. Continuarase coa mellora de outras instalacións de transporte, a través do programa de renovación de marquesiñas, co obxectivo é o subministro de novas marquesiñas, preferentemente no rural, que melloren a calidade (tanto funcional como estética) e a accesibilidade destas modestas pero imprescindibles infraestruturas de transporte diseminadas pola xeografía galega. Para elo, continuarase coa liña de colaboración coas administracións locais, como mellores coñecedoras das necesidades reais dos viaxeiros.

Por outra banda, dende esta dirección xeral estase a levar o seguimento proactivo das inversións en infraestruturas de transporte e dos servizos que estas prestan que inda que son de competencia do Goberno do Estado, son de importancia estratéxica para Galicia. Infraestruturas como o AVE ou o Corredor Atlántico de Mercancías.

No que se refire ao desenvolvemento das actuacións de intermodalidade en Galicia, durante o ano 2021, rematáronse as obras e iniciaron a súa explotación a terminal de autobuses nas Estacións Intermodais de Santiago de Compostela, e de Ourense. Durante o ano 2022 rematáronse as obras de Pontevedra e Vigo e iniciouse a execución de terminal de autobuses da Área Intermodal de San Cristobal – A Coruña. Respecto a Estación Intermodal de Lugo, está previsto nos vindeiros días o comezo das obras de execución. Por último, en Ferrol, a Xunta de Galicia continuará adiantando o seu traballo coa redacción do proxecto da nova terminal de autobuses.

Por outra banda, e dentro do ámbito das infraestruturas necesarias para o transporte de mercadorías, a Dirección Xeral de Mobilidade, ao abeiro do “Plan estratéxico para o desenvolvemento dunha rede galega de aparcadoiros seguros para o sector do transporte de mercadorías” ten previsto dúas iniciativas concretas:

- A creación a primeira área de estacionamento seguro “de concentración” no Polígono de San Cibrao das Viñas, en colaboración coa Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas.
- A convocatoria dunha orde de axudas, destinadas a áreas de servizo e establecementos de hostalaría, para o acondicionamento dos aparcadoiros existente converténdoo en aparcadoiros seguros acreditados para camións. Isto suporá a creación da primeira rede de áreas de estacionamento seguro “de tránsito”.

Finalmente, a actuación da Dirección Xeral de Mobilidade complétase coas actividades de inspección e sanción en materia de transporte por estrada nos ámbitos da súa competencia.

O sector do transporte por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías, experimentou nos últimos anos unha indubidable transformación a nivel internacional e nacional, marcada polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas ao transporte, co xurdimento de novos modelos de negocio vinculados a estas tecnoloxías, o crecemento da actividade de intermediación, e a crecente centralización da contratación que estas permiten.

Ademais, na comunidade autónoma de Galicia, a aprobación do Plan de transporte Público de Galicia está a supoñer unha importante transformación tanto no modelo de servizos regulares de uso xeral de viaxeiros, como nas condicións de execución e xestión do seguimento dos mesmos.

Estas transformacións, entre outras, implican riscos novos de infracción da normativa en materia de transportes que afectan a bens xurídicos nela protexidos como a seguridade do transporte e a leal competencia entre os operadores económicos, que requiren unha correlativa adaptación no seu obxecto e nos seus métodos de investigación dos servizos de Inspección de Transporte dependentes da Dirección Xeral de Mobilidade.

Por iso, resulta necesaria a adaptación da planificación e a organización da Inspección do Transporte a estas novas problemáticas, así como o seu reforzo mediante a contratación dun servizo de apoio a Subdirección Xeral de Inspección do Transporte.

Por último, cabe nomear a Xunta Arbitral de Transportes de Galicia (en diante XATG), órgano extraxudicial encargado de resolver conflitos que xorden durante a execución de contratos de transporte de crecente importancia e interese para o sector. A través deste órgano, as partes involucradas poden presentar unha reclamación, desencadeando así un proceso arbitral no que ambas partes presentan as súas posicións e, finalmente, a Xunta Arbitral emite un laudo arbitral, con efectos análogos aos unha sentenza xudicial. A XATG foi creada en 1991 pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e, desde entón, opera coa súa secretaría na Dirección Xeral de Mobilidade. Debido ao aumento do número de reclamacións, tanto de persoas usuarias como de empresas, é necesario contar con apoio externo especializado para acelerar a tramitación e resolución destes asuntos.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)

A AGASP, de acordo co establecido na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, orienta a súa actuación á formación, capacitación e especialización do persoal ao servizo da seguridade pública e das emerxencias na nosa comunidade. Neste senso se busca acadar o enriquecemento do capital humano mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia co obxectivo de dar un óptimo servizo aos galegos e galegas en todo o territorio da comunidade.

A AGASP é o centro de referencia da formación do persoal da seguridade pública e das emerxencias de Galicia, no eido dos corpos da Policía Local as súas competencias abranguen dende a súa selección coa realización dos procesos selectivos de novo ingreso e promoción interna como a súa formación inicial e preceptiva e a continua e de especialización.

Así mesmo, fórmase na Agasp o resto de corpos e forzas de seguridade pública que operan en Galicia, é dicir Policía Nacional e Garda civil, permitindo deste xeito sinerxías nas actuacións deste colectivos en todo o territorio.

Mención especial merece a unidade de Policía adscrita á Xunta de Galicia que, como policía propia desta comunidade recibe a súa formación de especialización neste centro sendo orientada as funcións e competencias que esta unidade ven asumindo dende a súa creación xa hai tres décadas.

No marco da colaboración da Xunta de Galicia cos concellos galegos aprobouse o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017, que posibilitou unha total colaboración cos concellos para realizar a centralización dos procesos selectivos da Policía Local.

Dende a aprobación do mencionado Decreto, modificado polo Decreto 20/2019, do 28 de febreiro, asináronse xa 91 convenios de delegación de competencias; é dicir, mais do 70% dos concellos con corpo de policía local en Galicia, e desenvólvense xa procesos selectivos unificados anualmente para as categorías de policía, oficial, inspector e inspector principal, así como auxiliares de policía local e vixiantes municipais, seleccionado a preto dun millar de persoas a través destes procesos unificados.

Neste sentido, as liñas de actuación previstas para o exercicio 2025 son as que de seguido se relacionan:

I. No ámbito da formación policial:

- Completar as adhesións dos concellos delegantes e a realización na AGASP dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia e levar a cabo os procesos selectivos para todas as categorías das que os concellos remitan as prazas vacantes, en todo caso auxiliares de policía local e categoría de policía. Asemade, durante o ano 2025 realizarase a formación da 17ª promoción de policía local, os cursos selectivos de ascenso as categorías de oficial, inspector e inspector principal e intendente dos corpos da Policía Local.
- Impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización, para todas as categorías ou dos corpos da Policía Local, incidindo na especialización das materias que lle son propias, atendendo as demandas da sociedade no seu conxunto, como o tráfico e seguridade viaria en zona urbana, violencia de xénero, operativa e intervención policial, prevención de conductas delituais.
- Impartir formación para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en concreto ao persoal da Garda Civil e á Policía Nacional, en execución da Resolución do 4 de novembro de 2015, BOE de data 16 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica

do Ministerio do Interior, pola que se publica o Convenio coa Xunta de Galicia para a colaboración en materia de formación e actualización do persoal dos Corpos de Seguridade do Estado destinados na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Continuar coa potenciación da formación dos membros da unidade de Policía adscrita á Xunta de Galicia, nos seus ámbitos competenciais, tales como furtivismo, medio ambiente, violencia de xénero, menores e protección, entre outros.
 - Impulso de actividades formativas conxuntas para os distintos corpos de seguridade co gallo de fomentar a coordinación e colaboración operativa entre os mesmos.
 - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de protección civil das policía locais para a implementación de plans de emerxencia e as actuacións derivadas dos mesmos.
 - Formación do persoal que desempeña as funcións de controlador de acceso nos locais de pública concorrencia da nosa comunidade autónoma para a obtención da preceptiva habilitación profesional, acadando a correspondente acreditación e capacitación para a execución das tarefas derivadas desta actividade.
2. No ámbito da formación de protección civil e emerxencias:
- Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de emerxencia das entidades locais.
 - Impulsar a formación dos integrantes dos grupos de emerxencia supramunicipais, como parte integrante do sistema de resposta ás emerxencias na nosa comunidade.
 - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.
 - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos dos servizos de protección civil.
3. No ámbito da investigación e divulgación:
- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, na materia de seguridade pública e con especial referencia á realidade galega, sendo visualizados a través da realización de xomadas de interese xeral, coa participación de expertos de distintos eidos.
 - Potenciación das redes sociais e mellora do entorno web da Agasp como medios de comunicación co alumnado, e visualización da súa actividade diaria.
 - Fomentar entre o alumnado da Agasp de cursos selectivos á investigación en temas concretos da súa actividade profesional diaria, facilitándolle os medios técnicos e profesionais para levalo a cabo así como o apoio profesional preciso, e posteriormente publicar os resultados.
 - Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

4. No eido da modernización:

- Continuar a realización de formación na modalidade de teleformación, incluíndo todas as ferramentas de clase en directo, instalando un aula de gravación na sede da Academia e compaxinando coa formación presencial para facilitar o acceso á formación de policía e persoal de emerxencias, independentemente do seu lugar de traballo.
- Instaurar de forma electrónica a bolsa de colaboración de contratación para persoal auxiliar de policía local e os chamamentos da mesma.
- Establecer a notificación de presenza nos cursos de formación presencial a través de dispositivos electrónicos sitos nas aulas.
- Creación dun aula específica de simulación de xulgado para a realización de prácticas reais dos corpos policiais e a construción dunha torre multiusos, para a formación práctica tanto dos servizos de seguridade pública como de emerxencias, así como a construción dun campo de exercicios con obstáculos para a realización de clases físicas fomentando o deporte entre o persoal da seguridade pública e das emerxencias, así como a actualización técnica da galería de tiro coa implementación de melloras á vangarda destes departamentos (simuladores e brancos xiratorios e diferenciais).

5. No ámbito da formación en socorrismo.

Co gallo de seguir potenciando a seguridade nos lugares públicos de baño en Galicia, no ano 2025 continuarase incrementando a formación específica dirixida o persoal socorrista, por unha banda, impartindo os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos tanto, as persoas interesadas en exercer a actividade profesional de socorrismo en Galicia, como aquelas persoas xa inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia que requiren completar a súa formación o reciclarse na actividade de socorrismo, e por outra banda, fíxose unha forte aposta pola realización do curso específico en formación en socorrismo de 120+120 horas lectivas, dirixido a toda persoa que posúa a formación básica obrigatoria que desexa desempeñar a profesión de persoal socorrista na nosa Comunidade.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

A AXEGA configúrase como unha entidade instrumental da Xunta de Galicia, para o estudo e execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión de emerxencias, que mobiliza recursos esenciais en materia de resposta ás emerxencias, protección civil e seguridade pública a través do CIAE I I2 Galicia.

En atención ao exposto, a AXEGA continuará adoptando como criterio básico para a confección dos seus orzamentos, o da optimización dos recursos existentes en aras a garantir o mesmo nivel de eficiencia e eficacia na prestación deses servizos.

I. Optimización dos recursos existentes:

Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:

- Continuar coa potenciación do Servizo de Xestión do CIAE I I2 Galicia, para adaptalo ás esixencias e necesidades operativas e tecnolóxicas do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias I I2 Galicia da Estrada. Dentro deste impulso o longo do 2025 e debido a modificación de convenio colectivo melloraranse as condicións laborais dos traballadores do CIAE I I2, por outro lado introduciranse melloras no aplicativo GEMMA que usa o CIAE-I I2 para a xestión de incidencias así como melloras nas comunicacións cos grupos operativos de emerxencia a través da rede Resgal e a utilización dun aplicativo remoto para dispositivos móbiles compartindo en tempo real a información que as operadoras do I I2 introducen no aplicativo GEMMA das diferentes incidencias que entran en sala. A tecnoloxía avanza a pasos de xigante e por isto, compre neste ano 2025 seguirase a realizar a renovación que comezou no 2024 da infraestrutura tecnolóxica do CIAE-I I2 para evitar problemas de obsolescencia, cambiaranse o longo do ano a plataforma de servidores e almacenamento, a electrónica de rede, os balanceadores de carga así como renovarase o datawarehouse corporativo e a base cartográfica e migraranse as bases de datos entre outra tarefas.
- Neste ano 2025 seguirase reforzando o Grupo de apoio loxístico á intervención (GALI), mediante a posta a disposición dos axentes intervintes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado así como o reforzo do número de axentes do Grupo. Destacando a actualización en imaxe e tecnolóxica do Posto de Mando Avanzado (PMA) a adquisición dun novo PMA lixeiro, a adquisición de dun robot automatizado de extinción de incendios, adquisición de novos UAVs (Dron Cautivo, Dron subacuático, etc.), adquisición dun sistema de posicionamento de imaxes de Drons en cartografía dixital xeoreferenciada, etc. A realidade actual que reflicten as actuacións do GALI tanto en incendios forestais, como industriais así como nas súas labores preventivas e de auto protección en eventos puxo en evidencia a necesidade de aumentar a infraestrutura adicada ao GALI estando previsto para o 2025 a ampliación da nave onde se albergan as instalacións e material do GALI cuxo proxecto foi licitado e entregado polo adxudicatario no 2023 permitindo desta maneira unha mellor organización que redunde nun mellor servizo a cidadanía.
- Continuación coa implantación do Plan de Comunicacións de emerxencias de Galicia a través da rede Resgal, en coordinación con Amtega e Retegal para a renovación e actualización con tecnoloxía mais moderna de equipamento de servizos operativos que traballan coa rede Resgal.
- Adquisición de novas ferramentas TIC así como a evolución e optimización das existentes.
- Formación e constante especialización do persoal da AXEGA e do CIAE I I2 Galicia.

2. Optimización de procedementos:

Durante o ano 2025 desenvolveranse e daráselle continuidade a diversas liñas de traballo conducentes á continua mellora do servizo prestado polo CIAE I I2 á cidadanía. Entre elas podemos destacar as seguintes:

- Continuar coa implementación dos avisos masivos a poboación integrados na RAN-PWs (Rede de alerta Nacional de Protección Civil) que permite o envío xeneralizado e inmediato de alertas en formato SMS os móbiles de persoas que se atopen en zonas afectadas por emerxencias ou catástrofes inminentes ou en curso.
- Integración de plataformas entre 061 e I I2, coa DGT e coa Policía -Nacional e a Garda Civil, ademais da integración presencial de policía nacional e garda civil na sala do CIAE I I2 en días de aumento de risco previsible.
- Intercambio de información con xestoras de vías de comunicación (AXI e Audasa) dende estado de incidencias ata cartografía GIS actualizada.
- Avanzar na colaboración coas diferentes federacións, responsables autonómicos dos I I2 e representantes do goberno central, na mellora do centro nacional de tele interpretación que centralice un servizo 24 horas 365 días o ano ás persoas algún tipo de discapacidade auditiva ou da fala, así como coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).
- Optimizar a aplicación de información y notificación de Plans de Auto protección e Emerxencia así como a información dos datos dos responsables do PMA, así como co deseño, aprobación e evolución de protocolos de intervención de recursos de emerxencias no territorio de Galicia, atendendo a criterios de pronta resposta, de territorialidade e operatividade dos recursos.
- Continuar a colaboración coa Dirección General de Protección Civil y Emergencias na configuración da Rede Nacional de información de Protección Civil. (RENAIN).
- Continuase no 2025 coa participación en proxectos de investigación e innovación, en colaboración con outras administracións ou entidades como é a Universidade de Vigo, Universidade de Coruña e Instituto Tecnolóxico de Galicia, GAIN, etc, co obxectivo de desenvolver ferramentas ou materiais que permitan controlar os riscos e diminuír o número de situacións de emerxencias que se producen.
- Continuar coa colaboración coas entidades locais de Galicia na adquisición de material e equipamento especializado para dar unha mellor resposta a emerxencias dos Grupos de intervención en emerxencias, co fin de acadar un maior grado de seguridade para a cidadanía.
- Continuación de proxectos didácticos, que teñan como obxectivo fomentar entre os menores e o resto da poboación do correcto uso do número de emerxencias, así como impulsar dende o CIAE I I2 o labor preventivo a través da divulgación como ferramenta de prevención a emisión de consellos preventivos a través de redes sociais e medios de comunicación.

- Así mesmo, na liña de I+D+I a AXEGA continuará a traballar no 2025 na busca de solucións tecnolóxicas que permitan solucionar tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a falla de comunicacións en grandes incidencias a través da tecnoloxía 5G. Na liña de investigación, a Axega tamén participa como organismo colaborador en proxectos de U-Space para aplicativos de coordinación de medios aéreos tripulados e non tripulados en situacións de emerxencia.
 - Seguir cos traballos de adaptación do centro ao Esquema Nacional de Seguridade así como ao RGLPD logo de ser clasificado como Infraestrutura Crítica e Servizo esencial polo Centro Nacional de Protección de Infraestruturas críticas (CNPIC).
3. A colaboración con outros entes xestores de emerxencias no ámbito interrexional e transfronteirizo:
- Continuación e potenciación da colaboración na atención das emerxencias producidas en zonas fronteirizas comúns con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias coa implementación de protocolos de colaboración, intercambio de información e optimización de mobilización de recursos nas emerxencias producidas nese ámbito territorial.
- Durante o ano 2025 seguirase co desenvolvemento do proxecto ATEMPO dentro do marco transfronteirizo e financiado con fondos Europeos Poctep Interreg España-Portugal; a través do proxecto aprobado con accións de difusión a poboación baseadas en simulacros, vídeos, accións de difusión en prensa escrita, TV, Radio e Internet.

II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso a Xunta de Galicia, xunto coas deputacións provinciais de Galicia, a pesar de que é un servizo de competencia provincial ou local, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa comunidade.

A figura do consorcio contra incendios foi posta en marcha pola Xunta de Galicia, ao abeiro da lei de Administración local de Galicia, no ano 1999 coa finalidade de prestar este servizo esencial á poboación galega con independencia do seu lugar de residencia, garantindo a protección das súas vidas e patrimonios mediante a implementación de servizos profesionais de atención ás emerxencias as vinte e catro horas do día os 365 días do ano.

Estes consorcios, que inicialmente foron configurados con carácter comarcal, permitiron pasar dos 7 parques existentes na nosa comunidade no ano 1999 (parques municipais das grandes cidades galegas) á existencia neste intre, xa en funcionamento, de 32 parques en Galicia.

A fórmula de xestión destes servizos é a través dos consorcios contra incendios e de salvamento, que permiten unha xestión áxil e eficaz dos recursos, ao mesmo tempo que unha proximidade ao territorio cuberto polos mesmos e ás administracións implicadas no seu ámbito de actuación.

Estes consorcios que xestionan o servizo de extinción de incendios e salvamento, teñen actualmente todos eles, agás o consorcio comarcal Deza/Tabeirós con parque en Silleda, un carácter provincial nas catro provincias galegas, e, sen prexuízo da participación financeira da Xunta de Galicia, adscribíense ás respectivas Deputacións Provinciais de acordo coa Lei 27/2013, do 27 de decembro e a Lei 40/2015, do 1 de outubro.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

As comunidades autónomas en España teñen numerosas competencias directamente afectadas polas decisións da UE, o que levounas a abrir oficinas en Bruxelas e formar alianzas entre elas e con outras rexións europeas para influír no proceso comunitario de toma de decisións. No caso de Galicia, este rol asúmelo, dende 1988, a Fundación Galicia Europa. Ademais, dende os anos 80, tense negociado diferentes instrumentos de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas para participar nos asuntos comunitarios.

A Lei 10/2021 de regulación da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia recoñece que a Fundación Galicia Europa (FGE) ten o mandato da administración rexional para exercer a representación rexional de Galicia ante as institucións e órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autónomo e respectando os principios de unidade da acción exterior do Estado.

A crecente importancia que ten a Unión Europea para abordar desafíos globais complexos é innegable, e isto convirte en crucial para Galicia participar eficazmente no proceso decisorio comunitario. Con este obxectivo a FGE abordará en 2025 diversas accións clave no cadro dunha nova estratexia para impulsar a acción da Xunta de Galicia na UE:

1. Sistematización da participación galega no debate europeo en catro fases: información, análise dende un punto de vista galego, definición dunha posición e actuación estratéxica.
2. Apoio adaptado ás necesidades de cada consellería: a asistencia que a FGE pode prestar a cada consellería ou departamento varía moito dunha a outra, dependendo de factores

como as competencias da UE e da Xunta na materia, os recursos humanos destinados por cada departamento aos asuntos comunitarios ou o interese mediático, cidadán ou sectorial de cada cuestión.

3. Coordinación da acción ante a UE: a coordinación entre consellerías é primordial para definir unha posición única nos debates comunitarios en defensa dos intereses galegos.
4. Participación proactiva en iniciativas europeas: a implicación dos departamentos da Xunta en diferentes iniciativas europeas pode reportar grandes beneficios a longo prazo, como obtención de financiamento, cooperación con outras rexións europeas, maior coñecemento das políticas europeas na elaboración das políticas autonómicas, e traslado da experiencia galega e das súas preocupacións á UE.

A misión da FGE é axudar a comprender e transformar as preocupacións locais en aportacións ao debate europeo construtivas e persuasivas, polo que o seu apoio á Xunta de Galicia é vital para implementar con éxito esta nova estratexia e aportar valor engadido á acción das consellerías no ámbito europeo.

Mais para o éxito da implementación desta estratexia será clave conseguir reforzar o persoal da FGE que realiza o seguimento directo dende Bruxelas dos asuntos comunitarios e contar coa complicidade dos responsables de asuntos europeos das diferentes consellerías.

No ámbito dos seus obxectivos estratéxicos, a FGE prevé desenvolver en 2025 as seguintes actividades:

I. Defensa dos intereses galegos ante a Unión Europea.

Entre os múltiples temas nos que a FGE traballa cos departamentos da Xunta de Galicia para a defensa dos seus intereses na UE, en 2025 destacarán os seguintes:

- O inicio do debate comunitario sobre o marco financeiro plurianual da UE despois de 2027, en particular sobre o peso da política de cohesión dentro del. É de esperar que os novos retos aos que a UE se enfronta (o reforzo da competitividade, da seguridade e da defensa, a ampliación, a reconstrución de Ucraína...) teñan un impacto redutor de fondos nas políticas tradicionais da UE, como a Cohesión e a Agricultura das que tanto se ten beneficiado Galicia. Para contar coas diferentes visións das consellerías da Xunta de Galicia e conseguir os mellores argumentos para unha defensa dos intereses galegos en este complexo debate, a FGE animará un foro de reflexión no seo da Xunta de Galicia sobre o futuro orzamento comunitario, que reúna ás consellerías máis implicadas, especialmente a de Facenda.
- Outros temas de relevancia para Galicia que marcarán a actividade da FGE serán:
 - Seguimento e análise de todas aquelas iniciativas impulsadas no marco da transición verde europea que repercutan en Galicia, como o proceso destinado a establecer un obxectivo climático para 2040 ou os expedientes pendentes de aprobación do paquete legislativo "Obxectivo 55".

- Apoio á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para garantir o equilibrio entre a protección da biodiversidade e o desenvolvemento dos sectores produtivos. Destacan a contribución ao debate relativo á convivencia das actividades agrarias cos grandes carnívoros, o seguimento da posta en marcha da Lei de Restauración da Natureza ou o fomento da enerxía eólica terrestre.
- Contribución ao debate sobre a transición enerxética no ámbito da pesca e sobre a avaliación da Política Común de Pesca.
- Seguimento da aplicación en Galicia do mapa revisado da Rede Transeuropea de Transportes e do procedemento de infracción iniciado a España sobre a prórroga da concesión da AP9.
- A defensa e apoio á creación dunha Macrorrexión Atlántica.
- Contribución ao debate sobre a necesidade de financiamento suficiente que garanta unha transición xusta das rexións automobilísticas europeas e apoio á Consellería de Economía e Industria na súa participación en diversas iniciativas europeas coas que se fomenta a transformación da industria da automoción.
- Seguimento do debate sobre o futuro da competitividade e do mercado único europeos, prestando especial atención ás posibles modificacións do marco regulador de axudas estatais.
- Apoio á AMTEGA para a súa participación no debate a nivel europeo sobre o desenvolvemento da IA.
- Apoio á Axencia Galega de Innovación no seguimento das prioridades e os programas europeos relacionados coa innovación a nivel europeo.
- A participación na rede de rexións con desafíos demográficos (DCRN), que chama a atención sobre as necesidades especiais destas a escala europea, en particular, no debate sobre o futuro da política de cohesión.
- O seguimento da plataforma STEP para impulsar os investimentos e tecnoloxías críticas na UE.
- A avaliación que o Tribunal Europeo de Contas faga da execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Apoio á Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración, difusión e coordinación co Comité Europeo das Rexións en relación coas actividades derivadas da obtención do Premio Rexión Emprendedora Europea 2025.
- Posta a disposición da Xunta de Galicia de asesoramento técnico e o apoio para asegurar unha activa participación da comunidade autónoma nos foros europeos de carácter institucional dos que é membro ou nos que está invitada a pronunciarse, como o Comité Europeo das Rexións.
- Apoio á participación da Xunta de Galicia no Consello da UE en materia de Consumo durante o segundo semestre de cara a asegurar unha efectiva coordinación das comunidades autónomas.

- Apoio a participación da Xunta de Galicia naquelas redes de cooperación rexional das que os diferentes departamentos da Xunta son membros: a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, ERRIN, Vanguard Initiative, NECSTOUR, etc.
 - Organización de encontros periódicos virtuais entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea co obxectivo de debater sobre distintos temas da axenda comunitaria, así como explicar ante a Comisión Europea o traballo desenvolvido pola Xunta de Galicia.
 - Organización de visitas institucionais a Bruxelas e de reunións virtuais coas institucións comunitarias.
 - Elaboración dun informe semestral para o Consello da Xunta sobre a defensa dos intereses galegos perante a UE.
 - Organización de seminarios e fomento da participación galega na Semana Europea das Rexións e das Cidades.
2. Promover a participación galega en proxectos europeos.
 - Organización de novas edición do seu programa de especialización en financiamento comunitario "TecEuropa".
 - Dinamización da rede de especialistas "TecEuropa", formada por profesionais ao servizo de entidades galegas susceptibles de optar a fondos da Unión Europea.
 - Asesoramento aos actores galegos interesados en participar en proxectos europeos.
 - Difusión da Guía de Financiamento Comunitario 2021-2027.
 - Difusión dos proxectos europeos con participación galega.
 3. Información e sensibilización sobre a Unión Europea en Galicia.
 - Mantemento dun sitio web propio de información europea dende unha perspectiva galega.
 - Difusión de información europea a través de redes sociais.
 - Publicación e envío dun boletín electrónico mensual sobre actualidade comunitaria dende un punto de vista galego, no que tamén se informa sobre a participación galega nos asuntos europeos e se seleccionan as convocatorias máis relevantes de programas de financiamento, as consultas públicas e eventos europeos de interese.
 - Colaboracións mensuais coa revista ECO.
 - Presentación dunha memoria anual das actividades desenvolvidas pola FGE no cadro dos seus obxectivos.
 4. Formación en asuntos europeos.
 - Convocatoria de bolsas dirixidas a titulados superiores, para a realización de prácticas en asuntos europeos na oficina da FGE en Bruxelas.
 - Acollemento en prácticas de estudantes de graos e mestrados universitarios da Universidade de Santiago de Compostela.

5. Promoción da participación activa da xuventude galega no proceso de construción europeo (EuroXuventude).
 - Actualización da Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais.
 - Participación da FGE en varios proxectos cofinanciados pola UE e relacionados coa dinamización da xuventude no eido rural.
 - Organización de actos divulgativos sobre as oportunidades que ofrece a UE para a mocidade.
 - Información á mocidade galega sobre as distintas iniciativas e programas europeos deseñados para eles.

FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

A Fundación Semana Verde de Galicia manterá a liña de racionalización na xestión, iniciada en anos pasados, que lle permitiu saldar a débeda histórica cos provedores, tras varios anos consecutivos con resultados financeiros positivos, que permitiu adquirir unha solvencia financeira estable e que a media de pago a provedores se manteña a día de hoxe dentro dos parámetros legais.

No tocante á actividade, en clara liña ascendente nos últimos anos, a Fundación Semana Verde de Galicia terá como liñas mestras da súa actividade no ano 2025:

- A dinamización das feiras consolidadas, incluíndo a feira ABANCA SEMANA VERDE, TUREXPO GALICIA e CIMAG GANDAGRO.
- A consolidación das novas feiras e eventos, como a Feira de Caza, Pesca e Natureza, a Feira das Festas de Interese Turístico, a Feira de Transporte de Viaxeiros por Carretera – Expobus, a Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias – Sedexpo e XGN Internamax.
- A creación de novos eventos feirais e non feirais, incidindo no carácter multisectorial do recinto, con eventos deportivos, musicais ou vinculados á produción audiovisual.
- A organización de eventos da propia Xunta de Galicia ou dos seus organismos, como fixo en anos precedentes con varios eventos da Axencia Galega de Innovación, a Axencia Galega de Industrias Forestais, Sergas e Facenda, a través de encomenda, xa que a Fundación ten carácter de medio propio da Xunta de Galicia e está claramente especializada na organización de eventos, tanto propios como alleos, e tanto no recinto como fóra del.
- Ademais, a Fundación afondará na implantación das estratexias de crecemento: internacionalización, actualización informática, mantemento de infraestruturas, aplicación do principio de autoprovisión no ámbito do sector público e a canalización das políticas públicas, así como a procura de novos membros do padroado ou patronos-patrocinadores, tanto públicos como privados e seguirá co aproveitamento e explotación dos edificios e infraestruturas

agora non utilizados, mediante o pagamento do correspondente canon polas entidades e empresas usuarias.

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A misión da Fundación Deporte Galego para o ano 2025 será a promoción da práctica da actividade física principalmente nos ámbitos educativo e sociosanitario, así como o fomento do deporte de alto nivel. Nestes obxectivos, a Fundación seguirá coas súas tres principais liñas de actuación:

- As actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”.
- A Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de Alto Nivel recoñecidos previamente pola Secretaría Xeral para o Deporte segundo os resultados deportivos obtidos no ano 2024, incluíndo os xogos olímpicos e paralímpicos de París 2024.
- O Plan de patrocinio a entidades de alto nivel, a través de convenios de patrocinios a entidades deportivas que compiten no máximo nivel estatal, cunha liña específica para equipos femininos“.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111E - RELACIÓNS EXTERIORES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Galicia goza dunha proxección internacional cualificada, sen prexuízo do seu sólido entroncamento en España.

Esa proxección fundaméntase nos xenuínos trazos da súa identidade, cun idioma e unha cultura propios e singulares, entre outras características que lle outorgan trazos específicos, e que nos acreditan como pobo europeo-atlántico e especialmente afín a Portugal, cunha diáspora asentada e integrada en múltiples nacións do planeta.

Desde a nosa adhesión á Unión Europea, Galicia persegue como obxectivo estrutural de primeira orde a súa plena equiparación socioeconómica coa Europa máis desenvolvida. Unha comunidade aberta e homologable cos estándares propios das comunidades máis avanzadas da Unión. O consenso xeralizado do país aposta por unha converxencia real co núcleo da UE, avanzando no ámbito da cohesión económica, social e territorial, pero tamén no da coherencia política coa integración dentro dun modelo de economía social de mercado.

Esta prioridade europea é a base que define os obxectivos e finalidades da Acción Exterior da nosa Comunidade Autónoma, que, non obstante, non se restrinxen á área europea.

Para acadar os obxectivos de proxección exterior, desde a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE desenvolveranse as seguintes actividades:

- Defender e impulsar os intereses de Galicia no ámbito da Unión Europea, e aplicar esta actuación a outras áreas xeográficas nas que Galicia poida estar interesada.
- Reforzar o seguimento dos asuntos de actualidade na Unión Europea nun ano que estará marcado polo comezo dun novo ciclo institucional tralas eleccións ao Parlamento europeo do ano 2024, a renovación da Comisión europea e do Comité das Rexións, prestando atención ás axendas de traballo e prioridades que marcarán as presidencias de Polonia e Dinamarca durante o ano 2025.
- Reforzar e mellorar o seguimento, o fluxo de información institucional relevante e a participación na elaboración e aplicación das políticas comunitarias nos distintos eidos de competencia autonómica. Prestaremos especial atención ao posicionamento nos debates sobre o futuro da política de cohesión e a súa configuración no próximo Marco Financeiro, a transición enerxética, a avaliación da Política Común de Pesca, a aplicación da Rede Transeuropea

de Transportes, o equilibrio entre a protección da biodiversidade e o desenvolvemento dos sectores produtivos, o desenvolvemento da regulación sobre Intelixencia Artificial e o seguimento da plataforma STEP para impulsar os investimentos e tecnoloxías críticas na UE.

- Consolidar a participación de Galicia nos órganos europeos de participación territorial, prioritariamente no Comité das Rexións, para dar a coñecer e defender os intereses galegos no tramado de toma de decisións comunitario e apoiar a representación de Galicia nos órganos comunitarios abertos á participación autonómica, en especial nos comités de Comitología e no Consello da UE, onde Galicia ostentará a representación autonómica en materia de Consumo durante o segundo semestre de 2025 e participar nos mecanismos de diálogo existentes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).
- Fomentar a participación de Galicia nos programas europeos, no contexto do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e do instrumento de recuperación europea Next Generation Europe, mellorando a interlocución institucional e o acceso á información relevante coa finalidade de contribuír a que o financiamento chegue á economía real e a facilitar o acceso ao investimento para as entidades e o tecido industrial galego.
- Participar nos debates previos á negociación do seguinte orzamento comunitario posterior a 2027, onde o gasto en seguridade e defensa, o reforzo da competitividade, a ampliación e a reconstrución da Ucraína son novos retos que terán un impacto na aplicación das políticas tradicionais como a PAC e Política de Cohesión. Así mesmo, prestarase atención á avaliación que o Tribunal Europeo de Contas faga da execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Representar á Comunidade Autónoma nos órganos de cooperación e nas institucións europeas e de acción exterior, garantindo a presenza activa de Galicia en institucións e organismos comunitarios así como noutras esferas de actuación.
- Responder as incidencias que, por actuacións da Unión Europea, poidan afectar aos intereses e competencias da Comunidade Autónoma.
- Promover a cooperación institucional e cooperación técnica en relación coas actuacións da Administración Autonómica, naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais de interese para a Comunidade Autónoma.
- Executar as relacións exteriores de Galicia como política de acción exterior propia, potenciación da coordinación e das interrelacións cos organismos comunitarios e consolidación e/ou ampliación dos organismos de cooperación interrexional.
- Impulsar a cooperación con rexións da Unión Europea e con rexións doutras áreas xeográficas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral. Neste ámbito é necesario destacar a especial cooperación coa Rexión Norte de Portugal, especialmente no marco da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, e as actuacións dentro da Macrorrexión "RESOE" que, xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.

- Apoio á iniciativa de creación dunha Macrorrexión Atlántica. A posibilidade de crear unha Macrorrexión Atlántica, impulsada pola Comisión do Arco Atlántico da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas, recibiu xa o apoio oficial do goberno de España e de Portugal. As rexións atlánticas da UE que compoñerían esta Macrorrexión están situadas en catro Estados membros: España, Francia, Irlanda e Portugal. As sete comunidades autónomas españolas implicadas, Andalucía, Asturias, Canarias, Cantabria, Galicia, Navarra e o País Vasco, expresaron tamén o seu apoio unánime a esta iniciativa que busca a integración nunha futura Macrorrexión Atlántica que permita abordar os retos comúns aos que se enfronta esta zona xeográfica.
- Definir prioridades, conciliar actuacións e canalizar a información que sexa de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega en xeral, tanto no ámbito da Unión Europea como no ámbito da acción exterior.
- Desempeñar as tarefas inherentes á súa condición de Unidade de Coordinación para a xestión e controis de primeiro nivel dos gastos cofinanciados cos fondos comunitarios FEDER destinados á cooperación transfronteiriza, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo coa autoridade de xestión. No vindeiro ano, continuarase a realizar a xestión e control do programa, e a verificación e validación dos gastos dos socios beneficiarios baixo a súa dependencia. A Unidade de Coordinación participará como membro do Comité de Seguimento e do Comité de Xestión, e co-preside o Comité Territorial.
- Apoiar a divulgación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como territorio cada vez máis cohesionado que está a aproveitar as sinerxías entre ambas as dúas rexións.
- A través da AECT da Eurorrexión GNP, facilitar e fomentar a cooperación territorial e institucional para axudar a eliminar as barreiras físicas e burocráticas existentes e mitigar o efecto fronteira, contribuíndo á creación dunha Eurorrexión transfronteiriza efectiva. A AECT é o punto de encontro entre as institucións, empresas e cidadanía dos dous lados da fronteira galaico-portuguesa e un axente dinamizador e de interconexión da Eurorrexión para a promoción de intereses e obxectivos comúns. Dentro deste contexto, realízanse proxectos importantes cara a unha dimensión colaborativa do desenvolvemento transfronteirizo: programas como IACOBUS, NORTEAR, o proxectos como CLUSTERTUR, AEROGANP, HI-Mov, Smart Green Water, Rewater Project, ou a elaboración do Estatuto do Traballador Transfronteirizo son algúns exemplos da súa actividade.
- Reforzar as relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas.
- Desenvolver unha política de acción exterior propia, tendo en conta os intereses de Galicia e os escenarios políticos internacionais, afirmando a presenza e a imaxe de Galicia, difundindo a súa realidade e especificidade, e impulsando a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e da política internacional.
- Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.

- Asegurar un correcto funcionamento administrativo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e da Fundación Galicia Europa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Pola propia natureza dos obxectivos deste programa, o colectivo ao que se dirixe non ten límites xeográficos, xa que trata de afirmar a presenza de Galicia no contexto internacional.

Non obstante hai subgrupos específicos que se citan deseguido:

1. Fundación Galicia Europa.
2. A Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os principais obxectivos da acción exterior de Galicia son o apoio á cidadanía galega no exterior e a consolidación da imaxe de Galicia fóra das nosas fronteiras, en especial nos principais mercados, co fin de apoiar a internacionalización da economía e das empresas galegas.

Desde a década dos 90, o foco fundamental da actuación de Galicia mais alá do noso territorio veu dado pola cooperación coa Rexión Norte de Portugal, coa que temos constituída unha Comunidade de Traballo desde hai máis de 25 anos; a mais antiga da fronteira. Ademais, desde 2010, está a traballar a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, que é o instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, públicas e privadas, no ámbito da Eurorrexión.

Nas pasadas lexislaturas, a Xunta de Galicia iniciou distintas iniciativas cara ao reforzo da acción exterior de Galicia e a súa presenza alén das nosas fronteiras. Dentro delas cabe salientar o Consello de Acción Exterior, creado para consensuar cos principais actores as liñas básicas da actuación exterior de Galicia; a Macrorrexión “RESOE” como elemento aglutinador das actuacións das rexións do sudoeste europeo. E, por outra banda, no eido eurorrexional, a xa dita Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal (GNP, AECT) como entidade que executa as políticas que diseña a Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal.

Neste mesmo eido é destacable a entrada de España como Observador Asociado da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), integración impulsada por Galicia. Nesa liña, está prevista a posta en marcha do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.

No ámbito da cooperación transfronteiriza, cómpre salientar que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea é Unidade de Coordinación do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España Portugal 2021-2027, e actúa como organismo intermedio nas tarefas de verificación-validación dos gastos dos beneficiarios vencellados á Xunta de Galicia.

Continuando na contorna europea, lembrar o pulo que Galicia, Norte de Portugal e Castela e León deron á posta en marcha dunha macrorrexión RESOE na que se integraron en 2014 o Principado de Asturias e a Rexión Centro de Portugal e, en 2017, Cantabria. Partindo destes alicerces, Galicia está actualmente a impulsar a creación no seo da UE dunha nova Macrorrexión Atlántica xunto cos catro Estados membros (España, Francia, Irlanda e Portugal), e as sete CCAA españolas implicadas (Andalucía, Asturias, as Illas Canarias, Cantabria, Galicia, Navarra e o País Vasco).

Na procura de consolidar e incrementar a presenza de Galicia nas organizacións rexionais europeas, este programa orzamentario contribúe á unha participación moi activa na Comisión do Arco Atlántico, na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM) e na Asemblea das Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE).

No ámbito da Unión Europea un dos principais obxectivos foi a defensa dos intereses galegos en todos os órganos e institucións comunitarios con participación autonómica, en especial no Comité Europeo das Rexións, no que Galicia participou no debate de diferentes ditames de grande interese para a Comunidade autónoma (Futuro da política de cohesión post 2027, a cooperación transfronteiriza, a protección da biodiversidade e a coexistencia cos grandes carnívoros, as novas técnicas xenómicas e materiais de reprodución vexetal ou a mobilidade das competencias e o talento).

Levou a cabo o seguimento das políticas comunitarias de maior incidencia para Galicia, como son a política de cohesión, a política medioambiental, as políticas agraria común (PAC), industrial e da pesca (FEMP). Neste eido, Galicia liderou no Comité das Rexións o ditame A política pesqueira común sobre o terreo: cara a comunidades costeiras sostibles e resilientes na UE, como reacción ao paquete de medidas para mellorar a sustentabilidade e a resiliencia do sector da pesca e a acuicultura na UE proposto pola Comisión Europea en febreiro de 2023.

Galicia deu continuidade aos mecanismos de coordinación existentes entre a Administración Xeral do Estado (AXE) e as Comunidades Autónomas (CCAA) nos asuntos europeos mediante o seguimento e a participación activa nos distintos órganos de cooperación sectoriais no seno da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE), coordinada polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública, así como nos Comités da Comisión Europea e nos Consellos da Unión Europea.

Durante os pasados anos Galicia exerceu a representación das comunidades autónomas en varias formacións do Consello de Ministros da Unión Europea (Agricultura e pesca, xogo, emprego e política social, sanidade, medio ambiente e xuventude).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa está encadrado no marco legal seguinte:

- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se e se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 368/2009 do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior.
- Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo constitutivo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, realizado en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 2006.
- Convenio de cooperación territorial europea entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, polo que se crea a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), realizado en Santiago de Compostela, o 22 de setembro de 2008.
- Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, aprobado pola Comisión Europea o 22 de agosto de 2022, financiado polo Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FEDER).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O desenvolvemento do proceso de integración europea trala saída do Reino Unido, a situación económica derivada da guerra de Ucraína e a realidade que debuxa a crise da COVID-19 obrigarán ao Goberno galego a desenvolver unha acción exterior orientada a estes cambios.

A Lei 10/2021 de Acción Exterior e Cooperación de Galicia, permitirá a Galicia, a través da cooperación leal co Estado, participar activamente na negociación de tratados internacionais; defender os intereses galegos nos tribunais europeos; desenvolver a promoción comercial e cultural galegas; fomentar a atracción de universitarios e novos residentes; e construír novas redes cos galegos do exterior e coas empresas galegas que operen no estranxeiro.

As actuacións deste programa teñen por finalidade reforzar a presenza exterior de Galicia e dar visibilidade a súa participación naqueles foros nos que se poida mellorar a posición galega. Así mesmo, estas accións diríxense a prestar apoio e asesoramento aos distintos departamentos da Xunta de Galicia sobre as políticas comunitarias de especial incidencia e interese para a Comunidade Autónoma, como a prolongación do Corredor Atlántico, á Política de Cohesión máis alá do 2020, o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 ou as medidas postas en marcha pola UE para facer fronte a crise derivada da Covid-19 e a situación económica consecuencia da guerra de Ucraína.

Co obxecto de acadar mellores posicións no ámbito internacional e coa idea de maximizar a rendibilidade do esforzo para este fin, estanse a manter sinerxías con outras rexións con obxectivos concorrentes cos galegos. De maneira singular, colaborouse con todas as administracións implicadas, tanto nacionais como rexionais, españolas e portuguesas, na definición do futuro marco de actuación en materia de cooperación transfronteiriza, e todo elo co fin de continuar coa consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal mediante o desenvolvemento do Programa europeo Interreg no período de programación 2021-2027.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Fundación Galicia Europa

III.1.2. PROGRAMA 121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica.

Dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

- a) Elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturaación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión.
- b) Seguimento dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración, así como dos expedientes de subvencións.
- c) Obras e proxectos.
- d) Seguimento e control dos expedientes de subvencións.

Estes últimos anos viñéronse adoptando un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación coa cidadanía e tamén das empresas. O contexto de crise sanitaria exixiu afondar na eficiencia no uso dos recursos públicos e continuar na realización de investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos á cidadanía cara a unha economía dixital e verde.

No marco da estratexia de mellora das infraestruturas administrativas, a Xunta de Galicia vén asignando importantes recursos económicos para poder contar cuns espazos de traballo e servizo público modernos e en óptimas condicións de utilización. Así, nos últimos anos, xa se puxeron en marcha distintos proxectos, tanto para a mellora das infraestruturas administrativas como para diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios, xa que dentro dos obxectivos prioritarios do goberno galego atópase a mellora da eficiencia enerxética no ámbito da Administración Autonómica.

Neste sentido, a Xunta de Galicia ven impulsando desde o ano 2014 actuacións de mellora enerxética co fin de converter as infraestruturas administrativas e xudiciais en infraestruturas saudables e eficientes, reducindo así, de forma significativa as emisións de CO₂, tal e como establece a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, cara a converxencia dunha economía limpa, que cumpra os mais rigorosos estándares.

As obras realizadas desde a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, supuxeron un investimento de máis de 25,8 millóns de euros, 18,9 millóns en edificios administrativos e de 6,9 millóns en edificios xudiciais, e están a producir grandes beneficios, tanto operativos, isto é, ligados á mellora das infraestruturas, dos servizos públicos e das condicións das persoas traballadoras públicas; coma outros conexos coa eficiencia enerxética, e que supoñen na actualidade unha redución de 3.442 Tm/ano de emisións de CO₂ e uns aforros anuais nos consumos de 16.954.686 kWh/ano.

Cómpre salientar, dentro dos investimentos efectuados neste período, a Instalación dunha caldeira de biomasa no edificio administrativo de San Caetano, a mellora da eficiencia enerxética na Academia Galega de Seguridade Pública, a mellora da envolvente térmica en cinco dos principais edificios do Complexo Administrativo de San Caetano, a rehabilitación do Edificio Administrativo da Rúa Benito Corbal de Pontevedra, as obras de mellora enerxética na EGAP e no edificio que alberga a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Ourense, Lugo, Vigo, A Coruña e Ferrol, así coma no Pazo de Raxoi, entre outras.

Para o ano 2025 continuase apostando pola mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos, levando a cabo investimentos co obxectivo principal de mellorar as condicións de todo o persoal ao servizo da administración autonómica e dos cidadáns que acoden a estes edificios a realizar algún tipo de xestión e que suporán unha nova redución do consumo enerxético asociado á utilización destes edificios co conseguinte aforro económico, así como unha mellora ambiental, xa que continuarán a reducirse as emisións de gases contaminantes á atmosfera.

A importancia de levar a cabo esta liña de actuacións viuse incrementada coa situación económica dos últimos anos, co incremento xeneralizado dos custos da enerxía, que teñen impacto nos gastos consignados para o funcionamento dos edificios administrativos no orzamento.

No ano 2025 está previsto acometer obras de eficiencia enerxética en diferentes sedes da Administración Autonómica, así como nas instalacións da Fundación Semana Verde en Silleda.

No ámbito das infraestruturas administrativas, desde o 2015 véñense asignando tamén importantes recursos económicos ao mantemento e mellora continua dos edificios administrativos xestionados por esta Administración. Neste ámbito de actuación, nos últimos anos, puxéronse en marcha distintos proxectos de mellora das infraestruturas administrativas que acadan uns investimentos de máis de 20,8 millóns de euros.

Continuando nesta liña, en 2023 iniciáronse as obras para acondicionar novos espazos no edificio administrativo de Ferrol que rematarán no segundo semestre de 2024, destinando para esta actuación un total de 822.712,06 euros.

Asemade, despois do concurso de ideas convocado para un novo edificio administrativo na cidade de Ourense, consígnanse a cantidade de 2.000.000 de euros, coa previsión de empezar a execución das obras da nova delegación no ano 2025. A construción do novo edificio adminis-

trativo de Ourense permitirá liberar os inmobles que actualmente ocupan as distintas dependencias administrativas na dita localidade e aforrar naqueles que están en aluguer.

Coa actuación prevista no edificio situado na Rúa Lalín en Vigo para poder albergar locais dedicados a asociacións, seguirase na senda de rehabilitación e recuperación do patrimonio e de establecemento de liñas de colaboración cos actores sociais e outras administracións e entidades públicas, coa finalidade de reverter o seu uso á cidadanía. Esta obra iniciárase previsiblemente a finais do 2024.

Trátase dunha iniciativa xa probada con éxito en concellos como Pontevedra e A Coruña onde un número importante de asociacións dispoñen xa dun espazo propio. Os locais da Rúa Lalín paliarían o déficit existente no Concello de Vigo para que os colectivos municipais desenvolvan a súa actividade en boas condicións.

Todos estes investimentos tradúcense en beneficios reais para a cidadanía e para os empregados públicos, ao dispoñer de mellores infraestruturas, máis eficientes e menos espalladas e de medios que garanten unha mobilidade sostible e segura.

No exercicio 2025 continuaremos mellorando e reforzando a prestación dos servizos transversais.

Ao tempo, seguiremos recollendo nos pregos que rexen as contratacións públicas cláusulas de carácter social, relativas ao emprego das persoas traballadoras asignadas á realización dos servizos.

A título de exemplo, continuarán fixándose condicións especiais de execución que exixan o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e saúde no traballo e de integración laboral, en particular, a obriga da empresa adxudicataria de:

- a) garantir ás persoas traballadoras adscritas á execución deste contrato a aplicación estrita das condicións laborais que estableza o convenio colectivo que lles resulte de aplicación.
- b) adoptar as medidas de seguridade e hixiene no traballo que sexan obrigatorias ou necesarias para prever de xeito rigoroso os riscos que poidan afectar a vida, integridade e saúde dos traballadores e traballadoras. Debe cumprir, así mesmo, as obrigas en materia de prevención de riscos laborais establecidas na normativa vixente, e acreditar o cumprimento das obrigas seguintes:
 - Cumprimento do plan de seguridade e saúde no traballo.
 - A formación e información para o desempeño das tarefas que realicen en materia preventiva as persoas traballadoras que utilizará na execución do contrato.
 - O xustificante da entrega de equipamentos de protección individuais que, de ser o caso, sexan precisos.
 - A garantía da vixilancia periódica da saúde dos traballadores en función dos riscos inherentes ao traballo.

- c) Se a empresa subcontrata parte da prestación, ten que exixir ás empresas subcontratistas os xustificantes das obrigas anteriores e entregalos á Administración contratante.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 202.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os pregos que rexen as contratacións públicas establecen que o incumprimento destas condicións especiais de execución terá carácter de infracción grave prevíndose a imposición de penalidades para o suposto de incumprimento das mesmas.

Por outra banda, nas oficinas de rexistro e información á cidadanía, que son as unidades que están en primeira liña na atención e a información ao público, está a seguirse unha liña de actualización e innovación permanentes, tanto no eido da formación do persoal como no da innovación tecnolóxica.

Respecto ao primeiro, hai que destacar a impartición dun curso específico sobre as funcións que desenvolven as oficinas de rexistro e atención á cidadanía. Trátase, por unha parte, de actualizar os coñecementos do persoal das diferentes oficinas e, pola outra, de formar a persoal empregado público con interese en acceder a postos de traballo nas 165 oficinas existentes. Igualmente seguen a realizarse reunións telemáticas cos xestores das restantes oficinas da Xunta de Galicia e das Administracións do Estado e demais comunidades autónomas, co obxecto de ter enfoques comúns e abordar solucións para tódalas cuestións que xorden no día a día.

Con respecto á innovación tecnolóxica, cabería destacar tres actuacións efectuadas no último ano:

- En primeiro lugar, a implantación do Escritorio 360, que reúne nunha única icona o acceso a tódalas aplicacións a través das que se xestionan todas as funcións que desenvolven estas oficinas, permitindo un mais rápido acceso e unha significativa mellora na xestión e na atención á cidadanía. Este elemento aporta unha redución significativa do tempo de resposta ás diferentes demandas de prestación de servizos que recibe o persoal empregado público.
- En segundo lugar, a implantación dunha aplicación para a recepción de notificacións dirixidas á Xunta de Galicia. As Administracións públicas, ademais dos envíos a través do Sistema de Interconexión de Rexistro (SIR), remiten documentos no formato de notificacións, para isto utilizan plataforma da Administración do estado DEHU; o acceso a esta aplicación ás veces é complexo e demora un tempo acceder a tódalas notificacións; a nova aplicación facilita a entrada na plataforma e o envío ás unidades ás que van dirixidas a través de REXEL. Isto permite unha actualización permanente e estar ao día de tódolos envíos recibidos polo sistema de notificacións, ao tempo que permite unha distribución mais segura ás unidades ás que van dirixidas.
- Por último, tamén cabe destacar modificacións de mellora da aplicación do Rexistro Electrónico de Apoderamentos de Galicia (REAG), que fai mais accesible o acceso ás consultas e a inscrición neste Rexistro. A progresión de inscricións é moi significativa, neste momento e dende a súa entrada en funcionamento hai 13.279 inscricións en total.

No que vai do ano 2024 os números son os seguintes: inscricións tipo A, apoderamentos para tódalas Administración públicas do estado español, 1.479; inscricións tipo B, apoderamentos para actuacións ante a Xunta de Galicia e órganos dela dependentes, 1.222; inscricións tipo C, para procedementos concretos, 1.610.

Todas estas medidas están a conseguir unha relación mais áxil e mais segura entre a Administración galega e a cidadanía, aportando tamén unha mellor interrelación coas demais unidades xestoras.

En definitiva, en 2025 continuaremos afondando nese esforzo xeral conxunto de modernización e optimización do funcionamento da administración autonómica, impulsando iniciativas e adoptando medidas que redunden tanto no beneficio xeral da cidadanía como na mellora das condicións de traballo dos empregados públicos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos, o que redunda nun servizo público máis eficaz que ten como destinataria directa á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia, o que determina o carácter universal do colectivo ao que van dirixidas as ditas actuacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Tralas medidas adoptadas nas pasadas lexislaturas, unha vez reordenados os créditos e axustados ás necesidades reais de prestación dos servizos comúns de xestión ordinaria, continuaremos avanzando na adopción de medidas que garantan a prestación de servizos de calidade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como no resto da normativa aplicable ás diferentes actividades incluídas no programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Finalmente, cómpre sinalar que a finalidade deste programa está orientada a proporcionar unha Administración de calidade, eficiente e próxima á cidadanía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración, dotando aos centros directivos dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Coa aprobación da Lei de racionalización do sector público autonómico, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adxudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento das obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta do 27 de abril de 2023.

No ano 2021, no ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, blindou o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. Este texto legal dispón que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, deben incluír entre eles, sempre que estivese vinculado ao obxecto do contrato, un criterio referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen á execución do contrato. En cumprimento desta previsión legal recóllense nos pregos que rexen as contratacións públicas criterios de adxudicación referidos ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen á execución do contrato cunha valoración dun 10% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, outorgándolle ademais o carácter de condición especial de execución do contrato e obriga esencial do contrato prevendo para o suposto do seu incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, a imposición das penalidades que a tal efecto se conteñan nos pregos ou a resolución do contrato, de conformidade co sinalado no artigo 211 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, así como do resto dos programas desta consellería, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.3. PROGRAMA 121C - RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto está configurado para atender o exercicio das funcións que ten asignadas a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en execución do previsto no vixente decreto de estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A actividade da Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias articulase en torno a dúas liñas de acción que vertebran toda a actividade: as relacións parlamentarias, as relacións institucionais e por último para completar as dúas áreas de actuación está a necesaria coordinación co resto de departamentos da Xunta.

Nas Relacións Parlamentarias a actividade céntrase na coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre a Xunta de Galicia e o Parlamento respecto á tramitación de calquera tipo de iniciativa parlamentaria e solicitando das distintas consellerías ou órganos da Xunta os informes procedentes para a resposta e tramitación das iniciativas que derivan da función de control e impulso ao Goberno e a elaboración das respostas ás preguntas escritas.

Dentro de esta grande área tamén se incardinan o seguimento dos acordos parlamentarios e, especialmente, o desenvolvemento do programa legislativo aprobado polo Consello da Xunta.

Nas Relacións Institucionais, a dirección xeral centrarase tamén en optimizar as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España, tanto dende o punto de vista de resultados, como dende o de custo económico.

Así, búscase o fomento e mellora das relacións coa Administración Xeral do Estado, reforzando a regularidade das reunións da Comisión Bilateral de Cooperación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Tamén se xestionará a conflitividade constitucional, intentando solucionar mediante a negociación os conflitos de competencias que poidan xurdir entre as partes. E reivindicarase a necesaria participación e audiencia de Galicia na toma de decisións e na elaboración de disposicións normativas de rango estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.

Nesta área tamén se reforzarán as iniciativas no autogoberno, ben mediante a mellora do sistema competencial co reforzamento das capacidades executivas ou ben pola vía do traspaso de competencias, impulsando e participando na Comisión Mixta de Transferencias para insistir na transferencia de novas competencias naquelas materias nas que a nosa Comunidade ten un

especial interese, coidando sempre de que veñan acompañadas da suficiente dotación económica para exercerlas axeitadamente.

A cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas é outro obxectivo prioritario para a Dirección Xeral, que buscará reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia colaborárase coa transparencia e as boas prácticas na administración, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por último, e como complemento das dúas grandes áreas de actuación, esta dirección xeral asumirá a coordinación e seguimento, cos órganos competentes dos demais departamentos: a promoción, análise, investigación, asistencia técnica, e desenvolvemento da liberdade relixiosa e de culto, e a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa dirxese a axentes públicos e entidades xestoras autonómicas e nacionais.

O cumprimento destas funcións implica a interacción con órganos autonómicos, tanto administrativos como co Parlamento, así como a coordinación e exercicio de funcións interactuando con órganos estatais a través das referidas comisións bilaterais.

En xeral podería concluírse que as actuacións repercuten en toda a cidadanía.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A dinámica administrativa e parlamentaria española complicouse nos últimos anos dende un punto de vista cualitativo, xa que a cambiante dinámica socioeconómica do Estado e a influencia da produción normativa europea motivan, xunto a outros factores, a complexidade crecente da normativa española, abarcando habitualmente co mesmo produto normativo funcións pluridisciplinares e multisectoriais. Isto tradúcese nunha normativa máis elaborada cunha visión máis transversal dos temas e máis multidisciplinar e que implica o exercicio de competencias que atinxen a distintas administracións públicas, o que dificulta o encaixe da devandita actuación nos parámetros de competencia constitucional contidos no artigo 148 e seguintes da Constitución Española.

A efectos prácticos isto implica unha maior carga de traballo e unha maior complexidade do seu desempeño.

As medidas levadas a cabo pasaron pola implementación de novas aplicacións informáticas, que permiten axilizar e mellorar o traballo a realizar, tanto polo persoal da dirección xeral como polas persoas encargadas das relacións parlamentarias, así como un reforzo no desenvolvemento das Comisións Bilaterais co Estado para articular o xogo competencial, implicando a creación de grupos de traballo con soporte informático.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que comprende as actuacións do programa é o seguinte:

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
- Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- Orde do 12 de marzo de 2003 pola que se dispón a publicación do acordo de aprobación das normas de organización e funcionamento da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado- Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 379/2009, do 27 de agosto, polo que se crea a Comisión de seguimento de disposicións normativas estatais e doutras comunidades autónomas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os beneficios que se pretenden acadar son: mellorar a canle de comunicación entre a Xunta de Galicia e o Parlamento galego, salvagardar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e garantir o coñecemento e acceso da cidadanía aos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos da Xunta, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Entre outras cousas, esta dirección xeral débese asegurar de que os proxectos de lei que se remiten ao Parlamento de Galicia vaian acompañados do correspondente informe de impacto de xénero, segundo o esixido pola Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Ademais, dunha maneira tanxencial, as alteracións no sistema competencial poden incidir directamente sobre a igualdade de xénero.

Tamén, a participación e colaboración con determinados órganos supón a oportunidade de promover a representación paritaria nos mesmos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
--	---

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Nesta dirección faise a revisión de leis, remisión dos proxectos ao Parlamento, así como presentación de alegacións aos distintos anteproxectos doutros departamentos nos que se observa e procura que exista sempre a promoción da igualdade. Así como a supervisión de que todos os proxectos legislativos que se remiten ao parlamento, vaian acompañados do seu Informe de Impacto de Xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

A promoción da composición paritaria dos órganos colexiados inflúe directamente no empoderamento das mulleres, do conformidade co disposto nos artigos 14 e 15 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Ademais do anterior, asegurarse da existencia de que os proxectos de lei presentados ante o parlamento leven consigo o oportuno informe de impacto de xénero é unha medida de importancia fundamental á hora de impulsar a transversalidade da dimensión de xénero.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

Fundamentalmente, espérase contribuír ao empoderamento das mulleres e á integración da dimensión da igualdade de trato e de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de acordo coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PRO- GRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCR- CIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

As intervencións en perspectiva de xénero son de supervisión non de implantación de programas específicos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

III.1.4. PROGRAMA 123A - ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa está orientado a contribuír a financiar os gastos de alimentación do colectivo de traballadores da Xunta de Galicia.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Subvencionar os gastos de alimentación do persoal da Xunta de Galicia mediante a entrega de bonos de comedor aos traballadores/as que prestan os seus servizos en Santiago de Compostela, que así o soliciten.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivo de traballadores da Xunta de Galicia con destino en Santiago de Compostela.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En relación coa partida orzamentaria destinada a subvencionar os bonos de comedor aos traballadores da Xunta de Galicia coa finalidade de financiar o custo do menú no servizo de cafetería e comedor, debido ao actual contrato de xestión e explotación da cafetería do Complexo Administrativo de San Caetano, formalizado en setembro de 2024, experimenta un crecemento, co obxecto de permitir acadar unha mellora tanto na calidade do servizo prestado como no emprego de produtos de proximidade, ecolóxicos e con redución do uso de plásticos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribuír a financiar os custos de alimentación dos traballadores da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.5. PROGRAMA 131A - ADMINISTRACION DE XUSTIZA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de Administración de xustiza e no marco do programa de gasto 131 “Administración de xustiza”, baséanse en continuar co proceso de modernización da Administración de xustiza, tanto dende o punto de vista dos seus medios materiais como da optimización dos seus recursos humanos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa de gasto ten carácter sectorial, dirixido directamente ao sostemento dos gastos xerados polos operadores da Administración de xustiza en Galicia, e de modo amplo, dirixido ao sostemento da Xustiza como servizo público fundamental para os cidadáns e cidadás.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade este programa de gasto contribúe á mellora da xestión realizada pola Administración autonómica, fundamentalmente en dúas vertentes: por un lado os gastos de funcionamento dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, e por outra banda os gastos de mantemento do servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta.

En materia de infraestruturas, para o ano 2025 está prevista a realización das obras de remodelación do Edificio Xudicial de Vilagarcía de Arousa co obxectivo de mellorar a súa distribución espacial, habitabilidade e confortabilidade. Igualmente procederase á adecuación dos edificios

xudiciais ao concepto de accesibilidade universal e á arquitectura da vítima. A finalidade é, por unha banda, mellorar a accesibilidade e usabilidade dos servizos da Administración de Xustiza garantindo que todos os espazos e servizos sexan accesibles para todas as persoas e, por outra banda, optimizar a asistencia, benestar, intimidade e seguridade das vítimas.

No 2025 continuarase coa execución das obras do novo edificio do IMELGA en Santiago e rematarase o edificio xudicial da Estrada xunto coa remodelación do antigo edificio xudicial da Parda en Pontevedra.

Estas obras seguen a senda iniciada no ano 2009 e con elas, a Xunta non só cumpriu os seus compromisos, senón que foi máis aló deles e aínda segue a mellorar as sedes xudiciais tanto con obras menores como con proxectos de eficiencia enerxética.

En coherencia coas actuacións incluídas no Programa Operativo FEDER Galicia 2021-2027, destinadas ao aforro e eficiencia enerxética na Administración Pública Autonómica, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten previsto investir máis de 5.000.000 de euros para continuar coas obras de optimización enerxética nunha serie de edificios xudiciais en que aínda non se realizaron actuacións de eficiencia enerxética, co fin de reducir o seu consumo enerxético asociado á súa utilización e o gasto económico, e de minimizar a emisión de gases de efecto invernadoiro por parte do Sector Público Autonómico de Galicia.

Os proxectos de eficiencia enerxética afectarán a un número importante de xulgados e abordarán catro ámbitos fundamentais:

- Mellora da envolvente dos edificios, fundamentalmente actuando sobre o illamento das cubertas e das fachadas, así como mellorando o illamento de fiestras, etc.
- Instalación de sistemas de calefacción e climatización máis eficientes, substituíndo caldeiras que empregan combustibles fósiles por outras que empreguen biomasa, mellora enerxética dos sistemas de climatización, etc.
- Mellora da iluminación das oficinas, instalando lámpadas de baixo consumo enerxético e automatizándoa.
- Instalación de paneis fotovoltaicos.

Durante o ano 2025 continuarase coa execución do plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario dos arquivos e oficinas xudiciais, no que xa foron executados máis de 6 millóns de euros. Para afondar nesta liña de investimento, no orzamento para 2025 consignáronse 2.056.298 €, medrando así as previsións iniciais dos investimentos do Plan.

En materia tecnolóxica, no 2025, avanza na sede xudicial electrónica, nas medidas de dixitalización e catalogación de arquivos xudiciais e de expurgo.

Igualmente, segue a ser unha liña fundamental de actuación o apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta: para o ano 2025 incrementase esta partida para atender ás novas cantidades

do baremo de compensación económica que poidan resultar da negociación dos novos baremos, que entrarían en vigor no cuarto trimestre do ano 2025. Así, a cantidade consignada nos orzamentos do 2025 é de 15.446.069 €, o que supón un incremento do 8,60 %.

Outras liñas de actuación serían a promoción dos métodos adecuados de solución de controversias, e a continuidade das actuacións amparadas polo Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, que inclúen o funcionamento do persoal de Traballo Social das Oficina de Atencións ás Vítimas dos delitos e a formación especializada nesta materia dirixida aos operadores xurídicos.

Finalmente, a Xunta de Galicia abordou no 2020 a implantación dun sistema de carreira profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza que continuará a desenvolver, permitindo aplicar un recoñecemento da súa traxectoria profesional. Así, a falta dun sistema de carreira profesional que tal e como establece a Lei orgánica do poder xudicial, debe ser aprobada por Real decreto, configurouse un sistema transitorio que permita retribuír ao persoal ao servizo da Administración de xustiza en condicións similares ás dos empregados públicos da Xunta de Galicia.

Cabe salientar que desde o ano 2009 o cadro do persoal incrementouse en máis dun 20%. Así, tras a aprobación de 15 novas prazas no ano 2024, para o ano 2025, está previsto incrementar o cadro de persoal para dar servizo ás novas unidades xudiciais que o Ministerio de Xustiza autorice para Galicia, tras a proposta remitida pola Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza-Xunta de Galicia de creación priorizada de 15 novas unidades xudiciais, entre as que se atopa un xulgado exclusivo de violencia sobre a muller en Santiago de Compostela.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo no que se encadra este programa ten a súa orixe no artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), que recolle unha chamada cláusula subrogatoria ou residual que fai relación ao exercicio pola nosa Comunidade Autónoma de todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza, materia esta que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denominou “administración da Administración de xustiza”.

Concretamente en base a este artigo do Estatuto de Autonomía aprobouse o Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que foron asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro. Do mesmo xeito aprobouse o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre amplia-

ción do traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo).

Desde xeito quedou completado o proceso de transferencias de medios materiais e persoais en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

O marco das competencias da Comunidade Autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do Poder Xudicial.

Así mesmo, e en virtude do disposto na Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, transfírese á Comunidade Autónoma a xestión da xubilación do persoal ao servizo da Administración de Xustiza con destino en Galicia, competencia reservada ata agora ao Ministerio de Xustiza.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Como antes se dicía, a finalidade xeral que persegue o programa é dar soporte á Administración de xustiza en Galicia, incidindo especialmente na posta en marcha de actuacións tendentes ao seu mellor funcionamento e modernización. Para conseguilo, é preciso artellar unha serie de políticas instrumentais coa finalidade de dotar os medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo os recursos humanos auxiliares, concretamente aqueles medios económicos para o pagamento das valoracións e peritaxes, as locomocións e indemnizacións por razóns de servizo, así como o fornecemento dos medios materiais relativos ás infraestruturas inmobiliarias, o equipamento mobiliario e instrumental e outros subministros dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia.

Así mesmo dentro deste mesmo programa artículase a xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta, no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e correlativa indemnización económica á avogacía e á procura polos servizos profesionais.

Outros obxectivos fundamentais que persegue o programa son o deseño do modelo da nova organización da Administración de xustiza a través da implantación progresiva dos servizos procesuais comúns da Oficina Xudicial.

O esforzo económico deste programa está en relación á mellora da estrutura da Administración de xustiza en Galicia, que vén experimentando un continuo crecemento desde a asunción de competencias, co correspondente incremento no número de postos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O Programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración de xustiza, dotando aos órganos e aos servizos xudiciais en Galicia dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Para o desenvolvemento das actividades que se financian con este programa de gasto aplícase fundamentalmente o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que debe velarse porque se cumpra o establecido no artigo 71.1.b) do indicado texto, en canto ás prohibicións de contratar e que establece “Haber sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que ponga en entredicho su integridad, de disciplina de mercado, de falsedad de la competencia, de integración laboral y de igualdad de oportunidades ...”.

Tamén se inclúe en todos os pregos, entre os criterios de desempate no caso de igualdade de proposicións, a acreditación da implantación dun plan de igualdade ou a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 65 e 72 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Por outra parte, nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen as licitacións establécense condicións especiais de execución dos contratos e consideracións de tipo social que perseguen eliminar as desigualdades entre mulleres e homes no mercado laboral (artigos 201 e 202 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cando se recollan nos pregos de cláusulas administrativas condicións especiais de execución, pode contribuírse á redución das diferenzas laborais entre mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

Coa sinatura dos Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade e os consellos galegos da avogacía e procuradoría, para o desenvolvemento de accións de formación especializada a profesionais da avogacía e procuradoría sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do pacto de estado contra a violencia de xénero, continúaase coa liña de formación e especialización das persoas profesionais nesta materia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xustiza

Secretaría Xeral Técnica

III.1.6. PROGRAMA 141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, como centro directivo encargado da colaboración coas entidades locais galegas, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.

- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A colaboración entre a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local permitiu a posta a disposición dos concellos de Galicia do Portal de Transparencia e a Guía de Transparencia Local de Galicia que se configuran coma unha ferramenta para que os concellos podan dar información a cidadanía e o mesmo tempo serve de vía de comunicación permanente a través da rede entre tódolos concellos e a Administración Autonómica e por suposto facilítalles o cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado. Durante o exercicio 2025 manteranse permanentemente actualizados ambos instrumentos incorporando as novas obrigas derivadas da lexislación sectorial.

- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflectan as particularidades e características propias, tanto da nosa Comunidade Autónoma, como das nosas entidades locais.

Un dos grandes retos deste centro directivo é o impulso dunha nova xestión pública local e a modernización das entidades locais de Galicia. Con este fin, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Administración Local, para a consecución deste obxectivo, estanse executando distintos proxectos que terán continuidade ao longo do ano 2025, entre estas actuacións destacamos:

a) A nova Lei de Administración Local de Galicia.

Un dos retos desta norma é a articulación efectiva dun sistema de reparto de competencias que sexa claro e preciso así como o reforzo e concreción das competencias provinciais como garantía da apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade, tendo en conta que os concellos son o nivel de proximidade por excelencia e, por tanto o máis sensible ás necesidades dos noso veciños.

A Lei reguladora da Administración Local de Galicia, conta con máis de 25 anos, neste tempo, a realidade das entidades locais galegas ten mudado de xeito radical. As entidades locais galegas precisan dun novo marco normativo autonómico adaptado ás súas necesidades e as da veciñanza.

Neste ámbito, nos últimos 4 anos a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Administración Local colaborou na realización de diversos estudos e traballos sobre o marco xurídico local:

- En 2020 a Vicepresidencia primeira asinou coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio para o desenvolvemento dun estudo sobre a delimitación competencial no ámbito da Administración Local de Galicia.
- En 2021 colaborou coa Fundación Juana de Vega na realización dun estudo sobre a planta local galega e o impulso dos novos procesos de fusión.

- En 2022 asinouse un convenio coa Universidade de Vigo para o desenvolvemento do proceso de revisión, mellora e actualización do marco lexislativo en materia de Administración Local.
- En abril de 2023 constitúese a Comisión técnica de delimitación competencial integrada por representantes da Xunta de Galicia e da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) co obxectivo de avaliar os estudos de ambas entidades e avanzar na clarificación das competencias das administracións autonómica e local.

Neste ano 2025, seguiremos afondando no proxecto da nova Lei para que sexa aprobada neste mesma lexislatura. Esta norma, adaptará o marco normativo local a nova realidade social, económica e tecnolóxica, modernizará o seu réxime xurídico e potenciará autonomía local e a potestade de autoorganización.

Será unha norma adaptada á realidade demográfica galega actual que proporcionará aos municipios de menor poboación en risco de despoboación, ferramentas que garantan a calidade da prestación dos servizos municipais.

Esta norma incorporará aspectos de nova xestión administrativa actual, baseada no funcionamento electrónico e a necesaria adaptación organizativa de tal xeito que a prestación de servizos a cidadanía redunden na mellora da calidade de vida dos galegos e galegas.

E recollerá un sistema de reparto de competencias claro e preciso no que se reforzarán e concretarán as competencias de colaboración provinciais como garantía da apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade.

A delimitación competencial é un das cuestións máis controvertidas das relacións entre as administracións territoriais. A complexa tarefa de delimitar, en certas materias, as competencias entre a administración local e autonómica foi o obxecto do estudo sobre a delimitación competencial da Administración Local de Galicia, elaborado en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, que estase confrontando cos traballos realizados pola Fegamp no marco da Comisión técnica de delimitación competencial, constituída o 17 de abril de 2023.

No ano 2025 esta comisión continuará analizando os distintos ámbitos materiais nos que se proxectan as competencias dos concellos, co fin de acadar o consenso necesario nesta crucial tarefa para finalmente incorporar na nova regulación autonómica unha relación de competencias clara e sen incongruencias que poda ser coñecida e aplicada polos operadores xurídicos sen dificultades.

- b) Co aval dos bos resultados acadados co traballo desenvolvido pola Cátedra institucional de Bo Goberno Local, o éxito do Congreso celebrado no ano 2024 “ A reforma inconclusa das competencias locais” e o interese suscitado polas investigacións, publicacións e informes elaborados no marco da mesma, durante o ano 2025 o Goberno Galego continuará apoiando o traballo desta Cátedra coma marco de debate público sobre o mundo local e mecanismo para procurar a solución dos problemas do mundo local no momento no que se detectan.

- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas, con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lles son propios, apoiando a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

Compre destacar que no ano 2024 a Xunta de Galicia volve a reforzar o apoio aos concellos con cifras históricas. Así este ano a Xunta de Galicia puxo a disposición dos concellos máis de 602 millóns de euros, 38 millóns máis que o ano pasado.

Nesta contía inclúense os 152 millóns de euros que recibiron os concellos galegos a través do Fondo de Cooperación Local (un 6,17% máis que o ano 23) dos que:

- 112 millóns de euros corresponden ao fondo base.
- e 39,3 millóns ao fondo adicional. En efecto, tras a suba histórica aplicada no ano 2023, o fondo adicional seguiu medrando ata chegar 2024 aos 39,3 millóns de euros. Esta nova suba representa un 30 % máis de orzamento para os servizos que máis demanda a cidadanía.

No ano 2025 a través do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local a Xunta reforzará a cooperación cos concellos cunha dotación de 168 millóns de euros, 10 M€ máis que no ano 2024, incrementándose este importe nun 6,3€ por riba da suba media do Orzamento.

No ano 2025 a Xunta acolle a demanda da Fegamp de incrementar o fondo base ao Fondo de Cooperación Local, en concreto en 5,4 millóns de euros, que se repartirán entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que teñen menos ingresos, os que máis dependen das transferencias doutras administración e os que teñen menos capacidade de aforo.

A Orde de infraestruturas de uso público, dotada con 3,5 millóns de euros permitiu neste ano 2024 a 107 entidades locais mellorar as súas instalacións para a prestación de servizos básicos, de lecer infantil e familiar, deportivos ou culturais.

A orde de infraestruturas municipais, que constitúe unha das principais liñas de colaboración cos concellos cas que conta a Dirección Xeral de Administración Local ten coma obxectivo mellorar a cobertura do benestar da poboación rural, favorecer o reequilibrio territorial e facilitar a realización de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación.

Con relación a este último aspecto, cómpre subliñar que esta convocatoria se configura como un instrumento adecuado para fomentar os proxectos de cubrición de parques infantís xa existentes ou ben a construción de novos parques cubertos, contribuíndo cos concellos no desenvolvemento desta tipoloxía de proxectos de innegable repercusión nunha área tan sensible para a cidadanía como é o lecer infantil e a creación de ámbitos de convivencia e relación social na infancia.

No período 2009-2024 a Dirección Xeral de Administración Local destinou máis de 51 millóns de euros ao financiamento desta liña de axudas cos que se financiaron un total de 1.691 proxectos.

Pola súa banda, o Fondo de Compensación Ambiental facilitou, no ano 2024, cun investimento superior aos 8,6 millóns de euros, actuacións de mellora da contorna natural en 121 concellos ao abeiro da liña competitiva e en 109 ao da liña non competitiva, dirixida a concellos nos que hai parques eólicos.

A xestión do Fondo de Compensación Ambiental que tamén se empregará como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.

Para 2025, a orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental recollerá, igual que o fixera nas convocatorias dos últimos anos, un catálogo de actuacións subvencionables, agrupadas por categorías que se orientan ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión Europea, é dicir, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, o impulso e incremento da participación de enerxía procedente de fontes renovables e a mellora e o incremento da eficiencia enerxética.

Nesta orde recóllese un catálogo de proxectos subvencionables, agrupándoos en varias categorías, sen esquecer que se trata dunha enumeración non pechada susceptible de ampliación mediante as achegas que as propias entidades locais fagan no momento de materializar a súa solicitude.

A través do desenvolvemento de proxectos para a optimización enerxética dos edificios, instalacións e vehículos das entidades locais e para a implantación de tecnoloxías máis eficientes e respectuosas co ambiente e de menor consumo enerxético pode conseguirse unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera e asemade unha redución da factura enerxética das entidades locais. A isto engádese o efecto exemplarizante dos proxectos na medida en que contribúen a concienciar a veciñanza da repercusión sobre o ambiente das medidas de eficiencia enerxética e impulso da sustentabilidade ambiental no sector público local.

Dende o ano 2020, ao abeiro desta orde fináncianse proxectos novidosos entre os que se destacan:

- As campañas divulgativas municipais para a sensibilización sobre a importancia das medidas de protección ambiental e de eficiencia enerxética: boas prácticas ambientais, divulgación de medidas de aforro e eficiencia enerxética.
- A elaboración e difusión de material divulgativo e recursos didácticos sobre valores ambientais ou espazos naturais concretos no ámbito municipal.
- Plans e estratexias de mellora ambiental nos edificios municipais: auditorías enerxéticas, certificación enerxética de edificios municipais ou plans para a implantación de estratexias enerxéticas municipais.
- Plans sustentables de mobilidade que fagan compatibles as necesidades do transporte local e a sustentabilidade ambiental.

- As actuacións nos núcleos rurais que permitan unha mellor integración paisaxística no contorno, particularmente o soterramento dos tendidos aéreos de cableado e a construción de pavimentos interiores de pedra.
- Adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética: equipos de climatización, ofimáticos e de alumeado interior.
- Renovación sustentable das flotas municipais mediante a adquisición de vehículos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

Xunto a isto cabe salientar tamén a maior definición dos proxectos destinados a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais, establecendo diferentes niveis de actuación: mellora da eficiencia enerxética da envolvente do edificio, mellora de iluminación interior, instalación de sistemas eficientes de climatización, sistemas de aforro de auga, ascensores eficientes, e introdución de enerxías renovables para calefacción e auga quente sanitaria, con referencia expresa por primeira vez á instalación de paneis solares térmicos en edificios municipais.

Durante o período 2010-2024 a través das liñas competitiva e non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, destináronse máis de 133 millóns de euros a actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e ao reequilibrio territorial. No ano 2025 este fondo terá un papel moi importante na recuperación sostible dos nosos concellos.

Nos anos 2021 e 2022, no eido da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobaronse dúas novas liñas de subvencións que teñen coma obxectivo a redución do incremento das emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) ca que se pretende a renovación en verde do parque de vehículos dos corpos de Policía Local de Galicia, contribuíndose a mudanza cara a un modelo de mobilidade e transporte facilitador de vida en condicións saudables, compatible coa sustentabilidade ambiental e conciliable coa promoción do desenvolvemento económico.

Estas ordes incardínase no Fondo de Compensación Ambiental dentro das actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e do reequilibrio territorial, nas que se inclúen as actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Por medio destas ordes, financiada co Fondo de Compensación Ambiental e dirixida aos concellos de Galicia de menos de 50.000 habitantes, estanse a financiar a subministración de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables ou non enchufables que reúnan as condicións para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de Policía Local para o exercicio das súas funcións.

Neste momento a Dirección Xeral de Administración Local está xestionando dúas convocatorias da orde de renting de vehículos da Policía Local, a primeira, convocada no ano 2021 abrangue o período 2021-2025, a segunda, convocada no ano 2022, abrangue o período 2022-2026, estas convocatorias están dotadas cun crédito de 1.675.200 euros destinados ao pagamento das cotas mensuais que deba aboar o concello beneficiario polo renting do vehículo durante un máximo de 48 meses.

No ano 2024, con cargo ao programa Galicia- Feder 2021-2027 convocouse unha nova liña de financiamento destinada a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados coa prestación de servizos municipais, concretamente esta orde plurianual, financia tres tipos de actuacións: obras de mellora da envolvente térmica dos edificios e infraestruturas municipais, obras de instalación de sistemas de iluminación eficiente no interior dos edificios e infraestruturas municipais e obras de mellora dos sistemas de climatización e calefacción nos edificios e infraestruturas municipais, a esta orde destínanse 5,3 millóns de euros distribuídos entre as anualidades 2024 e 2025.

O obxectivo a longo prazo e a consecución de concellos climaticamente neutros mediante a modernización das infraestruturas municipais, a descarbonización e a búsqueda de alternativas as enerxías fósiles.

Mellorar o medio ambiente, promover o uso das enerxías renovables e fomentar a eficiencia enerxética deben ser os puntos crave de calquera xestión pública medio ambiental. Dentro da responsabilidade das institucións pola optimización do uso da enerxía e polo establecemento dun marco de sustentabilidade eficiente, xoga un papel moi relevante a eficiencia enerxética nas dependencias municipais e na iluminación pública. Para acadar os fitos establecidos por Europa, é necesario incorporar nas estratexias municipais un plan de acción sobre eficiencia enerxética.

Esta nova liña de axudas da Xunta de Galicia mellorará a eficiencia e o aforro enerxético, diminuírá o impacto ambiental e as emisións de CO₂ dos inmobles e infraestruturas municipais.

Non cabe dúbida de que a redución das emisións pasa tamén pola concienciación en materia de eficiencia enerxética e polo fomento de accións que impliquen unha diminución da demanda de enerxía. Así, a aplicación de criterios de sustentabilidade asociados á construción de edificacións novas e á rehabilitación dos edificios son aspectos nos que se debe fundamentar a redución de emisións.

Finalmente, no eido da cooperación económica cos concellos e especificamente na mellora da eficiencia enerxética e como xa ocorreu no ano 2023, o fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local no ano 2024 reforzou especialmente a atención ás necesidades dos concellos de menor poboación, os concellos de menos de quince mil habitantes, aos que especificamente se destinaron 5 millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética dos edificios de titularidade municipal, priorizándose as instalacións deportivas, achegas das que foron beneficiarios 93 concellos.

O obxectivo é claro, avanzar na igualdade de oportunidades contribuído á fixación de poboación e a prestación de servizos de calidade aumentado a capacidade de desenvolvemento dos territorios rurais.

- Outra das principais novidades do orzamento deste centro directivo para o ano 2025, tendo en conta a importante demanda, que increméntase ano a ano, e os resultados acadados polas convocatorias de axudas específicas destinadas as asociacións veciñais, asociacións de mulleres rurais e comunicades de usuarios de augas de Galicia nos exercicios anteriores,

é o incremento en máis dun 33,33% da aplicación orzamentaria destinada á colaboración, fomento e dinamización do asociacionismo veciñal.

Efectivamente, tratase dunha liña de axudas que incrementa a súa demanda ano tras ano. Concretamente, na convocatoria do ano 2024, foron recibidas un total de 955 solicitudes, das que resultaron 341 concesións nas dúas liñas de axudas que recolle esta orde, tanto para obras como para equipamento.

A vista destes datos non cabe dubida de que o reforzo destas liñas de axuda é fundamental para que estes colectivos poidan seguir mantendo a súa actividade como motor dinamizador da vida local. Polo que é importante incrementar o seu orzamento.

Concretamente, para o ano 2025, incrementarase nun millón de euros a aplicación orzamentaria destinada á colaboración, fomento e dinamización das asociacións veciñais, asociacións de mulleres rurais e comunicades de usuarios de augas de Galicia a que se destinarán 4 millóns de euros, recoñecendo así o seu labor indispensable no desenvolvemento da vida social nos concellos, e a súa condición de eixo fundamental da participación cidadá. Crédito que será destinado á mellora dos locais socias e o equipamento destas entidades así coma a execución de obras sobre captacións e canalizacións, obras para a mellora dos depósitos, e actuacións de mellora da xestión, medición ou control da calidade da auga. Importe que engádese aos case 22 millóns de euros destinados, durante o período 2016-2024, a través do Plan específico de acción comunitaria, ao apoio, mellora, dinamización e consolidación do tecido asociativo, mediante a convocatoria anual destas axudas facilitando as achegas económicas que lles permiten non so manter a súa actividade senón prestar máis e mellores servizos aos veciños e veciñas de Galicia.

Tamén se evidenciará a colaboración cos concellos nas medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.

Os municipios mais turísticos teñen unha serie de necesidades específicas derivadas do incremento de poboación que experimentan en épocas puntuais. Esta maior afluencia turística implica a necesidade de reforzar os servizos públicos para que non vexan mermada a súa calidade.

A Policía Local é un destes servizos municipais que precisan ser reforzados nos municipios turísticos, especialmente no verán cando crece exponencialmente a poboación coa chegada masiva de turistas, reforzamento que lles permite desenvolver con normalidade as súas funcións.

Por este motivo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, aproba anualmente, dende o ano 2012 un Plan específico de axudas a os concellos mais turísticos cun elevado incremento poboacional con achegas para contribuír a cubrir parte dos gastos salariais dos efectivos que reforzan durante o verán o cadro de persoal da Policía Local.

Esta medida, únese a outra liña de axudas xestionada dende a Consellería de Presidencia neste ano 2024, que ten como obxecto a colaboración cos concellos para a contratación de

socorristas para o servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descuberta.

Trátase de dúas liñas de axudas de colaboración clave para os concellos no exercicio das súas competencias especificamente relacionadas coa seguridade nas praias e co turismo, co fin de mellorar a calidade dos servizos e conseguir atender as necesidades dos seus residentes e dos turistas.

Así, durante o ano 2024, a Xunta de Galicia destinou 145.000 euros a 11 concellos turísticos co obxecto de contribuír a paliar os custos que supón a contratación de auxiliares de policía local, importe que consolidaremos no orzamento do vindeiro exercicio 2025.

Compre destacar que dende a posta en marcha deste plan en 2012, o Goberno galego leva investidos máis de 1,1 millóns de euros no financiamento da contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán nos concellos turísticos da comunidade.

Pola súa banda, e tal e como se indicou, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes tamén conta con outras medidas para garantir a seguridade nos concellos máis turísticos. Trátase das axudas á contratación de socorristas as que este ano destinamos 1,5 millóns de euros. Este ano 2024 foi a primeira vez que esta orde se convoca desde a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, xa que en edicións anteriores instrumentábase desde outros departamentos da Xunta, como a Consellería de Promoción do Emprego, e convocábanse baixo o epígrafe 'contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral'.

A diferenza de convocatorias anteriores nas que se esixía ao persoal estar en situación de desemprego e figurar no Servizo Público de Emprego, nesta ocasión amplíase a cobertura ao persoal propio da entidade local que presta o servizo de vixilancia, rescate e salvamento como á prestación a través dunha empresa externa mediante un contrato de servizos.

Gracias a isto no 2024 subvencionáronse 30 servizos municipais máis que no ano 2023, pasando de 155 entidades beneficiarias a 185, o que representa un incremento do 20% no número de concellos beneficiarios.

Así pois, un total de 185 concellos beneficiáronse do apoio do Goberno galego para contratar a estes profesionais destinado ao servizo de servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos e instalacións acuáticas. Unha liña que seguirá impulsando esta Consellería no ano 2025.

A necesidade de que as entidades locais afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, subxace nas accións que promoverá a Dirección Xeral de Administración Local en apoio ás fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo a concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas.

Ca modificación do marco normativo local, a través da nova lei de administración Local de Galicia daremos un paso adiante no fomento dos agrupamentos de concellos para a prestación conxunta de servizos e competencias, como fórmula idónea de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos municipais fronte a xestión individual, regulando estes agrupamentos,

como áreas funcionais de carácter temporal, entre dous ou máis concellos. Fomentaranse dende a normativa os agrupamentos coma fórmulas de xestión non permanentes limitando a súa actuación a proxectos ou actuacións concretas que non xustifican a constitución dunha entidade local permanente, coma as mancomunidades.

Tamén se lle dará impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostemento común dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos.

O Goberno galego, xunto coa FEGAMP, continuará liderando o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia de loita contra a vespa velutina, posto en marcha no ano 2020 para dar solución a un problema que se estende por practicamente todo o territorio galego e no que tanto a Xunta coma os concellos levamos anos traballando. Un Plan ao que están adheridos os 313 concellos galegos.

Así, para continuar con este obxectivo, consígnanse en 2025 un total de 1,8 millóns de euros. Deles, 1,2 atópanse residenciados no fondo adicional do Fondo de Cooperación Local e 575.000 euros no orzamento das diferentes consellerías colaboradoras (Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

- Continuarase apoiando a cooperación municipal, tanto a través de fórmulas de xestión compartida de servizos públicos como mediante o fomento de novos procesos de fusión municipal impulsando activamente unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade.

Así, a Xunta de Galicia leva anos desenvolvendo unha política de promoción e fomento da cooperación municipal tanto a nivel normativo como orzamentario, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados ou que presten servizos públicos de xeito conxunto, como a través do fondo especial para fusións.

Trala realización do estudo sobre a planta municipal xunto coas tres universidades Galegas e a Fundación Juana de Vega, avanzaase, en colaboración coa FEGAMP, no impulso de novas formas de xestión compartida e propostas de fusión municipal.

- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación. Isto atopa a súa mellor expresión no obxectivo de estender os servizos de emerxencias ao 100% do territorio galego.

Clarificar o papel das deputacións é fundamental tanto pola súa configuración coma polo impacto das súas competencias na garantía da prestación dos servizos municipais, por isto o Goberno Galego considera inaprazable o desenvolvemento e concreción das funcións, competencias e vías de asistencia destes entes respecto dos concellos do seu ámbito territorial en eidos como a contratación, a administración electrónica e a garantía da prestación dos servizos básicos nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración Local.
- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a Administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2025, logo do éxito das convocatorias realizadas nos anos 2018, 2019, 2021, 2022 e 2024, a Dirección Xeral de Administración Local continuará coa xestión das listas de persoal interino para poder ofertar aos concellos de Galicia a posibilidade de provisión dos postos vacantes abertos ás escalas e subescalas da Administración Local con habilitación nacional de maneira máis áxil e con respecto aos principios constitucionais de acceso á función pública.

- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel. Continuarase na senda iniciada no 2017, ano no que a Comisión Galega de Cooperación Local retomou a súa actividade. A Dirección Xeral de Administración Local realiza unha importante labor de seguimento e impulso do cumprimento dos acordos adoptados.
- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da Comunidade Autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal ao ter como destinatarios últimos o conxunto da cidadanía, sendo os concellos os suxeitos relevantes na implantación das actuacións previstas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A normativa xeral, constituída fundamentalmente pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece o punto de partida para o deseño das propostas a través das cales acadar os obxectivos orzamentarios.

No tocante aos concellos, cómpre indicar que o concello constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia. A crise do COVID-19 e as consecuencias da crise económica derivada da guerra de Ucraína afectaron tamén as facendas locais, singularmente aos

pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, que se encontran con importantes dificultades para atender a prestación dos servizos públicos e a satisfacción das novas prioridades e necesidades. É por iso que, nun escenario, de crise económica e social é mais necesario que nunca buscar fórmulas e recursos técnicos e organizativos adecuados que garantan un nivel óptimo de prestación de servizos ou contribúan á mellora da súa calidade, na acción de fomento individual ou mediante fórmulas de xestión compartida: convenios de colaboración, subvencións para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, para actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial que inclúan o financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia medioambiental, axudas para actuacións de reforzo das policía locais, así como o impulso do Portal Eido Local ou o estímulo definitivo á modernización da administración local da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implantación, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, da e-Administración nos concellos de Galicia, constitúen importantes ferramentas para acadar unha prestación homoxénea dos servizos á vez que elevan o seu nivel de calidade e para camiñar na senda da recuperación e transformación dos nosos concellos trala crise sanitaria sen precedentes a que nos enfrontamos.

Por outra banda, o fomento do asociacionismo municipal, a través das mancomunidades de concellos ou os consorcios locais, e a implantación de instrumentos e procedementos que permitan a xestión compartida de servizos municipais na acción de fomento, compoñen fórmulas de xestión que optimizan recursos a menor custo e maior efectividade, especialmente no caso dos pequenos concellos e lles permiten prestar servizos públicos de maneira adecuada e sustentable. Un campo especialmente propicio para a agrupación de pequenos concellos é o do sostemento en común dos postos reservados aos habilitados nacionais, medida que será impulsada dende a Dirección Xeral de Administración Local.

Finalmente, non se pode esquecer a existencia das asociacións veciñais. Por mandato da Lei de Administración local de Galicia, desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia. As asociacións que se constitúen con esta finalidade teñen a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, eríxense nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos. Por este motivo o asociacionismo veciñal é outro dos escenarios en que se desenvolve a acción subvencional da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, respaldando o seu labor mediante o financiamento de novos investimentos e equipamentos das asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de augas e asociacións de mulleres rurais coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese local.

Outros ámbitos de actuación salientables serán as colaboracións cos colexios territoriais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Galicia. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten atribuídas as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execu-

ción das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia. Entre as funcións dos colexios atópase o impulso, a través dos medios que procedan, do estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados, como pode ser a implantación da e-Administración. Para facilitar a consecución dos seus intereses comúns, cómpre establecer un marco de colaboración que permita xuntar esforzos con estas asociacións de carácter profesional, que agrupan o persoal funcionario con habilitación de carácter nacional, e que deben xogar un papel central no proceso de modernización e racionalización da Administración local.

O fomento da cooperación local centrará a actuación deste centro directivo mediante o impulso da actuación da Comisión Galega de Cooperación Local que retomou a súa actividade no 2017.

A cooperación coas administracións locais estreitarase, como non pode ser doutro xeito, no ano 2025 co fin de chegar a aqueles concellos cuxa situación económica e social máis o requira.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprende as actuacións do programa vén constituído por:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico o e Fondo de Compensación Ambiental.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa 141A. Administración Local concrétese por unha banda, na optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía a través da convocatoria e execución de liñas de subvencións para a prestación de servizos municipais, o apoio ás policía locais, o impulso do asociacionismo entre concellos e as actuacións de seguimento do Pacto Local. Por outra banda o obxectivo do programa é contribuír á mellora da xestión administrativa local en si mesma, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, fomento da formación do persoal, apoio á cobertura de postos de habilitación nacional por persoal interino.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Entre os obxectivos deste programa de gasto están a de contribuír ao financiamento de equipamentos e infraestruturas nas entidades locais para a prestación de servizos á cidadanía e a realización de investimentos produtivos que xeren emprego no ámbito local, así como o impulso da Administración electrónica para posibilitar unha mellor relación entre a Administración autonómica e os concellos e entre estes e a cidadanía.

Polo que se refire á dotación de equipamentos e infraestruturas, analizado dende o punto de vista da perspectiva de xénero hai que considerar que, a pesar da súa aparente neutralidade e do suposto carácter universal, as necesidades de mulleres e homes en canto a equipamentos públicos non son iguais, derivadas da situación que se recolle en numerosos estudos e estatísticas de que as mulleres utilizan máis o espazo público para tarefas de xestión doméstica e de coidado das persoas que dependen delas (maiores ou menores) e de que seguen a existir diferenzas en canto á mobilidade.

Por este motivo, a programación das infraestruturas e dos equipamentos públicos debe realizarse tendo en conta que mulleres e homes teñen diferentes, oportunidades e necesidades. Dende o punto de vista do xénero será diferente o impacto que pode ter o financiamento para a construción dunha escola infantil ou dun centro de atención a persoas maiores, que a construción dun campo de fútbol. Así, polas características dos investimentos que se financian (parques para a infancia, obras e equipamentos para a protección do ambiente e do medio natural e para

o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais), hai que considerar que este programa de gasto vai ter un impacto positivo dende o punto de vista do xénero.

Polo que se refire ao fomento da e-Administración para facilitar a relación entre as entidades locais e a cidadanía, hai que considerar a existencia dunha fenda dixital de xénero que afecta non só ao acceso aos ordenadores e a internet, senón tamén á intensidade xa que as mulleres son usuarias menos intensivas, conectándose con menos frecuencia e durante menos tempo.

En canto ao número de mulleres e homes que potencialmente poden beneficiarse do programa de gasto, debemos considerar ao total da poboación galega, xa que desde este programa de gasto se desenvolven actuacións dirixidas á Administración local galega co fin de promover a realización de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos. A diversidade de servizos que se pretende dotar ou mellorar, dentro dun amplo catálogo que vai desde as infraestruturas de uso público ata a realización de obras, equipamentos e subministracións para a prestación dos servizos públicos relacionados no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, permite identificar como poboación potencialmente beneficiaria por igual á poboación masculina como á feminina.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	

Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Ademais das actuacións directas que se financian e que como xa se indicou poden ter un impacto positivo na promoción da igualdade entre mulleres e homes, no punto seguinte relaciónanse os obxectivos e as medidas concretas para a incorporación da perspectiva de xénero e a identificación dos indicadores de seguimento.

OBXECTIVOS	Actividades	Destinatarios
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
	Convocatorias de subvencións promovidas pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais
	Subscrición de convenios promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito do asociacionismo veciñal
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Redacción de convocatorias de subvencións, contratos e convenios	Persoal ao servizo da Dirección Xeral de Administración Local
		Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local

OBXECTIVOS	Actividades	Destinatarios
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Execución de obras e adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local
	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Subvencións a entidades locais para a execución de proxectos de obras e para a adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero:

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Introdución da perspectiva de xénero nos procedementos administrativos promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Porcentaxe de procedementos de contratación que incorporan cláusulas con perspectiva de xénero
		Porcentaxe de convocatorias de axudas que incorporan criterios de igualdade de xénero
		Porcentaxe de convenios asinados que incorporan criterios de igualdade de xénero

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Desenvolvemento de pautas de supervisión e orientación para facilitar e estimular un mellor uso dunha linguaxe inclusiva na documentación producida pola actividade administrativa da Dirección Xeral de Administración Local	Número de accións realizadas por tipoloxía (convocatorias de subvencións, contratos, convenios)
		Número de textos de convocatorias de subvención, contratos e convenios revisados e validados
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Incorporación de criterios de valoración que, desde a perspectiva de xénero, incentiven a contratación de mulleres na execución dos proxectos que se desenvolvan baixo o impulso da Dirección Xeral de Administración Local, a través de convenios de colaboración e convocatorias de subvencións	Porcentaxe de mulleres contratadas sobre o total de persoas contratadas
	Incorporación de cláusulas nos pregos de contratación que promovan a integración da perspectiva de xénero nos contratos xestionados pola Dirección Xeral de Administración Local	Porcentaxe de mulleres contratadas sobre o total de persoas contratadas

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Integración da perspectiva de xénero nos proxectos de obras e equipamentos para a prestación dos servizos públicos	Número de proxectos que actúan sobre os servizos públicos que facilitan a conciliación
		Número de proxectos e obras que teñen en conta a dimensión de xénero
		Poboación potencialmente destinataria desagregada por sexo

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Administración Local

III.1.7. PROGRAMA 212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O papel da Xunta de Galicia na atención de emerxencias céntrase en tres funcións fundamentais: a superior dirección e coordinación da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais; ademais á Xunta de Galicia correspóndelle a implementación das competencias propias de seguridade pública da Comunidade Autónoma a través do exercicio das funcións da Unidade de Policía Nacional Adscrita á Xunta de Galicia.

Os obxectivos deste programa na área de protección civil e emerxencias consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección da cidadanía fronte as situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestión das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotián ocorren á poboación da comunidade autónoma.

Na área de seguridade consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles, tendo en conta que estamos ante unha materia moi sensible e transcendente, ao constituírse como un ben público que vai unido ao benestar social e a calidade de vida da sociedade galega.

As prioridades de actuación do programa orzamentario 212A a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Axencia Galega de Emerxencias (en diante, AXEGA) e da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, AGASP), atendendo a problemática observada ata o momento actual, tanto nas emerxencias producidas na comunidade, como tendo en conta a dispersión poboacional e a poboación sobre a que se leva a cabo o obxectivo estratéxico do programa, son, fundamentalmente as seguintes:

I. En materia de protección civil e atención ás emerxencias:

- Planificación axeitada e actualizada en materia de protección civil, coa implantación dos plans recentemente elaborados e actualizados. No ano 2024 revisouse o Plan especial ante o risco Sísmico (SISMIGAL), actualizando os estudos de análise de risco, ao desenvolver o instituto xeográfico nacional un novo mapa de perigosidade e adaptándoo á nova normativa. No ano 2025 acometerase a súa implantación, destacando a revisión da aplicación SESGAL, Simulador de Escenarios Sísmicos para Galicia, o que permitirá unha primeira avaliación de danos no caso de terremotos de intensidade media ou elevada.
- No que atinxe a outros riscos naturais, continuarase coa implantación do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións (INUNGAL) revisado no 2024, a través da divulgación do plan e o desenvolvemento da formación nesta materia a través da AGASP. Levarase a cabo tamén a análise de riscos de maremotos en Galicia, aliñada co establecido na Directriz Básica de Planificación de Protección Civil. Este estudo permitirá avaliar de maneira exhaustiva os posibles impactos e definir as medidas preventivas necesarias para protexer á poboación e o territorio galego e planificar a resposta coa aprobación do Plan especial de protección civil ante o risco de maremotos.
- Respecto dos riscos tecnolóxicos, trala revisión no ano 2024 do Plan especial ante o risco de accidente no transporte de mercadorías perigosas (TRANSGAL), no ano 2025 acometerase a súa implantación así como a revisión e actualización dos Plans de emerxencia exterior da Grela Bens e de Exolum Vigo e a elaboración do Plan especial de protección civil ante o risco radiolóxico.
- Así mesmo continuarase coas tarefas de información e divulgación dos diferentes plans de protección civil aos servizos intervinientes en caso de emerxencia, tanto a través da formación como executando exercicios e simulacros para garantir o coñecemento dos plans por parte dos servizos de emerxencia e para avaliar e mellorar os plans, garantindo unha coordinación efectiva entre todas as partes involucradas.

No ano 2025, continuarase mellorando o Xeoportal Galego de Riscos de Protección Civil que, desde a súa posta en marcha no ano 2022, se ten convertido nunha ferramen-

ta de consulta para servizos e cidadanía que permite coñecer a previsión dos riscos no territorio. Co obxectivo de garantir o seu funcionamento óptimo e incrementar a súa utilidade actualízanse de xeito continuo os datos xeoespaciais relacionados cos riscos naturais e tecnolóxicos en Galicia, asegurando que a información dispoñible sexa precisa e relevante.

- Equipamento dos servizos profesionais e organizacións de voluntariado que forman parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia para garantir unha adecuada atención a cidadanía.
- Aplicación e desenvolvemento da lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, coa implantación do decreto de autoprotección aprobado no ano 2022, no que, ademais de actualizar o catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que os titulares teñen a obriga de elaborar e rexistrar un plan de autoprotección, se estableceron novos limiares para determinadas actividades ou centros.
- No ano 2025 continuaránse impulsando medidas de prevención e defensa corporativa, incidindo na prevención, como un dos cernes fundamentais da protección civil, e mellorando o acceso dos servizos do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia á información de riscos.
- Colaboración coas administracións locais competentes, concellos e deputacións, para seguir mellorando o mapa de emerxencias de Galicia, dando continuidade aos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (en diante, GES) como complemento dos servizos de extinción de incendios e salvamento e apoiando aos concellos na prestación dos servizos de protección civil e emerxencias.
- Colaboración coas administracións locais na prestación do servizo de socorrismo en espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas da Comunidade Galega, mediante a implementación de líñas de axudas para a contratación deste persoal por parte destas administracións.
- Modernización e potenciación do sistema de atención ás emerxencias en Galicia a través do Centro Integrado de Atención de Emerxencias I I 2 Galicia (en diante, CIAE- I I 2 Galicia), dando unha resposta máis áxil e eficaz á cidadanía galega a través do uso de novas tecnoloxías para comunicación a poboación e servizos de emerxencia e protección civil.

Para elo, se desenvolverá unha aplicación de xestión de emerxencias que permitirá ao persoal técnico o envío dos avisos dun xeito áxil, así como o seguimento das alertas e do impacto das mesmas, facilitando a recompilación de datos, a emisión de informes e a información á poboación en caso de emerxencia de protección civil.

- Consolidación e potenciación do Grupo de Apoio Loxístico nas súas funcións de intervención nas emerxencias así como en operativos preventivos, poñendo a disposición dos distintos colectivos operativos os seus recursos especializados e o Posto de Mando Avanzado, como punto de referencia para forzas e corpos de seguridade e equipos de emerxencia.

- Coordinación e colaboración transfronteiriza en emerxencias. Xerando melloras técnicas e dotacionais nos grupos operativos e formativos e informativos que aumenten a resiliencia da poboación nestas zonas e a integración de equipos operativos e de resposta de ámbolos dous lados da fronteira.
2. En materia de Interior, seguridade e formación.
- Garantir o correcto desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas mediante as pertinentes autorizacións que corresponden a esta Comunidade Autónoma e aos concellos, segundo os casos.
 - A consecuencia da aprobación no ano 2023 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, durante o ano 2025 modificaranse varias disposicións normativas para adaptarse ás previsións contidas nese decreto, en concreto mediante a aprobación da normativa reguladora das probas de selección, baremos e méritos para o ingreso e promoción interna e para o procedemento de provisión por mobilidade, así como outras normas específicas en materias tales como a de medios técnicos dos corpos de policía local e do persoal auxiliar e vixiantes municipais e de distincións e recompensas.
 - A aposta pola mellora continua en medios humanos, vehículos e medios técnicos destinados á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, UPA).
 - O asinamento co Ministerio de Interior do correspondente convenio de colaboración para garantir a cobertura da totalidade das prazas previstas no catálogo de postos desta unidade da policía autonómica.
 - A potenciación da formación de carácter permanente na AGASP para:
 - i. os funcionarios da UPA en todas as funcións que lle son propias e, en especial, para os grupos de investigación especializada en medio ambiente e incendios, menores, violencia de xénero, xogo, etc;
 - ii. para os voluntarios de protección civil, persoal de protección civil e emerxencias e resto de axentes que interveñen nas emerxencias.

Este programa 212A, desenvólvese a través de tres centros directivos: a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a AGASP e a AXEGA, que dirixen as súas actividades nos ámbitos de protección civil, interior e seguridade pública, de acordo cos seguintes parámetros:

Na área de protección civil, elabóranse e implántanse plans de emerxencia por mor de riscos naturais e de aqueles ocasionados pola actividade humana, aténdese a xestión de emerxencias derivadas dos avisos ao CIAE- I I 2 Galicia e da activación dos devanditos plans; préstase apoio os concellos e agrupacións de voluntarios de protección civil, como parte fundamental do sistema, e dáse apoio técnico á Comisión Galega de Protección Civil, como órgano colexiado da Administración da Comunidade Autónoma, que ten como finalidade a coordinación e colaboración interadministrativa en materia de protección civil.

Nesta área as accións materialízanse mediante os servizos contra incendios e salvamento, a través dos catro consorcios provinciais e un comarcal nos que participa a Xunta de Galicia xunto coas Deputación provinciais, así como polos GES onde tamén participa a Xunta de Galicia coas administracións locais, que son as competentes nesta materia, complementados polas agrupacións de voluntarios de protección civil (en diante, AVPC). Estas funcións son acometidas prioritariamente, por persoal profesional e voluntariado que responden ás incidencias derivadas de incendios urbanos, industriais e forestais de afectación a vivendas, explosións, fugas, inundacións, rescates, derrubamentos e outras actividades de salvamento que foran precisas.

Así mesmo e neste ámbito, a AXEGA, desenvolve as súas funcións dirixidas a definición e a aplicación dun criterio integral e integrado de coordinación, cooperación e colaboración, entre os distintos axentes que interveñen nas emerxencias, que permita dar unha resposta completa no eido da xestión das emerxencias e, no seu caso, na posterior rehabilitación da situación o seu estado anterior. Ademais a AXEGA intenta resolver as necesidades dotacionais dos diferentes servizos operativos de emerxencia de Galicia por orde prioritario, e mellorar o sistema de comunicación e traslado de datos entre o CIAE-112 Galicia e os diferentes grupos operativos e responsables do sistema de protección civil galego a través das comunicacións vía radio da rede RESGAL (Rede pública dixital de comunicacións de Emerxencias) e unha aplicación embarcado en dispositivo móbil tipo tablet.

Na área de Interior, e na materia de espectáculos públicos pola súa vinculación coa seguridade que afecta á diferentes sectores da sociedade, coa implicación de distintas administracións e territorios, a establecer e aplicar o marco normativo e de control para o correcto desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se realizan na nosa comunidade autónoma.

Na área de seguridade pública competencia desta administración, as intervencións do persoal policial da UPA, diríxense a complementar as actuacións das distintas consellerías da Xunta de Galicia que poidan precisar de prevención, reforzo ou investigación desde a perspectiva da seguridade: protección, incendios forestais, medio natural, furtivismo e marisqueo ilegal, patrimonio cultural, protección de vítimas de violencia de xénero, de menores e familia, e as inspeccións en materia de urbanismo.

Así mesmo mantéñense os correspondentes canais e mecanismos para garantir a correcta coordinación dos corpos de policía locais de Galicia, Policía Nacional e Garda Civil, garantes todos eles da seguridade no noso territorio.

Neste ámbito da seguridade pública galega, a través da AGASP aténdese á formación do persoal do sistema integrado de protección civil, de emerxencias, de seguridade pública e o de control de acceso aos espectáculos públicos, así como o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía continuando coas adhesións dos concellos

delegantes e a realización da centralización na AGASP dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Polo que respecta ao colectivo ao que se dirixen as actuacións do programa, tanto nas áreas de protección civil e de emerxencias como na de interior e seguridade, ao estaren despregados os efectivos destes colectivos por toda a xeografía galega, as súas intervencións abarcan toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia e, nalgunha ocasión, en función dos pactos de axuda mutua e os convenios de colaboración en emerxencias entre comunidades limítrofes, á poboación da zona de fronteira do Norte de Portugal, Asturias e Castela e León. Estas actuacións realízanse en colaboración e coordinación cos corpos de emerxencias, voluntarios e profesionais de protección civil, seguridade e bombeiros dependentes dos concellos, así como tamén cos corpos de seguridade dependentes da Administración estatal.

Na área da formación, as actividades están dirixidas á policía Local de Galicia, á UPA, ás agrupacións de protección civil, aos bombeiros, aos axentes forestais e ás forzas e corpos de seguridade do Estado e ao persoal que controla o acceso aos espectáculos públicos, así como a outros colectivos vencellados a estas áreas de actuación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En relación a actividade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

I. Na área de protección civil.

I.1 Situación de partida:

- No marco das actuacións de actualización, revisión e implementación dos plans e programas de emerxencias, tendo en conta que os riscos non son constantes no tempo, se teñen aprobado nos derradeiros exercicios varias revisións de planeamentos e procedementos para garantir a súa operatividade e mellorar a súa implantación.
- O rexistro de voluntarios de protección civil é soportado por unha aplicación informática desenvolta ao longo do ano 2021, que permite implementar novas funcionalidades para responder ás necesidades das agrupacións e da administración e mellorar o seu funcionamento, en orde a acadar unha óptima mobilización dos recursos dispoñibles. No ano 2024 desenvolveuse SIPROC incorporando novos módulos para permitir a carga de operativos preventivos por parte das AVPC e para integrala coa aplicación de xestión de emerxencias do CIAE-I 12 Galicia, incrementando así a capacidade de atención telefónica ante chamadas de emerxencia da cidadanía.

- Neste ámbito de protección civil téñense actualizadas e entraron en vigor diferentes normativas que determinan a necesidade de afrontar novas actuacións, destacando as seguintes:
 - O decreto 37/2019, do 21 de marzo, polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.
 - O decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.
 - O Real Decreto 524/2023, do 20 de xuño, polo que se aproba a norma básica de protección civil.

1.2 Actuacións novas:

Ademais de atender ás emerxencias ordinarias (incendios, inundacións, accidentes,...) e á tramitación de expedientes de subvencións, convenios, etc. está previsto:

- Renovación dos plans de emerxencia exterior da Grela Bens, Exolum Vigo, o depósito de lodos vermellos en Xove, e o Complexo industrial Alúmina-Aluminio en Cervo.
- Desenvolvemento de ferramentas para mellorar a operatividade do Plan Especial de Protección ante o risco de terremotos: aplicación SESGAL.
- Elaboración do Plan especial de protección civil ante o risco de maremotos e do Plan especial de protección civil ante o risco radiolóxico.
- Implantación dos plans especiais de Protección Civil ante o risco de accidentes no transporte de mercadorías perigosas e de inundacións.
- Revisión e implantación dos plans vixentes: estanse a implantar novas aplicacións informáticas para facilitar a operatividade dos plans (procedementos de activación e desactivación e actuacións necesarias segundo o nivel de activación) e está previsto a realización de exercicios e simulacros. Estes procedementos integraranse nunha aplicación de xestión de emerxencias o que vai permitir a transmisión das alertas en menor tempo e a mellora na toma de decisións en canto aos riscos que contan con plans de protección civil.
- Desenvolvemento de campañas de información á poboación no entorno dos establecementos que contan con Plans de emerxencia exterior.
- Participación en proxectos europeos na área de protección civil e xestión de riscos.
- Impulso das AVPC mediante asociacións de concellos que optimicen o aproveitamento e utilización dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais, e impulsando a incorporación de novos voluntarios ás AVPC, fomentando o carácter destas agrupacións como entes vehiculares de canalización da participación dos galegos en accións de voluntariado. Continuaremos apoiando e pondo en valor o papel das agrupacións de voluntarios de protección civil impulsando xomadas provinciais así como a súa participación en programas específicos como son a atención as incidencias que poidan

ocorrer nos camiños de Santiago, a seguridade en lugares de pública concorrencia e a implementación de plans de protección civil.

- Ampliación da dotación de medios e recursos naquelas AVPC e zonas nas que aínda houberse necesidades pendentes, a través dos fondos do programa operativo FEDER 2021-2027. Esta actuación virá a complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos anos e que achegou ás AVPC equipamento (209 vehículos todoterreo, 206 remolques de emerxencias, 65 furgóns, 98 espaxadores de sal, 70 embarcacións, 143 tendas de campaña, 4 UTV, 43 coitelas quitaneves, 49 kits de material loxístico de seguridade viaria, 21 kits de material para as emerxencias no medio acuático, 49 kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 16 millóns de euros.
- A impartición de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.
- A sinatura de convenios de colaboración con entidades, organismos e colaboradoras do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, entre os que cómpre destacar os asinados con entidades para a prestación de atención psicosocial en emerxencias que así o requiran como accidentes de múltiples vítimas ou emerxencias que podan requirir a evacuación das persoas.
- O impulso na busca de solucións tecnolóxicas que permitan darlle resposta a tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a comunicación en grandes incidencias a través da tecnoloxía 5G.
- A mellora e potenciación dos sistemas de información para coñecemento do risco, actualizando e incorporando ao Xeoportal Galego de Riscos de Protección Civil datos xeoespaciais relacionados cos riscos naturais e tecnolóxicos en Galicia.
- Impulsar e potenciar a seguridade de espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas en Galicia mediante o apoio a entidades locais na contratación de persoal de socorismo.

2. Na área de medios operativos de emerxencias.

2.1 Situación de partida:

A Xunta de Galicia está a participar no financiamento e operatividade dos consorcios provinciais da Coruña (con 10 parques comarcais de bombeiros), de Lugo (con 6 parques comarcais de bombeiros), de Pontevedra (con 4 parques comarcais de bombeiros) e no de Ourense (4 parques comarcais de bombeiros), ademais do parque do Consorcio de Bombeiros das Comarcas Deza/Tabeirós e Terra de Montes, con sede en Silleda.

No ámbito da organización da prestación do servizo, cómpre sinalar que todos os Consorcios Provinciais e o consorcio Comarcal citado, realizan a xestión directa da prestación do servizo de atención ás emerxencias.

Ademais, a Xunta de Galicia consigna no orzamento de 2025 o orzamento para acometer a comarcalización doutros parques de bombeiros das grandes cidades, unha vez comarcalizado o parque de bombeiros de Ferrol, (actualmente pendente da sinatura do correspondente convenio), e o avanzado estado na tramitación da comarcalización do parque de bombeiros de Santiago de Compostela.

A comarcalización constitúe unha das recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galicia, que a propoñía coa finalidade de reducir os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas. A estes efectos volverase consignar nos orzamentos, con cargo ao Fondo de Cooperación Local, unha contía dedicada especialmente á prestación dos servizos de emerxencias con carácter comarcal ou, no seu defecto, supramunicipal, na convicción de que este é o camiño para acadar a mellor cobertura posible no territorio dun servizo profesional de emerxencias.

Este proceso de comarcalización de parques municipais de bombeiros require do acordo e da vontade de distintas administracións; en primeiro lugar, o concello titular do servizo e, de seguido da administración autonómica, da administración provincial e, como non, dos concellos aos que o parque que se comarcaliza deba dar este servizo.

A Xunta de Galicia, a pesar de que as competencias corresponden ás administracións locais, e co gallo de colaborar con estas e dar un servizo de garantías a todos os galegos e galegas, aposta decididamente por este modelo de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades que permitirá optimizar os recursos xa existentes e dar cobertura ás emerxencias que se poidan producir nos seus contornos, defendendo un modelo de colaboración entre tódalas partes afectadas, como xa se ven facendo co parque de Ferrol dende hai varios exercicios.

2.2 Actuacións novas:

Durante o ano 2024, dende os catro consorcios provinciais estanse negociando cos representantes sindicais do seu persoal, o establecemento dunhas condicións de traballo homoxéneas en toda Galicia, coa finalidade de adaptar a súa situación á súa condición de persoal subrogado nunha entidade adscrita á unha administración pública, neste caso, á correspondente deputación provincial. En concreto, estanse establecendo condicións similares tanto desde o punto de vista funcional como económico, mediante a elaboración dunhas RPT que compartan os mesmos ou similares criterios de valoración dos postos, así como a sinatura de novos convenios colectivos, a partir dun convenio marco ou de referencia, diferente dos convenios que se tiñan coas empresas concesionarias durante vixencia do modelo de xestión indirecta. Esta negociación contempla a incorporación de novos efectivos por cada consorcio, coa gallo de acadar o persoal necesario para a prestación dun servizo de calidade.

Todo elo co obxectivo de acadar unha prestación homoxénea e uniforme en todo o territorio de Galicia, co horizonte de dar un servizo áxil e eficaz a todos os galegos e galegas, independentemente do seu lugar de residencia, a través dos servizos profesionais de emerxencias que constitúen tanto os parques de bombeiros como os grupos de emerxencia supramunicipal.

Para o ano 2025 continúaase coa mesma actuación, por parte da Xunta de Galicia e das deputacións provinciais, que seguirán participando nos orçamentos dos Consorcios provinciais de bombeiros, estando prevista ao efecto unha achega da Xunta de Galicia de aproximadamente de 16 millóns de euros, que se verán incrementados de seguro por procesos pendentes de comarcalización dos parques municipais das grandes cidades.

Así mesmo, a Xunta de Galicia xunto coas deputacións provinciais, que son os organismos locais responsables da dotación de recursos para facer fronte as emerxencias, seguirá participando nos orçamentos que permitan consolidar os GES, achegando o 52,5% dos gastos de funcionamento e dotándoos de material, co gallo de complementar aos servizos contra incendios e dar unha cobertura integral das emerxencias en todo o territorio de Galicia.

Finalmente, e con respecto a servizos profesionais de atención ás emerxencias, no ano 2025 continuaremos a traballar e impulsar acordos de comarcalización de parques de bombeiros municipais, que xa se teñen producido na provincia da Coruña, se poidan estender e materializar no resto do territorio de Galicia, e así se poidan beneficiar todos os galegos e galegas desta, sen dúbida, mellora da atención das emerxencias e completar o obxectivo de acadar un mapa de atención ás emerxencias que cubra de forma integral a todo o territorio de Galicia cuns tempos de reposta aínda menores dos acadados neste momento.

Pola súa banda e para completar á atención á poboación galega nas súas necesidades neste ámbito, continuaremos potenciando as AVPC de Galicia mediante a dotación de equipamento, apoiando o seu funcionamento e garantindo unha formación inicial e continua de todos os seus compoñentes, e fomentando a creación de novas agrupacións en lugares onde as mesmas non existan ou non estean operativas.

3. Na área do servizo de atención ás emerxencias a través da AXEGA.

3.1 Situación de partida:

Na actualidade o sistema de atención de emerxencias de Galicia está baseado nunha estrutura multidisciplinar, que dependendo de distintas administracións e con sistemas organizativos moi diversos, que son mobilizados a través do CIAE- I 12 Galicia, unha vez que a emerxencia se produce.

O sistema de protección civil da Comunidade Autónoma diferencia entre dúas tipoloxías de emerxencias, as ordinarias, que cos medios asignados a nivel local pódense resolver ou, as extraordinarias, onde a capacidade dos medios asignados localmente non son suficientes, e téñense que activar diferentes plans segundo a tipoloxía da emerxencia onde se amplía a información e a intervención a medios operativos e responsables de protección civil en ámbitos superiores ao local.

3.2 Actuacións novas:

- Durante o ano 2025 rematarase o proceso de elaboración da RPT necesaria para axustar a AXEGA á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público autonómico de Galicia, tendo en conta o cadro de persoal aprobado para a Axencia en función das necesidades actuais.

Actualizaranse do mesmo xeito os estatutos da Axencia co obxectivo de xerar unha Axencia que integre a tódolos servizos e organismos da Xunta de Galicia que teñan unha relación máis directa coa protección civil e as emerxencias, dotando á administración galega dun organismo coordinador e eficiente na planificación, prevención e intervención en materia de protección civil e emerxencias.

- Potenciar o servizo do Grupo de Apoio Loxístico (GALI) da AXEGA, que ano a ano incrementa o número e a calidade e variedade de intervencións. Así, neste ano 2025 seguirase reforzando o equipamento operativo especializado de apoio loxístico en emerxencias complexas ou de gran magnitude na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta a disposición dos axentes intervintes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado, así como o reforzo do número de axentes do Grupo. Destacando a actualización en imaxe e tecnolóxica do Posto de Mando Avanzado (PMA), a adquisición dun novo PMA lixeiro, a adquisición de dun robot automatizado de extinción de incendios, adquisición de novos UAVs (Dron Cautivo, Dron subacuático, etc.), adquisición dun sistema de posicionamento de imaxes de Drons en cartografía dixital xeoreferenciada, etc.

O GALI constitúe un grupo de traballo capaz de mobilizar os recursos á súa disposición a calquera punto no que se requira o seu apoio, cando a entidade da incidencia así o aconselle, dentro duns parámetros de tempo curtos e axeitados á urxencia que a situación requira.

- Relacionado coa implantación do Plan de Comunicacions de emerxencias de Galicia a través da rede Resgal detectouse o comezo da obsolescencia do equipamento utilizado polos servizos operativos, debido a isto, no ano 2025 e en coordinación con Amtega e Retegal, comezase a valoración da renovación e actualización con tecnoloxía máis moderna de equipamento de servizos operativos que traballan coa rede Resgal.
- Consolidación da súa estrutura organizativa con criterios de tecnificación e especialización na atención das emerxencias.
- Adquisición de novas ferramentas TIC así como a evolución e optimización das existentes.
- Continuar coa potenciación do Servizo de Xestión do CIAE-I I2 Galicia, para adaptalo ás esixencias e necesidades operativas e tecnolóxicas do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias I I2 Galicia da Estrada. Dentro deste impulso o longo do 2025 debido a modificación de convenio colectivo melloraranse as condicións laborais dos traballadores do CIAE-I I2 Galicia, por outro lado, introduciranse melloras no aplicativo GEMMA que usa o CIAE-I I2 Galicia para a xestión de incidencias e a utilización dun aplicativo remoto para dispositivos móbiles compartindo en tempo real a información que as operadoras do I I2 introducen no aplicativo GEMMA das diferentes incidencias que entran en sala.
- A tecnoloxía avanza a pasos de xigante e por isto, compre neste ano 2025 seguir realizando a renovación que comezou no 2024 da infraestrutura tecnolóxica do CIAE-I I2 Galicia para evitar problemas de obsolescencia, cambiaranse o longo do ano a platafor-

ma de servidores e almacenamento, a electrónica de rede, os balanceadores de carga, así como renovarase o datawarehouse corporativo e a base cartográfica e migraranse as bases de datos entre outra tarefas.

- Durante o ano 2025 desenvolveranse e daráselle continuidade a diversas liñas de traballo conducentes á continua mellora do servizo prestado polo CIAE I I2 Galicia á cidadanía. Entre elas podemos destacar as seguintes:
 - Continuar coa implementación dos avisos masivos a poboación integrados na RAN-PWs (Rede de alerta Nacional de Protección Civil) que permite o envío xeneralizado e inmediato de alertas en formato SMS os móbiles de persoas que se atopen en zonas afectadas por emerxencias ou catástrofes inminentes ou en curso.
 - Continuar a colaboración coa Dirección General de Protección Civil y Emergencias na configuración da Rede Nacional de información de Protección Civil (RENAIN).
- Peche de traballos de integración de plataformas entre 06I e I I2
- Peche da posta en produción da Integración telemática coa DGT e en proceso coa Policía -Nacional e a Garda Civil.
- Intercambio de información con xestoras de vías de comunicación (AXI e Audasa) dende estado de incidencias ata cartografía GIS actualizada.
- Séguese avanzando no traballo coas diferentes federacións, responsables autonómicos dos I I2 e representantes do goberno central, na mellora do centro nacional de teleinterpretación que centralice un servizo 24 horas 365 días o ano, ás persoas algún tipo de discapacidade auditiva ou da fala. En Galicia, no marco do proxecto “I-I-2 accesible”.
- Colaboración con outras Administracións en materia de intercambio de información, así como diversas melloras tecnolóxicas e técnicas no centro con esta mesma finalidade.
- No ano 2025 seguiremos avanzando na accesibilidade do I I2 coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para editar vídeos de consellos preventivos en linguaxe de signos.
- Seguir cos traballos de adaptación do centro ao Esquema Nacional de Seguridade así como ao RGLPD logo de ser clasificado como Infraestrutura Crítica e Servizo esencial polo Centro Nacional de Protección de Infraestruturas críticas (CNPIC).
- Continuase no 2025 coa participación en proxectos de investigación e innovación, en colaboración con outras administracións ou entidades como é a Universidade de Vigo, Universidade de Coruña e Instituto Tecnolóxico de Galicia, GAIN, etc, co obxectivo de desenvolver ferramentas ou materiais que permitan controlar os riscos e diminuír o número de situacións de emerxencias que se producen.
- O mantemento da cooperación interrexional en materia de emerxencias con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias en zonas fronteirizas comúns, promovendo iniciativas que melloren a resiliencia dos servizos operativos e da cidadanía que vive ou desenrola a súa actividade laboral ou de ocio na zona transfronteriza.
- Continuar coa adquisición de material e equipamento especializado necesario para dar unha mellor resposta a emerxencias por parte dos Grupos de intervención en labores

de salvamento e contra incendios, co fin de acadar un maior grado de seguridade para a cidadanía.

- Continuación de proxectos didácticos, que teñan como obxectivo fomentar entre os menores o correcto uso do número de emerxencias. Realizaranse neste ámbito proxectos co mesmo obxectivo enfocado a xente nova e maiores utilizando unidades didácticas, redes sociais e medios de comunicación facendo do 1-1-2, tal como ditamina a lexislación, o número único de emerxencias Europeo.
- Continuar no ano 2025 co impulso no CIAE I I2 Galicia do labor preventivo a través da divulgación que se ten levado a cabo durante este 2024. A tal fin, continuarase a traballar nunha dobre liña: por unha banda, proseguirase coas visitas para dar a coñecer o centro e concienciar á poboación no uso responsable do número de emerxencias (visitas de diversos colectivos: escolares, colectivos profesionais, asociacións, etc) e, por outra banda, seguirase a utilizar como ferramenta de prevención a emisión de consellos preventivos a través de redes sociais e medios de comunicación (consellos para poboación en xeral, para colectivos específicos como é o caso dos peregrinos, etc).
- Durante o ano 2025 seguirase co desenrolo do proxecto ATEMPO dentro do marco transfronterizo e financiado con fondos Europeos Poctep Interreg España-Portugal.

4. Na área de interior e seguridade.

4.1 Situación de partida:

No ámbito de interior e referido aos espectáculos públicos, a Xunta de Galicia ten establecido o marco normativo de referencia para o desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas con normalidade, a través da Lei 10/2017, do 27 decembro, e da súa normativa de desenvolvemento aprobada durante os anos 2019 a 2022.

No ámbito da seguridade, hai que sinalar que a súa creación no ano 1991, a UPA ven ampliando notablemente a prestación dos seus servizos, para dar resposta á asunción paulatina de novas funcións e competencias. Actualmente, o labor da UPA abrangue eidos importantes para a vida cotiá dos cidadáns, en materia de menores, xogo, a loita contra o furtivismo e incendios forestais, a ordenación do territorio ou a intervención fronte aos casos de violencia de xénero.

Tamén se ten establecido o marco normativo fundamental para o desenvolvemento das funcións de coordinación dos corpos de policía locais de Galicia.

4.2 Actuacións novas:

- Favorecer a formación dos colectivos implicados no sector dos espectáculos públicos e actividades recreativas (controladores de acceso, persoal das administracións con competencias en materia de autorizacións administrativas, funcionarios dos corpos de policía, etc.).
- Impulsar o rexistro de empresas e establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas.

- Promover o aumento dos medios humanos da UPA, tendo en conta as competencias que esta Unidade policial ten asumido na actualidade, para o cal será necesario a sinatura dun Convenio de colaboración co Ministerio do Interior.

Este derradeiro obxectivo reiteradamente reclamado ao goberno do Estado, tanto polo goberno da Xunta de Galicia como en sede Parlamentaria, persegue poder dar un servizo de calidade aos galegos e galegas a través desta unidade policial que tras 30 anos de servizo en Galicia é recoñecida como unha policía propia de todos os galegos e que de forma progresiva foi asumindo cada vez máis competencias.

Algunha das competencias asumidas, como son as referidas a protección dos camiños, as de protección do medio ambiente e de protección do patrimonio cultural, requiren dun esforzo de persoal constante pero que, demandan unha maior atención e implicación pola nosa policía, xa que o número de peregrinos está a incrementarse ano tras ano, polo tanto, as accións vencelladas a este incremento e atención de competencias nas rutas xacobeas tamén serán maiores. Así mesmo este incremento de persoal permitiría poñer en marcha unha nova modalidade de patrullaxe nos camiños con servizos a pé en distintos puntos das rutas xacobeas e que permitirían unha atención máis cercana e accesible aos peregrinos, cunha especial incidencia na protección da muller nas distintas rutas. Todo elo complementado coa adscrición a estes servizos de vehículos híbridos e todo camiño adquiridos especialmente para esta finalidade e que se complementan con equipos DESA para a posible atención in situ dos peregrinos.

- Continuar coa renovación de vehículos e medios técnicos necesarios (vestiario, informática, transmisións e outros) para unha mellor prestación do servizo policial e un óptimo desenvolvemento das funcións propias da UPA, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia; a prevención e investigación de incendios; a protección do medio natural e dos recursos mariños; a colaboración en tarefas de rescate e salvamento; e a actuación e colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.
- Fomentar a participación do persoal da UPA na formación específica, dirixida especialmente a aquelas funcións que precisan dunha maior actualización e competencia profesional, respecto de todas as funcións que desenvolve, incidindo de xeito prioritario na formación vencellada aos ámbitos dos camiños xacobeos e atención dos peregrinos en eidos tales como a violencia de xénero, a formación en DESA e protección do patrimonio cultural.
- Manter e ampliar os mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de Seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade, con especial incidencia na colaboración coas policía locais de Galicia, impulsando cando sexa necesario e demandado a implementación de dispositivos coordinados e conxuntos.
- Aprobar as disposicións normativas pendentes en materia de coordinación de corpos de policía locais, relativas a materias tales como medios técnicos, normativa relativa as

probas, méritos e baremos para o acceso e promoción interna dos corpos de policía local, vixilantes e auxiliares, así como para o procedemento de provisión por mobilidade entre corpos de policía local e outras.

5. A través da AGASP.

5.1 Situación de partida:

A AGASP, organismo autónomo administrativo, ten como finalidade a formación, actualización e especialización no eido das emerxencias e da seguridade pública, incluíndo ao persoal de protección civil, emerxencias, GES, bombeiros, Policía local, UPA, Policía Nacional e Garda Civil, así como outros colectivos vencellado a estes ámbitos, como son a seguridade privada e socorristas.

Neste senso a AGASP forma ás policía locais de Galicia nos procesos de ingreso, promoción e de especialización.

Tamén dende este organismo se realiza a formación dos membros da UPA e dos corpos e forzas de seguridade do Estado que operan na nosa comunidade, potenciando a súa actualización e especialización en distintos eidos co gallo de mellorar a operatividade destes corpos e o servizo que prestan á cidadanía, fomentando a coordinación e interacción de todos estes colectivos.

Asemade o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, modificado polo Decreto 20/2019, do 28 de febreiro polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, a AGASP xa consolidou a realización de procesos selectivos unitarios para a selección do persoal dos corpos das policía locais de Galicia.

5.2 Actuacións novas:

Durante o ano 2025 realizará a formación da 17 promoción de policía local e das promocións de oficiais, inspector, inspector principal e intendente, así como dos auxiliares de policía Local.

- Continuar a impulsar a delegación por parte dos concellos con corpo de policía local da competencia na selección do persoal da policía local en relación ao desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.
- Impulsar a formación de UPA, Garda Civil e Policía Nacional co gallo de potenciar a coordinación das actuacións destes corpos na nosa comunidade.
- Colaborar co Ministerio do Interior na formación dos colectivos de seguridade privada na Comunidade Autónoma.
- Continuar coa formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, de xeito que mensualmente haxa oferta formativa para que calquera persoa interesada e sen custe, poida obter esta habilitación.

- Consolidar a formación dual (teleformación para as materias mais teóricas acompañada dos avances tecnolóxicos mais actuais e formación presencial para as materias e contidos prácticos)
- Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos tanto, as persoas interesadas en exercer a actividade profesional de socorrismo en Galicia, como aquelas persoas xa inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia que requiren completar a súa formación o reciclarse na actividade de socorrismo.
- Implementación de accións formativas dirixidas a corpos e forzas de seguridade e a outros colectivos en materia de xogo con motivo da entrada en vigor da nova lei de xogo de Galicia.
- Realizar actividades de formación e divulgación en materia de espectáculos públicos e autoprotección dirixida a persoal de concellos e colectivos de seguridade e emerxencias, en orde a garantir a seguridade en grandes eventos de pública concurrencia.
- Impulsar o papel da AGASP como centro de referencia da formación en seguridade pública na nosa comunidade, realizando actividades formativas conxuntas para distintos colectivos que permitan intercambiar experiencias e lograr interaccións entre os mesmos en situacións reais.
- Potenciar a formación dos colectivos de emerxencias da nosa comunidade mediante:
 - Realización de cursos de ingreso para os novos integrantes dos GES.
 - Realización de formación especializada para os corpos de bombeiros da comunidade, integrando nos mesmos tanto ós bombeiros dos parques das cidades, como os integrantes dos consorcios provinciais.
 - Continuar coa formación inicial e de especialización dos voluntarios de protección civil, tanto de carácter centralizado como descentralizado, permitindo deste xeito unha maior participación deste voluntarios.
 - Impulsar accións formativas que integren a corpos de seguridade e emerxencias co gallo de mellorar a coordinación operativa de colectivos que en moitas situación actúan conxuntamente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Polo que respecta ao marco legal no que se desenvolve o programa, este está integrado polas seguintes disposicións legais:

- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil.
- Real decreto, 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.
- Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección.

- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación dos voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil.
- Decreto 123/2014, do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias.
- Decreto 101/2016, do 21 de xullo, polo que se regulan os órganos de coordinación, cooperación administrativa e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.
- Decreto 19/2019, do 21 de febreiro, polo que se regulan as medallas ao mérito de protección civil de Galicia e outras condecoracións.
- Resolución do 2 de agosto de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Galicia, polo que se publica o Plan Territorial de Emerxencias e Protección Civil de Galicia.
- Orde do 8 de xuño de 2021 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de corpos e forzas de seguridade.
- Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais.
- Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Orde do 29 de xaneiro de 2009, referida aos méritos, probas e temarios para os distintos procesos selectivos referidos aos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de tempada.
- Decreto 59/2012, do 19 de xaneiro, do procedemento de homologacións da AGASP de cursos realizados por outras entidades.
- Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, de regulación das unidades adscritas.
- Real decreto 1089/2000, do 19 de xuño, que modifica ao anterior.
- Orde do 19 de xuño de 1991, do Ministerio do Interior, de creación da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da AXEGA.
- Real decreto 903/1997, do 16 de xuño, do Ministerio de Fomento sobre transposición da normativa europea referente ó número único de emerxencias 112.
- Acordo do Consello da Xunta do 1 de outubro de 1997, en virtude do cal se constitúe a Xunta de Galicia en entidade prestataria do servizo de atención de chamadas de urxencia 112.
- Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.
- Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia.
- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese:

- Mellorar e renovar a implantación de plans de protección civil.
- Reforzar e mellorar dos grupos operativos de emerxencias.
- Apoiar aos diferentes organismos da Xunta de Galicia en necesidades relativas a protección, investigación, vixilancia e garantía da seguridade das persoas e do medio.
- Asemade perséguese o estudo e a execución da política autonómica en materia de protección civil e emerxencias.
- Garantir a atención a poboación galega en todo tipo de situacións de emerxencias.
- Garantir a formación e actualización de actuacións dos corpos de seguridade na nosa comunidade.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, AXEGA e AGASP, e entre as actividades afectadas atópanse a implantación de plans de emerxencia e protección civil e a súa activación, actividades de prevención, reforzo e investigación dende a área da seguridade e formación do persoal do sistema integrado de protección civil, emerxencias e seguridade pública.

Entre as súas finalidades está a de favorecer a incorporación da muller ás forzas e corpos de seguridade, así como aos servizos de emerxencias, e promover as condicións para que, mellorando a súa formación e capacitación, adquira una maior participación. Neste senso no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, suprimiuse o requisito de esixencia de estatura mínima para as mulleres e os homes no acceso á categoría de policía dos corpos de policía local, para os vixiantes municipais e para a selección dos auxiliares de policía.

Por outra banda, na UPA tense creado un grupo específico para desenvolver tarefas en materia de violencia de xénero e protección das vítimas, conformado con persoal especializado, ao que se deu formación na materia, e prácticas nas comisarías do Corpo Nacional de Policía, incorporándose en xullo de 2016 a estas novas funcións.

A AXEGA na súa actividade ordinaria de xestión, segundo o disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, incorpora a perspectiva de xénero coma un dos principios reitores na súa política de xestión e contratación pública.

Sendo unha das súas funcións principais a da dirección do CIAE-I I2 Galicia, tal principio se plasma nos pregos dos contratos de servizos licitados para a xestión do mesmo, tanto no que atinxe estritamente ao servizo de teleoperación como o de xestión dos sistemas informáticos e de telecomunicacións.

Así, hoxe pódese afirmar que das 110 persoas contempladas no contrato de xestión operativa e soporte tecnolóxico do número de emerxencias I I2, 92 son mulleres o que representa que o 83% do total de persoas que traballan no Centro de Atención de Emerxencias son mulleres.

Dende a AGASP outorgáselle prioridade as mulleres para o acceso á formación, así como establece prioridade no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de Violencia de xénero (VIOXEN).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

As actividades previstas para o 2025 consisten en afondar na capacitación a través de cursos de especialización e actividades formativas organizadas pola AGASP. Nos cursos de formación policial obrigatorios (novo ingreso e promoción) e nos cursos básicos en materia de protección civil existirán módulos sobre a igualdade entre homes e mulleres.

Logo da creación na UPA en xullo de 2016 dun grupo específico en materia de violencia de xénero, as actuacións van dirixidas a perfeccionar e mellorar as actuacións na protección das mulleres vítimas fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo.

Así mesmo, polo que se refire ás actividades desenvolvidas no CIAE I I 2 Galicia dependente da AXEGA, respecto das políticas activas de igualdade, é necesario ter presente que a maioría do persoal son mulleres, polo que neste ámbito a AXEGA cumpre os obxectivos previstos coa política de promoción da igualdade entre mulleres e homes non sendo necesario unha especial acción de fomento de contratación feminina (as mulleres representan o 83% do persoal que presta servizos no CIAE I I 2 Galicia).

Dende a AXEGA e o CIAE I I 2 Galicia se colabora a través das redes sociais na información e formación a través de campañas para loitar contra a violencia machista en grandes eventos e xerar espazos seguros para as mulleres.

En definitiva, na AXEGA e no CIAE I I 2 Galicia, a muller é considerada como un factor clave no desenvolvemento de tan esencial servizo.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Maior e mellor coñecemento en materia de análise de xénero e de políticas de igualdade.

Potenciar as unidades dedicadas especificamente a loita contra a violencia de xénero e a atención a este tipo de vítimas. Neste sentido, ademais da creación do grupo específico da UPA

para a loita contra a violencia de xénero e a protección das vítimas, se mantén un protocolo de colaboración coa Xefatura Superior de Policía de Galicia, para a colaboración e coordinación do persoal de ambos corpos dedicados a estas tarefas, de xeito que se acaden mellores cotas de eficacia e cooperación.

Realizar un esforzo en materia de formación co obxecto de aumentar os cursos específicos en materia de xénero, en especial os dirixidos as forzas e corpos de seguridade.

Continuar coa prioridade as mulleres para o acceso á formación así como no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de VIOGEN.

Eliminación de barreiras cara a igualdade das mulleres, mediante a supresión de requisitos non equitativos, como por exemplo, a supresión do requisito de estatura para o acceso aos corpos de policía local de Galicia, auxiliares de policía e persoal vixilante.

Revisión das probas físicas establecidas para o acceso aos corpos de policía local de Galicia, favorecendo a equidade na igualdade de oportunidades.

Continuar nas políticas activas, para afondar nos plans de favorecemento á muller, nos que xa participa a AXEGA, tales como o Plan Dike (programa para a inserción laboral das vítimas de violencia doméstica); Proxecto Perla (entre Administración pública, empresas e asociacións sen ánimo de lucro que unen esforzos para potenciar a igualdade de oportunidades e a conciliación); Red Madre (fundación creada no 2008 co propósito de activar unha rede solidaria de apoio á muller para superar calquera conflito xurdido ante embarazos imprevistos).

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Academia Galega de Seguridade.

Axencia Galega de Emerxencias.

III.1.8. PROGRAMA 324B - MELLORAS DOS SITEMAS DE SAÚDE E SEGUIRIDADE NO TRABALLO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, serve de instrumento para dar cobertura ás funcións que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais ten atribuídas polo Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia, así como polo disposto no artigo 31.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Desta forma, a Secretaría Xeral Técnica está a cumprir as seguintes funcións:

- A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e á saúde dos traballadores.
- A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas adecuadas e a vixilancia da súa eficacia.
- A información e formación dos traballadores e traballadoras en materia de prevención de riscos laborais, vixilancia da súa saúde e adopción das medidas de evacuación.
- A prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
- A vixilancia da saúde mediante os recoñecementos médicos dos traballadores e traballadoras en relación cos riscos inherentes ao seu traballo.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais referida ao persoal empregado público da Administración Xeral da Comunidade Autónoma que non desenvolvan o seu posto de traballo nun centro educativo ou sanitario.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Continúase consolidando o gasto neste programa, logrando que sen incrementar a dotación económica do mesmo, se manteñan as condicións óptimas na vixilancia da saúde, na formación ao persoal empregado público e en tódalas accións referidas á prevención de riscos laborais que se financian dende este programa.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco legal seguinte:

- Decreto 134/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Concellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O presente programa ten como finalidade garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais no ámbito da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto o cumprimento das condicións de seguridade e saúde laboral dos empregados públicos, debendo terse en conta a perspectiva de xénero á hora de realizar as súas actividades.

Deste xeito, os estudos de seguridade e saúde laboral nalgunha das súas conclusións son específicos para colectivos femininos, tales como: embarazadas, parto recente, nais en lactación natural ou a vixilancia da saúde de xeito diferenciado por razón de sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Coa aprobación da Lei de Racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adxudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

Exemplos de aplicación desta normativa e das recomendacións das guías en licitacións xa realizadas pódense consultar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

No ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, blindou o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. As previsións contidas na lei concretáronse en guías, instrucións internas e medidas de fomento ás empresas contratistas.

Así mesmo, a nova Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

Como se sinalou, moitas das actividades amparadas neste programa teñen en conta o sexo dos empregados públicos (por exemplo, avaliacións de riscos con previsión expresas para embarazadas ou nais en lactación). No ano 2023 realizáronse os seguintes recoñecementos médicos específicos desagregados por sexos:

- Recoñecementos médicos: 8.765
 - Homes: 3.055
 - Mulleres: 5.710
- Recoñecementos xinecolóxicos (so para mulleres): 4.859
- Proba do PSA (so para homes a partir dos 50 anos): 2.059

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.9. PROGRAMA 331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria.

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a Xunta de Galicia contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta.

As accións da cooperación galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

No actual período de vixencia do V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 coma no anterior, tómase de referencia a Axenda 2030 de Desenvolvemento sostible, que ten entre os seus principios fundamentais o de Non Deixar a Ninguén Atrás e garantir os Dereitos Humanos para todas as persoas.

Non Deixar a Ninguén Atrás non só implica chegar aos máis pobres, senón que tamén require combater a discriminación e as crecentes desigualdades dentro e entre os países, e as súas causas fundamentais. Unha causa importante de que as persoas queden atrás son as formas persistentes de discriminación, incluída a discriminación de xénero, que deixa a individuos, familias e comunidades enteiras marxinadas e excluídas.

Traballar neste sentido require un enfoque integral cunha serie de pasos, incluída a identificación de quen queda atrás e por que; identificar medidas efectivas para abordar as causas profundas; monitorizar e medir o progreso; e garantir a responsabilidade de Non Deixar a Ninguén Atrás. Garantir a participación libre, activa e significativa de todas as partes interesadas, en particular as máis vulnerables e tradicionalmente invisibilizadas, é unha compoñente clave de todos os pasos e fases da política, a planificación e a programación da Cooperación Galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Trala execución do IV Plan director da Cooperación Galega 2018-2021, que foi prorrogado durante o ano 2022 pola vixencia da Estratexia de resposta á Covid 19 da Cooperación Galega, no ano 2023 iniciouse a execución do V Plan director galega 2023-2026, que se continuou en 2024, que foi elaborado mediante un proceso participativo dos axentes de cooperación, convidando a participar aos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia para que realizasen as súas achegas.

Consonte aos criterios internacionais de eficacia do desenvolvemento de especialización sectorial e concentración xeográfica e o principio de coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable, o novo Plan director define os ámbitos estratéxicos de intervención, aliñados coa Axenda 2030 e os ODS das Nacións Unidas, e establece os países e colectivos prioritarios das actuacións no exterior da Cooperación Galega. Por outra banda, consonte ao modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, define un marco de resultados con indicadores precisos e suficientes para garantir o seguimento e avaliación do alcance de resultados do Plan director.

Dito Plan director foi aprobado por unanimidade dos axentes de cooperación representados no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na súa reunión de 14 de febreiro do 2023, polo Consello da Xunta de Galicia o 2 de marzo de 2024 e polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 2024.

O programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento permitirá desenvolver un Plan anual da cooperación galega 2024 no que se incluírán actuacións en todas as áreas (cooperación no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, investigación para o desenvolvemento, etc., fortalecemento dos axentes de cooperación, avaliacións, etc) e permitirá publicar as convocatorias tradicionais da cooperación galega, de acordo co que se estableza no V Plan Director 2023-2026. Ao conxunto das convocatorias destinarase ao redor dun 80% do orzamento operativo de gastos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se se e se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.
- Plan Anual 2025 da Cooperación Galega.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribución á consecución dun mundo mais próspero, xusto e sustentable colaborando para o cumprimento da Axenda 2030 e a consecución dos seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), así como potenciar a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global nas súas catro dimensións: sensibilización, formación, investigación e mobilización, xerando conciencia crítica e solidaria na cidadanía galega.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A través deste programa finánciase a execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, que ten entre os seus ámbitos estratéxicos de acción "Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións" e como transversal a igualdade de xénero.

O programa vincúlase directamente co establecido no artigo 32 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que dispón que todas as políticas e a planificación estratéxica en materia de cooperación ao desenvolvemento incluírán o principio de igualdade entre mulleres e homes como elemento esencial na súa axenda de prioridades e recibirán un tratamento de prioridade transversal e específica nos seus contidos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

O V Plan Director da Cooperación Galega establece entre as súas prioridades transversais, a Igualdade de xénero, e deberá estar presente en todas as intervencións financiadas pola cooperación galega.

En todas as convocatorias xestionadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea insírese a perspectiva de xénero a través do establecemento nas bases de cada unha delas, de requisitos e criterios de valoración específicos para garantir que, tanto as entidades solicitantes como os proxectos subvencionados, contén cun bo tratamento e impacto en temas de xénero. A modo de exemplo, requírese e valórase o seguinte:

- Que a entidade solicitante conte cunha estratexia de xénero e persoal formado na materia, así como con diagnósticos de xénero nos territorios e sectores de intervención.
- Que o proxecto se deseñe tendo en conta as diferentes necesidades e situacións de mulleres e homes.
- Dependendo da temática do proxecto, que se potencie o empoderamento das mulleres para a súa participación na toma de decisións.
- A existencia dun orzamento con perspectiva de xénero.

Estes mesmos criterios de valoración aplícanse tamén no caso dos convenios de colaboración e cando se contratan servizos externos requírese das persoas contratadas formación específica en materia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Moitos dos proxectos que se desenvolven e financian no ámbito da cooperación ao desenvolvemento están encamiñados a mellorar a situación das mulleres en termos de redución da pobreza e da violencia de xénero, o seu acceso e permanencia no sistema educativo, garantir os seus dereitos sexuais e reprodutivos, mellorar a súa situación económica e laboral e a súa participación social e política.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

III.1.10. PROGRAMA 441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A actuación da Secretaría Xeral para o Deporte diríxese ao fomento da práctica do deporte e da actividade física na Comunidade Autónoma en atención á súa importancia para o fomento da saúde e do benestar, o desenvolvemento, a educación e a inclusión social, ou a propia economía e o emprego, xunto á vertente competitiva deportiva.

A explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de equipamentos e infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios deste programa.

Os beneficios que se esperan acadar na execución deste programa atópanse ligados ás necesidades existentes no actual ámbito deportivo galego: o aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, a mellora da calidade de vida da cidadanía e o crecemento deportivo de Galicia, mediante o apoio ao tecido deportivo galego e a mellora da dotación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo afectado pola actividade da Secretaría Xeral para o Deporte, e máis en concreto por este programa, é a sociedade galega globalmente considerada (principalmente en canto ao obxectivo prioritario da xeneralización da práctica da actividade física) e o tecido deportivo galego (no tocante á práctica deportiva e ao deporte de competición) sen esquecer, entre outros, ás entidades locais principalmente no referido a infraestruturas deportivas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo a última enquisa de hábitos deportivos dos españois (CSD 2022) practican deporte na nosa comunidade poboación, xa sexa de forma periódica ou ocasional, un 50,2% da (ascende ao 57,3% no conxunto do Estado). Por outra banda, atendendo tamén a última Enquisa Nacional de Saúde -2017-, o 59,75% dos galegos e galegas de 18 e mais anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 54,5% da media nacional), e o 23,29% dos galegos e galegas de entre 2 e 17 anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 28,56% da media nacional).

No ano 2013 realizouse en Galicia a enquisa sobre “Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega” elaborada en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC). Segundo os seus resultados, sete de cada dez galegos maiores de 18 anos practica exercicio habitualmente, nunha porcentaxe case 16 puntos superior á do 2007, ano no que se fixera un estudo de equivalentes características. A porcentaxe de práctica de exercicio físico é bastante similar entre as catro provincias galegas, mentres que se continúa a apreciar unha certa diferenza entre sexos. Así, hai unha maior porcentaxe de homes (74%) que de mulleres (68%) que realiza actividade física, pero esa distancia acurtouse en case dous puntos desde 2007. Desde entón, aumentou nun 14,8% a porcentaxe de homes que fai exercicio e nun 16,8% a de mulleres.

Débese tamén significar que a actividade deportiva ten como elementos básicos para unha axeitada evolución aos clubs e federacións. Na actual conxuntura considérase esencial manter o apoio a través de liñas de subvención para a actividade tanto dende a perspectiva das persoas xurídicas como dende a perspectiva do deportista persoa física.

As actuacións anteriores complementáanse coa implantación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A norma pola que se regula a actividade deportiva en Galicia é a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que foi modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (modificacións dos artigos 22, 60, 116 e da disposición adicional terceira, e se engadiu unha nova disposición adicional -a cuarta-), a Lei 2/2017, do 8 febreiro (modificación do artigo 116), a Lei 3/2018, do 26 de decembro (modificación dos artigos 21, 46, 64, 116, 117, 130 e 133), a Lei 7/2019, de 23 de decembro (modifica os artigos 5.1, 51.5, 56.4 e 130.2, e suprime os artigos 134 a 146) e a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro (modifica os artigos 5, 47, 57, 61, 93 e 117).

Complementando as previsións legais, atópase o Decreto 52/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, a Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para a obtención das condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e

os criterios deportivos para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado, o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, o Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia, o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas -modificado por Decreto 171/2021, do 23 de decembro-, o Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Por último, cómpre indicar o Plan Galego de Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para conseguir os obxectivos perseguidos con este programa, actuarase nos seguintes grandes aspectos:

- En primeiro lugar, na execución do Plan Galego de Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”, continuarase o iniciado en exercicios precedentes, desenvolvendo actuacións que dinamicen a práctica da actividade física entre toda a poboación galega, en especial a actividade deportiva na idade escolar. Ademais, fomentarse a actividade física dende un punto de vista sanitario, como elemento preventivo nas enfermidades non transmisibles facilitando a práctica a toda a cidadanía, consolidando as ferramentas TIC.
- En segundo lugar, no apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, estableceranse os correspondentes plans de axudas económicas e colaboracións cos axentes deportivos, nomeadamente coas federacións deportivas, os clubs e outras entidades deportivas, traballarase en medidas de apoio aos deportistas, na promoción do deporte en idade escolar e no impulso dos programas de tecnificación deportiva. Asemade, potenciarse outras funcionalidades do feito deportivo galego, como o seu aporte á economía e o emprego, a súa vinculación ao turismo ou a vertente sanitaria e de saúde pública.
- En terceiro lugar, na mellora do mapa de equipamentos e infraestruturas deportivas, continuarase a optimización da rede actual e investirase, de ser o caso, na construción de novas dotacións.
- Por último, seguirase traballando na adecuación da normativa actual á realidade do deporte galego, avanzando no desenvolvemento regulamentario da Lei do deporte de Galicia, así como na adecuación do marco normativo á realidade do sector.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Con incidencia no campo da práctica de actividade física e do deporte federado (e de alto nivel), os programas de Galicia Saudable, ou do deporte escolar (XOGADE), os convenios de patrocinio aos clubs de alto nivel, as actuacións de aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, ou as axudas aos deportistas galegos de alto nivel, serven, dende unha perspectiva e deseño mixto, para crecer en igualdade.

Así o amosan os indicadores, especialmente significativos nos convenios de patrocinio e nas axudas a deportistas de alto nivel. Desta forma, pódense apuntar distintos indicadores que amosan unha positiva evolución no ámbito do deporte feminino: máis licenzas femininas (o ano 2023 cerrouse con 77.660, fronte ás 42.090 licenzas do 2009), máis equipos de alto nivel patrocinados (114 femininos e 14 mixtos) ou o número de mulleres deportistas de alto nivel recoñecidas pola Secretaría Xeral para o Deporte segundo o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia (491 mulleres segundo o último recoñecemento publicado á presente data).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Entre outras actuacións, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego realizan dúas actividades que provocan un importante impacto no deporte desenvolvido polas mulleres:

- Os convenios de patrocinio aos equipos galegos de alta competición, que seguirán a ser unha das actividades prioritarias deste departamento e da fundación no 2025. Na

presente tempada 2023-2024, dos 250 equipos totais do plan xeral, 114 son femininos e 14 mixtos.

- Nas políticas de fomento do deporte de alto nivel e de axuda aos deportistas, o último recoñecemento de deportistas galegos de alto nivel, publicado recolle un total de 1029 recoñecementos, dos que 639 corresponden a homes e os restantes 390 a mulleres.

Ambas actuacións fomentan a participación activa das mulleres no deporte, fortalecendo a súa imaxe na sociedade.

No ámbito das subvencións a clubs deportivos, valórase a adhesión das entidades deportivas ao Manifesto pola Igualdade e pola Erradicación da Violencia de Xénero no Deporte da Secretaría Xeral de Igualdade e da Secretaría Xeral para o Deporte, o número de licencias femininas e o número de mulleres en postos directivos da entidade.

Pola súa parte os convenios de colaboración que a Secretaría Xeral para o Deporte asina anualmente coas federacións deportivas da Comunidade Autónoma continuarán contemplando actuacións directamente dirixidas á promoción da igualdade: adhesión ao Manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade, evolución das licenzas femininas, subvención directa de programas de promoción da igualdade no deporte (onde, entre outros extremos, valórase número de mulleres en postos directivos da federación deportiva), a non discriminación retributiva entre homes e mulleres, ou igualdade nas axudas federativas outorgadas a deportistas homes e mulleres nos mesmos niveis deportivos.

No ámbito do deporte en idade escolar, o programa Xogade, dirixido á poboación de entre 6-16 anos e cun custo aproximado anual de 3,5 M€, deséñase e execútase baixo un enfoque inclusivo, de forma que se manteñen a normativa e as actividades onde prevalece unha participación mixta dos equipos nas primeiras idades, dirixido a igualar a participación feminina e masculina no programa. En termos xerais isto supón que, no conxunto de mutualizados, a participación sexa aproximadamente do 40% de rapazas e 60% rapaces. O curso escolar 2024-2025 manterá a gratuidade do seguro de accidentes deportivos para os nenos e nenas entre 6 e 16 anos – acción que é un dos piares esenciais da actuación da política deportiva para o fomento da actividade física e deportiva entre a poboación – que será sufragado directamente pola Secretaría Xeral para o Deporte. Seguen tamén as Actuacións de actividade deportiva escolar, a Actividade deportiva federada – seguro deportivo 6-16, Coñece o meu club, os Xogos tradicionais e populares, Xogando coa auga e co vento, e Actividades de Promoción. Xogade segue sendo unha ferramenta para os Proxectos de Vida Activa e Deportiva – PVAD encadrado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

No exercicio 2025, prevese seguir incrementando o número de beneficiarias nos programas antes referidos o que, en todo caso, virá supeditado á consecución dos parámetros e resultados obxectivos, de marcas deportivas acadadas. Neste incremento espérase seguir obtendo unha positiva evolución do deporte feminino.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Entre outros, compre destacar os parámetros do número de licencias femininas, que ce-
rou o ano 2023 con 77.660, e dos equipos de alta competición patrocinados que, na tempada
2023/24, ascenderon a 114 femininos e 14 mixtos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral para o Deporte

Fundación Deporte Galego

III.1.11. PROGRAMA 423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é prestar o servizo de transporte público gratuíto aos escolares
con dereito ao mesmo, no ámbito territorial da comunidade autónoma.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Escolares con dereito a transporte público gratuíto.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

Esgotada a vixencia dos contratos de xestión de servizos de transporte público regular de uso xeral, logo de que por sentenza do Tribunal Supremo do 14 de marzo de 2016 viñese imposta a súa resolución previa, a Lei 10/2016 facilitou, ademais, a continuidade dos servizos de transporte público nas condicións que se viñan prestando ata ese momento, agás renuncia expresa da empresa contratista á dita continuidade.

Por outro lado, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dedica o capítulo II do título III á ordenación e promoción da integración dos servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma Administración, atribuíndolle á consellería competente en materia de transporte público as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte coa programación e as excepcións que, de selo caso, acorde o Consello da Xunta ou estableza o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa aprobación corresponde igualmente ao Consello da Xunta de Galicia.

Consonte co anterior, a consellería competente en materia de transportes levou a cabo no ano 2017 unha planificación preliminar do sistema de transporte público de Galicia na que se puxeron en marcha dúas novas modalidades de transporte público: os servizos integrados e o transporte baixo a demanda.

No marco destas actuacións preliminares, a efectividade da integración de servizos de transporte e, por tanto, a atención do dereito ao transporte público gratuíto a través do sistema de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral, acadouse coa adxudicación de 41 contratos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral e a súa implantación efectiva no mes de agosto de 2017. Posteriormente, en xaneiro de 2018, adxudicáronse 2 contratos máis.

Posteriormente, o documento base do Plan de Transporte Público de Galicia foi sometido a información pública por un prazo de 20 días hábiles, e logo da análise e resposta das alegacións recibidas e da incorporación dos cambios derivados daquelas alegacións que foron estimadas, foi sometido ao informe do Consello Galego de Transportes, segundo o establecido no apartado 3 do artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. O Plan de Transporte Público de Galicia tamén foi sometido ao informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Planificación da Consellería de Facenda, ao abeiro

do establecido no apartado 3 do artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Finalmente, segundo o indicado no apartado 3 do artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o Plan de Transporte Público de Galicia foi aprobado, logo de deliberación, polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29 de novembro de 2018.

Consonte a este plan, o 5 de abril de 2019, a consellería competente en materia de transportes publicou o anuncio da licitación do expediente de contratación das concesión que conforman a primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia (lotes XG-600 a XG-743). Estas 98 concesións foron implantadas con éxito durante o primeiro trimestre de 2020. Posteriormente, o 17 de xaneiro de 2020, a consellería competente en materia de transportes publicou o anuncio de licitación do expediente de contratación das 29 concesións que conforman a segunda, e derradeira, fase do Plan de Transporte Público de Galicia (claves XG800 a XG891). Destas, 10 concesións xa se implantaron en setembro de 2020 e as 19 restantes en decembro de 2020. Así, no 2021, completouse a implantación das 127 concesións que conforman o Plan de Transporte Público de Galicia, segundo o previsto na Lei 10/2016.

Así, no 2025, continuarase prestando o conxunto de concesión do Plan de Transporte Público de Galicia, segundo o previsto na Lei 10/2016.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	x

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

III.1.12. PROGRAMA 512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable para que Galicia sexa máis accesible, aberta e integrada nos fluxos comerciais e económicos globais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios destas medidas son tanto a cidadanía e o tecido produtivo de Galicia en xeral, demandante dos servizos que presta o sector do transporte, como en particular as empresas e os traballadores que desenvolven estes servizos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector do transporte en Galicia ten unha enorme importancia estratéxica, ao afectar transversalmente a todos os sectores produtivos. O sector do transporte e a loxística en Galicia, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) no seu "Análise do sector do transporte e da loxística" (2017), no ano 2014 achegou o 3,9% do produto interior bruto (PIB) da economía galega, 2.126 millóns de euros. Os postos de traballo que xerou supoñen un 4,5% do emprego total.

A súa importancia vai máis alá dos aspectos meramente económicos xa que o transporte permite aos cidadáns alcanzar aquilo que é importante no seu quefacer cotiá: desprazarse ao

traballo, ao centro de formación, a recibir asistencia médica ou simplemente a participar en actividades culturais ou de esparexemento que, especialmente en Galicia, requiren o desprazamento e, con frecuencia, utilizar medios de transporte público. Así mesmo, o transporte é un elemento clave para mellorar a competitividade do noso tecido empresarial no marco dun mercado global, ao permitir o descenso dos custos loxísticos, especialmente importantes en certos produtos. Por outra parte, o transporte permite que os consumidores accedan a unha variedade maior de produtos e de máis calidade.

Deste xeito, en Galicia formúlanse múltiples retos que requiren do transporte para ser superados, polo que é preciso seguir a manter unha política activa que, aínda dentro das estritas limitacións orzamentarias, permita mellorar o sector facéndoo máis competitivo, eficiente e sustentable, ademais de resolver as demandas de mobilidade que se producen dende os ámbitos social e produtivo de Galicia.

En resumo, é necesario manter accións dirixidas tanto á mellora da competitividade das empresas de transporte, como a facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte e nas infraestruturas asociadas ao mesmo (estacións intermodais, estación de autobuses, refuxios,...).

As accións contempladas no programa 512A, Ordenación e Inspección do Transporte, van dirixidas, polo tanto, aos sectores do transporte de persoas e mercadorías, configurados por unhas 16.000 empresas. Igualmente, este programa prevé actuacións encamiñadas ao público en xeral, como usuario do sistema de transporte público.

No eido dirixido ao campo profesional, a administración estima esencial actuar en ámbitos orientados á mellora da competitividade do sector empresarial, tanto de mercadorías como de viaxeiros, fomentando a realización de accións formativas que faciliten a mellora do tecido empresarial e o cumprimento da normativa sectorial (por exemplo, relativa aos períodos de descanso dos condutores), e proseguindo coa implantación de accións de modernización dos servizos de transportes público de viaxeiros, entre outras actuacións.

Ao mesmo tempo, cómpre continuar impulsando actuacións de mellora da oferta de transporte público en Galicia. Nesta liña de potenciación do sistema de transporte público, e trala implantación das Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Vigo; no exercicio 2025 prevese avanzar na implantación dunha nova Área de Transportes de Galicia que, abarcando o conxunto da Comunidade Autónoma, permitirá estender vantaxes tarifarias e de métodos de pagamento análogos aos Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, superando as fronteiras das actuais áreas metropolitanas, facendo participe delas a toda Galicia.

Nesta liña, con base no principio de colaboración administrativa e coa firme vontade de afianzar aquelas accións dirixidas á potenciación do uso do transporte público colectivo en toda Galicia, o Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2021 aprobou o Anexo ao Plan

de Transporte Público de Galicia, que viu completar o devandito Plan mediante o establecemento da Área de Transporte de Galicia (en adiante ATG) que abrangue a todo o territorio da Comunidade Autónoma. Os principais obxectivos da ATG é afianzar o conxunto de actuacións de promoción da utilización do transporte público que viñan impulsando as diferentes Administracións e, de xeito singular, a Xunta de Galicia a través do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, así como impulsar a atención prioritaria do ámbito rural e garantir a cobertura do transporte público nas zonas con poboación máis dispersa, contando para iso coa colaboración de todas as administracións locais de Galicia, ás que terán a posibilidade de adherirse á ATG a través da formalización dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. Posteriormente, a definición de esta área de transporte mellorouse a través da modificación do Anexo do PTPG (DOG nº 155 do 17 de agosto de 2022) acentuando as previsións dirixidas a promover a eficiencia e racionalización na actuación administrativa e facilitando a integración das entidades locais. Así estableceuse un procedemento para a integración directa e sen custe de concellos rurais de reducida poboación.

Nacida no ámbito do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, cómpre destacar de xeito significativo o esforzo orzamentario que supón o mantemento, por parte da Xunta de Galicia da tarifa Xente Nova. Tras a súa publicación no DOG, do pasado 20 de maio de 2021, da resolución pola que se estende ao conxunto da comunidade a gratuidade no transporte público aos menores de 21 anos coa utilización da tarxeta 'Xente Nova'. Esta tarifa permite aos mozos e mozas, de entre catro e vinte anos, incluídos, viaxar gratuitamente en todos os servizos de transporte interurbano da Xunta de Galicia co único límite de 60 viaxes ao mes, medida social moi potente de ampla utilización pola mocidade.

Esta iniciativa contribúe, por unha parte, a unha importante potenciación da utilización do transporte público, cunha clara orientación á concienciación na súa utilización por parte das persoas que serán usuarios nos vindeiros anos. Mais igualmente, trátase dunha medida dun claro contido social, supoñendo un aforro importantísimo para as familias que se suma ao que xa dispuñan grazas ao propio Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e as que no futuro inclúa a Área Única de Transporte de Galicia.

Esta medida está a ser complementada co desenvolvemento tecnolóxico que permitirá dispoñer da "Tarxeta Xente Nova" directamente nos dispositivos móbiles. Este avance permitirá acceder aos beneficios da gratuidade no transporte público mediante a xeración dun código QR dende o teléfono móbil, eliminando a necesidade de contar cunha tarxeta monedero física. Este enfoque busca simplificar e modernizar a experiencia de viaxe, ofrecendo ás persoas usuarias unha forma máis cómoda e áxil de acceder aos servizos públicos de transporte de Galicia.

Ademais, de xeito parello á tarifa "Xente Nova", no ano 2024 a Xunta de Galicia impulsou unha nova iniciativa social de transporte, a "TARXETA DE TRANSPORTE +65", que se virá a consolidar xa nesta nova anualidade. Esta iniciativa supón a gratuidade dos servizos de transporte público para as persoas maiores de 65 anos. Así apostamos por facilitar a mobilidade dos nosos maiores no transporte público autonómico. Este enfoque adquire especial relevancia nunha

comunidade como a nosa, caracterizada pola súa natureza rural, alta taxa de envellecemento da poboación e dispersión xeográfica, garantindo unha maior accesibilidade e calidade de vida para os nosos maiores.

O aspecto e relevancia social destas actuacións resulta reforzado co mantemento, durante o ano 2024, da colaboración da Xunta de Galicia cos taxistas na implantación de taxis adaptados para persoas con mobilidade reducida, Eurotaxi, e de baixas emisións continuando así unha liña de axudas a estes profesionais aberta no ano 2016. Con esta actuación a Xunta de Galicia contribúe a compensar os incrementos de custe que supón para os taxistas a incorporación deste tipo de vehículos, facilitando a existencia dunha oferta real de vehículos sostibles e accesibles para todos.

Igualmente, continuarase con actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros na procura dunha mobilidade sostible.

E, de xeito paralelo, a Xunta de Galicia continuará a colaborar na precisa adaptación do sector do transporte público, de persoas e de mercadorías, ao conxunto de novas iniciativas promovidas cara a mellora continua destas actividades, mantendo un ambicioso programa de apoio ás asociacións profesionais en diferentes programas de formación que estas desenvolven. De xeito complementario, promoverase, a través de distintos programas, o acceso de novos profesionais ao sector do transporte, bonificando a obtención o Certificado de Aptitude Profesional (CAP) necesario para o exercicio da profesión de condutor.

Por outro lado e de cara a fomentar a utilización do transporte público e mellorar a calidade que perciben os usuarios, e en coordinación coa Estratexia Galega de Mobilidade:

1. É necesario garantir o bo estado da rede galega de estacións de autobuses, para o que se continuarán con actuacións de reparación e mantemento e mellora da eficacia enerxética das estacións de autobuses.
2. Mellorarase a accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia, para convertelas en paradas seguras. Mellorarase o equipamento da propia parada, incluíndo a marquesiña, a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, a información e sinalización e a seguridade, dende o punto de vista viario e da perspectiva de xénero, dando unha maior visibilidade, con iluminación, sinalización, etc.
3. Executaranse de sendas peonís e/ou ciclistas na contorna das principais vías de entrada ás cidades de Galicia, que aproximen o cidadán aos servizos de transporte público e ofrezan unha alternativa de mobilidade sustentable atractiva e competitiva, de tal forma que se minimize a necesidade de acceder ás cidades en vehículo privado.
4. Continuarase coa mellora de outras instalacións de transporte, a través do programa de renovación de marquesiñas, co obxectivo é o subministro de novas marquesiñas, preferentemente no rural, que melloren a calidade (tanto funcional como estética) e a accesibilidade destas modestas pero imprescindibles infraestruturas de transporte diseminadas pola xeo-

grafía galega. Para elo, continuarase coa liña de colaboración coas administración locais, como mellores coñecedoras das necesidades reais dos viaxeiros.

Por outra banda, dende esta dirección xeral estase a levar o seguimento proactivo das inversións en infraestruturas de transporte e dos servizos que estas prestan que inda que son de competencia do Goberno do Estado, son de importancia estratéxica para Galicia. Infraestruturas como o AVE ou o Corredor Atlántico de Mercancías.

No que se refire ao desenvolvemento das actuacións de intermodalidade en Galicia, durante o ano 2021, rematáronse as obras e iniciaron a súa explotación a terminal de autobuses nas Estacións Intermodais de Santiago de Compostela, e de Ourense. Durante o ano 2022 rematáronse as obras de Pontevedra e Vigo e iniciouse a execución de terminal de autobuses da Área Intermodal de San Cristobal – A Coruña. Respecto a Estación Intermodal de Lugo, esta previsto nos vindeiros días o comezo das obras de execución. Por último, en Ferrol, a Xunta de Galicia continuará adiantando o seu traballo coa redacción do proxecto da nova terminal de autobuses.

Por outra banda, e dentro do ámbito das infraestruturas necesarias para o transporte de mercadorías, a Dirección Xeral de Mobilidade, o “Plan Estratéxico para Contar cunha Rede Galega de Aparcamientos Seguros para o Sector de Mercadorías a Curto Prazo” ten previsto dúas iniciativas concretas:

- A creación a primeira área de estacionamento seguro “de concentración” no Polígono de San Cibrao das Viñas, en colaboración coa Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas.
- A convocatoria dun orde de axudas, destinadas a áreas de servizo e establecementos de hostalaría, para o acondicionamento dos aparcadoiros existente converténdoo en aparcadoiros seguros acreditados para camiós. Isto suporá a creación da primeira rede de áreas de estacionamento seguro “de tránsito”.

Finalmente, a actuación da Dirección Xeral de Mobilidade complétase coas actividades de inspección e sanción en materia de transporte por estrada nos ámbitos da súa competencia.

O sector do transporte por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías, experimentou nos últimos anos unha indubidable transformación a nivel internacional e nacional, marcada polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas ao transporte, co xurdimento de novos modelos de negocio vinculados a estas tecnoloxías, o crecemento da actividade de intermediación, e a crecente centralización da contratación que estas permiten.

Ademais, na comunidade autónoma de Galicia, a aprobación do Plan de transporte Público de Galicia está a supoñer unha importante transformación tanto no modelo de servizos regulares de uso xeral de viaxeiros, como nas condicións de execución e xestión do seguimento dos mesmos.

Estas transformacións, entre outras, implican riscos novos de infracción da normativa en materia de transportes que afectan a bens xurídicos nela protexidos como a seguridade do transporte e a leal competencia entre os operadores económicos, que requiren unha correlativa adaptación no seu obxecto e nos seus métodos de investigación dos servizos de Inspección de Transporte dependentes da Dirección Xeral de Mobilidade.

Por iso, resulta necesaria a adaptación da planificación e a organización da Inspección do Transporte a estas novas problemáticas, así como o seu reforzo mediante a contratación dun servizo de apoio a Subdirección Xeral de Inspección do Transporte.

Por último, cabe nomear a Xunta Arbitral de Transportes de Galicia (en diante XATG), órgano extraxudicial encargado de resolver conflitos que xorden durante a execución de contratos de transporte de crecente importancia e interese para o sector. A través deste órgano, as partes involucradas poden presentar unha reclamación, desencadeando así un proceso arbitral no que ambas partes presentan as súas posicións e, finalmente, a Xunta Arbitral emite un laudo arbitral, con efectos análogos aos dunha sentenza xudicial. A XATG foi creada en 1991 pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e, desde entón, opera coa súa secretaría na Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Debido ao aumento do número de reclamacións, tanto de usuarios como de empresas, é necesario contar con apoio externo especializado para acelerar a tramitación e resolución destes asuntos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Marco normativo dentro do que se desenvolve o programa está constituído por:

- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.
- Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia.
- Lei 2/2008, do 6 de marzo, polo que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.
- Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación de servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas e mercadorías, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte, así como mellorar a competitividade das empresas de transporte. Ámbalas dúas liñas de acción contribuirán a reforzar a competitividade do sector do transporte.

Contémplanse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Avanzar na implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, con solucións de integración do transporte baixo demanda en Galicia, e na xestión dos servizos de transporte público.
- Desenvolvemento, xestión e reforzamento das medidas de fomento do transporte público previstas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, estendendo a súa área xeográfica.
- Actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros.
- Actuacións encamiñadas a mellorar a comodidade do viaxeiro, o fomento do transporte público, e ao avance na súa accesibilidade universal, tanto en transportes colectivos como nos servizos de transporte público en taxi.
- Actuación encamiñadas á creación dunha rede de aparcadoiros seguros para vehículos pesados.
- Fomentar a formación no sector do transporte.
- Fomentar a incorporación de novos profesionais ao sector do transporte.
- Optimización do funcionamento da Xunta Arbitral do Transporte de Galicia.
- Reforzo da actividade da Inspección do Transporte.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	x

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

III.1.13. PROGRAMA 312E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é a prestación do servizo de transporte adaptado do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP) para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivos integrados polas persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte colectivo, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade.
- Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos conforme á normativa que sexa de aplicación ou ter recoñecido, conforme á normativa aplicable, un grao de discapacidade igual ou superior ao 75 %.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Mellora da calidade de vida de toda a poboación, e especialmente das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación, así como a salvagarda dos dereitos das citadas persoas, son pilares básicos da actuación pública co obxectivo de favorecer e avanzar na autonomía persoal desinstitucionalizada e garantir a non discriminación nunha sociedade plenamente inclusiva.

A Comunidade Autónoma, en virtude da competencia exclusiva que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de servizos sociais.

A citada lei establece no seu artigo 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, no seu artigo 4, como un dos principios xerais dos servizos sociais, os de autonomía persoal e a vida independente.

Neste contexto, e mediante o Decreto 99/2014, do 24 de xullo, regulouse o Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, prevendo a prestación dun servizo de transporte específico e orientado a este conxunto de poboación, axeitado ás súas circunstancias específicas, diferenciado dos servizos públicos de transporte regular de uso xeral dos que a dita poboación non pode facer uso.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes atribuíu á Dirección Xeral de Mobilidade o exercicio das competencias en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.

Ante o vencemento dos contratos de servizos adxudicados en 2019 pola consellería competente naquel momento sobre este servizo de transporte, a Dirección Xeral de Mobilidade renovará no 2025 os contratos de prestación deste servizo, actualizándoos a ratios actuais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Decreto 35/2020, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras nas Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través do programa 312E, a Dirección Xeral de Mobilidade pretende facilitar ás persoas dependentes ou con discapacidade que, polas súas circunstancias específicas non poden acceder ao sistema público de transporte regular de uso xeral, unha modalidade alternativa de transporte público que atenda as súas necesidades de desprazamento.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

No ámbito das persoas con discapacidade, a maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,22% fronte ao 42,77% da poboación masculina, de acordo co informe do censo de persoas con discapacidade do ano 2022.

Neste programa encadrase o servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.

Para medir a actuación realizada empregaranse indicadores sobre o número de persoas desagregado por sexo que participan no servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade/ou en situación de dependencia. Estímase que serán un 44% serán homes fronte a un 56% que serán mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Neste programa encádrase o servizo de apoio á mobilidade persoal para as persoas con discapacidade e/ou dependentes que ten como finalidade propiciar unha integración social efectiva destas persoas poñendo a disposición das mesmas os medios axeitados para facilitar a súa mobilidade e favorecendo así a súa comunicación e participación no seu entorno habitual. Cómpre destacar que na contratación do servizo de transporte do Servicio Galego de Apoio á Mobilidade Persoal valórase como criterio de desempate a maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal de cada unha das empresas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 111E RELACIÓNS EXTERIORES	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0003 - Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da acción exterior de Galicia e apoio á presenza efectiva da Xunta naqueles foros de ámbito comunitario abertos á participación autonómica. 0007 - Xestión, seguimento, avaliación e control dos fondos comunitarios	
Programa: 121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMON XERAL E PERIFERICA DA XUNTA DE GALICIA	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.	
Indicador	Valor Previsto
P00028 - Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construción.	4
Prioridade de Actuación: PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0003 - Desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar unha mobilidade sostible (urbana e interurbana) así coma a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano. 0007 - Fomentar e incentivar a incorporación de medios de transporte menos contaminantes (vehículos híbridos, eléctricos, gas, bicicletas eléctricas, etc.). Favorecer a autonomía dos vehículos incentivando a investigación no ámbito das baterías e promover a creación dunha rede de estacións de recarga.	
Indicador	Valor Previsto
P01090 - Vehículos de transporte eficiente adquiridos	192
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0003 - Modernización, adaptación e mellora das infraestruturas sobre as que se prestan os servizos públicos (incluídas novas instalacións e equipamentos) Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - . 0010 - Implantación dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán a través dunha nova aplicación informática cun único Rexistro Xeral, e a incorporación da dixitalización dos documentos que se presenten nas oficinas de rexistro	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico
Programa: 121C RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza
Prioridade de Actuación: PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
0002 - Accións de mellora e axilización da tramitación parlamentaria das diferentes iniciativas gubernamentais
Programa: 123A ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal apostando pola innovación, o talento, a formación continua e adaptada estruturalmente aos novos retos
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.
Indicador
P00028 - Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construción.
Valor Previsto
10
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento
Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
0005 - Dixitalización no eido xudicial: consolidación do Expediente Xudicial Electrónico, aumento da dixitalización dos procedementos xudiciais e os medios dixitais para os profesionais, desenvolvemento de novos servizos para a cidadanía e garantía da interoperabilidade con outros territorios e administracións.
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
0011 - Actuacións no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0003 - Modernización, adaptación e mellora das infraestruturas sobre as que se prestan os servizos públicos (incluídas novas instalacións e equipamentos) 0006 - Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00141 - Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas	47
P1022H - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes	30.000
P1022M - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres	13
Programa: 141A ADMINISTRACIÓN LOCAL	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0002 - Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe 0005 - Admnsitración Local en materia de ordenación do territorio: servizos locais básicos, asociacionismo veciñal, etc.	
Indicador	Valor Previsto
P0076E - Entidades locais beneficiadas en actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambien	241
P0076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	115
Programa: 161A ELECCIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0011 - Eleccións e partidos políticos	
Programa: 212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - Dimensionamento dos teléfonos de información á cidadanía existentes e implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á poboación. 0002 - Mellora da dotación, equipamento e profesionalización dos servizos de emerxencia 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOE005 - Poboación beneficiada pola actuación e que diminúe o seu risco	2.690.464
P00280 - Profesionais de intervención ante as urxencias	593
P01023 - Chamadas atendidas polos servizos de emerxencias	854.813
P01024 - Medios técnicos adquiridos para o sistema de emerxencias e de protección civil	116
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	9
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	2
Programa: 312E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como prever as situacións de dependencia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0006 - Investimentos en equipamento e infraestruturas para a atención de persoas maiores e en situación de discapacidade	
Indicador	Valor Previsto
DOE036 - Poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social	100
Programa: 324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0014 - Recoñecementos médicos do persoal empregado na Xunta de Galicia	
Indicador	Valor Previsto
P00325 - Accións de formación e información desenvoltas en materia de prevención de riscos laborais	107
Programa: 331A COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eixos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Continuar a potenciar as actividades de I+d+i e avanzar no proceso de especialización establecido pola RIS3 de Galicia	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións de cooperación no exterior.	
0006 - Programas para o fomento da cooperación e o desenvolvemento.	
Indicador	Valor Previsto
P0045L - Axudas concedidas para a cooperación exterior e ao desenvolvemento	78
Programa: 423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.	
Indicador	Valor Previsto
P01038 - Alumnado con dereito a reserva de praza no sistema de transporte público regular de uso xeral	39.000
P034.H - Alumnado beneficiario do transporte escolar. Homes	1

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P034.M - Alumnado beneficiario do transporte escolar. Mulleres	1
Programa: 441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva, así como a procurando as condicións máis adecuadas que coaduxen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Apostar por medidas de fomento da actividade física con carácter xeral e en toda a poboación (fóra do ámbito educativo).	
0002 - Actuacións de dinamización deportiva mediante a construción ou mellora das infraestruturas deportivas.	
0006 - Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.	
0008 - Axuda á docencia deportiva e promoción activa da investigación no deporte a través de axudas á Facultade de Ciencias do Deporte.	
Indicador	Valor Previsto
P0076C - Entidades deportivas beneficiadas	1.400
P01011 - Actuacións en infraestruturas e equipamentos	368
P080.H - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Homes	100.000
P080.M - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Mulleres	55.000
P1009H - Número de licenzas federativas. Homes	215.000
P1009M - Número de licenzas federativas. Mulleres	80.000
Programa: 512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Programas de promoción do emprendemento e apoio ao emprego autónomo.	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Desenvolver e xestionar o Plan de Transporte Metropolitano e a Área de Transporte de Galicia e, así mesmo, Plans de Mobilidade en tódalas cidades de Galicia, con participación de tódolos axentes implicados.	
0002 - Implantar un sistema de transporte intelixente no transporte público metropolitano e interurbano de viaxeiros por estrada.	
0003 - Desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar unha mobilidade sostible (urbana e interurbana) así coma a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano.	
0004 - Modernización do transporte, incluídas as infraestruturas, sobre todo nas zonas de confluencias de distintos servizos urbanos (entradas e saídas de estacións...).	
0007 - Fomentar e incentivar a incorporación de medios de transporte menos contaminantes (vehículos híbridos, eléctricos, gas, bicicletas eléctricas, etc.). Favorecer a autonomía dos vehículos incentivando a investigación no ámbito das baterías e promover a creación dunha rede de estacións de recarga.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
D0C001 - Número de empresas que reciben axudas	700
P00029 - Actuacións e medidas de intermodalidade executadas.	3
P00222 - Número de viaxes realizadas en transporte metropolitano	16.567.136

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P01040 - Paradas dos servizos de transporte público regular de uso xeral do Plan de Transporte Público de Galicia	378
P01048 - Novas marquesiñas instaladas	124
P01122 - Bicicletas eléctricas	1.500

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

- OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
- 0001 - Garantir unha rede de infraestruturas viarias funcional, competitiva, segura, acorde coa política territorial e accesible dende os distintos territorios, para contribuír na loita contra o despoboamento no rural.

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	05	06
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	71.508					
121C-Relacións institucionais					971	
123A-Acción social en favor do persoal da Administración	300					
131A-Administración de xustiza			183.751			
141A-Administración local				22.692		
161A-Eleccións e partidos políticos					2.000	
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma						26.245
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade de no traballo	756					
441A-Promoción da actividade deportiva		38.645				
Total	72.564	38.645	183.751	22.692	2.971	26.245

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	07	08	81	A1	Total
111E-Relacións exteriores	2.184				2.184
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral					71.508
121C-Relacións institucionais					971
123A-Acción social en favor do persoal da Administración					300
131A-Administración de xustiza					183.751
141A-Administración local					22.692
161A-Eleccións e partidos políticos					2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma			3.668	10.363	40.277
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores		6.437			6.437
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade de no traballo					756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.864				9.864
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza		123.091			123.091
441A-Promoción da actividade deportiva					38.645
512A-Ordenación e inspección do transporte		87.096			87.096
Total	12.048	216.625	3.668	10.363	589.572

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111E-Relacións exteriores	1.047	212	1	908	16			2.184
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	24.508	27.694	5	121	17.850	1.290	40	71.508
121C-Relacións institucionais	785	149			37			971
123A-Acción social en favor do persoal da Administración		300						300
131A-Administración de xustiza	129.408	19.538		17.926	16.879			183.751
141A-Administración local	1.069	104		5.325	162	16.033		22.692
161A-Eleccións e partidos políticos				2.000				2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	5.921	3.619		19.307	10.229	1.200		40.277
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores		6.437						6.437
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo		523			232			756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	708			6.821	77	2.259		9.864
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza		123.091						123.091
441A-Promoción da actividade deportiva	4.304	5.906		14.032	8.608	5.795		38.645
512A-Ordenación e inspección do transporte	6.156	742		29.054	45.520	5.624		87.096
Total	173.907	188.315	6	95.494	99.610	32.201	40	589.572

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	23.503	24.508	4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	27.888	28.517	2,3
Cap. III - Gastos financeiros	256	5	-98,0
Cap. IV - Transferencias correntes	121	121	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	16.253	18.082	11,3
Cap. VII - Transferencias de capital	1.290	1.290	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	40	40	0,0
Total	69.352	72.564	4,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.155	4.304	3,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.082	5.906	16,2
Cap. IV - Transferencias correntes	29.410	14.032	-52,3
Cap. VI - Investimentos reais	11.804	8.608	-27,1
Cap. VII - Transferencias de capital	5.795	5.795	0,0
Total	56.246	38.645	-31,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	124.524	129.408	3,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	19.538	19.538	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	17.003	17.926	5,4
Cap. VI - Investimentos reais	10.929	16.879	54,4
Total	171.993	183.751	6,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.034	1.069	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	104	104	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5.100	5.325	4,4
Cap. VI - Investimentos reais	162	162	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	13.699	16.033	17,0
Total	20.099	22.692	12,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	758	785	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	149	149	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.000	2.000	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	37	37	0,0
Total	2.944	2.971	0,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.191	4.217	0,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.142	1.167	2,2
Cap. IV - Transferencias correntes	11.046	19.245	74,2
Cap. VI - Investimentos reais	847	417	-50,8
Cap. VII - Transferencias de capital	0	1.200	0,0
Total	17.225	26.245	52,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

07 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.695	1.755	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	212	212	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	1	1	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	7.052	7.729	9,6
Cap. VI - Investimentos reais	93	93	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	2.035	2.259	11,0
Total	11.087	12.048	8,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

08 DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.998	6.156	2,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	127.959	130.271	1,8
Cap. IV - Transferencias correntes	24.354	29.054	19,3
Cap. VI - Investimentos reais	52.321	45.520	-13,0
Cap. VII - Transferencias de capital	5.474	5.624	2,7
Total	216.107	216.625	0,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.103	1.140	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.300	2.300	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	228	228	0,0
Total	3.631	3.668	1,0

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	548	564	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	153	153	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	62	62	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	7.906	9.584	21,2
Total	8.669	10.363	19,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	69.352	72.564	4,6
02 SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	56.246	38.645	-31,3
03 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	171.993	183.751	6,8
04 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	20.099	22.692	12,9
05 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2.944	2.971	0,9
06 DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	17.225	26.245	52,4
07 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	11.087	12.048	8,7
08 DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	216.107	216.625	0,2
81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.631	3.668	1,0
A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.669	10.363	19,5
Total	577.353	589.572	2,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	165.859	172.202	0	1.704	0	0	0	173.907
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	182.073	185.862	0	2.453	0	0	0	188.315
Cap. III - Gastos financeiros	257	6	0	0	0	0	0	6
Cap. IV - Transferencias correntes	100.164	99.528	0	62	0	4.096	0	95.494
OPERACIÓNS CORRENTES	448.353	457.599	0	4.219	0	4.096	0	457.722
Cap. VI - Investimentos reais	92.446	89.798	0	9.812	0	0	0	99.610
Cap. VII - Transferencias de capital	36.427	42.013	0	0	0	9.812	0	32.201
Cap. VIII - Activos financeiros	40	40	0	0	0	0	0	40
OPERACIÓNS DE CAPITAL	128.914	131.851	0	9.812	0	9.812	0	131.851
Total	577.267	589.450	0	14.031	0	13.908	0	589.572

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	2025
Altos Cargos	9
Persoal Funcionario	3.614
Subgrupo A1	256
Subgrupo A2	990
Subgrupo C1	1.490
Subgrupo C2	785
Agrupacións profesionais	93
Persoal Laboral	375
Grupo I	14
Grupo II	9
Grupo III	156
Grupo IV	94
Grupo V	102
TOTAL	3.998

Medios Persoais

Academia Galega de Seguridade Pública	2025
Persoal Funcionario	21
Subgrupo A1	7
Subgrupo A2	4
Subgrupo C1	1
Subgrupo C2	7
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	2
Grupo II	1
Grupo III	1
TOTAL	23

Medios Persoais

A. G. de Emerxencias	2025
Persoal Funcionario	3
Subgrupo A1	3
Persoal Laboral	4
Grupo III	3
Grupo IV	1
TOTAL	7

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-
cións do Sector Público Autonómico**

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Cons. Local dos Peares	74	2
Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Galicia Europa	925	5
Fundación Semana Verde de Galicia	3.761	
Fundación Deporte Galego	5.044	10
Total	9.805	17

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

SECCION 06

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Con data 14 de abril de 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia o Decreto 42/2024 do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

No seu artigo 1 dispón que a Xunta de Galicia está integrada entre outras pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Con data 24 de abril de 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG N° 81) o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Este decreto no seu artigo 2 enumera como órganos de dirección da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático os seguintes:

- A Secretaría Xeral Técnica
- A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Ademais, quedan adscritos á consellería, segundo o artigo 2 apartado b) do mesmo decreto:

- A entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET).

O Decreto 137/2024, do 20 de maio (DOG nº101 do 27 de maio) establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Segundo o decreto de estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, quedan adscritos á consellería, segundo o artigo nº 3. 2 deste decreto os seguintes órganos colexiados:

- A Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.
- O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- O Observatorio Galego da Biodiversidade.
- O Observatorio Galego de Educación Ambiental.
- O Comité Consultivo para a Protección Animal.
- O Consello Galego de Pesca Continental.
- Os consellos provinciais de pesca continental.

- O Comité Galego de Caza.
- Os comités provinciais de caza.
- O Comité Galego das Árbores Senlleiras.
- A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.
- O Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia.
- O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.
- O Consello da Calidade do aire.
- O Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.
- A Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.
- A Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
- O Consello Reitor de Augas de Galicia.
- O Comité Permanente do Consello Reitor de Augas de Galicia.
- A Comisión de desaugamento da Zona Hidrográfica Galicia Sur.
- A Comisión de desaugamento da Zona Hidrográfica Galicia Centro.
- A Comisión de desaugamento da Zona Hidrográfica Galicia Norte.
- A Comisión de desaugamento da Zona Hidrográfica da Mariña.
- O Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables consonte ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, nos termos sinalados na Constitución Española, e que exercerá, no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica, para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, consonte un enfoque transversal da política ambiental integrador da perspectiva ambiental nos distintos sectores da actividade socio-económica agrupa, dentro das competencias de medio ambiente, a loita contra o cambio climático, a protección e promoción do patrimonio natural, das augas, a ordenación do litoral e a promoción da paisaxe, as relacionadas co desenvolvemento das enerxías renovables no marco do compromiso de transitar cara a unha economía neutra en emisións, partindo da contribución

das enerxías renovables á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do medio ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

No que respecta á materia de medio ambiente, continuarase coa orientación ambiental baseada na introdución de melloras na xestión, programación e planificación, para o que se van seguir empregando métodos de traballo dinámicos que comporten unha maior implicación social, empresarial e institucional.

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral Técnica da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas outras previstas na normativa aplicable ao mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería.

De acordo co disposto no artigo 11 do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá as competencias e funcións en materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables eólica terrestre, solar fotovoltaica e hidroeléctrica de competencia da comunidade autónoma, de ordenación do litoral, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, o impulso de actuación a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

De acordo co disposto no artigo 12 do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade exercerá as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos residuos, de acordo cos principios de desenvolvemento sostible e da economía circular, así como en materia de responsabilidade ambiental e sancionadora que por razón da materia lle corresponda.

Segundo o establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras e, en particular, as seguintes:

- a) O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos.
- b) A ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais.
- c) A divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xea da Comunidade Autónoma galega.
- d) O desenvolvemento e a dinamización do uso público e recreativo do medio natural.
- e) A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.
- f) A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.
- g) O estudo e a elaboración dos proxectos normativos no ámbito das súas funcións.
- h) O informe de recursos interpostos contra resolucións ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural nas materias da súa competencia.
- i) As funcións inherentes á xestión económica, execución, seguimento, control e xestión da execución dos contratos administrativos e actividades de fomento no ámbito da súa competencia por razón da materia.
- j) A xestión dos expedientes de contratación menores de competencia da dirección xeral por razón da materia.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

- Medio Ambiente:
 - Real decreto 3564/1983, do 5 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estudos de ordenación do territorio e medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.
 - Real decreto 971/1984, do 28 de marzo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 116/1984, do 29 de xuño.
 - Real decreto 659/1985, do 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral e vertidos ao mar. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 252/1985, do 28 de novembro.
- Patrimonio Natural:
 - Real Decreto 1082/2008, do 30 de xuño, de ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado en materia de conservación da natureza, a través do que se realizou a transferencia do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define os organismos autónomos como entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regulan polo dereito administrativo, e que se someten a dereito privado só naqueles casos nos que corresponda de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

Adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático con natureza de organismo autónomo figura:

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Ambas as dúas leis foron derogadas pola vixente Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu capítulo IV regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellaría competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia establece que o Instituto de Estudos do Territorio é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrito organicamente á consellaría competente en materia de ordenación do territorio, e ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, as funcións do IET son as seguintes:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.

- c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
- g) Formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.
- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

As funcións atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da comunidade autónoma.

Os estatutos do IET foron aprobado polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, que foi modificado, no que se refire as súas funcións, polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

Na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático figura adscrita a seguinte entidade con natureza de entidade pública empresarial:

AUGAS DE GALICIA

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no seu artigo 8, crea e regula o ente público Augas de Galicia con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas por esta lei, e adscribela á consellería competente en materia de augas.

O artigo do II da Lei 9/2010 encoméndalle a Augas de Galicia:

1. No eido da xestión das concas intracomunitarias, as competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de conca, así como as que especificamente se regulen na presente lei e no resto do ordenamento xurídico de aplicación.
2. Con relación ás concas intercomunitarias, a participación na planificación hidrolóxica, así como a representación da Comunidade Autónoma de Galicia nos organismos de conca do Estado na forma que fixe o ordenamento xurídico de aplicación.
3. No eido das obras hidráulicas:
 - A planificación, programación, proxecto, construción e explotación de obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia polo Consello da Xunta.
 - A promoción ante a Administración Xeral do Estado da declaración de obras de interese xeral deste.
 - A redacción de proxectos, construción e explotación de obras de interese xeral do Estado nas condicións que fixen os correspondentes convenios que terán de subscribirse entre Augas de Galicia e o órgano competente da Administración Xeral do Estado.
 - A participación na construción e explotación das obras hidráulicas de competencia das entidades locais galegas na forma regulada pola presente lei.
4. No eido da planificación territorial e urbanística, corresponde a Augas de Galicia a emisión de informe con anterioridade á aprobación inicial dos instrumentos de ordenación territorial e dos plans xerais de ordenación urbana. Igualmente, terán que someterse a informe de Augas de Galicia a aprobación e modificación dos plans parciais e especiais que conteñan determinacións có mesmo obxecto que os plans regulados pola Lei 9/2010.
5. En materia de abastecemento e saneamento de augas:
 - A ordenación dos servizos de abastecemento e saneamento en alta.
 - A elaboración dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento de acordo co previsto na Lei 9/2010, os cales conterán os criterios para a coordinación das actuacións das entidades locais competentes en materia de abastecemento e saneamento.
 - A promoción da constitución de consorcios e mancomunidades para a mellor prestación dos servizos de abastecemento e saneamento.
 - O seguimento e información do estado dos recursos hídricos segundo o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

6. En materia de vertidos:
 - A autorización e control dos vertidos de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, así como da eventual reutilización dos efluentes, e, en xeral, as demais funcións que a lexislación atribúe aos organismos de conca.
 - A autorización das obras e instalacións de vertidos desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre os mesmos.
7. A elaboración e proposta á consellería competente en materia de augas das normas que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei para a súa posterior elevación, de ser o caso, ao Consello da Xunta e o exercicio das actuacións que legal ou regulamentariamente lle sexan atribuídas.
8. En materia tributaria, actuar como suxeito activo con relación á aplicación dos tributos en materia de augas regulados na presente lei conforme á normativa vixente.

Este marco normativo ven de completarse recentemente a través da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga. Desta lei, derívanse obrigas para Augas de Galicia relacionadas coa ordenación do ciclo integral da auga e co establecemento de directrices para a mellora da xestión dos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración por parte das administracións competentes e a prestación dos servizos correspondentes.

Nesta Lei 1/2022 tamén se articula un procedemento para que, nos supostos en que as entidades locais voluntariamente o soliciten, Augas de Galicia poida asumir a xestión de determinadas infraestruturas e prestar os servizos correspondentes de abastecemento, saneamento ou depuración. O réxime tributario que xestiona Augas de Galicia tamén se adapta nesta lei para poder abordar estas novas obrigas.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias do ente son os seguintes:

- Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de abastecemento de auga, saneamento, encauzamento e defensa de marxes. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 253/1985, do 17 de outubro.
- Real decreto 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 24/1987, do 29 de xaneiro.

1.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

O artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, habilita á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para constituír, mediante convenio, consorcios con outras Ad-

ministracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrente cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático figuran adscritas as seguintes entidades con natureza de consorcio:

O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)

É froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o Concello de Oleiros e a Universidade da Coruña para coordinar, dinamizar e promover a educación ambiental en Galicia, en todos os sectores sociais, así como o intercambio científico e cultural, traballando na procura de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadáns neste eido.

O CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO DE AUGA DOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Por Decreto 53/2005, do 10 de marzo, constituíuse o Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga dos concellos de Cervo e Burela.

O consorcio, integrado polos concellos de Cervo, Burela e a Entidade Pública Empresarial "Augas de Galicia", ten por obxecto:

- A xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga, en alta, ata os depósitos municipais dos termos municipais de Cervo e Burela.
- O estudo das necesidades en orde ao abastecemento de auga na zona especificada anteriormente e a elaboración dos correspondentes proxectos para a satisfacción daquelas.
- A solicitude dos títulos administrativos pertinentes para o abastecemento das augas e, de ser o caso, vertidos, así como a execución, conservación e explotación das correspondentes obras e instalacións.
- O asesoramento técnico para o establecemento e explotación das redes locais.

Non obstante, o consorcio, a petición de calquera dos concellos consorciados, poderase facer cargo directamente tanto da xestión de abonados das súas respectivas redes locais como do mantemento e explotación destas.

1.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as sociedades públicas autonómicas como sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

Na Consellería de Medio Ambiente e Calidade Ambiental está adscrita a sociedade pública autonómica que de seguido relaciona con natureza de sociedade anónima mercantil:

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA (SOGAMA)

Creada por Decreto 111/1992, do 11 de abril, coma unha sociedade pública autonómica dependente da consellería competente en materia de residuos, ten encomendadas entre as súas funcións a xestión dos residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas seguintes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado dos residuos.

A súa denominación Social é Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) e a distribución do capital social é a seguinte: Xunta de Galicia, 51% e Gas Natural Fenosa Renovables, S.L. 49%.

A escritura de constitución da Sociedade é do 14 de maio de 1992 sendo o seu obxecto social o seguinte:

Todas as actividades relacionadas co deseño, construción, explotación e mantemento de instalación de transferencia, tratamento, eliminación e, en xeral, xestión de todo tipo de residuos engadida a recollida, transporte e reciclaxe.

O estudo, desenvolvemento e implantación de tecnoloxías, proxectos e instalación encamiñados á obtención de enerxía a partir de fontes alternativas que cooperen á preservación do medio ambiente.

A realización de todo tipo de traballos, obras, plans, estudos, informes, investigación, proxectos, auditorías, consultorías, asistencia técnica e servizos profesionais relacionados coa protección, conservación, limpeza, recuperación, rexeneración, descontaminación ou mellora do medio ambiente, así coma a xestión de todo tipo de servizos en materia medioambiental. Ditas actividades incluírán, en particular, as materias seguintes:

- Descontaminación de solos.

-
- Aproveitamento de recursos forestais para a produción de biomasa.
 - Adecuación, selado, clausura e rexeneración de vertedoiros de residuos.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, baséanse nos criterios de austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como dos departamentos territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- A coordinación e xestión da contratación pública da consellería.
- En xeral, prestar apoio aos restantes centros directivos da consellería e aos seus entes adscritos coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

Adicionalmente, a Secretaría Xeral Técnica actuará e prestará apoio na xestión dos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aos centros directivos que os teñan asignados.

Neste sentido cómpre indicar que a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e os dirixentes da UE acordaron un Plan de Recuperación e Resiliencia para axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia do coronavirus, que se destinará a inversións públicas e reformas para fortalecer as economías dos países da Unión Europea (U.E.).

Os Estados membros deben elaborar plans nacionais de recuperación que demostren que se centran en ámbitos políticos clave da UE para poder optar a dita financiación. O Plan Nacional foi aprobado por Acordo do Consejo de Ministros do 27 de abril de 2021 e publicado no BOE do 30 de abril.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Reino de España (PRTR) recolle dez pancas que se concretan en trinta compoñentes, que articulan os proxectos coherentes de inversións e reformas para modernizar o país. Todo iso cun triplo obxectivo: apoiar a corto prazo a recuperación tras a crise sanitaria, impulsar a medio prazo un proceso de transformación, e

acometer a longo prazo un desenvolvemento máis sostible e resiliente dende o punto de vista económico-financeiro, social, territorial e medioambiental.

O 16 de xuño de 2021 a Comisión Europea aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Reino de España.

A distribución territorial da financiación que recolle o PRTR se está a realizar polo Estado a través de distintos mecanismos, entre eles, a través de Conferencias sectoriais.

Nomeadamente a través de Conferencias Sectoriais, foron asignados á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, fondos do PRTR para a execución de actuacións de diversas compoñentes, concretamente fondos da compoñentes 2 (Plan de Rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana), da compoñente 4 (Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade) e da compoñente 12, na que se articulan as medidas e financiación para o desenvolvemento de proxectos relativos ao Plan de apoio á implementación da normativa de residuos, Programa de Economía Circular e Plan de Impulso ao Medio Ambiente -PIMA Resíduos. Sen prexuízo das competencias de xestión e execución de cada un dos servizos desta sección orzamentaria que reciban fondos do PRTR, a Secretaría Xeral Técnica velara pola xestión coordinada dos fondos e, a tal fin, evitará solapamentos nas liñas de axudas e ou inversións que materialicen a súa execución, propiciando unha execución acompañada entre todos eles.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

As liñas básicas de actuación da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático son as seguintes:

- Mellora nos trámites de autorización de instalacións de enerxías renovables, así como das súas infraestruturas de evacuación, a través da proposta de ferramentas informáticas que permitan unha maior eficiencia a través da tramitación telemática dos expedientes.
- Traballar na coordinación e simplificación dos procedementos de autorización relativos á instalación, ampliación e traslado das instalacións de produción enerxética procedente de enerxías renovables procedentes da enerxía eólica terrestre, solar fotovoltaica e enerxía hidroeléctrica, así como da ampliación, mellora e adaptación das súas redes e instalación eléctricas de evacuación.
- Traballar no control das actuacións relativas as instalacións de produción enerxética procedente de enerxías renovables e as infraestruturas de evacuación, a través da inspección das condicións técnicas e, de ser o caso, económicas das empresas titulares, vixiando o cumprimento das condicións establecidas nas autorización outorgadas.
- Exercer as funcións de control do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes.
- Mantemento do Rexistro Eólico de Galicia.

- Reforzar os sistemas de observación da calidade do aire e da calidade das augas e os sistemas de observación meteorolóxica e oceanográfica, para mellorar cualitativa e cuantitativamente a información e avaliación dos ecosistemas galegos.
- Traballar coa premisa de optimizar a consulta, participación e intercambio de ideas e a información cos distintos operadores sociais galegos en relación cos plans, proxectos e actuacións que teñan incidencia sobre a sostibilidade, a través do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Así mesmo, promover a comprensión por parte da cidadanía dos efectos da contaminación atmosférica na súa saúde e na degradación dos ecosistemas, a través do Consello da calidade do aire de Galicia.
- Mellorar cualitativa e cuantitativamente a estrutura para a loita contra o cambio climático e a toma de decisións e a gobernanza rexional e local en relación coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores afectados, mellorando a resiliencia fronte aos seus efectos e potenciando o valor dos servizos ecosistémicos para a protección da poboación. Partindo da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, da Estratexia de Sustentabilidade, a parte ambiental da Axenda 2030 de Galicia e da Oficina Técnica que coordina en Galicia o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, realizaranse actuacións destinadas a converter Galicia nunha rexión sostible, climaticamente neutra e resiliente aos efectos do cambio climático.
- Mellorar os sistemas de detección e comunicación de alertas de fenómenos meteorolóxicos extremos (rachas de vento, choivas intensas, sarabia, raios, neve, etc) con avisos á carta para usuarios públicos e privados (protección civil, DGT, portos, agricultores..) e para a poboación xeral, mediante aplicacións móbiles e redes sociais.
- Manter as instalacións de redes ambientais para garantir a boa calidade dos datos recollidos e obter a máxima precisión nas medicións.
- Elaboración e actualización da normativa de aplicación no ámbito das competencias da Dirección Xeral, coma o anteproxecto da Lei do Clima de Galicia, co obxecto de acadar a neutralidade climática en Galicia no prazo máis breve posible e, en todo caso, a máis tardar no ano 2050, en consonancia co Pacto Verde Europeo e co Acordo de París de 2015, outorgándolle prioridade en calquera política sectorial ás medidas de mitigación e adaptación ao cambio climático para as actuacións da comunidade autónoma.
- Potenciar o asesoramento ás entidades locais para o fomento de medidas coordinadas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia e no cumprimento da nova normativa en materia de residuos e nos fondos europeos destinados ás competencias desta dirección xeral.
- Mellorar a eficiencia enerxética dos edificios públicos da consellería.
- Continuar coa potenciación, actualización e mellora, dos medios que garantan a calidade e transparencia da información ambiental, o que permitirá facer un seguimento dos resultados da planificación.
- Impulso do Plan de Mediación medioambiental de Galicia, co fin de incentivar o uso da mediación previa á decisión da autoridade pública, e a unha nova forma de tomar as decisións ambientais, tras unha xestión cooperativa extraxudicial do conflito.

- Reforzar a protección do medio ambiente litoral a través da aprobación dos instrumentos de ordenación do litoral.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

As liñas básicas de actuación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade son as seguintes:

- Continuar coa execución dos novos Plans de Xestión de Residuos tanto urbanos como industriais para o período 2023-2035, para adaptalos á normativa en vigor en materia de residuos.
- Axudas para continuar na mellora da xestión de residuos municipais dirixidas especialmente ás entidades locais e a empresas (puntos limpos, autorreparación, biorresiduos, preparar para reciclar...).
- Desenvolvemento da Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030.
- Manter e consolidar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal) relativo ás actuación de coordinación das actividades en terra.
- Actuacións de descontaminación dos solos na Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en aqueles lugares que padecen unha contaminación histórica de sustancias peligrosas derivada da actividade de determinadas industrias que non estaban consideradas como potencialmente contaminadoras dos solos pero que provocaron unha grave situación ambiental.
- Continuar coa potenciación, actualización e mellora, dos medios que garantan a calidade e transparencia da información ambiental, o que permitirá facer un seguimento dos resultados da planificación.
- Reforzar a Plataforma Galega de Información Ambiental (GAIA) co obxectivo de integrar toda a información ambiental e simplificar a comunicación coas empresas e os sectores implicados en materia ambiental, con especial énfase na xestión dos residuos.
- Mellora da trazabilidade na xestión dos residuos municipais aglutinando a todos os actores implicados e favorecendo a súa integración con GAIA.
- Seguir afondando na incorporación da variable ambiental nos procedementos de aprobación dos plans e programas, mediante a súa avaliación ambiental estratéxica, de acordo co establecido nas directivas comunitarias.
- Reducir o impacto das actividades no medio ambiente, mediante accións que tendan a conseguir unha mellora ambiental a través da prevención e o control dos incumprimentos que impliquen un maior risco para as persoas e o medio ambiente.
- Desenvolvemento dun proxecto estratéxico para Galicia relacionado cos refugallos téxtiles procedentes de recollida selectiva municipal, como é o Hub téxtil adicado fundamentalmente á preparación para a reutilización (PxR).

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

As actuacións a desenvolver pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural para 2025, estrutúranse en tres liñas principais, segundo o seguinte:

I. CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E IMPULSO SOCIOECONÓMICO DE ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS.

A aprobación da Lei 5/2019, do 2 de agosto de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia coa finalidade principal garantir a restauración e conservación deste patrimonio, ao tempo que se potencia o seu uso sostible, supuxo unha importante actualización do escenario normativo da conservación dos espazos naturais e da biodiversidade ás novidades xurídicas estatais e da UE, tras case 20 anos de vixencia da lei anterior.

Os principais obxectivos establecidos para o ano 2025 seguen a incidir na liña de traballo establecida para garantir a protección, conservación e a posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico, asegurar o mantemento e a coherencia da Rede Natura 2000, e promover o uso sostible das áreas protexidas, desenvolvendo e afianzando as medidas que inclúe o Plan director da rede natura 2000 de Galicia.

Neste contexto, as principais accións previstas para 2025 son:

- Rede Natura

Seguirase a traballar no desenvolvemento das medidas que contempla o Plan Director da Rede Natura 2000, aprobado no 2014, modificado pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, co obxectivo de establecer obxectivos e medidas de conservación adecuadas para a súa conservación, así como para abordar futuros protocolos de seguimento. No ámbito da divulgación o paquete de medidas van dende a atención aos visitantes nos parques naturais, nas aulas da natureza e con diversas colaboración con colectivos concretos para difundir os valores do patrimonio natural e a súa debida conservación. Prestarase especial atención no 2025 á adopción de medidas para a conservación e restauración dos hábitats e os valores naturais dos 8 Monumentos Naturais de Galicia [A praia das Catedrais, a Carballa da Rocha, a Costa do Dexo, A fraga de Catasós, Pena Comeira, o Souto da Retorta, o Souto de Rozabales, e o Plegamento xeolóxico de Campodola-Leixazós].

Para dar cumprimento aos obxectivos da Rede Natura, continúaase no 2025 coa liña de axudas convocada no 2024 coa finalidade de contribuír, deter e inverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes, contribuíndo á consecución dos obxectivos recollidos no Plan Estratéxico da PAC (PEPAC de Galicia 2023-2027).

- Rede de Reservas da Biosfera de Galicia

Galicia, contribúe á Rede Española de Reservas da Biosfera con sete reservas, das que catro se atopan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá e Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e Ribeira Sacra e Serras do Oribio

e Courel última declarada no ano 2021), outra comparte territorio co Principado de Asturias (Río Eo, Oscos e Terras de Burón), e outra é de carácter transfronteirizo con Portugal (Transfronteiriza Gerês-Xurés).

Estas sete reservas representan, aproximadamente, o 35% do territorio da comunidade autónoma, e forman parte delas, como zonas núcleo, unha gran cantidade de espazos naturais protexidos pertencentes á Rede Natura 2000 de Galicia, que inclúe ZEC (Zonas Especiais de Conservación) e ZEPA (Zonas de Especial Protección para as Aves); así como varios Monumentos Naturais e Humedais Protexidos, e outras áreas protexidas por instrumentos internacionais, como é o caso dos Humedais de Importancia Internacional, do convenio relativo aos Humedais de Importancia internacional (Convenio Ramsar).

Para dar cumprimento os obxectivos da rede de reservas da biosfera de Galicia, respecto aos espazos incluídos, continúaase no 2025 coa liña de axudas convocada no 2024 dirixidas á realización de estudos/investmentos vinculados ao mantemento, a recuperación e a rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, incluídos os seus aspectos socioeconómicos, así como as iniciativas de sensibilización ecolóxica dentro da Rede de reservas da biosfera de Galicia. Estas axudas contan co cofinanciamento do Plan Estratéxico da PAC (PEPAC de Galicia 2023-2027).

- A Rede de Parques Naturais de Galicia.

A Rede de Parques Naturais de Galicia configúrase coma un sistema integrado e unitario co obxectivo de converter os parques naturais da nosa comunidade autónoma nun modelo de xestión compartida e coordinada e nunha icona da España verde, e de situar a marca "Galicia Natural e Única" como referente en España.

Os Parques Naturais están encamiñados a fomentar as oportunidades de desenvolvemento económico dos territorios e do seu contorno. É preciso dar relevancia á participación pública a través dos órganos establecidos como son as Xuntas Consultivas.

É preciso tamén dar un pulo á colaboración cos concellos en actuacións de conservación, rexeneración e mellora dos espazos con especial valor dos recursos naturais locais.

O apoio socioeconómico ás áreas de influencia dos parques naturais e da Rede Natura 2000 configúrase como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente nas ditas áreas.

No 2025 continúaase coa liña de axudas convocada no 2024 para os Parques Naturais que se inclúen no Plan Estratéxico da PAC (PEPAC de Galicia 2023-2027) afianzando o establecido no anterior Programa, dirixidas a financiar accións de apoio ao desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia, tanto dos parques naturais como da Rede Natura 2000 e seguir impulsando as axudas aos axentes do territorio de cara á mellora da paisaxe; prevención da erosión; o aumento, conservación e restauración da biodiversidade; conservación de elementos patrimoniais, culturais e naturais característicos da paisaxe agraria galega, incluíndo tamén investmentos. Igualmente cos fondos

do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia se finalizarán as inversións nos parques, tanto de conservación de hábitats como de mellora de infraestruturas.

- A xestión do Parque Nacional Marítimo Terrestre de Illas Atlánticas.

Desde o ano 2008 a xestión do Parque Nacional corresponde á Xunta de Galicia. Mellorase a oferta de uso público, a través da creación de infraestrutura, equipamentos e sinalizacións para impulsar o turismo de natureza como actividade xeradora de ingresos e emprego, compatibilizando a conservación dos valores naturais cun uso sostible do medio natural. Por outro lado, levaranse a cabo actuacións que fomenten a protección e conservación das especies e dos hábitats e que incrementen o coñecemento técnico e científico dos elementos de conservación.

Destacar que no ano 2025 continúaase coa execución do proxecto "LIFE INSULAR – Estratexia integrada para a xestión sostible dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do océano Atlántico" (LIFE20 NAT/ES/001007) en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coas inversións incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia relativas á mellora do Ciclo da Auga no Parque nacional e de Biodiversidade Mariña.

2. CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

As accións para a conservación da biodiversidade encádranse no contexto normativo derivado da Lei 5/2019 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, que ten por obxecto a conservación, o uso sustentable, a mellora e a restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeo-diversidade no ámbito territorial de Galicia.

Neste marco, en 2025 continuarase co desenvolvemento de accións encamiñadas á adecuada protección e conservación das especies de flora e fauna silvestres, especialmente daquelas incluídas no catálogo galego de especies ameazadas.

Así mesmo, continuarase coas accións necesarias para garantir a correcta aplicación das Directivas comunitarias "hábitats" e "aves", orientadas ao mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies.

- Conservación de especies ameazadas

En 2025 seguirase a traballar na aplicación das medidas de seguimento previstas na normativa básica estatal e autonómica das especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia e que son obxecto dun seguimento específico coa finalidade de realizar unha avaliación periódica do seu estado de conservación cada seis anos.

- Control de especies exóticas invasoras

A introdución de especies animais ou vexetais exóticas con comportamento invasor está considerada como a segunda causa de extinción de especies e o segundo problema ambiental, por orde de magnitude. Esta problemática atinxe enormes danos económicos en sectores relevantes como a agricultura, a pesca, o sector forestal.

A actualización do Plan Estratéxico Galego para a xestión das especies exóticas invasoras levada a cabo durante 2024 permitirá seguir avanzando no control destas especies durante 2025.

- Protección de árbores senlleiras

Con independencia das medidas establecidas para a protección de especies ou unidades taxonómicas como tales, a conservación da nosa biodiversidade vexetal pasa tamén pola protección de aqueles valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos. Estes exemplares senlleiros representan un valioso legado e un valor natural na medida de que se trata de exemplares que subsistiron aos rigores dos tempos ou que contan cunhas particularidades especiais.

No 2025 continuarase coas liñas de axudas iniciadas en 2020 que dan cobertura a actuacións para á conservación, protección e mellora destas árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, como medida de apoio para os propietarios destes elementos do patrimonio natural de Galicia.

- Rede galega de centros de recuperación de fauna silvestre

As actuacións vinculadas coa recuperación da fauna silvestre desenvolvidas nos centros de recuperación de fauna dependentes da consellería están directamente relacionadas coas medidas incluídas no Plan Director e constitúen a información base imprescindible para a adopción das medidas pertinentes para paliar as ameazas ou perturbacións sobre estas especies, tal e como se formula no citado instrumento de planificación.

É preciso seguir na liña de traballo establecida nos catro centros de recuperación de fauna cos que conta a comunidade autónoma, pola labor que se está a realizar neles para a recuperación das especies.

No marco do programa Galicia FEDER 2021/2027, en 2025 realizaranse actuacións de mellora e dotación de equipamentos nos Centros de Recuperación da Fauna Silvestre, ictioxénicos e outros centros auxiliares de conservación de fauna dependentes da consellería.

- Protección animais de compañía

O obxectivo deste programa trata de mellorar a protección e o benestar dos animais de compañía en Galicia. A posta en marcha da Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia ten suposto un gran reto no desenvolvemento de actividades específicas e medidas encamiñadas á protección efectiva dos animais e contra o maltrato.

Durante 2025 continuaranse coas actividades encamiñadas á divulgación e información á sociedade sobre os contidos e principios nesta materia, mediante campañas de concienciación en medios para o fomento da adopción de animais abandonados, xornadas informativas, así como continuar coas liñas de axudas iniciadas en 2017 para o control reprodutivo e identificación de animais, atención, loita e control do abandono e o fomento da adopción dos animais de compañía abandonados dos centros de recollida autorizados na comunidade autónoma.

Así mesmo, e dentro do financiamento do Programa Galicia FEDER 2021/2027, prevese durante 2025 o inicio das tarefas para a construción e equipamento dun centro de protección animal de titularidade autonómica para a recollida e atención de animais domésticos de compañía vagabundos extraviados ou abandonados, que virá a reforzar e complementar a rede deste tipo de centros xa existente na comunidade autónoma

- Proxecto IBERALEX:

No 2025 continúaase co proxecto “Xestión sostible de praias e humedais ibéricos: conservación da Píllara das dunas como ferramenta para compatibilizar usos humanos e biodiversidade” (0123_IBERALEX_6_E) financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 75% no marco do programa EP-Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, que ten como obxectivo xeral mellorar o estado de conservación das poboacións da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*, L) no espazo transfronteirizo, a través dunha estratexia de xestión integral de praias e humedais supralitorales e continentais que contribúa á compatibilización das actividades humanas e a conservación da súa biodiversidade asociada.

3. OS RECURSOS CINEXÉTICOS E PISCÍCOLAS

No relativo aos Recursos Piscícolas, a promoción, defensa e protección dos valores biolóxicos que ten o medio acuático continental constitúe unha das principais encomendas da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Nesta liña, en 2025 seguirase traballando no coñecemento e na investigación do estado poboacional de diversas especies piscícolas e do seu estado sanitario, así como do seu hábitat, para mellorar as condicións do medio e procurar o incremento das súas poboacións naturais e procurárase avanzar na posta en marcha das medidas incluídas na nova lei reguladora da pesca continental.

En canto á actividade cinexética, seguirase apostando polo seu carácter social e polo seu carácter de instrumento indispensable para a xestión das poboacións silvestres, posibilitando un equilibrio que faga factible o desenvolvemento de todas as especies que conviven no mesmo medio. Continuando coas liñas de pasados anos, no 2025 se impón á necesidade de seguir traballando na aplicación das medidas e axudas necesarias para paliar as afeccións ocasionadas polos ataques das especies silvestres de fauna ao gando e aos cultivos agrícolas, e minorar a tensión social asociada.

Así mesmo, seguirase apostando e traballando na implantación de medidas preventivas fronte aos danos ocasionados pola fauna silvestre (lobo, xabaril e oso) e traballando na implementación de medidas específicas fronte as afeccións ocasionadas por outras especies, evitando por outra banda que o crecemento exponencial de certas especies poida poñer en perigo os equilibrios naturais.

Tamén no ano 2025 continuarase coas liñas de axudas destinadas a entidades sen fins de lucro colaboradoras de pesca fluvial e as axudas ás entidades sen ánimo de lucro titulares de Terreos cinexéticos ordenados (TECORES) destinadas ao fomento da riqueza e xestións dos recursos cinexéticos.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)

Os obxectivos, liñas de acción e actuacións básicas do Instituto de Estudos do Territorio para o ano 2025 son:

I. Planificación da paisaxe

- Durante o ano 2025 continuarase coa implementación dunha metodoloxía de traballo para o seguimento do estado das paisaxes de Galicia, recollida tanto no Plan Estratégico da Paisaxe de Galicia 2021-2024 como no futuro plan 2025-2028, de acordo co previsto no Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, para elaborar o informe cuatrienal sobre o estado da paisaxe, e permitir abordar a actualización do Catálogo das paisaxes de Galicia.
- Continuarase co desenvolvemento dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe establecidos na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e particularmente, conforme ao Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, polo que se traballará na tramitación do Plan transfronteirizo de mellora paisaxística do Esteiro do río Miño, que se comezou a desenvolver en 2024 e que continuará ao longo de 2025.
- Elaboraranse novas guías de boas prácticas e integración paisaxística dentro da colección Paisaxe Galega e publicaranse as rematadas no ano 2024.
- Iniciaranse estudos e propostas de mellora e integración paisaxística e Plans de Acción da paisaxe e en áreas de especial significación paisaxística.
- Traballarase na promoción e difusión de itinerarios de interese paisaxístico en bicicleta e da Rede de Itinerarios de Interese Paisaxístico de Galicia.
- Continuarase coa tramitación de expedientes e informes en materia da paisaxe.
- Dentro do Plan de Formación e Divulgación, continuarase cos programas Paisaxe e Sustentabilidade e Mestres Gandeiros do Plan Proxecta, en colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Continuaranse realizando actividades de divulgación e sensibilización da poboación sobre a paisaxe.

2. Estudos do territorio

- Unha vez aprobada no ano 2024, Continuarase, xunto coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural, co desenvolvemento da Estratexia galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas (EGIVCRE).

- Continuarase coa execución do Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da Sustentabilidade Territorial, de acordo co disposto no Decreto 176/2013, do 21 de novembro.
 - Continuarase a desenvolver e liderar o proxecto “Green infrastructure for forest and trees”, baixo as siglas en inglés “GIFT”, cuxo obxectivo é mellorar as políticas rexionais creando conciencia de que unha Infraestrutura verde suficiente de árbores e bosques é un requisito previo para deter a perda de biodiversidade e mitigar o cambio climático.”
 - Incorpórase o liderado do Proxecto GREEN GAP – Impulso das infraestruturas verdes locais para a restauración da biodiversidade, a renaturalización e deseño dunha paisaxe resiliente ante o cambio climático das zonas urbanas e rurais de Galicia – Norte de Portugal seleccionado polo Programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027, cuxo obxectivo é reforzar o papel da Administración Local como actor na implantación e mellora da Infraestrutura Verde na área transfronteiriza, contribuíndo a que a Administración Local da Eurorrexión xogue un papel máis relevante na promoción das infraestruturas verdes a nivel local.
3. Cartografía e información xeográfica
- Mellora e elaboración da cobertura de ortofotografía aérea do territorio galego (PNOA) cun incremento na resolución de ata 18cm e 15 cm do voo PNOA en colaboración co Instituto Geográfico Nacional (IGN).
 - Continuarase cos traballos correspondentes ao Plan PNOA10_Galicia para a obtención de fotografías áreas de alta resolución espacial das áreas urbanas de Galicia.
 - Finalización e peche da cobertura SIOSE (Sistema Información Ocupación Suelo España) correspondente a o ano 2017.
 - Continuarase coa actualización da cartografía básica e da Información Xeográfica de Referencia: coa actualización e produción das bases topográficas a escala 1:5.000 da provincia de Ourense, en colaboración coa Amtega, e a mellora da toponimia.
 - Desenvolverase o Plan galego de cartografía e información xeográfica a través do seu programa operativo anual e poranse en funcionamento o Rexistro de Cartografía e a Cartoteca, todos eles recollidos no Regulamento de ordenación da actividade cartográfica de Galicia.
 - Continuarase coa xestión do Sistema de Información Xeográfica Corporativo (SIXC) e dos grupos de traballo da Comisión de Coordinación de SIX e Cartografía (CCSIXC).
 - Continuarase co seguimento e control da fase de despregue de tres contratos da Axencia Galega de Innovación (GAIN) na CIVIL UAVs INICIATIVE, en concreto as relativas a “Terra 1”, “Terra 2” e “Terra 3”.
 - Colaborarase coa Dirección Xeral de Urbanismo para a elaboración da cartografía dos Plans básicos municipais, actualización do Plan Básico Autonómico, así como a actualización e mellora do Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA).

- Continuarase prestando asesoramento, apoio técnico e publicación de servizos e visores de información xeográfica ao resto dos organismos en todas aquelas materias nas que o IET é competente, en especial á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e á Consellería do Medio Rural en función das súas competencias no territorio.
 - Obterase un conxunto de imaxes aéreas da zona de aplicación da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.
4. Coordinación e Fomento dos valores paisaxísticos
- Continuarase coas convocatorias de axudas para a corrección de impactos paisaxísticos, tanto as destinadas a concellos de Galicia como a particulares, que deron un resultado moi positivo na aplicación de certas medidas correctoras que desenvolveron, con éxito, a protección e coidado da paisaxe alí onde se desenvolveron.
 - Continuarase coa convocatoria do distintivo Bandeira Verde de Galicia.

II.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA

O Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia que establece que as grandes liñas de actuación de Augas de Galicia diríxense nos seguintes sensores:

- a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.
- b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza.
- c) Unidade de xestión e planificación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.
- d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.
- e) Eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración.
- f) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo asequible.
- g) Coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de augas e obras hidráulicas.
- h) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.
- i) Solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga.

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA (SOGAMA)

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) é unha empresa pública autonómica, participada no 51% pola Xunta de Galicia e no 49% por Naturgy, cuxo cometido se centra na xestión e tratamento sostible dos residuos municipais producidos na meirande parte do territorio galego conforme á orde xerárquica establecida pola Unión Europea, isto é, fomentando a prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe, que complementa coa valorización enerxética da fracción non reciclable, relegando o vertido a último lugar polo seu negativo impacto sobre a contorna e a saúde pública.

Neste escenario, as súas liñas de acción oriéntanse a:

- Impulsar o modelo de desenvolvemento definido pola economía circular, sendo a súa máxima transformar os residuos en recursos, ben a través da reciclaxe ou ben, cando esta non sexa viable, a través da recuperación da enerxía contida no lixo non reciclable, operación que leva a cabo coas máximas garantías para a protección do medio ambiente e a saúde pública.
- Contribuír á formación, concienciación e sensibilización ambiental da poboación galega, dando traslado, a través de diferentes programas pedagóxicos, das boas prácticas na correcta xestión do lixo (consumo responsable, redución, reutilización e reciclaxe).
- Promover a compostaxe da materia orgánica contida nos residuos municipais, tanto no ámbito doméstico coma no industrial.

No primeiro caso, cabe sinalar que a empresa lidera un programa de autocompostaxe ao que están adscritas 452 entidades (224 concellos, 196 centros educativos e 32 colectivos sociais), tendo repartido, de forma gratuíta, preto de 21.000 composteiros. Así mesmo, construíu unha planta de compostaxe industrial no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa (Cerceda, A Coruña), con capacidade para 15.000 toneladas anuais, que xa está operando.

- Participar en proxectos de innovación tecnolóxica ambiental que contribúan a transitar desde unha economía lineal, definida polas malas prácticas de usar e tirar, a unha circular na que os produtos permanezan na economía o maior tempo posible, minimizando a xeración de residuos.
- Promover a aplicación da intelixencia artificial e a dixitalización na súa operativa industrial co fin de facela máis moderna e competitiva, contribuíndo á descarbonización dos seus procesos e a un uso eficiente dos recursos, en liña co Pacto Verde Europeo, cuxa prioridade é conseguir que Europa sexa climaticamente neutra no ano 2050.
- Fomentar o transporte sostible para os residuos municipais, dando preferencia ao ferrocarril por ser un medio máis eficiente, fiable, respectuoso co medio ambiente e con menor incidencia a nivel de molestias cidadás.

-
- Colaborar co eido universitario a través da docencia en másters e cursos de postgrao vencellados ao medio ambiente en xeral e á xestión e tratamento dos residuos municipais en particular.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (departamentos territoriais), tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, co obxectivo de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa e de prestar un servizo público de calidade aos cidadáns que se relacionan coa administración competente en materia medioambiental.

Obxectivo estratéxico/instrumental:

- OE.2.03.03 Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As actividades que desenvolve céntranse na dirección, coordinación e control nas áreas de actividade competencia da consellería e, máis en concreto:

- Na preparación, licitación e adxudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica.
- Na xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos.
- Na xestión e control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- No estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos, así como a coordinación das funcións xurídico-administrativas que desenvolvan as distintas unidades da consellería.
- Tarefas de impulso e coordinación da tramitación de expedientes nas materias referidas na disposición adicional novena do Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Na coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións financiadas con este programa de gasto están orientadas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o que redunda en beneficio dos cidadáns demandantes dos servizos prestados por este departamento.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 42/2024 do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 137/2024, do 20 de maio (DOG nº101 do 27 de maio) establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Orde do 25 de outubro de 2019 sobre delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta este programas son:

- Xestión do persoal da consellería.
- Xestión do gasto asociado ao funcionamento operativo dos servizos administrativos.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería co fin de acadar un funcionamento máis eficiente dos servizos, evitando duplicidades.
- Coordinación e tramitación da produción normativa da consellería e dos entes do sector público adscritos a este departamento.
- Impulso e coordinación da tramitación de expedientes nas materias referidas na disposición adicional novena do Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Avanzar na centralización da contratación administrativa da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.2. PROGRAMA 541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE 2.4.5 Promover o estado de conservación de hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazas e os servizos ecosistémicos, desenvolver a Infraestrutura Verde de Galicia e xestionar e implantar os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e da súa biodiversidade.

Indicadores de resultado:

- R2405a- Número de instrumentos de planificación específicos aprobados dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Contribuír á conservación do patrimonio natural e da biodiversidade dunha forma compatible co desenvolvemento das actividades humanas é unha obriga que o goberno debe garantir. Ningunha actividade humana pode prescindir da compoñente ambiental, porque constitúe o medio sobre a que se sustenta.

A xestión e conservación da Rede Galega de Espazos Protexidos constitúe, en esencia, o eixo básico sobre o que pivota a acción da Administración pública, consciente da necesidade de dotala de réximes xurídicos axeitados, acompañados de medidas activas de conservación, restauración e posta en valor.

Continuarase co avance nas medidas establecidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Plan Director) e na xestión coordinada dos espazos que integran a Rede de Parques Naturais, de xeito que se complementarán os obxectivos formulados nas propias normativas autonómica e estatal cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000, mediante a aplicación das medidas incluídas nos plans reitores de uso e xestión (PRUX) aprobados, que desenvolverán as directrices emanadas dos planes de ordenación dos recursos naturais (PORN) de cada parque natural.

A conservación da vida silvestre como expresión da preservación dos elementos da biodiversidade constitúe así mesmo un obxectivo básico. Resulta primordial a implementación de instrumentos e ferramentas ao servizo da conservación das especies materializando a necesidade de planificar e establecer as medidas axeitadas para garantir a súa conservación, tendo en conta a prioridade das máis ameazadas. Neste sentido, no 2025 seguirase a traballar na elaboración da Estratexia galega das especies de flora e fauna ameazadas concibida co obxectivo primordial que aquelas especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas sometidas a un maior grao de ameaza, poidan contar cunha proposta de instrumento de planificación que incorpore, en cada caso, a mellor información técnica actualizada dispoñible.

Así mesmo, seguiranse impulsando a elaboración de novos instrumentos de planificación para a conservación e recuperación de especies ameazadas, como ferramentas que inciden directamente na conservación das especies, con especial incidencia na elaboración de plans integrais que contemplan a preservación de especies, tanto de fauna como de flora, con requisitos de conservación análogos, integrándose así mesmo outros tipos de medidas como son o seguimento continuo dos elementos que forman parte do patrimonio natural, as estratexias de eliminación de factores de ameaza comúns a distintos taxóns ou a elaboración de instrumentos de planificación e xestión de espazos naturais protexidos.

Protexer activamente aos animais de compañía e afondar nas políticas e accións centradas na eliminación do maltrato animal e o abandono de mascotas, é un dos obxectivos principais da nova lei de protección e benestar animal aprobada no ano 2017. A aplicación desta norma leva aparellada a necesidade de implementar medidas e accións que perseguen garantir a protección,

posesión e tenza responsable dos animais de compañía, buscando acadar o máximo nivel da súa protección e benestar.

Continuarase así mesmo prestando desde a administración autonómica o apoio iniciado en 2017 ás administracións locais para o desenvolvemento das súas competencias, mediante axudas para o control reprodutivo e identificación de animais, como medidas efectivas para a loita e control do abandono, ampliando estas axudas co fin de apoiar e poñer en valor así mesmo o papel desempeñado polas Asociacións de Protección e Defensa dos animais de compañía.

Por outra banda, a nova Lei do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia ten por obxecto acadar unha protección máis eficaz do noso patrimonio natural e continuará en 2025 coa súa plena implantación.

Como eixo transversal aplicable, incidirase no desenvolvemento de programas de divulgación, información e educación ambiental que permitan sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre a importancia de alcanzar un uso sostible do medio natural, acercando os temas ambientais á poboación e participando a participación da cidadanía nesta materia.

Compatibilizar as actividades de recreo que demanda a cidadanía coa preservación do medio natural é outro dos obxectivos deste programa. Trátase de proporcionar espazos de lecer a través da natureza, que sirvan de ferramenta para achegar á poboación a súa importancia, logrando deste xeito unha maior sensibilización e unha participación máis directa na súa conservación.

O programa 541B contempla tamén as necesidades relativas á aplicación de políticas preventivas, funcións de policía e vixilancia e control e prevención de impactos no medio natural, para o que é preciso dispor dunha adecuada dotación tanto de medios humanos como materiais co obxecto de adoptar as medidas correctoras e/ou compensatorias, de ser o caso.

Por último, este programa tamén apoia e promove o aproveitamento ordenado das especies cinxéticas e dos recursos piscícolas, integrando os requisitos de conservación e aproveitamento sostible destes recursos nas demais políticas sectoriais e garantindo unha xestión sostible dos ecosistemas.

Cabe destacar que para o ano 2025 continúaase coa execución dos proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, é o elemento central de NextGenerationEU, destinado a financiar os plans de recuperación e resiliencia dos Estados membros da Unión Europea.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Ademais da poboación en xeral:

- Á poboación residente no medio rural, con especial incidencia nos residentes na área de influencia dos espazos protexidos.
- Ás Corporacións Locais.
- Aos visitantes dos espazos naturais.
- Ás asociacións de protección e defensa dos animais.
- Ás sociedades e entidades colaboradoras e representativas da actividade cinexética e piscícola.
- Aos colectivos de gandeiros, agricultores e silvicultores.
- Ás asociacións ecoloxistas entre cuxos fins figure a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade
- Á comunidade científica e ás universidades.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A conservación do Patrimonio Natural e a Biodiversidade en Galicia ten como escenario común fundamental a súa grande heteroxeneidade, expresada por unha banda na variabilidade das características bioxeográficas e socioecolóxicas, pero tamén, na conxunción de características e factores derivados; por unha banda, dos aspectos ecolóxicos e xeográficos e por outra, nas iteracións humanas que afectan á práctica totalidade do territorio, e que teñen na configuración territorial de Galicia o seu aval máis significativo.

Galicia amosa sen dúbida, un perfil crecente urbano e unha translación da poboación dende o interior á costa, cun territorio rural do 90 % no que se asenta unha importante porcentaxe da poboación total. Esta afirmación ten o seu aval máis significativo nas 26.892 entidades singulares de poboación con menos de 100 habitantes e os 198 municipios con menos de 5.000 habitantes dun total dos 313 dos concellos galegos.

O territorio galego amósase ademais como un escenario complexo, no que a demanda de bens e servizos ten unha correlación directa coa dispersión da poboación e coas necesidades estruturais. As características da propiedade, o alto peso do sector primario, a alta produtividade dos ecosistemas, as fortes demandas de solo para os usos agrarios, forestais ou urbanísticos, a gran dispersión da poboación ou a ocupación intensa dunhas áreas, que incrementan a demografía en termos relativos, fronte ao abandono propiciado polo éxodo rural noutras, configuran este territorio de fortes contrastes dun xeito significativo. Este contexto intensamente antropizado, cunha compoñente rural moi acusada, presenta unha forte dependencia entre as actividades coas que a biodiversidade coexiste e o equilibrio das poboacións silvestres depende, en grande

medida, da existencia e da harmonización coas actividades que se desenvolven e manexan no territorio.

As políticas de conservación da natureza abórdanse desde a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e isto propicia un enfoque integrado das políticas do territorio. Por outra banda, o programa debe afrontar as accións para o fomento da información ao público e os mecanismos de colaboración, cooperación e participación activa da sociedade na consecución destes obxectivos de conservación.

No ámbito das competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Natural determínanse as seguintes problemáticas a abordar:

- Posible deterioro e perda da biodiversidade e do patrimonio natural.
- Representatividade das áreas protexidas en termos relativos no contexto español e comunitario.
- Necesidade de impulso da planificación específica a través de instrumentos que fixen as normas de uso, xestión e desenvolvemento transversal dos espazos protexidos.
- Necesidade de impulso do conxunto de ferramentas necesarias para a xestión das poboacións de fauna e flora silvestres, como os plans de recuperación e conservación de especies ameazadas. Resulta preciso seguir centrando esforzos en dar a coñecer os contidos destes plans tanto aos sectores da poboación mais directamente afectados polas medidas de conservación, como a aqueloutros sectores que reclaman mais medidas de conservación das especies, co fin de axuntar esforzos e compatibilizar ambas sensibilidades.
- Mellora e adecuación de infraestruturas, equipamentos e servizos de uso público que garantan o uso apropiado e sostible do medio natural, en especial, nos espazos naturais protexidos. Estas infraestruturas e equipamentos constitúen unha ferramenta básica na ordenación do uso público e deben ser suficientes e de calidade adecuada. Cómpre polo tanto continuar investindo neste fin, para incluír novos equipamentos e mellorar a súa calidade.
- A oferta limitada dos servizos a visitantes nos espazos naturais protexidos constitúe unha debilidade.
- As áreas protexidas en xeral e os parques, en particular, constitúen escenarios obxectivos de gran valor intrínseco para o desenvolvemento económico e social. É necesario continuar con liñas de axudas necesarias para a promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora do emprego nestas zonas.
- Necesidade de avanzar na transmisión de coñecemento e difusión dos valores do patrimonio natural e a biodiversidade, como ferramenta principal ao servizo da conservación e da poboación.

- Necesidade de incrementar as medidas necesarias para garantir un aproveitamento ordenado dos recursos piscícolas, de cara a preservar para as xeracións futuras unha pesca fluvial máis sustentable, sostible no tempo e compatible cunha protección do medio ambiente a longo prazo. Débese mellorar a accesibilidade das canles fluviais para a ictio-fauna, fomentando a conectividade dos hábitats e as especies.
- En canto á ordenación da actividade cinexética, é preciso seguir traballando na aplicación das medidas necesarias para paliar as afeccións ocasionadas polos ataques das especies silvestres de fauna ao gando e aos cultivos agrícolas, e á tensión social asociada. Para isto, cómpre continuar coas medidas implementadas, que inclúen axudas de carácter compensatorio para os afectados, debendo incidirse na necesidade dun maior acceso ás axudas para a adquisición de medidas preventivas fronte aos danos ocasionados pola fauna silvestre, así como incrementarse a divulgación e maior coñecemento entre os sectores afectados sobre estas medidas, co fin de fomentar e apoiar a corresponsabilidade na xestión deste problema.
- Necesidade de mellorar a participación dos colectivos implicados na toma de decisións ambientais.
- Necesidade crecente de medios para afrontar de forma áxil a emisión de informes sobre plans, programas e proxectos que podan afectar á integridade dos espazos naturais, hábitats e especies ameazadas.
- Impulsar a conservación e mellora do patrimonio natural nos espazos naturais mediante actuacións que permitan a conectividade de zonas urbanas e periurbanas para evitar a perda ou deterioro de especies e hábitats e lograr a máxima dotación de superficie verde.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Actualmente a Unión Europea está a traballar nun novo marco global, posterior a 2020, para reverter a perda de biodiversidade neta, de acordo cos compromisos acadados na 15ª Conferencia das Partes do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica.

A Estratexia de Biodiversidade da UE ata 2030 subliña a necesidade de garantir a coherencia dos obxectivos da UE, entre outros, coa seguridade alimentaria, o cambio climático e o uso sostible dos recursos naturais, instando aos Estados Membros a que apliquen as medidas necesarias de xeito rápido e ambicioso. Se ben recoñece que a UE conta con marcos legais, estratexias e plans de acción para protexer a natureza e restaurar hábitats e especies, indica que para acadar a recuperación en 2030 da biodiversidade débense intensificar as labores de protección e restauración, e sinala que abordar a perda de biodiversidade e a restauración dos ecosistemas requirirá de importantes inversións, públicas e privadas tanto a nivel nacional como europeo para satisfacer as necesidades da Estratexia, incluídas as prioridades de inversión para Natura 2000 e a infraestrutura verde.

Este contexto reflectirase nos marcos comunitarios de acción e nos regulamentos que desenvolven os fondos comunitarios.

Todas as actuacións previstas acomódanse aos principios do VI Programa de Acción Comunitaria en materia de medio ambiente, programa que resulta de especial interese como ferramenta de primeira importancia para acometer iniciativas de desenvolvemento sostible.

Por último, detállanse as disposicións legais que enmarcan as actuacións do programa:

- Comunitaria:
 - Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
 - Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
 - Regulamento (UE) 511/2014 do Parlamento e o Consello, do 16 de abril, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoya sobre o acceso aos recursos xenéticos e a participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión.
 - Regulamento (UE) nº 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras.
- Estatal:
 - Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.
 - Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.
 - Real Decreto 1082/2008, do 30 de xuño, sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia).
 - Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, modificada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro.
 - Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.
 - Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.
 - Real Decreto 124/2017, do 24 de febreiro, relativo ao acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxóns silvestres e ao control da utilización.

- Autonomía:
 - Decreto 95/2017, do 21 de setembro, polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia
 - Decreto 69/2016, do 19 de maio, polo que se crea a Rede de Parques Naturais de Galicia
 - Decreto 101/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais da Serra da Enciña da Lastra e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.
 - Decreto 102/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Invernadeiro, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Invernadeiro.
 - Decreto 24/2020, do 9 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 274/2001, do 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Monte Aloia e polo que se aproba o II Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Monte Aloia.
 - Decreto 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.
 - Decreto 24/2022, do 3 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.
 - Decreto 21/2023, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume.
 - Decreto 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais.
 - Decreto 30/2015, do 5 de febreiro, polo que se aproba o Plan de conservación do humidal protexido Lagoa e areal de Valdoviño.
 - Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.
 - Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

- Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.
- Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.
- Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do galápagos europeo (*Emys orbicularis* L.) en Galicia.
- Decreto 149/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Recuperación do Oso Pardo.
- Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.
- Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que se regula o Catálogo Galego de Arbores Senlleiras.
- Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.
- Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.
- Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.
- Decreto 130/1997, do 14 maio, polo que se aproba o regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continental.
- Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, polo que se crea e se regula o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia.
- Orde do 20 de marzo de 2017 pola que se aproba o Plan de acción para a loita contra o uso ilegal do veneno no medio natural de Galicia.
- Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Beneficios a acadar:

- Mantemento nun estado de conservación favorable de hábitats e especies mellorando o seu estado de conservación, de ser o caso.
- Lograr unha representación axeitada dos hábitats e das especies propios de Galicia que garanta a súa conservación activa dentro das políticas de espazos naturais protexidos consolidando unha rede de espazos protexidos nun estado adecuado de conservación, cun modelo de xestión compartida e coordinada.
- Ultimar a aprobación e aplicación dos instrumentos de planeamento dos espazos naturais protexidos.
- Posta en valor e desenvolvemento sostible social e económico dos territorios con marcado carácter ambiental.
- Establecer infraestruturas verdes que proporcionen servizos ecosistémicos para a sociedade así como a conectividade entre paisaxes, ecosistemas, hábitats naturais ou seminaturais e que aseguren diversidade biolóxica e os procesos ecolóxicos evolutivos.
- Mellorar a situación de apoio ao desenvolvemento aos habitantes, empresas, ONG, entidades e institucións locais da área de influencia dos Parques Naturais, do Parque Nacional e dos espazos naturais protexidos, axudando a manter o tecido poboacional das áreas incluídas nos espazos, potenciando o valor dos espazos protexidos como axente de desenvolvemento económico e dinamizador das economías locais do seu contorno.
- Dotar os espazos naturais das infraestruturas, equipamentos e servizos ambientais con suficiente oferta e calidade para o goce dos usuarios ordenando o uso socio recreativo do medio natural compatibilizándoo coa súa conservación e garantindo un uso racional do medio natural acorde coas demandas dos usuarios e coa fragilidade dos ecosistemas.
- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza.
- Mellorar o nivel socioeconómico das poboacións que están integradas nos espazos protexidos, fomentando actividades produtivas respectuosas co medio, e a distribución equitativa dos beneficios ambientais.
- Fomentar a participación das persoas e dos colectivos implicados na conservación do medio e na toma de decisións ambientais.
- Obter os máximos servizos ambientais e sociais das infraestruturas verdes e da biodiversidade para avanzar no valor que a sociedade lles outorga, que permitan o uso e desfrute público por parte da poboación.
- Mellorar o nivel de protección e benestar dos animais de compañía.
- Procurar o equilibrio das poboacións de fauna silvestre e a súa compatibilidade cos intereses de agricultores e gandeiros.

- Acadar un aproveitamento sostible dos recursos piscícolas e a súa preservación para as xeracións futuras.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As estratexias de conservación da biodiversidade constitúen unha oportunidade para promover a igualdade e a equidade entre homes e mulleres. As políticas seguidas desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural provocan a introdución de novas actividades ou cambios nas prácticas existentes, podendo tales cambios estar relacionados co uso da terra, agricultura, silvicultura, gandería, zonas pesqueiras e xestión dos recursos hídricos, entre outras actividades, nas que mulleres e homes levan a cabo participacións distintas, tendo acceso desigual a estes recursos e beneficiándose do seu uso de xeito diferente.

No marco das estratexias nacionais e internacionais de conservación e preservación da biodiversidade, calquera iniciativa nesta materia debe garantir que o desenvolvemento e implementación das propostas, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades de acceso e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes. Isto queda garantido en todas as estratexias e plans nesta materia promovidos desde a consellería.

A conservación e preservación do patrimonio natural e a biodiversidade de cara ás xeracións futuras é, na mesma medida, un asunto social e un problema ambiental e o éxito da conservación sustentable depende principalmente do uso que os diferentes grupos de persoas

Ile dean aos recursos biolóxicos. Considérase que as mulleres teñen un papel clave na xestión da biodiversidade xa que teñen un papel crucial en campos como o da xestión da agricultura e son as responsables do control, desenvolvemento e transmisión do coñecemento tradicional, moi ligado á conservación da biodiversidade. Dado que as mulleres representan polo menos a metade dos(as) usuarios(as) dous recursos biolóxicos, considérase primordial a súa implicación na conservación e a sustentabilidade destes recursos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

Para contribuír co Obxectivo “Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade”, identifícase a seguinte medida:

- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas”.
- Indicador estimado (número de contratos que incorporen as citadas cláusulas): 10.

- Importe que se estima destinar a estes contratos: 500.000,00 €.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

III.1.3. PROGRAMA 541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE 2.4.4: Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados.

Indicadores de resultado:

- Porcentaxe de residuos reciclados respecto ao total de residuos tratados.
- Produción total de residuos domésticos.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A este programa asígnanselle os recursos destinados a conseguir unha adecuada protección do medio ambiente, priorizando as actuacións de revisión e planificación da xestión dos residuos da comunidade autónoma.

Os obxectivos nos que se centra o programa son, por unha parte, a xestión dos residuos, o fomento da súa reutilización, a reciclaxe e a súa recuperación como instrumento para previr o impacto ambiental e, por outra, trátase de previr, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, mellorando a avaliación ambiental e apoiando ás empresas na toma de decisións en relación coa minimización do impacto da súa actividade no medio ambiente.

Un dos puntos fundamentais no que se centra este programa é a xestión de residuos.

Os obxectivos básicos da actual política de residuos da Unión Europea (UE) son previr os residuos e fomentar a reutilización, a reciclaxe e a recuperación para reducir o impacto ambiental. O obxectivo a longo prazo é que a UE se converta nunha sociedade que se manifeste en prol da prevención na xeración de residuos, promoción da reutilización, reciclado e redución do vertido, de xeito que se derive nunha xestión sustentable das materias orientada a protexer, preservar e mellorar a calidade do ambiente, así como a protexer a saúde humana, garantir a uti-

lización prudente, eficiente e racional dos recursos naturais, promover os principios da economía circular, mellorar o uso da enerxía renovable, aumentar a eficiencia enerxética, reducir a dependencia da Unión dos recursos importados, crear novas oportunidades económicas e contribuír á competitividade a longo prazo.

Co obxectivo fundamental de facilitar e promover a transición cara a unha verdadeira economía circular, o Consello da Xunta de Galicia aprobou, o 12 de decembro de 2019, a Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030. Así mesmo, aprobou a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. Ambas regulacións desenvolven o marco procedimental establecido pola Comisión, adaptándoo ás súas peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas, o que non só comportará beneficios ambientais asociados á correcta xestión dos residuos e á protección do solo, das augas, do aire e do clima, senón que proporcionará igualmente beneficios económicos e sociais asociados.

Tamén ten en conta as particularidades do territorio galego (dispersión, multiplicidade de entidades poboacionais, estruturas organizativas, etc.) á hora de deseñar os modos de xestión e a súa loxística, tanto no que se refire aos modelos de recollida propostos, como ás posibilidades tecnolóxicas das infraestruturas de tratamento para cada fracción.

Os obxectivos a alcanzar son:

- Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia, en canto ao peso pero tamén en volume, diversidade e perigosidade, desaxustando a produción de residuos do crecemento económico.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.
- Potenciar a xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais.
- Potenciar as recollidas comerciais en orixe.
- Potenciar o mercado da reciclaxe.
- Garantir a complementariedade de modelos.
- Desenvolver as infraestruturas precisas para tratar os residuos xerados, conseguir os obxectivos marcados e potenciar deste xeito a organización territorial, baixo criterios de suficiencia, proximidade, viabilidade ambiental e económica.
- Minimizar o vertido final en depósitos controlados, especialmente da fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implantación e os coñecementos da poboación e dos xestores.
- Garantir a calidade e transparencia da información.
- Acomodar o sistema de xestión de residuos ao sistema de xestión urbana, como un elemento máis, interrelacionado con outros como a xestión do espazo público, a mobilidade e o ruído.

- Prever a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoas e empresas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Entre as conclusións da diagnose realizada da xestión de residuos domésticos en Galicia nos últimos anos destacan as seguintes:

1. A baixa xeración per cápita de residuos en Galicia en comparación con outras comunidades autónomas e outros países da Unión Europea. A reciclaxe (incluída a compostaxe da fracción orgánica) dos residuos domésticos e industriais sitúase por debaixo da media Europea e lonxe dos obxectivos para 2025 e 2030 (55% e 60% respectivamente, tal e como se recolle na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia).
2. Dificultade para a determinación das características de perigosidade dos residuos e dificultades á hora de identificar os tratamentos máis adecuados aplicables a cada tipo de residuos.
3. Insuficiente información referente á xeración e recollida de residuos.
4. As posibilidades de optimización que ofrecen as plantas existentes grazas á implantación de melloras nos procesos de clasificación, recuperación e tratamento que permitan optimizar o rendemento das mesmas.
5. Arraigo de malos hábitos de compra e de consumo tal como a xeneralización da pauta de “usar e tirar” e poucos incentivos para a reparación dos produtos co fin de prolongar a súa vida útil, así como a inadecuada xestión e manipulación dos alimentos por parte dos consumidores, que leva a grandes desperdicios.
6. Xeneralización do fenómeno da obsolescencia programada.
7. A elevada dispersión territorial non fai aconsellable un modelo único de xestión, debendo incorporarse novas loxísticas para o medio rural onde algunhas recollidas selectivas teñen unha baixa eficiencia.
8. Baixo nivel de desenvolvemento das recollidas a grandes xeradores.
9. Necesidade de ampliar a xestión in situ, especialmente en lugares con elevada dispersión territorial e plantas de tratamento afastadas, favorecendo o tratamento da fracción orgánica en plantas locais ou comarcais de compostaxe.
10. Necesidade de acometer medidas para impulsar a recollida separada de biorresiduos e a súa reciclaxe (os biorresiduos son aqueles que proceden exclusivamente da recollida selectiva). Dada a importancia da fracción orgánica sobre a xeración total de residuos, e o obxectivo establecido, considérase prioritario actuar sobre a súa xestión.

- II. Necesidade de fomentar a xestión dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos tendente a evitar dunha maneira segura e adecuada que estos residuos rematen en vertedoiros incontrolados.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa desenvólvese dentro do marco legal establecido por:

- Normativa comunitaria:
 - Directiva (UE) 2018/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.
 - Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos.
 - Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31/CE relativa á vertedura de residuos.
 - Directiva (UE) 2018/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifican a Directiva 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, a Directiva 2006/66/CE relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e a Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
 - Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de novembro de 2010 sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación).
 - Directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas (Directiva Marco de Resíduos).
 - 2003/33/CE - Decisión do Consello, do 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros con arranxo ao artigo 16 e no anexo II da Directiva 1999/31/CEE.
- Normativa estatal:
 - Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
 - Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido de prevención e control integrados da contaminación.
 - Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, pola que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
 - Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

- Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.
- Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, de produtos fertilizantes.
- Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
- Normativa autonómica:
 - Lei 1 /1995, do 2 de xaneiro de 1995 de Protección ambiental de Galicia.
 - Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia
 - Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
 - Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de Inspección ambiental de Galicia.
 - Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e a xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
 - Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.
 - Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan os contidos dos estudos de minimización da produción de residuos que deben presentar os produtores de residuos de Galicia.

Dentro do planeamento debe destacarse o encadre de parte das actuacións deste programa no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022, á espera de que se aprobe un novo plan de xestión.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Xestión de residuos:

Neste eido continuarase coa progresiva implantación das políticas economía circular, reutilización, reciclado e redución de residuos, como con actuacións que se estenden a diferentes ámbitos:

1. Prevención e redución da produción, partindo dunha política de comunicación a todos os niveis propiciando un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo así como nos modos de xestión, promovendo un uso máis eficaz dos recursos.
2. Creación dunha rede galega para a preparación, reutilización e reparación.

3. Fomento da recollida selectiva en orixe de todas as fraccións, fomentárase a implantación da recollida selectiva da materia orgánica e de biorresiduos entre grandes produtores, especialmente en zonas turísticas.
4. Promoción e apoio ao uso do compostaxe.
5. Fomento da formación e concienciación co fin de implicar á cidadanía e ás distintas organizacións nas actuacións de xestión de residuos (prevención, reciclaxe e compostaxe), con especial atención á sensibilización encamiñada á redución do consumo de bolsas dun solo uso.
6. Potenciar os medios que garantan a calidade e transparencia da información, a través da creación dun sistema compartido e homoxéneo de información estatística, que estea a disposición da poboación e que sexa facilmente comprensible.
7. Apoio ás entidades locais mediante actuacións dirixidas a: (1) potenciar a recollida selectiva en orixe e xestión da fracción orgánica dos residuos municipais coa finalidade de contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados pola normativa; (2) fomentar a prevención e preparación para a reutilización de residuos municipais; (3) mellorar os servizos de proximidade e as instalacións a disposición dos cidadáns que complementen a función que presta a rede de puntos limpos existente na nosa comunidade autónoma para a entrega de determinados residuos, ao fin de favorecer a súa adecuada recollida e clasificación así como o impulso para a preparación para a reutilización, no seu caso.

Control ambiental:

1. Potenciar unha cultura medioambiental nas actividades tendentes a fomentar os sistemas de autocontrol ou xestión ambiental, incidindo no enfoque preventivo e na economía circular.
2. Reducir o impacto das actividades no medio ambiente, mediante accións que tendan a conseguir unha mellora ambiental a través da prevención e o control dos incumprimentos que impliquen un maior risco para as persoas e o medio ambiente.
3. Promover a calidade, competencia técnica e mellora continua.
4. Mellorar a avaliación ambiental, garantindo que as declaracións de impacto ambiental, así como as autorizacións ambientais integradas, sexan resoltas no menor tempo posible e dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.
5. Actuacións de prevención de riscos medioambientais e de recuperación de solos contaminados.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose).

As actividades do programa non están dirixidas especificamente ás persoas polo que non procede diferenciar a situación de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención do programa.

- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito.

No medio ambiente, as mulleres de todo o mundo compren funcións ben definidas: na ordenación da fauna e da flora, das terras áridas, dos humedais e da agricultura, na xestión da auga, etc. pero tamén na vixilancia do medio. Deste xeito aportan o seu tempo, aptitudes e visión persoal no desenvolvemento das comunidades, converténdose nunha fonte invaluable de coñecementos e pericia na xestión do medio ambiente.

Nun estudo do Banco Mundial do ano 2002 chegouse á conclusión de que a igualdade de xénero é fundamental para a economía dos países e de que o desenvolvemento sostible non é posible sen equidade. Estes dous elementos, igualdade e equidade, son en consecuencia elementos esenciais e condicións indispensables para a conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

En calquera análise que se faga da muller e do medio ambiente debe terse en conta:

- A división do traballo e as responsabilidades baseadas no xénero.
- Os coñecementos, e cando nos referimos a eles non falamos só de nivel de educación senón tamén dos coñecementos tradicionais, de gran arraigo en Galicia. Moitos coinciden en sinalar que os coñecementos das mulleres sobre o medio ambiente son un recurso sumamente valioso que se ten desbotado con demasiada frecuencia.
- O acceso aos recursos e o control destes.

- A posición da muller dentro da familia e na comunidade, que determina en gran medida o control que estas teñen sobre as decisións relacionadas co medio ambiente, como as actividades de conservación e rexeneración do medio ambiente.

Deste xeito na parte deste programa enfocada á xestión de residuos é de vital importancia a participación das mulleres nos cambios progresivos nos hábitos de consumo e nos procesos de reutilización e reciclaxe de todo tipo de residuos, na posta en marcha dos proxectos de compostaxe e máis concretamente nos de autocompostaxe. Pero a dita participación non pode ser entendida como unha función exclusiva das mulleres, senón que as mulleres son o elemento clave e propulsor da sensibilización, formación e concienciación de todos aqueles que no seu entorno, por descoñecemento ou por abandono non colaboran na promoción dun uso máis eficaz dos recursos nunha economía circular.

Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto.

As actividades do programa benefician á toda a sociedade, polo que no procede diferenciar entre número de homes e mulleres beneficiarias /os do programa de gasto.

Existencia de indicadores con relevancia de xénero

Non existen indicadores con relevancia de xénero neste programa de gasto.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas están destinadas a toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todas as accións planificadas prestan atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes, polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Inclusión como cláusula de desempate a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade nos contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2024, de conformidade co disposto nos artigos 72 e seguintes do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

Nos contratos que se tramitan con cargo ao programa inclúese como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23

de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario efectivamente percibido.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Neste ámbito, en cumprimento do establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos contratos nos que se empregan unha pluralidade de criterios de adxudicación inclúese un deles referido ás políticas empresariais en materia de conciliación, vida persoal, familiar e laboral e coresponsabilidade. Este criterio é valorado nos expedientes desta dirección xeral, como mínimo, co 10% da puntuación máxima que se lle atribúe ás ofertas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

III.1.4. PROGRAMA 541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE.

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

- Instituto de Estudos do Territorio (IET):
Obxectivo estratéxico:
 - OE 2.3.3 Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática.
 - OE 4.4.1. Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Verte-

bración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial.

Indicador de resultado:

Non hai ningún indicador de resultado asociado.

- Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático:

Obxectivo estratéxico 1:

- OE 2.3.1: Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

Indicador de resultado:

Tempo medio transcorrido entre as chamadas e a mobilización de medios.

Obxectivo estratéxico 2:

- OE 2.3.3: Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática.

Indicador de resultado:

Poboación exposta a calidade do aire urbana mala ou mellorable. Número de persoas mortas directamente atribuído a desastres por cada 100.000 habitantes. Total de Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) das unidades residentes per cápita. Total de emisións de GEI das unidades residentes por PIB.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto da cobertura, principalmente a dúas necesidades fundamentais.

Por unha banda, a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o obxectivo do programa consiste fundamentalmente na protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, no estudo e análise do territorio e na elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais, así como na promoción da cultura da sustentabilidade territorial, fomentando a sensibilidade da cidadanía sobre o medio ambiente, o territorio e a paisaxe.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da Paisaxe de Galicia constitúe o marco de referencia para o desenvolvemento das políticas encamiñadas á protección, ordenación e xestión da paisaxe, así como á sensibilización cidadá. Esta lei establece unha serie de instrumentos que se teñen que desenvolver a partires das prioridades definidas na Estratexia da Paisaxe Galega, apro-

bada para o período 2021-2024. Cada un dos obxectivos que define a Estratexia concretarase en liñas de actuación entre as que se poden destacar a aprobación do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e a aprobación do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, a elaboración de plans de acción da paisaxe. Conxuntamente co funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, creado polo Decreto 19/2018, do 1 de febreiro, son instrumentos para acadar unha mellor gobernanza da paisaxe galega. Así mesmo, estes instrumentos deben ser complementados con outras ferramentas específicas para a xestión da paisaxe.

Pola súa banda, a Estratexia de infraestrutura verde de Galicia ten como obxectivo a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde, para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático e a restauración de ecosistemas degradados. En sintonía coa estratexia nacional estase a tramitar a Orde pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.

No eido da información xeográfica e territorial, dáse cumprimento aos mandatos legais establecidos na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, que traspuxo ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE), na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio (DOTs), e no Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Outra das accións que se levan a cabo dentro deste programa de gasto é o desenvolvemento do Plan de seguimento da sustentabilidade territorial, establecido no Decreto 176/2013, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, que da resposta ás propias determinacións das DOTs.

Por último hai que facer mención ás axudas para o desenvolvemento de actuacións destinadas á corrección de impactos paisaxísticos. Estas axudas foron convocadas por primeira vez no ano 2021 unha vez detectada a existencia de moitos bens, tanto de titularidade privada como de titularidade municipal que, pola súa situación ou estado de conservación, producen impactos paisaxísticos.

Con estas axudas contribúese a concienciación e sensibilización da sociedade, así como a posta en valor da paisaxe galega, achegando á cidadanía e aos concellos unhas axudas que permiten recoñecer a importancia da responsabilidade compartida na mellora e conservación da esencia de Galicia no eido do respecto paisaxístico.

Por outra banda dende a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático a este programa asígnanselle os recursos destinados a impulsar políticas ambientais en materia de cambio climático, de planificación do entorno natural, información e educación ambiental, así como a aplicación da divulgación da avaliación ambiental para promover o desenvolvemento sostible.

Os obxectivos do programa consisten en:

- Promover a cultura da sostibilidade a través, entre outros, de programas de educación para a sostibilidade en centros educativos e programas vinculados á ordenación do territorio no ámbito da sostibilidade.
- O coñecemento do medio, cuns niveis óptimos de investigación, observación e información ambiental, a través de accións para a observación e a predición ambiental, atendendo especialmente aos sistemas ecolóxicos galegos.

En síntese, o programa atende ás seguintes necesidades:

- Consolidar o control e a observación medioambiental co fin de xerar información axeitada para loitar contra o cambio climático.
- Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático.
- Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da poboación, territorio e actividades económicas en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
- Prever e minimizar os danos provocados polos incendios forestais, fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos e outras catástrofes medioambientais, mellorando a prevención e defensa contra os mesmos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O obxecto do mesmo determina o carácter universal deste programa, repercutindo no conxunto da cidadanía galega en xeral.

Non obstante, o plan de seguimento da sustentabilidade territorial e a Estratexia da Paisaxe Galega, van especialmente dirixidos aos xestores públicos, que deben velar polo seu cumprimento.

As axudas de corrección de impactos paisaxísticos integradas nesta última, van dirixidas tanto a particulares como a concellos, co obxecto de formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes: promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, así como calquera outra que teña relación co seu obxecto e fins. Promóvese, deste xeito, unha cultura de dignificación do territorio galego

no que a cooperación interinstitucional resulta estratéxica, fomentando o coidado da riqueza paisaxística en ámbitos especialmente sensibles e desenvolvendo así obxectivos previstos, tanto naquel como na Estratexia da Paisaxe Galega: a súa posta en valor e a concienciación e sensibilización da sociedade, poñendo especial fincapé na administración pública (recoñecemento por toda a poboación da relevancia do seu papel e da importancia da responsabilidade compartida na mellora e conservación da esencia de Galicia neste eido).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A xestión da paisaxe é unha actividade relativamente recente nas administracións públicas. Non obstante, dispónse xa en Galicia dunha base de coñecemento e experiencia desenvolvida nos últimos anos, o que permitiu acometer con garantías a elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia, das Directrices da Paisaxe, do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; do primeiro Plan de Acción da Paisaxe aprobado na Ribeira Sacra; e que permite a redacción dos informes de integración paisaxística que se veñen elaborando.

Dende a entrada en funcionamento no ano 2012, o Instituto de Estudos do Territorio está resultando un instrumento transversal do goberno, encargándose do desenvolvemento, tanto da Lei de protección da Paisaxe de Galicia, como dos instrumentos de planificación do territorio, así como da posta en marcha dun Sistema de Información Xeográfica corporativo en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Nesta liña de actuación, coordínase cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia dentro da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica. Tamén fomenta a cultura de corresponsabilidade, desenvolvendo un programa proactivo que forme cidadáns responsables e conscientes nos valores territoriais e paisaxísticos de Galicia con iniciativas como o Plan “Proxecta”.

Dende a perspectiva da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático:

(I) Observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia.

- Redes de calidade das augas e de calidade do aire.

Como se puxo de manifesto nas necesidades a satisfacer, a normativa ambiental esixe a execución de probas, análises ou mostraxes que sirvan de presuposto para o establecemento de medidas correctoras, como contrastación na esixencia ou o cumprimento das condicións impostas na autorización, actuación inspectora etc., o que obriga a dispor dunha unidade administrativa que poida prestar apoio técnico aos órganos afectados. En Galicia esta unidade administrativa é o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, que presta un servizo a diferentes organismos da Xunta de Galicia en temas de impacto ecolóxico, contaminación biolóxica en augas e no diagnóstico da recuperación tras un vertido.

O Laboratorio está acreditado segundo os requirimentos de norma ISO 17025 para ensaios en aire e auga, o que garante a fiabilidade destas actuacións analíticas.

Durante os últimos anos a rede de calidade das augas, dando cumprimento á Directiva Marco da Auga, foise ampliando e na actualidade consta de cento corenta e sete puntos de mostraxe sistemático de augas continentais e de oitenta e nove puntos de toma de mostras sistemáticas de augas costeiras e de transición.

Esta rede obtén parámetros físico-químicos e biolóxicos que permiten:

- Avaliar o cumprimento da normativa vixente.
- Servir de base para desenvolver estratexias de prevención contra a contaminación.
- Avaliar, de maneira sistemática, a afección dos vertidos nas augas costeiras e de transición.
- Avaliar a efectividade das medidas desenvolvidas para o control e a redución da contaminación.

O Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia realiza análises periódicos en materia de calidade da auga, en augas naturais continentais, augas de transición e augas costeiras, o que permite avaliar o estado químico e ecolóxico das masas de augas segundo o establecido na Directiva Marco da Auga.

A Rede de vixilancia e control da calidade do aire de Galicia está composta por distintos tipos de estacións: urbanas, industriais, rurais e de fondo. Ditas estacións cumpren diferentes funcións, dependendo da súa situación, poboación á que representan e o grao de cumprimento dos requisitos de macro e micro implantación esixidos pola normativa vixente.

A rede urbana, xestionada e mantida pola Xunta de Galicia, consta na actualidade de 15 estacións fixas cuxo sistema de xestión da calidade está certificado segundo os requirimentos da Norma ISO 9001:2008. Pola súa banda, a rede industrial, que consta de varias subredes asociadas a distintas empresas, ten a finalidade de aportar datos para a vixilancia da calidade do aire no seu entorno. A Xunta ten a obriga de velar polo grao de cumprimento desta finalidade e de enviar os datos validados ao Ministerio competente.

As sinerxías entre rede de vixilancia da calidade do aire e a modelización numérica de MeteGalicia permiten ampliar as capacidades de modelización e predición en atmosfera á predición de episodios de contaminación atmosférica e avaliación da calidade do aire.

- Observación meteorolóxica e oceanográfica:

A rede de observación meteorolóxica e oceanográfica está formada por:

- Un radar Meteorolóxico que rexistra datos das seguintes variables: reflectividade, tipo e intensidade de precipitación, choiva e neve acumulada, saraiba.
- Catro equipos de detección e rexistro de raios.
- Cento sesenta estacións meteorolóxicas e agro-meteorolóxicas.
- Seis estacións océano-meteorolóxicas.

Os equipos das redes transmiten os datos a tempo real ao centro de xestión de datos de Meteogalicia, no que se dispón de ferramentas para a recepción, almacenamento, compilación, tratamento e visualización dos datos. As Redes complétanse cos modelos numéricos de atmosfera e mar que permiten aplicar técnicas de rexionalización a partir de modelos globais.

O sistema de xestión da calidade destas redes está certificado seguindo os requirimentos da Norma ISO9001:2008.

Toda esta información ten permitido elaborar unha serie de produtos e servizos específicos para a sociedade en xeral e para colectivos específicos. Algúns dos produtos específicos desenvolvidos nos últimos anos, son predicións para confrarías, predición para os Camiños de Santiago, predición marítima, etc., que se difunden a través da páxina web de MeteoGalicia (www.meteogalicia.es).

MeteoGalicia tamén elabora produtos axeitados ás necesidades das actuacións dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, como o Plan de asolagamentos de Augas de Galicia, o Plan da contaminación mariña accidental da Consellería do Mar e o Sistema de información agrometeorolóxica da Consellería do Medio Rural, a elaboración de alertas por adversos meteorolóxicos para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, etc. Así mesmo, colabora con outros organismos do Estado situados na comunidade autónoma (Puertos del Estado, CSIC, IEO, etc.).

Durante os últimos anos tense feito un esforzo considerable por poñer a dispor da sociedade en formatos estándares tódolos datos da rede e dos modelos de predición segundo a Directiva INSPIRE. Actualmente esta información está sendo usada por multitude de grupos de investigación do sistema universitario galego e máis dun centenar de empresas.

A rede de observación da calidade da auga e da calidade do aire e a rede observación meteorolóxica e oceanográfica constitúen potentes instrumentos da administración galega para facer un exhaustivo seguimento da calidade do ambiente. A dotación de equipos levada a cabo nos últimos anos na rede reforzounas de modo considerable. Non obstante atendendo ás novas ameazas derivadas do cambio climático é preciso avanzar na súa mellora para así afrontar novos riscos ambientais.

(2) Loita contra o cambio climático e da adaptación ao mesmo e o fomento do desenvolvemento sustentable.

O desenvolvemento da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e da Estratexia de Sustentabilidade, que configura a parte ambiental da Axenda 2030 de Galicia ambas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2021-2027, constituirán o marco de actuación da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

E en canto á implicación de todos os estamentos da administración pública, a iniciativa da Unión Europea coñecida como o Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía, é o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático. Con este obxectivo, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático asumiu ou papel de

Coordinador en Galicia do Pacto dos Alcaldes, para promover a adhesión dos municipios de Galicia ao Pacto e para ofrecer aos municipios adheridos o apoio necesario para asumir os compromisos adheridos coa súa adhesión: alcanzar os obxectivos europeos para 2030 en materia de clima e enerxía e adoptar un enfoque integral para a atenuación do cambio climático e a adaptación a este fenómeno. Durante o ano 2025 continuarase impulsado esta iniciativa.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No que atinxe ao eido do Instituto de Estudos do Territorio:

- Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía.
- Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación del Litoral de Galicia.
- Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.
- Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Decreto 172/2012, do 1 de agosto, polo que se regula a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía.
- Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.
- Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.
- Decreto 19/2018, do 1 de febreiro, polo que se crea e regula o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.
- Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia

- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

No que atinxe á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático:

- Normativa comunitaria
 - Directiva 2013/39/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de agosto de 2013, pola que se modifican as Directivas 2000/60/CE e 2008/105/CE en canto ás sustancias prioritarias no ámbito da política de augas.
 - Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións. Plan de acción para unha estratexia marítima na rexión atlántica. Promover un crecemento intelixente, sostible e integrador – COM/2013/0279 final. j
 - Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, pola que se modifican e derrogan ulteriormente as Directivas 82/176/CEE, 83/513/CEE, 84/156/CEE, 84/491/CEE e 86/280/CEE do Consello, e pola que se modifica a Directiva 2000/60/CE.
 - Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire e a unha atmosfera máis limpa en Europa.
 - Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece o marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- Normativa estatal
 - Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.
 - Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Normativa autonómica
 - Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.
 - Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incorporar a paisaxe nos instrumentos de ordenación do territorio, no planeamento urbanístico e mesmo nas accións territoriais públicas na procura da preservación dos valores non renovables do territorio no proceso de desenvolvemento necesario da sociedade.

Levar as cuestións da paisaxe á primeira liña de interese en materia de ordenación territorial en claves de sustentabilidade e gobernanza cidadá, a través do desenvolvemento dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe contemplados na lei, coa aprobación do

Regulamento da Lei da Paisaxe e das Directrices de paisaxe e a posta en marcha do primeiro plan de acción da paisaxe.

Fomentar a integración dos valores paisaxísticos nas distintas políticas territoriais e sectoriais que se están a desenvolver na nosa comunidade autónoma así como promover a cooperación entre administracións públicas en materia de paisaxe.

Complementar os instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe establecidos na Lei 7/2008 con outras ferramentas complementarias destinadas a mellorar a gobernanza da paisaxe e a súa xestión, tales como os pactos pola paisaxe e as guías de integración paisaxística.

Poñer ao servizo da administración e da poboación en xeral a información básica para a planificación territorial e, deste xeito, formular actuacións integradas no marco dun desenvolvemento sustentable, empregando as novas ferramentas de xestión da información xeográfica e territorial TIC_SIX.

Sentar as bases dunha acción coordinada e consensuada de goberno, que sexa quen de conducir a unha sociedade máis cohesionada e respectuosa coa necesaria conservación activa dos recursos naturais a través da elaboración de plans e estudos territoriais orientados a unha xestión integral e sostible do territorio.

Formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes: promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, así como calquera outra que teña relación co seu obxecto e fins a través de axudas para corrixir os impactos paisaxísticos.

Executar o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e de sustentabilidade territorial, de acordo co disposto no Decreto 176/2013, do 21 de novembro e na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Dar apoio ao labor pedagóxico do profesorado, de cara a realizar, por parte do alumnado, accións de mellora do entorno e protección da paisaxe. En concreto, continuar cos programas educativos “Paisaxe-Sustentabilidade” e “Mestres Gandeiros” coa finalidade de sensibilizar aos mais novos sobre a importancia do valor natural, cultural, emocional e económico da paisaxe.

Colaborar no desenvolvemento da Estratexia de Infraestrutura verde de Galicia e na elaboración do seu plan de seguimento.

Por outra banda, en canto ás finalidades ás que atende o programa dende a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático cómpre indicar as seguintes:

I. Reforzar os sistemas de observación da calidade do aire e da calidade das auga e os sistemas de observación meteorolóxica e oceanográfica, para mellorar cualitativa e cuantitativamente a información dos ecosistemas galegos e en consecuencia:

- Dispoñer de series de datos temporais de variables climáticas atmosféricas, oceanográficas, sobre a calidade do aire e a calidade das augas.
- Garantir a fiabilidade das series de datos obtidas.
- Rexistrar, almacenar, compilar e xestionar eses datos con técnicas baseadas en Big Data. Desta forma será posible dispoñer en calquera momento de información adaptada ás necesidades dos usuarios dos datos, que poderán avaliar os cambios e tendencias nas variables rexistradas e en consecuencia a vulnerabilidade dos sistemas fronte ao cambio climático.
- Ampliar variables a monitorizar e así mellorar a avaliación da vulnerabilidade dos ecosistemas.
- Incorporar tecnoloxía que permita automatizar a obtención e xestión de datos.
- Avanzar no deseño de modelos de predición específicos para Galicia, que permitan analizar a escala rexional o impacto do cambio climático sobre os ecosistemas galegos.
- Mellorar os sistemas de alerta temperá ante fenómenos meteorolóxicos adversos derivados do cambio climático.

2. Eficiencia e celeridade na reacción fronte a catástrofes naturais. Neste sentido, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático continuará no desenvolvemento de plans de actuación operativa co fin de prestar unha resposta inmediata, áxil e eficiente en termos de tempo e recursos dispoñibles na xestión e coordinación de emerxencias fronte a catástrofes naturais, tecnolóxicas ou antropoxénicas.

Así mesmo prestará o seu apoio na xestión de emerxencias producidas como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos, que poidan poñer en risco á poboación, ás instalacións, subministracións e infraestruturas críticas ou ben ao medio ambiente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Implantar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, e a Axenda 2030, e mellorar cualitativa e cuantitativamente a estrutura para a toma de decisións en relación coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores afectados.

4. Impulso á innovación en materia de gobernanza e comunicación, para implicar a toda a sociedade na loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sustentable.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todos os servizos que contrata o Instituto de Estudos do Territorio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares establece que, no caso de empate (igualdade na valoración das proposicións) terá preferencia na adxudicación a empresa que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade conforme ao establecido no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ou equivalente. De continuar o empate, a adxudicación efectuarase ao licitador que acredite a obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do referido Decreto legislativo 2/2015, e se aínda continuara o empate, a preferencia na adxudicación será da empresa que establece a favor dos seus traballadores e traballadoras medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de acordo co establecido no artigo 29.4 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Igualmente, de conformidade co previsto no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, estanse a ter en conta as medidas de promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico, incluíndo como criterios para a adxudicación do contrato, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose).
As actividades do programa non dirixidas especificamente ás persoas polo que non procede diferenciar a situación de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención do programa.
- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito.

Calquera política a facer no eido do cambio climático debe partir dun recoñecemento claro da igualdade de xénero e iso por:

- As mulleres son os pilares da sociedade e determinan xeralmente a capacidade das comunidades de adaptarse ou recuperarse dunha catástrofe.
- As mulleres teñen coñecementos inestimables para actuar como líderes na transición a unha economía baixa en carbono e implementar maneiras innovadoras de adaptarse a un ambiente inestable.
- Tal e como recolle a Resolución do Parlamento Europeo, do 11 de setembro de 2012, sobre o papel das mulleres na economía verde (2012/2035 (INI)), "as políticas de medio ambiente teñen un impacto directo sobre a saúde e a situación das persoas, e que a desigualdade de xénero, combinada cunha falta de sensibilidade cara ás diferenzas na situación e as necesidades económicas e sociais das mulleres, fai que elas adoiten sufrir de maneira desproporcionada a degradación ambiental". Ademais, "nalgúns Estados membros o papel da muller na economía ecolóxica está infravalorado e non está recoñecido, dando orixe a numerosas discriminacións en termos de falta de beneficios, como a protección social, o seguro sanitario, os salarios adecuados e o dereito á pensión".

Deste xeito na parte deste Programa enfocada ao cambio climático debe terse claro que a igualdade de xénero é un compoñente principal do desenvolvemento sostible e que a participación activa tanto de homes coma de mulleres nos procesos de decisión, planificación e implementación resulta clave nas actividades de adaptación e mitigación.

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto.

As actividades do programa benefician á toda a sociedade, polo que no procede diferenciar entre número de homes e mulleres beneficiarias /os do programa de gasto.

- Existencia de indicadores con relevancia de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas están destinadas a toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todas as accións planificadas prestan especial atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Inclusión como cláusula de desempate a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade nos contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2022, de conformidade co disposto nos artigos 72 e seguintes do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que

se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

Nos contratos que se tramitan con cargo ao programa inclúese como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario efectivamente percibido.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Neste ámbito, en cumprimento do establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos contratos nos que se empregan unha pluralidade de criterios de adxudicación inclúese un deles referido ás políticas empresariais en materia de conciliación, vida persoal, familiar e laboral e coresponsabilidade. Este criterio é valorado nos expedientes desta Dirección Xeral, como mínimo, co 10% da puntuación máxima que se lle atribúe ás ofertas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Instituto de Estudos do Territorio

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE		
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible		
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico		
Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.		
Indicador	Valor Previsto	
P00028 - Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construción.	1	
Prioridade de Actuación: PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais		
Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
Programa: 541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL		
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible		
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural		
Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Promover o estado de conservación de hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazadas e os servizos ecosistémicos, desenvolver a Infraestrutura Verde de Galicia e xestionar e implantar os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e da súa biodiversidade		
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
0001 - Impulsar a aplicación das ferramentas necesarias para a xestión das poboacións de fauna e flora silvestres, mediante os instrumentos de planificación (como os plans de recuperación e conservación de especies ameazadas), a actualización permanente da información científica e o seguimento do estado de conservación destas especies e a loita fronte as principais ameazas (como o control e erradicación de especies exóticas invasoras).		
0002 - Conservación e expansión dos espazos protexidos e promover a posta en marcha de plans de xestión dos mesmos; promoción dos ENIL por parte da Xunta.		
0003 - Promover as actuacións de conservación, protección e recuperación Da biodiversidades e os espazos naturais (especialmente os afectados con afeccións antropoxénicas e desastres naturais) e promovendo a resiliencia ao cambio climático.		
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico		
Indicador	Valor Previsto	
MRR029 - Hectáreas cubertas por accións de conservación da biodiversidade	579	
MRR039 - Superficie a rehabilitar	2.255	
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	10	
P00160 - Número de axudas en materia de conservación da natureza.	3.444	
P0045M - Axudas en materia de conservación da natureza	5.398	
P01028 - Actuacións vinculadas co uso público	23	
P01029 - Actuacións vinculadas coa mellora do coñecemento e do estado de conservación de hábitats e especies silvestres	36	
Programa: 541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS		
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible		
Prioridade de Actuación: PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0008 - Control preventivo das actividades dos produtores e xestores de residuos.	
Indicador	Valor Previsto
P00201 - Número de proxectos de carácter ambiental.	1
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - Promoción e optimización da redución dos residuos xerados e incentivar as actividades de reparación 0003 - Medidas destinadas á restauración de áreas degradadas. Redución da incineración e o depósito en vertedoiros. 0006 - Apoiar a aquelas empresas que fabriquen con materiais / compoñentes reciclados, e produtos máis duradeiros, reutilizables e reparables mediante a priorización na contratación pública, acceso a fontes de financiamento. Implantar a simbiose industrial para que as empresas se beneficien dos recursos sobrantes e reduza o consumo de materias primas. 0009 - Priorizar a aplicación efectiva da xerarquía de residuos e promover a recollida separada. Asegurar a separación máis precisa dos diferentes fluxos. 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOE022 - Capacidade adicional de recollida e transporte de Residuos Adoitados urbanos. Toneladas/ano	7.576
P00201 - Número de proxectos de carácter ambiental.	101
P00306 - Superficie total de chan rehabilitado	0
Programa: 541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0002 - Formación e divulgación en materia de territorio, paisaxe e sustentabilidade. 0004 - Adquisición, calibración e mantemento de equipos das redes de observación ambiental (calidade do aire, calidade das augas, meteorolóxicos, oceanográficos...) para garantir a calidade técnica dos datos subministrados. 0005 - Desenvolvemento de ferramentas de detección precoz relacionadas coa prevención e xestión de riscos, incorporando técnicas de Big Data e intelixencia artificial. 0006 - Incremento da actividade e o ámbito de actuación da rede de observación ambiental. 0007 - Análise e avaliación da incidencia da actividade humana sobre o medio ambiente. 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	28
P00045 - Axudas concedidas.	660
P00201 - Número de proxectos de carácter ambiental.	7
P01013 - Determinacións en materia de calidade do aire	3.402.030
P01015 - Determinacións en materia de meteoroloxía	122.742.103
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
O002 - Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe	
O003 - Articulación dixital do territorio.	
Indicador	Valor Previsto
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	15
Programa: 542A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - TRANSFERENCIAS INTERNAS	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuindo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e malgastos innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte ós riscos deri	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Transferencias internas	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	80	Total
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	11.421					11.421
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural				48.542		48.542
541D-Control ambiental e xestión de residuos			52.683			52.683
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade		18.367			6.262	24.629
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	48.954					48.954
Total	60.375	18.367	52.683	48.542	6.262	186.229

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	6.577	843	273	3.728		11.421
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	20.789	5.120	4.697	11.658	6.278	48.542
541D-Control ambiental e xestión de residuos	4.471	117		12.008	36.087	52.683
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	11.292	385	38	7.575	5.340	24.629
542A-Planificación e xestión hidrolóxica					48.954	48.954
Total	43.128	6.465	5.008	34.969	96.659	186.229

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.302	6.577	4,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	843	843	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	273	273	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.281	3.728	191,0
Cap. VII - Transferencias de capital	52.637	48.954	-7,0
Total	61.336	60.375	-1,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.615	8.655	13,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	275	304	10,5
Cap. VI - Investimentos reais	3.368	6.068	80,2
Cap. VII - Transferencias de capital	0	3.340	0,0
Total	11.258	18.367	63,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.351	4.471	2,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	139	117	-15,9
Cap. VI - Investimentos reais	15.970	12.008	-24,8
Cap. VII - Transferencias de capital	20.666	36.087	74,6
Total	41.127	52.683	28,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	19.921	20.789	4,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.124	5.120	-0,1
Cap. IV - Transferencias correntes	2.877	4.697	63,3
Cap. VI - Investimentos reais	15.296	11.658	-23,8
Cap. VII - Transferencias de capital	6.185	6.278	1,5
Total	49.403	48.542	-1,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.535	2.637	4,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	70	81	15,8
Cap. IV - Transferencias correntes	38	38	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.034	1.507	45,8
Cap. VII - Transferencias de capital	2.000	2.000	0,0
Total	5.677	6.262	10,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	61.336	60.375	-1,6
02 DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO	11.258	18.367	63,1
03 DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE	41.127	52.683	28,1
04 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	49.403	48.542	-1,7
80 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	5.677	6.262	10,3
Total	168.801	186.229	10,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	38.188	40.491	0	2.637	0	0	0	43.128
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	6.382	6.384	0	81	0	0	0	6.465
Cap. IV - Transferencias correntes	5.770	7.720	0	38	0	2.750	0	5.008
OPERACIÓNS CORRENTES	50.339	54.595	0	2.756	0	2.750	0	54.601
Cap. VI - Investimentos reais	35.915	33.463	0	1.507	0	0	0	34.969
Cap. VII - Transferencias de capital	82.522	98.165	0	2.000	0	3.507	0	96.659
OPERACIÓNS DE CAPITAL	118.438	131.628	0	3.507	0	3.507	0	131.628
Total	168.777	186.223	0	6.262	0	6.257	0	186.229

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Personais

Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	2025
Altos Cargos	5
Persoal Funcionario	617
Subgrupo A1	186
Subgrupo A2	34
Subgrupo C1	243
Subgrupo C2	106
Agrupacións profesionais	48
Persoal Laboral	183
Grupo I	48
Grupo II	12
Grupo III	21
Grupo IV	21
Grupo V	81
TOTAL	805

Medios Personais

Instituto de Estudos do Territorio	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	34
Subgrupo A1	23
Subgrupo A2	5
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	1
Persoal Laboral	19
Grupo I	7
Grupo II	3
Grupo III	9
TOTAL	54

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Cons. Extensión Universit. e Divulg. Amb.	785	23
Cons. Rede abast. Auga en Cervo e Burela	386	
Entidades públicas empresarias	Explotación	Capital
Augas de Galicia	44.167	99.632
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Soc. Galega de Medio Ambiente, S.A.	131.639	20.840
Total	176.977	120.495

(Miles de Euros)

SECCIÓN 07

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia,. Posteriormente aprobouse o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

A Consellería de Educación,Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos seus fins, baixo a superior dirección da súa persoa titular estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaria Xeral Técnica.
- Secretaria Xeral de Universidades.
- Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- Dirección Xeral de Formación Profesional.
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Quedan adscritos a esta Consellería, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia, as seguintes entidades públicas instrumentais:

- A Axencia Galega de Innovación (GAIN).
- A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Asimesmo, queda adscrita a esta consellería a Real Academia galega das Ciencias, a través da Axencia Galega de Innovación.

Nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra existe unha dirección territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cuxo ámbito de competencia se estende ao territorio da respectiva provincia.

Así mesmo, están adscritos a esta consellería con carácter, cometido e funcións establecidas nas súas respectivas normas reguladoras os órganos colexiados seguintes:

A nivel central

- O Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.
- O Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.
- O Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia, creado polo Decreto 104/2011, do 11 de maio.

- O Consello Galego de Formación Profesional, creado polo Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado polo Decreto 214/2003, do 20 de marzo.
- O Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, creado polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
- A Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitarios, creada pola Orde do 26 de febreiro de 2019. A nivel territorial:
 - A Xunta Autonómica de Directores e Directoras de Centros de Ensino non Universitario e as xuntas provinciais, reguladas pola Orde do 26 de febreiro de 2019 (DOG núm. 47, do 7 de marzo).

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e a vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento; as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Consello Galego de Formación Profesional.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de educación son os seguintes:

- Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
- Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos os servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
- Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientacións educativa e profesional).
- Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servizos e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada).

- Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
- Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de graduado social.
- Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Estado en materia de ensinanzas superiores de mariña civil.
- Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.
- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.
- Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1752/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, de ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras).
- Real decreto 553/2006, do 5 de maio, sobre funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña.
- Real Decreto 1139/2007, do 31 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación (CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte).
- Real Decreto 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN-GAIN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19 do 27.01.2012), creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia.

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 22.04.2024), adscribe a Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional.

E, o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG núm. 101, do 27.05.2024) modifica os estatutos da Axencia Galega de Innovación, aprobados polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade o fomento e a vertebración das políticas de I+D+i no sector público galego, e o apoio ás entidades que integran o ecosistema de I+D+i galego para incrementar a súa competitividade, a través da implementación e execución das estratexias e programas de I+D+i eficientes, a través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

- a) Liderar as políticas de I+D+i do sector público autonómico galego.
- b) Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia dos resultados do sistema galego de I+D+i, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
- c) Definir e desenvolver as políticas públicas que potencien a transferencia de coñecemento dos organismos de investigación e centros tecnolóxicos ás empresas, co obxectivo de que estas incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
- d) Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valoración do coñecemento desenvolvido polas entidades que integran o ecosistema de I+D+i galego.
- e) Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento do sistema galego de I+D+i.
- f) Estimular a estruturación e consolidación do sistema galego de I+D+i.
- g) Fomentar a I+D+i, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.
- h) Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do sistema galego de I+D+i impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre

os axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de ciencia e innovación aberta.

- i) Promover a progresiva internacionalización dos axentes que integran o ecosistema galego de I+D+i impulsando a súa participación nos programas europeos de I+D+i e o acceso a fondos de financiamento internacionais.
- j) Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se achen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.
- k) Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola I+D+i.

De acordo co citado Decreto 138/2024, a estrutura organizativa da Axencia Galega de Innovación queda definida en catro áreas:

- Área de Xestión, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos xerais e administrativos da Axencia.
- Área de Estratexias e Programas, con nivel orgánico de subdirección xeral, é a responsable do deseño e planificación estratéxica en materia de I+D+i, así como o seguimento e a avaliación da política pública galega nesta materia.
- Área de Talento e Transferencia. Correspóndelle o fomento da xeración, retención, retorno e atracción de talento e da transferencia de resultados entre os centros de coñecemento e o resto de axentes do ecosistema galego de I+D+i.
- Área de Servizos. Correspóndelle o deseño e a execución de instrumentos e iniciativas que permitan implementar accións de desenvolvemento dos programas que deriven das políticas de I+D+i que coordina a Axencia.

1.2.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

O CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

O consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) é un consorcio autonómico constituído coa participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a consellería que ten atribuídas as competencias en materia de universidades e a consellería que ten atribuídas as competencias en materia de investigación, desenvolvemento e innovación, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Universidade Intercontinental de la Empresa.

ACSUG está adscrito organicamente á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A promoción e a garantía da calidade do Sistema universitario de Galicia (SUG) constitúe a finalidade primordial de ACSUG e asume para este efecto, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a consecución dos obxectivos a que se refire o artigo 5.4 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) e o artigo 69 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (LSUG).

Son funcións de ACSUG todas aquelas que lle atribúa o ordenamento xurídico vixente e en particular as establecidas no artigo 7 do Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

O ámbito de actuación de ACSUG comprende todas as universidades integradas no SUG, así como os centros que impartan en Galicia ensinanzas universitarias de acordo con sistemas educativos estranxeiros, nos termos previstos no artigo 32.2 da LOSU.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN NON UNIVERSITARIA.

A prestación dos servizos educativos ten un importante peso específico nas políticas públicas e esixe a xestión racional dunha cantidade notable de recursos asignados que debe cumprir o principio constitucional de estabilidade orzamentaria. Nos obxectivos non debe esquecerse o peso dos recursos públicos que se dedican ao gasto persoal, tanto directo como asimilado, os dedicados ao financiamento das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) ou dos servizos educativos prestados polo réxime de concerto. Así, o 85% dos recursos xestionados pola consellería teñen un marcado carácter inflexible ao financiar gastos de persoal.

Os obxectivos da consellería poden encadrarse nas seguintes actuacións ou liñas estratéxicas:

- Fase dous do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, cuxos obxectivos son o deseño dunha nova arquitectura institucional educativa, o acondicionamento e solución de problemáticas do parque inmobiliario educativo (número de edificios, idade media), dar resposta ás novas necesidades espaciais, así como a implicación coa educación dixital e as novas metodoloxías, xunto co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030.

Continuaranse as actuacións de mellora nos centros educativos coa creación de unidades novas, así como coas actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética das xa existentes. Continuarase tamén coa mellora e ampliación das unidades xa existentes e a adquisición do equipamento necesario. Serán relevantes as ampliacións e dotacións para os novos ciclos formativos da FP, FP dual e Cursos de Especialización nos diferentes centros de secundaria e formación profesional.

- Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 establece os eixes e liñas que guían as actuacións dunha FP moderna, dinámica e innovadora que se adapta a realidade socioeconómica e que contribúe á e mellora da empregabilidade, da formación, da creación de riqueza e ao impulso do tecido empresarial e do benestar da sociedade galega. Dita estratexia basease en varios principios inspiradores: reducir a fenda laboral, a formación, a colaboración, o recoñecemento das competencias e a calidade; e artéllase a través de 7 eixes, 15 obxectivos estratéxicos e 44 iniciativas ou actuacións, tanto da formación, como da acreditación de competencias, da orientación, da innovación, do emprendemento, da internacionalización e da calidade.
- "Educonvives 2021-2025", coa que se pretende contribuír, a través dos obxectivos e das actuacións dos seus cinco eixes, a facer dos centros educativos espazos para a con-

vivencia e o traballo en valores e a que o alumnado en particular, e a sociedade en xeral, saiba vivir e comportarse de xeito pacífico e comprometido, na sociedade tecnificada deste primeiro cuarto do século XXI.

Accións de apoio e reforzo de competencias a través de contratos-programa ou unha fórmula similar aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan organizar os recursos de forma que se facilite ao alumnado o logro dos obxectivos e a consecución das competencias clave, cun enfoque globalizado e interdisciplinar por medio de continuos procesos de mellora favorecendo o máximo desenvolvemento das capacidades, a formación integral e a igualdade de oportunidades.

- Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia. O Plan de igualdade no ámbito educativo ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida a contribuír de xeito transversal á construción dunha sociedade na que a igualdade de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.
- Plan Proxecta, no que a consellería en colaboración con diferentes organismos, tanto da propia Xunta de Galicia como doutras entidades, busca fomentar a innovación nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixo do currículo, como a competencia en comunicación lingüística, a matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a dixital, o “aprender a aprender”, as competencias sociais e cívicas, o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor, a conciencia e as expresións culturais.

Asemade, os programas incluídos no Proxecta teñen en común o obxectivo de desenvolver os elementos transversais, entre eles, a educación en valores.

A inclusión educativa, de xeito que se siga afondando na atención á diversidade con medidas formativas organizativas e curriculares que supoñan unha actuación cada vez máis cualificada do noso persoal docente, sempre en colaboración cos distintos axentes e institucións da sociedade civil, para dar unha resposta educativa cada vez máis adecuada ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do noso alumnado.

- O Plan LÍA 2021/2025 de Bibliotecas Escolares será a folla de ruta para continuar o traballo a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura nos vindeiros anos, continuando co proceso de renovación das BE ata chegar ao 100 % dos centros non universitarios, reforzar o seu papel, apoiar a súa estabilidade, ampliando programas e deseñando novas estratexias, coa implicación das familias e atención a grupos de risco de exclusión. Dotar aos centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI, de xeito que proporcionen melloras significativas na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, que continúen coa función de apoio ao estudo e á adquisición de competencias clave do alumnado, contribuíndo a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe e facilitando tamén ao profesorado recursos, servizos e oportunidades

para a renovación das prácticas educativas, a incorporación de metodoloxías activas e a integración das tecnoloxías emerxentes.

Como pilar fundamental do sistema educativo que estamos construíndo, a inclusión e o respecto á diversidade teñen que estar presentes en calquera biblioteca escolar, tanto en material como en actitudes.

- Plan de Mellora Educativa de Galicia (Plan MEGA).

Obxectivos: parte dun conxunto de principios comúns a todos os programas que o integran como son o recoñecemento da diversidade, o apoio personalizado e especializado, a potenciación do reforzo educativo e o desenvolvemento profesional docente. O Plan MEGA ten como obxectivos:

- Impulsar o desenvolvemento integral do alumnado.
- Promover a equidade educativa.
- Reducir o número de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.
- Favorecer o desenvolvemento competencial do alumnado.
- Fortalecer as competencias docentes cara a unha especialización no ámbito da inclusión e da innovación educativa.
- Diminuír o abandono escolar.
- Mellorar a xestión dos recursos tanto dos existentes como dos de nova creación.

Contido:

Co fin de lograr os obxectivos no marco deste Plan poranse a disposición dos centros educativos diferentes programas que darán cobertura a aqueles axustes necesarios para a mellora da calidade educativa:

PROGRAMA PROMOCIONA

Este programa está orientado a favorecer o apoio, a participación e a promoción do alumnado que presenta necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios. O seu obxectivo principal é o de ser unha ferramenta eficaz para mellorar a inclusión creando un entorno educativo máis accesible, equitativo y enriquecedor para todo o alumnado. Este enfoque favorece a experiencia educativa de todo o alumnado ao apoiar unha relación máis próxima e significativa.

O programa vai dirixido ao alumnado de centros públicos dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional escolarizado en Educación Infantil e Educación Primaria.

PROGRAMA PROA +

Este programa está orientado á consecución do éxito escolar de todo o alumnado con actuacións no marco educativo que teñan en conta as necesidades do alumnado con vulnerabilidade socio-educativa reforzando a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

O programa vai dirixido ao alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que contén cun 30% de alumnado vulnerable.

PROGRAMA DE REFORZO DA COMPETENCIA LECTORA

Este programa ten como obxectivo xeral mellorar o nivel de desempeño en competencia lectora para o alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria e ciclos formativos de Grao Básico.

Esta Consellería fomentará actuacións e programas dirixidos á mellora desta competencia. Así, porá a disposición dos centros iniciativas de lectura no conxunto da comunidade educativa, así como un amplo abano de actividades para o fomento da lectura que redundará de forma efectiva na mellora da comprensión lectora do alumnado.

PROGRAMA DE REFORZO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

Esta iniciativa está centrada en fortalecer as habilidades fundamentais do alumnado cara a lograr o seu pleno desenvolvemento persoal, social e profesional. A implementación deste programa favorecerá a consolidación das aprendizaxes así como a atención axeitada do alumnado que presenta desfase curricular.

É por iso que esta Consellería dinamizará por diferentes vías a contribución ao desenvolvemento e mellora da competencia matemática, establecendo a participación activa do alumnado en actividades educativas relacionadas coas matemáticas, dando a posibilidade de que o alumnado participe con aproveitamento nos procesos educativos e potenciando as súas aprendizaxes.

O programa vai dirixido ao alumnado de centros públicos dependentes da consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional escolarizado preferentemente en Educación Primaria.

PROGRAMA GALEGO DE APOIO EDUCATIVO PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO

Esta actuación está orientada a facilitar o labor de escolarización, acollida e benestar emocional do alumnado especialmente vulnerable polas súas condicións de procedencia, entre outras. Este alumnado é susceptible de recibir, ao igual que o conxunto do alumnado, todas as medidas tanto ordinarias coma extraordinarias de atención á diversidade co fin de facilitar unha axeitada inclusión educativa.

Así, os centros educativos contarán cos recursos necesarios para organizar as intervencións educativas que consideren necesarias para o desenvolvemento persoal, cultural e social do alumnado ofrecendo oportunidades para participar activamente na vida escolar.

O programa vai dirixido ao alumnado de centros públicos dependentes da consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional escolarizado en Educación Infantil e Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

PROGRAMA PARA O IMPULSO DE CENTROS REFERENTES

Esta iniciativa constitúe un instrumento de apoio aos centros para que dentro da súa autonomía desenvolvan proxectos educativos que os convertan en centros de referencia dentro dos contextos da inclusión e a innovación educativa.

Este programa está deseñado para que os centros educativos beneficiarios poidan influír positivamente noutros centros e converterse en exemplos de boas prácticas. Estes centros promoverán prácticas e metodoloxías que poidan ser replicadas e adaptadas por outros centros.

O Plan Mega inclúe, con carácter transversal aos distintos programas, a formación docente nos ámbitos da inclusión e innovación educativa. A capacitación docente enténdese como un proceso educativo integral que fomenta actitudes, permite a adquisición de coñecementos e promove o desenvolvemento de habilidades. Este proceso é fundamental para o crecemento continuo das competencias profesionais dos docentes.

Finalidade:

Estas accións teñen como finalidade lograr avances sostibles e significativos para a comunidade educativa mellorando os resultados académicos do alumnado e fortalecendo a xestión escolar.

No exercicio 2025 o importe a xestionar pola consellería en materia de comedores, incrementase respecto ao exercicio 2024.

A xestión eficaz e eficiente do comedor escolar, son medios fundamentais, é un medio para garantir o acceso en igualdade de condicións de todas as nenas e nenos de Galicia ao ensino público e tamén para axudarles a que adquiran habilidades sociais e hábitos da vida sa.

Neste ano implementarase unha nova liña de axudas dirixida as familias que usan o servizo en centros non incluídos na rede de xestión autonómica, en función da renda, de modo que se facilita o acceso a prestación de comedor escolar ao alumnado que máis o precisa.

Ademais, continuarase as liñas de colaboración iniciadas cos concellos e coas asociacións de nais e pais, ANPAS, para o financiamento dos comedores escolares xestionados por estas, na procura da desexable conciliación da vida laboral e familiar.

Por outra banda, a consellería manterá a súa intervención en materia de prevención de riscos laborais, mediante a análise e o seguimento das avaliacións dos riscos dos centros de ensino

mediante o desenvolvemento de programas de control da saúde do persoal que presta servizos nos centros de ensinanza pública, non só respecto ao persoal non docente, senón tamén respecto aos máis de 30.000 efectivos que constitúen o persoal docente dos centros educativos de titularidade pública.

As liñas de actuación no ámbito educativo estarán condicionadas polos cambios introducidos no sistema educativo pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE), é preciso dar continuidade aos cambios normativos, organizativos, e curriculares e seguir impulsando a mellora da calidade do sistema educativo coa decidida aposta polos programas e as accións vinculadas directamente a el.

Xunto as accións normativas, organizativas e curriculares de acompañamento neste cambio fundamental, a consellería continuará a senda de traballo iniciada xa no exercicio 2015, relanzando e consolidando ou iniciando novos programas e estratexias, que se detallan a continuación:

I. EDULINGÜE 2030. ESTRATEXIA GALEGA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS 2030

Obxectivo:

O obxectivo xeral da estratexia consiste en que, ao remate da súa educación e formación escolar, o alumnado dispoña dunhas competencias en comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés, que lle permita ser un “usuario independente” nela, conforme aos requisitos do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, obtendo a certificación correspondente; así como dotar progresivamente ao profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación no alumnado.

Contido:

- Ampliar progresivamente o número de centros plurilingües que impartan ata un terzo das materias nun idioma estranxeiro ata acadar un 50% de centros plurilingües, con extensión progresiva ás etapas de educación infantil, bacharelato e formación profesional (Plurininfantil, Pluribach, Ciclos plurilingües).
- Potenciar a formación de calidade nas seccións bilingües, buscando a excelencia educativa e promovendo estratexias de mellora metodolóxica e curricular.
- Favorecer a participación activa dos centros privados concertados nos plans de mellora das competencias lingüísticas.
- Continuar coa formación do profesorado especialista e non especialista que imparta ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües a través dun plan de formación específico en idiomas que inclúa tanto formación presencial, como semipresencial e telemática, así como de estadías formativas no estranxeiro, no idioma inglés, francés, alemán e portugués.

- Facilitar a participación noutras modalidades formativas como as licenzas por estudo, os reintegros individuais e os cursos de formación do profesorado.
- Continuar apoiando a realización de estadias formativas en linguas estranxeiras do alumnado fóra do horario escolar (xullo e agosto) e de integración no curso escolar. Continuarase co proxecto de formación en linguas estranxeiras ao longo do curso escolar mediante a inmersión en estadias de ata 1 semana (English Week) dos centros que o soliciten.
- Posibilitar a participación do alumnado nos cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras (Programa CUALE) nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional, dirixidos a fomentar a certificación ao alumnado nas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI).
- Establecer liñas de colaboración coas distintas axencias certificadas para facilitar ao alumnado e a acreditación dos niveis correspondentes.
- Mellorar a comprensión e a expresión oral nun idioma estranxeiro a través do programa de auxiliares de conversa, presentes en 617 centros educativos. Reforzarase esta liña coa selección de auxiliares de alta cualificación vinculados a proxectos educativos específicos de profundización.
- Colaborar a nivel internacional con entidades educativas doutros países para fomentar o intercambio e o enriquecemento lingüístico do alumnado e do profesorado (con institucións de Portugal, Francia, Canadá e outros países).
- Fomentar a incorporación progresiva da lingua portuguesa no ámbito das linguas estranxeiras nos centros de ensino.
- Internacionalizar a formación profesional coa introdución das linguas estranxeiras, de xeito progresivo, en todos os ciclos formativos e co incremento das mobilidades internacionais entre o alumnado e profesorado de formación profesional.

Finalidade:

- Ampliar a rede de centros na comunidade autónoma que favorezan a adquisición de competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés.
- Dotar ao profesorado que imparte ensinanzas nas linguas estranxeiras das competencias didácticas e lingüísticas necesarias.

A liña de impacto L.I. Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe, recolle estender o plurilingüismo nas ensinanzas de réxime especial. Para o curso 2022/23 creouse “PluriArt”, que terá continuidade no curso 2023/24, co obxecto de regular o desenvolvemento de ciclos formativos plurilingües nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo a convocatoria para as escolas de arte e superiores de deseño que desexen impartir ciclos plurilingües nas ensinanzas profesionais. Estes ciclos formativos plurilingües teñen como finalidade promover accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado das ensinanzas profe-

sionais de artes plásticas e deseño do Sistema educativo de Galicia, en concreto, desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita en lingua(s) estranxeira(s), para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.

2. ESTRATEXIA PARA A EDUCACIÓN DIXITAL 2030 (EDUDIXITAL 2030)

Obxectivo:

O 9 de marzo de 2021, a Comisión Europea presentou unha visión e vías para a transformación dixital de Europa de aquí a 2030. O propósito é facilitarlle ao alumnado e ao profesorado a adquisición da competencia dixital necesaria no século XXI.

A Estratexia galega para a educación dixital 2030 (Edudixital 2030) trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, mediante o proceso educativo, de xeito que poidan desenvolver a capacidade para “aprender a aprender” ao longo da súa vida, traballar con outros, resolver problemas, ser creativos e participar plenamente nunha sociedade dixital do século XXI.

Dentro desta estratexia seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto E-Dixgal as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

Contido:

- Mediante o impulso da educación dixital trátase de lograr que os centros educativos implanten progresivamente unha utilización extensa de contidos educativos dixitais.
- Promover as actividades de formación nos centros destinadas a favorecer o traballo en equipo do profesorado. Os centros deben programar a súa formación tendo en conta a competencia dixital e os intereses do profesorado participante.
- Programar os cursos en dúas liñas de traballo: proporcionar os recursos para utilizar nas distintas materias e para o manexo instrumental das ferramentas proporcionadas cos ordenadores.
- Crear as canles de comunicación coas familias que permitan o seguimento da actividade académica dos seus fillos e fillas, por exemplo, utilizando o espazo Abalar.
- Ampliar o repositorio de contidos, tanto no número de recursos dispoñibles como nos cursos e etapas aos que está dirixido. Este repositorio contén materiais creados pola consellería, así como outros recursos procedentes dos repositorios e dos traballos cedidos polo profesorado. Os recursos son abertos e accesibles.
- Fomento das vocacións científico-tecnolóxicas mediante a introdución do uso transversal da programación e da robótica na educación secundaria e no bacharelato, así como a paulatina incorporación da robótica nos últimos cursos de primaria. Os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento e poranse en marcha plans específicos de formación para o profesorado e o alumnado.

Cando menos, un total de 45 centros educativos de toda Galicia impartirán o próximo curso o Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnología (STEMbach), unha acción enmarcada na Estratexia Galega para a Educación Dixital, Edudixital 2030, que conten

accións enfocadas ao desenvolvemento de competencias STEM e para o fomento de vocacións científico-tecnolóxicas.

Neste ámbito está a creación nos centros dos Polos Creativos, espazos abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía, polo que ofertan actividades formativas para os diversos colectivos. No curso 2022/23 chegaron a un total de 225 centros e no curso 23/24 extenderanse ata chegar ao total de centros sostidos con fondos públicos que impartan 2º ciclo de EI, EP e ESO. En concreto, facilitan a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

O obxectivo xeral é poñer en marcha os mecanismos e procesos necesarios para xeneralizar e facilitar ao profesorado e ao alumnado dos centros educativos financiados con fondos públicos do desenvolvemento das competencias dixitais relacionadas co pensamento computacional e a programación.

O programa consta de dúas actuacións:

- Actuación 1, dotación de equipamento de programación e robótica nos centros sostidos con fondos públicos, que impartan ensinos do segundo ciclo de Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria, Este material permitirá o traballo e desenvolvemento co alumnado de situacións e actividades de aprendizaxe en torno ao pensamento computacional, a programación ou a robótica.
- Actuación 2, acompañamento ao profesorado dos centros sostidos con fondos públicos para a integración do pensamento computacional, as linguaxes de programación e a robótica educativa nas aulas co alumnado.

Partindo do apoio a todos os centros nos seus esforzos por incorporar a educación no contorno dixital, seguirase dando o apoio preciso aos centros Abalar/E-Dixgal; programa, este último que beneficiará no curso 2023/24 a 630 centros e uns 64.000 alumnos/as.

Por outra banda, o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas e dentro deste, loitar por pechar a fenda de xénero, son fundamentais para o progreso da sociedade galega no século XXI.

3. PLAN PARA A MELLORA DO EXITO ESCOLAR

Obxectivo:

A partir da Resolución Do Consello europeo relativa a un marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación con miras ao Espacio Europeo de Educación e máis alá (2021-2030), e tendo en conta os Obxetivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas e a Axenda 2030 establécese un novo marco de referencia que marca dous fitos fundamentais, a consecución dun Espazo Europeo de Educación para 2025, o que permitirá ao alumnado proseguir os seus estudos en diferentes etapas da vida e buscar emprego en toda a Unión Europea, e o posterior desenvolvemento do mesmo ata 2030.

Os ODS, e en particular, o obxectivo cuarto pretenden garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.

Dentro do novo marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación con miras ao Espazo Europeo de Educación e máis aló (2021-2030), inclúese a prioridade estratéxica de aumentar a calidade, a equidade, a inclusión e o éxito de todos no ámbito da educación e a formación, expondo o obxectivo de reducir o número de persoas que abandonan prematuramente a educación e a formación, establecendo, como punto de referencia europeo, que para 2030, a porcentaxe de persoas que abandonan prematuramente a educación e a formación debe estar por baixo do 9 %.

Unha vez acadada, e incluso mellorada, a taxa de abandono escolar establecida pola estratexia Europa 2020 (15 %) para España, o obxectivo previsto para esta anualidade é continuar a senda descendente co obxecto de achegarse ao limiar previsto para a UE (9 %).

A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón, as nosas sociedades aspiran a formar á cidadanía máis e mellor e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de persoas que obteñen un título en formación pos-obrigatoria constitúe un obxectivo prioritario nas políticas educativas.

Pola contra, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e, por iso, a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversas fronteiras. Por isto, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono escolar temperá na comunidade autónoma.

Contido:

As propostas articularanse arredor das seguintes accións:

- Os contratos-programa dirixidos a mellorar o éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A convocatoria pretende dar cabida, baixo un marco único, a todos aqueles programas que se viñan desenvolvendo nos centros educativos -reforzamento, orientación e apoio, mellora da convivencia; redución do abandono, entre outros-, co obxectivo de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia. Cómpre poñer de manifesto que tan só en Galicia se presta apoio de reforzo educativo mediante transporte fóra do horario lectivo e a contratación de novo profesorado cada ano ou co incremento da dedicación retribuída fóra do horario lectivo de docentes do propio centro educativo.
- Ofertar os ciclos de Formación Profesional Básica para que o alumnado que así o solicite poida cursar unha oferta formativa que lle permita conseguir o título de Formación

Profesional Básica, cunha cualificación profesional de nivel I, cos mesmos efectos laborais que o título de Graduado en ESO. Permitirá, así mesmo, obter o título de graduado na ESO pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas e proseguir a súa formación a través dos ciclos formativos de grao medio. Título con valor académico e profesional.

Finalidade:

Estas accións pretenden mellorar a atención educativa ao alumnado para que desenvolva as súas capacidades individuais de modo que logre o maior grado de rendemento escolar. Deste modo, contribuírase á prevención do abandono escolar temperá, a mellorar a calidade do ensino e a incrementar o éxito escolar.

4. FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PROFESIONAL E DE APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

Obxectivo:

Elevar os niveis de coñecemento, as cualificacións e competencia do conxunto da poboación a cotas similares ás da poboación dos países europeos máis avanzados, facilitándolle a adquisición da capacidade de actuar nunha contorna de complexidade tecnolóxica e en constante transformación, caracterizada en particular pola innovación e a potenciación das TICs e no que os sólidos coñecementos de base e as capacidades de comunicación, relación, organización e sobre todo, a capacidade de aprender ao longo da vida, formen parte da bagaxe ordinaria de cada individuo.

Contido:

O desenvolvemento da formación profesional non constitúe unha intervención puntual que sae ao paso dunha necesidade conxuntural, senón que constitúe o instrumento fundamental da aprendizaxe permanente que require o desenvolvemento das sociedades que xeran altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

Na perspectiva do tránsito que deben efectuar as nosas modernas sociedades desde o que se coñece como “sociedade da información” á nova “sociedade do coñecemento”, a adquisición de novos coñecementos e competencias para actualizar a preparación xeral e profesional mediante todo tipo de aprendizaxes (formais, non formais e, particularmente, procedentes da experiencia profesional) constitúe un dos piares básicos do que se entende por aprendizaxe permanente. De acordo con iso, a aprendizaxe permanente e a formación profesional constitúen dous conceptos e obxectivos indisolubles: a aprendizaxe permanente precisa da formación profesional como instrumento indispensable para traducirse en obxectivos reais e eficaces de cualificación e progreso profesional, mentres que a formación profesional precisa da actualización e do enriquecemento constante das competencias básicas para poder progresar efectivamente.

Unha sociedade cualificada é unha sociedade en aprendizaxe permanente, onde as persoas se esforzan e teñen a posibilidade de aprender libre e activamente ao longo da vida: na

escola, nos centros de formación, no lugar de traballo e durante o seu tempo libre. Para iso, cómpre cambiar as maneiras de concibir, dar e adquirir formación e de organizar o traballo remunerado para que as persoas poidan aprender durante toda a vida e planificar a súa propia combinación de aprendizaxe, traballo e vida familiar. Dito doutra forma, cómpre dotar a todas as persoas da oportunidade e da capacidade de conducir a súa propia aprendizaxe.

Finalidade:

Conseguir que todo o alumnado acade unha titulación oficial ou dispoña das acreditacións das cualificacións profesionais que lle permita inserirse no mercado laboral ou proseguir os estudos.

5. ESTRATEXIA DE FORMACIÓN PROFESIONAL GALICIA 2030

Obxectivo:

O obxectivo da Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 é establecer os eixes e liñas que guiarán os próximos anos as actuacións dunha FP moderna, dinámica e innovadora que se adapta a realidade socioeconómica e que contribúe á e mellora da empregabilidade, da formación, da creación de riqueza e ao impulso do tecido empresarial e do benestar da sociedade galega. Dita estratexia basease en varios principios inspiradores: reducir a fenda laboral, a formación, a colaboración, o recoñecemento das competencias e a calidade; e artéllase a través de 7 eixes, 15 obxectivos estratéxicos e 44 iniciativas ou actuacións, tanto da formación, como da acreditación de competencias, da orientación, da innovación, do emprendemento, da internacionalización e da calidade.

Contidos:

A estratéxia estruturase en 7 eixes de actuacións:

- Eixe 1: Formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo.
- Eixe 2: Acreditación de competencias profesionais.
- Eixe 3: Orientación profesional e difusión das ofertas.
- Eixe 4: Innovación e Dixitalización.
- Eixe 5: Emprendemento.
- Eixe 6: Internacionalización.
- Eixe 7: Centros integrados de excelencia como referencia para cada familia profesional - sector produtivo.

En 15 obxectivos estratéxicos:

- OE 1.1. Definición dunha oferta integrada, inclusiva e adaptada ás necesidades dos sectores produtivos e ao territorio de Galicia.
- OE 1.2. Colaboración na formación entre os sectores produtivos e o ámbito educativo.
- OE 2.1. Desenvolvemento da Avaliación, recoñecemento e acreditación (ARA) das competencias profesionais da cidadanía.

- OE 2.2. Promoción da colaboración entre a administración, o sector produtivo e os axentes sociais no proceso de ARA.
 - OE 3.1. Orientación profesional á cidadanía na creación dun itinerario personalizado de formación para o emprego.
 - OE 3.2. Difusión das oportunidades na formación, adquisición de competencias e recoñecementos destas.
 - OE 4.1. Impulso da innovación aplicada na formación profesional.
 - OE 4.2. Dixitalización dos espazos e dos procesos da Formación Profesional achegándoos as innovacións do tecido produtivo.
 - OE 5.1. Desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego.
 - OE 5.2. Impulso e Apoio ás iniciativas emprendedoras nos centros de FP.
 - OE 6.1. Promoción do intercambio das experiencias do alumnado e profesorado galego no estranxeiro.
 - OE 6.2. Difusión das boas prácticas dos centros galegos ao profesorado e alumnado doutros países.
 - OE 7.1. Posta en valor da Rede de centros integrados de formación profesional.
 - OE 7.2. Asegurar a calidade no desenvolvemento da formación.
 - OE 7.3. Mellora das competencias docentes do profesorado de Formación Profesional.
- E en 42 iniciativas ou actuacións.

Finalidade:

Co obxectivo de reducir a fenda laboral, potenciar a formación da cidadanía, artellando redes de colaboración público-privadas, fomentando o recoñecemento das competencias, e consolidando a calidade nos procesos formativos; todo elo, a través dunha oferta de FP Básica que permita reducir o abandono escolar e ofrecer aos mozos e mozas oportunidades de inserción laboral; dunha oferta de formación dual (centro-empresa) ampla que de resposta as demandas do tecido empresarial galego, dunha oferta no entorno rural, a través de posibilidades formativas flexibles, que permita dar oportunidades formativas e laborais a poboación asentada no territorio e polo tanto fixar poboación en ditos entornos; e de ofertas flexibles de excelencia, como son os cursos de especialización ou masteres e das dobres titulacións.

6. PLAN CONECTA FP GALICIA

Plan de colaboración público-privada, para o establecemento de ofertas de formación profesional a medida do tecido produtivo galego 2023-2025, aprobado no Consello da Xunta de Galicia, no marco da Estratexia de FP Galicia 2030.

Os obxectivos do Plan son os seguintes:

- Diseñar e planificar unha oferta de formación profesional do sistema educativo que dea resposta a rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de contar con persoas

coa capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está producindo.

- Incidir na mellora da competitividade das empresas, dando resposta ás necesidades de capacitación que deben ter os traballadores que precisan. Detectar as necesidades formativas dos sectores produtivos que non están cubertas coa formación actual.
- Amosar a potencialidade e as posibilidades do ecosistema da formación profesional de Galicia, a través da oferta formativa, da acreditación da experiencia laboral e da orientación profesional.
- Acadar información para deseñar plans de formación adaptados ás necesidades futuras dos sectores produtivos, a través da constitución de grupos de traballo onde estean representados todos os axentes implicados.
- Deseñar plans de formación específicos, a medida das necesidades das empresas ou das administracións, consolidando a FP dual como vía prioritaria de formación. Acadar que o número de empresas colaboradoras coa Formación Profesional do Sistema Educativo se incrementen cada curso académico.
- Contribuír a dar visibilidade á Formación Profesional de Galicia e incrementar en 10 puntos o número de cidadáns cun nivel de cualificación media:
 - Facilitar que máis persoas opten por esta formación, o que contribuirá a reducir a taxa de abandono escolar, reducir o déficit de traballadores, suplir a falta de substitución xeracional e aumentar a empregabilidade da poboación.
 - Favorecer que máis empresas opten por empregar a persoas con estudos de FP, o que contribuirá a mellorar a taxa de persoas contratadas con formación de grao, básico, medio e superior.

Para a consecución dos obxectivos previstos, realizáronse encontros, sectoriais e territoriais de carácter presencial, actos públicos nos que se deu a coñecer as múltiples posibilidades do ecosistema de Formación Profesional de Galicia, tanto de formación como de capacitación profesional, e nos que recolleron as necesidades de formación e capacitación que necesita o mundo laboral, tanto actuais como futuras, e deron lugar a constitución de grupos de traballo nos que estiveron representados todos os axentes implicados, e permitiron traballar esta información co obxectivo de facilitar o deseño de plans de formación profesional adaptados ás necesidades futuras dos sectores produtivos.

A súa avaliación favorecerá o desenvolvemento do Plan conecta 2025-2028, que redundará no maior achegamento centro-empresa no novo marco normativo da formación profesional, ao amparo da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, que marca novos retos e que se está a implantar dende o presente curso 2024-2025, favorecendo novas dinámicas e un maior estreitamento das colaboracións público-privadas.

7. PLAN INNOVA FP GALICIA

Plan Innova FP Galicia para o impulso de liñas de actuación que avancen na innovación, investigación aplicada e no emprendemento na formación profesional galega, no marco da Estratexia FP Galicia 2030.

Este Plan ten os seguintes obxectivos:

- Contribuír a dar visibilidade ao potencial innovador e investigador do profesorado e dos centros de formación profesional.
- Diseñar e planificar actuacións que favorezan o traballo en rede e a implicación do profesorado no desenvolvemento de proxectos de innovación en ámbitos tecnolóxicos asociados ao tecido produtivo galego, baixo parámetros de sustentabilidade.
- Implantar programas específicos que poñan en valor o talento do alumnado de formación profesional potenciando as iniciativas emprendedoras que revertan I+D+i ao noso tecido produtivo, situando á persoa como centro das actuacións.
- Establecer as bases para a definición de protocolos de actuación en materia de protección da propiedade industrial e rexistro de patentes, permitindo a xeración do ecosistema necesario para o desenvolvemento da Formación Profesional neste ámbito.
- Xerar nos centros educativos espazos de tecnoloxía aplicada avanzada que contribúan ao desenvolvemento de iniciativas innovadoras e de emprendemento que redunden:
 - Na mellora da cualificación e da especialización do profesorado.
 - Na mellora das competencias e empregabilidade do alumnado.
 - No incremento de postos de traballo con alta cualificación.
- Favorecer o desenvolvemento rural.
- Promover liñas de actuación que colaboren na redución da fenda de xénero no emprendemento industrial e na innovación tecnolóxica. Para a consecución dos obxectivos preséntase 14 medidas organizadas dentro de 3 bloques: Innovación aplicada na Formación Profesional, Impulso do emprendemento da Formación Profesional e Visualización da innovación Aplicada.

En aplicación deste Plan para o curso 2024-2025 estará publicado o Decreto..... que marcará un hito na innovación e investigación aplicada dende o ámbito da formación profesional e avanzará nunha importante evolución nesta dinámica dende os centros de FP e dende o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

8. PLAN DE CAPACITACIÓN DO PROFESORADO DE ENSINANZAS PROFESIONAIS

Plan de Capacitación do profesorado de Formación Profesional e de Réxime Especial para a mellora da cualificación dos equipos humanos que imparten formación nestas ensinanzas, potenciando a mellora da calidade da Formación profesional e de Ensinanzas de Réxime especial e a súa formación específica e de alta especialización coa colaboración CGIFP Eduardo Barreiros e a rede de CIFP.

O CGIFP é un referente ante o tecido produtivo e ante sociedade, das posibilidades de innovación e colaboración entre os ámbitos educativo e produtivo para o desenvolvemento de novas capacidades nas empresas de Galicia, aproveitando o capital humano e a experiencia dos centros galegos de Formación Profesional.

Traballa no desenvolvemento de proxectos de innovación con empresas que redunden nunha mellora da Formación Profesional, para facilitar unha empregabilidade de calidade e alto valor engadido.

Desde o seu papel como polo da innovación e o emprendemento industrial de Galicia, este centro impulsa e coordina proxectos en campos como a industria 5.0, a fabricación aditiva, a enerxía e a sustentabilidade, a biotecnoloxía, a gastronomía de vangarda ou a realidade virtual e aumentada. Para isto fai uso das tecnoloxías máis disruptivas xunto coa experiencia de profesorado e profesionais dos distintos sectores.

O CGIFP artículase en torno a catro grandes eixos desde os que aborda as finalidades para as que foi deseñado: Innovación aplicada, Emprendemento Industrial, Formación de alta especialización e Comunicación estratéxica e Internacionalización.

O centro está chamado a converterse nun eixo de innovación tecnolóxica, emprendemento e transferencia de coñecementos que:

- Vencellará á Formación Profesional coas demandas da nosa sociedade.
- Fortalecerá as relacións do centros de FP co tecido empresarial galego.
- Posibilitará aos centros de FP asumir os novos retos tecnolóxicos e didácticos, conforme aos requirimentos das empresas de Galicia.

Entre as súas funcións destacan:

- Ser o referente, ante o tecido empresarial e ante a sociedade, das capacidades de innovación da FP.
- Promover e coordinar proxectos de innovación aplicada entre os centros de FP e os distintos sectores produtivos.
- Impulsar procesos de innovación tecnolóxica, didáctica e de xestión na FP para que sexa máis competitiva e dinámica.
- Fomentar o desenvolvemento empresarial dos proxectos de innovación e de emprendemento nados na FP.
- Recoller as demandas de innovación do tecido empresarial que poidan ser desenvolvidas nos centros de FP.
- Permitir o acceso do profesorado a recursos singulares e a formación especializada en materia de innovación tecnolóxica e científica.
- Potenciar a internacionalización da FP a través da participación en proxectos e redes de excelencia internacionais.

9. PLAN INTEGRAL DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL “FPGAL 360” 2024-2028

A consecución de éxito do alumnado en todas as etapas do sistema educativo é unha prioridade para a Xunta de Galicia, que está a apostar por un modelo educativo capaz de dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

Unha orientación profesional e vocacional integral busca ensinar ás persoas a planificar e tomar decisións sobre a súa vida laboral e a formación que implica, facendo alcanzable esta información e as oportunidades de formación no momento adecuado: tomar decisións axeitadas, xestionar traxectorias profesionais, reflexionar sobre ambicións e intereses, comprender o mercado laboral.

No marco da Estratexia Galega de FP 20-30, O Plan de Orientación Integral FPGal 360, artículase a través de tres eixes principais:

- Eixe 1. Maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo. Perseguindo a “tendencia cero” no abandono escolar.

Establecer un conxunto de medidas preventivas dende idades temperás, asegurando a permanencia do alumnado no sistema educativo a través da FP Básica, como elemento integrador e itinerario formativo, establecendo mediadas de reforzo que favorezan a titulación. Perséguese a “tendencia cero” no abandono escolar temperá, entendido como a porcentaxe de persoas de 18 a 24 anos que non contemplaron a educación secundaria de segunda etapa e non segue ningún tipo de estudo ou formación.

- Eixe 2. Potenciar un sistema integral de orientación profesional e vocacional.

Un sistema de orientación vocacional e profesional integral que conduza á inserción laboral a través do deseño de itinerarios profesionais individualizados que conecten o desenvolvemento persoal e profesional das persoas, cos servizos que ofrece o sistema de formación profesional e coas demandas do tecido produtivo, fomentando a vez un imaxe actualizada das ocupacións que eliminen os estereotipos profesionais, e continúan a reducir a fenda de xénero.

- Eixe 3. Facilitar a titulación da poboación nova sen cualificación.

Facilitar o retorno das persoas sen titulación oficiala o sistema educativo a través da orientación profesional, a acreditación de competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral ou outras vías de formación non formal.

Elaborar itinerarios formativos profesionais personalizados, reducindo a porcentaxe de persoas menores de 34 anos sen cualificación ou con baixa cualificación.

Por o foco na educación e a formación como piares básicos no desenvolvemento persoal e profesional, o que permitirá dar resposta aos cambios que se sucedan ao longo da vida.

Máis de 60 medidas estruturadas en 14 liñas de actuación, que actuará sobre a comunidade educativa (+10.000 docentes; +230.000 alumnado e familias) e sobre a poboación non cualificada (+80.000 persoas novas, +10.000 empresas).

10. AVALIACIÓN E EXCELENCIA NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Obxectivo:

Consolidar un sistema educativo que minimice o abandono escolar e se aliñe nos seus resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e continuar a tendencia cara os límites de abandono previstos para Europa unha vez alcanzados os obxectivos previstos para España na Axenda 2020.

Contidos:

- Avaliar o sistema educativo. Analizar a situación e o estado do sistema educativo en Galicia. Avaliacións de ámbito autonómico, nacional e internacional.
- Avaliar os centros educativos no eido da organización, o funcionamento e os procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Avaliar a función directiva e dos órganos de coordinación docente.
- Promover o recoñecemento da cultura do esforzo, a superación persoal e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios.

Finalidade:

- Coñecer a situación do sistema educativo galego para analizar os progresos e axudar na toma de decisións sobre políticas educativas. Dispoñer da información que permita a análise comparativa con outras comunidades autónomas e outros países.
- Contribuír á mellora da calidade e da equidade da educación.
- Aumentar a transparencia e a eficacia do sistema educativo.
- Ofrecer información sobre o progreso de aprendizaxe do alumnado nas competencias clave e orientar os plans de mellora.
- Incentivar e recoñecer a cultura do esforzo e a dedicación do alumnado nas distintas etapas educativas. Reforzar os aspectos que incidan na mellora do sistema educativo e xuntar a excelencia coa equidade, a igualdade de oportunidades e as posibilidades de desenvolvemento persoal.

AS ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS DA CONSELLERÍA EN MATERIA EDUCATIVA.

No capítulo II, as actuacións centraranse, fundamentalmente, en garantir o funcionamento dos comedores escolares, así como na distribución dos gastos de funcionamento ordinario aos centros públicos de titularidade da consellería de todos os niveis educativos correspondentes ás ensinanzas non universitarias (infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, educación especial, escolas oficiais de idiomas, centros de ensinanzas artísticas e centros de educación de adultos). Débese ter en conta que a evolución no gasto

nos centros públicos está condicionada, non só polo escenario financeiro global da comunidade autónoma, senón tamén polas medidas de xestión implantadas para obter unha maior eficiencia no gasto corrente, tales como as contratacións centralizadas en materia de comedores escolares, ou de limpeza dos centros de ensino secundario, ou a contratación centralizada da telefonía, das comunicacións postais e da subministración de enerxía.

Os gastos de funcionamento, nutridos coas achegas da consellería, supoñen un 45 % do total do gasto no capítulo II do orzamento da consellería, e permitirán a aplicación da autonomía na xestión económica dos centros establecida no Decreto 201/2003, do 20 de marzo.

Tamén se levará a cabo o pagamento das distintas partidas do módulo de concertos educativos: o pago delegado do persoal docente de todos os centros concertados e outros gastos que van destinados fundamentalmente aos gastos de funcionamento do centro e ao pagamento das retribucións do persoal de administración e servizos, “persoal complementario” dos centros de educación especial.

A través do capítulo IV, xestionaranse os concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, primaria, ESO, educación especial e FP básica. Como xa se apuntou, dada a súa configuración de pago delegado, a súa contía destínase basicamente a satisfacer salarios.

Os importes dos módulos económicos para o sostemento dos centros concertados fíxase na lei de orzamentos de cada ano.

Neste capítulo encádrase tamén a partida destinada á convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar para alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, reforzándose o apoio a familias con maiores dificultades económicas. No capítulo VI (investimentos reais), a magnitude máis significativa está representada pola cantidade destinada na Secretaría Xeral Técnica, á construción, ampliación ou reforma dos centros educativos e ás actuacións destinadas a mellorar a eficiencia enerxética dos edificios existentes en execución ao abeiro do II Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica financiado polo Programa operativo FEDER 2021-27 e cunha importante achega de fondos propios da Xunta de Galicia.

No capítulo VI, no marco do novo Plan LÍA 2021-2025 (lectura, información e aprendizaxe) as actuacións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa realizaranse coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos:

- Dotar aos centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes coas necesidades do século XXI.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.

- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas.
- Contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade.

Dentro do Plan LÍA 2021-2025 desenvolveranse diversas actuacións destinadas ás bibliotecas escolares encamiñadas a incentivar a mellora tanto da comprensión lectora como un cambio nos hábitos de lectura do alumnado, unha maior presenza dos libros e das actividades de lectura e de tratamento da información nos centros educativos; programas e actuacións entre as que destacan o plan de mellora de bibliotecas escolares (buscando acadar a integración nel do 100 % dos centros de ensino non universitario), o apoio aos clubs de lectura o programa radio na biblio, biblioteca creativa ou o concurso de traballo por proxectos.

Tamén encadrado no capítulo VI xestiónase o fondo solidario de libros de texto, constituído no curso 2015-2016

Este fondo permite reutilizar os libros, fomentando as actitudes de respecto, o bo uso e a conservación dos bens comúns e favorecendo a adquisición de hábitos cívicos e de convivencia, valores que contribúen, dunha forma positiva, ao proceso educativo do alumnado.

A través do capítulo VII xestionaranse as axudas para a adquisición dos libros de texto. Estas axudas dirixiranse ao alumnado de ensino obrigatorio dos centros sostidos con fondos públicos matriculado en (1º e 2º de educación primaria e educación especial), pertencente a familias con rendas baixas e ao alumnado de educación especial e, posibilitarán, xunto co E-Dixgal, as axudas para a adquisición de material escolar e o fondo solidario, entre outras actuacións: reforzar o apoio ao alumnado e familias con maiores dificultades e a igualdade no exercicio do dereito a educación, prevista no artigo 83 da LOE.

B. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO UNIVERSITARIO.

A través do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 mellorarase o financiamento universitario baseado en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e resultados asociados á investigación, á docencia e á xestión e articulación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

No exercicio de 2025 desenvolveranse os seguintes aspectos:

- Apoiar a implantación do recoñecemento da función docente na conformación do equipo teórico das universidades.
- Apoiar o desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e dos servizos xerais de apoio á investigación.

- Consolidar o sistema docente e os obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.
- Impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas.

Así, ademais de dedicar a meirande porcentaxe do total dedicado ao financiamento das universidades públicas galegas a acadar o principio de suficiencia estática no seu custe estándar, é dicir, ao mantemento dos recursos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades universitarias básicas (a docencia, a investigación e a transferencia), atenderase aos resultados obtidos por cada unha delas en materia de rendemento académico, mellora da calidade e investigación e transferencia para distribuír o resto dos fondos.

No que se refire á investigación no ámbito universitario estanse a seguir os retos e as liñas sinalados establecidos no Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, entre as que destacan as seguintes:

- Reto I. Captación, formación e retención de talento.
 - Liña I.1. Programa de apoio á carreira investigadora, consiste en contratos predoutorais e posdoutorais. Convocatoria competitiva.
 - Liña I.2. Programa de atracción e retención de talento.
 - Liña I.3. Programa de capacitación e incorporación de xestores de apoio á investigación e tecnólogos.
 - Liña I.4. Captación e retención de talento investigador de prestixio. É un programa orientado á apoiar ao persoal investigador con proxectos altamente competitivos como os do European Research Council (ERC).
 - Liña I.5. Programas de mobilidade.
- Reto 2. Investigación de referencia competitiva, mediante a creación dunha contorna adecuada e atractiva para o desenvolvemento da actividade científica e do desenvolvemento tecnolóxico en Galicia a través da dotación de instrumentos que potencien os grupos de investigación estratéxicos e os centros de Investigación.

Ao redor de tres eixes estratéxicos (2.1 Consolidación de Grupos, 2.2 Proxectos singulares e 2.3 Potenciación das estruturas de investigación), instrumentalizaranse as seguintes liñas de actuación:

- Liña 2.1.1 Apoio aos grupos de referencia competitiva. Axudas de 4 anos aos grupos xa consolidados (uns 100). Convocatoria competitiva.
- Liña 2.1.2. Apoio a grupos potencial crecemento. Axudas de 3 anos aos grupos con alto potencial de crecemento. Similar ao anterior pero para os grupos aínda non consolidados. Convocatoria competitiva.

- Liña 2.1.3. Proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente. Convocatoria competitiva. Segundo as características poden presentarse a unha das seguintes modalidades:
 - Liña de reforzo da traxectoria investigadora consolidada. Neste caso, as axudas serán de aplicación por un período de ata 4 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima anual de 50.000€.
 - Liña de reforzo de traxectorias emerxentes. Neste caso, as axudas serán de aplicación por un período máximo de ata 5 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima anual de ata 25.000€.
- Liña 2.2.1. Apoio ao financiamento dos Campus de Especialización acreditados: O Campus Terra de Lugo, e o Campus Industrial de Ferrol e o Campus Auga de Ourense, co fin de definir un mapa universitario diversificado.
- Liña 2.2.2 Financiamento de proxectos singulares, de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade.
- Liña 2.3.1 Apoio aos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, co obxectivo de fortalecer as súas capacidades científicas e mellorar os resultados de alto impacto científico, social e económico.
- Liña 2.3.2 Apoio da Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS), co obxectivo de impulsar a visibilidade dos centros de investigación do SUG que teñan acreditada a súa excelencia científica, técnica ou artística.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

No contexto da nova Política de Cohesión Comunitaria para o período 2021-2027, a Comisión Europea reforzou o papel que as estratexias de especialización intelixente rexionais deben desempeñar na súa política de cohesión, establecendo a boa gobernanza da RIS3 como condición favorecedora, necesaria para acceder e executar os fondos FEDER para a I+D+i correspondentes a Galicia. Esta condición ten que manterse vixente ao longo de todo o período de programación e enfócase en garantir unha gobernanza de calidade como factor chave para o éxito da estratexia.

En cumprimento da condición favorecedora da Comisión Europea e para seguir avanzando na especialización intelixente de Galicia, o 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a RIS3 Galicia 2021-2027. Esta, por unha banda, cumpre coa condición favorecedora esixida pola Comisión Europea, e, por outra banda, é o marco estratéxico integral da política de I+D+i de Galicia ata 2027. Ante a complexidade do actual contexto, a RIS3 é unha estratexia de territorio para abordar os grandes retos de Galicia da próxima década desde a I+D+i, dirixida a

transformar o modelo produtivo, crecer de forma sostible e crear postos de traballo de calidade e alto valor engadido.

Á súa vez, a RIS3 tamén integra tanto o Plan Galego de Investigación e Innovación 2022-2024 como o 2025-2027, respondendo ao mandato legal establecido na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

Neste contexto, a Axencia Galega de Innovación desenvolverá as seguintes actividades:

- **Impulsar ao CESGA como un centro de referencia** a nivel nacional e europeo, que estea á vangarda en infraestruturas de computación, así como no coñecemento sobre ditas infraestruturas o que suporá unha vantaxe competitiva tamén para o ecosistema galego de I+D+i. Con este fin realizaranse as seguintes actuacións:

1.- Novo Edificio para Albergar Infraestrutura de Computación e Almacenamento

O obxectivo deste edificio é que o CESGA medre en capacidade, tanto a nivel de persoas como de infraestruturas para absorber os novos retos da computación cuántica, computación de altas prestacións e almacenamento de datos.

2.- Novas infraestruturas de Computación Cuántica

A computación cuántica está evolucionando moi rapidamente; estanse a facer descubrimentos e novos algoritmos que fan que este campo se estea a desenvolver de xeito frenético. A pesar de que o CESGA adquiriu recentemente o maior computador cuántico do sur de Europa instalado nunha institución pública, a comunidade científica galega e española (a través da rede Española de Supercomputación) demanda máis recursos de computación cuántica para poder desenvolver coñecemento e algoritmos novidosos que nos permitan situarnos á cabeza de Europa. A adquisición de novas infraestruturas de computación cuántica permitirá situar ao CESGA, e por extensión ao ecosistema galego de I+D, na vangarda da computación cuántica en Europa.

3.- Finisterrae IV, o Novo Supercomputador

Este novo supercomputador vai servir para impulsar grandes proxectos de investigación en áreas específicas. A diferenza do Finisterrae III (que convivirá co Finisterrae IV por un tempo), o Finisterrae IV estará pensado para ser moi eficiente enerxeticamente, e para acelerar proxectos moi específicos que teñen como base a Intelixencia Artificial, bio-algoritmos e outras áreas de especial relevancia para Galicia.

4.- Novo sistema de almacenamento

Cada vez se xeran máis datos en todos os campos da ciencia, polo que as capacidades de almacenamento deben de ser continuamente ampliadas situando ao CESGA como un dos centros de datos relevantes a nivel español e europeo.

- **O fortalecemento do ecosistema galego de tecnoloxías cuánticas** mediante o desenvolvemento de distintas iniciativas ao abeiro da Rede Galega de Tecnoloxías Cuánticas que lidera a Axencia Galega de Innovación.
- **Promover as capacidades de transferencia e posicionamento do ecosistema biotecnolóxico** de conformidade cos eixos e actuacións da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía 2021-2025, para o cal impulsaranse:
 - Promoción de proxectos de I+D+i de gran impacto e potencial de transferencia no eido da biotecnoloxía e bioprodución.
 - Reforzar as capacidades de acompañamento estratéxico ao sector, así coma a medición do impacto do sector.
 - Mellorar a presenza internacional do sector e a visibilidade da biorexión.
- **Desenvolvemento dun Programa de Talento** para:
 - **O fomento da contratación de persoal dedicado a actividades de I+D+i:** predoutorais, posdoutorais, doutoramento industrial, talento senior, outros perfiles demandados polo ecosistema de I+D+i.
 - **Captación, retención e retorno do persoal investigador excelente** (beneficiarios de axudas do ERC) mediante:
 - A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do “European Research Council”. OPORTUNIUS.
 - O fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguente efecto tractor de fondos europeos. OPORTUNIUS.
 - **O apoio á excelencia:** impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibira financiamento. Dotarase ao persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.
 - **O posicionamento internacional do ecosistema galego de I+D+i e a atracción e retorno de talento investigador** a través de accións de difusión, información, formación, identificación e asesoramento a candidatos a programas de excelencia investigadora internacional, campañas de comunicación internacionais, desenvolvemento de contornas web vencelladas ao talento, creación de redes de colaboración con axentes do ecosistema I+D+i e colectivos investigadores.
- **O fomento de novas vocacións científico-tecnolóxicas** en colaboración cos axentes do ecosistema galego de I+D+i.
- **A promoción da difusión do coñecemento, dos resultados e os avances científicos e tecnolóxicos** de maneira que resulten accesibles e comprensibles para o público xeral o tempo que dan a coñecer o potencial e o impacto das actividades de investigación e innovación que se desenvolven en Galicia.

- **Fondos de capital risco** dirixidos a proxectos empresariais baseados na **transferencia de tecnoloxía xerada polos organismos de coñecemento galegos**.
- **Reforzo da transferencia de resultados de I+D+i ao mercado** como factor de competitividade (Programa IGNICIA):
 - Desenvolvemento dun programa de actuacións orientadas a mellorar as estruturas, as metodoloxías, os procesos, as competencias dos profesionais de transferencia e investigadores, a interacción, visibilidade e promoción das entidades xeradoras de coñecemento, para a efectividade da transferencia de resultados ao mercado e a súa valorización comercial.
 - Apoio aos proxectos de investigación que se atopan nun estado de madurez tecnolóxica que xa superou a fase de investigación fundamental, pero requiren dun impulso que permita a validación da tecnoloxía e a posterior transferencia ó mercado dos resultados.
 - Plan de apoio as entidades de investigación da Xunta de Galicia e os seus profesionais para a protección e valorización de resultados de investigación públicos.
 - Desenvolvemento de experiencias piloto de colaboración para a comercialización conxunta de resultados de investigación entre Universidades e Centros Tecnolóxicos.
- **O fortalecemento de centros de xeración de coñecemento** a través do financiamento dos seus gastos de estrutura tendo en conta en relación coa posta en valor das súas actividades de I+D, a súa capacidade de transferencia ao mercado, así como a captación de recursos de I+D+I competitivos en programas nacionais e internacionais. (Contratos programa de centros tecnolóxicos e OPIS).
- **A mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos a través das unidades mixtas de investigación** que teñen como propósito o desenvolvemento de iniciativas de colaboración focalizadas nun contexto limitado de áreas de singularidade estratéxica para o conxunto da rexión mediante a creación de consorcios estratéxicos rexionais entre as universidades, os centros de innovación tecnolóxica e as empresas (Unidades mixtas).
- **Consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas** do Sistema galego de I+D+i mediante o apoio aos grupos de referencia competitiva, aos grupos con potencial de crecemento e a redes de investigación (Grupos de investigación).
- **A participación en proxectos europeos** de diferentes iniciativas (Horizonte Europa, Interreg Europe e outros fondos europeos) co obxectivo de fortalecer a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- No marco do novo período de programación do FEDER 2021-2027, hai que destacar as seguintes actuacións:
 - **Liña de apoio de proxectos excelentes** nacionais (rescate Neotec): o obxectivo é financiar a creación e posta en marcha de proxectos empresariais de pemes de recente creación, cuxa estratexia de negocio se basea no emprego e desenvolvemento de tecnoloxías ou coñecementos desenvolvidos a partir da actividade investigadora. En

concreto, darase cobertura aos primeiros anos do plan de negocio dos proxectos que obtiveron unha puntuación elevada na convocatoria do ano 2023 e 2024 do programa Neotec de CDTI, pero que non obtiveron financiamento do devandito organismo pola competitividade do programa e as limitacións orzamentarias do mesmo.

- **Programa de fomento das sinerxías co Programa Marco de I+D+i europeo Horizonte Europa**, que contempla apoios para impulsar as sinerxías e complementariedades con este.
- **O instrumento Misións da RIS3**, orientado ao financiamento de proxectos colaborativos de I+D que afronten retos estratéxicos para Galicia, aliñados coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3). Estas misións buscan impulsar a innovación e a competitividade en sectores clave como a industria, a tecnoloxía e a sustentabilidade, promovendo a cooperación entre empresas, centros de investigación e organismos públicos para acadar solucións innovadoras en áreas prioritarias para o desenvolvemento rexional.
- **Reforzo dun instrumento de fortalecemento das capacidades dos centros tecnolóxicos**, mediante o financiamento de infraestruturas e equipamentos, que deben estar orientadas á mellora da súa excelencia investigadora e actividade innovadora, vinculados directamente á mellora da súa transferencia cara o tecido produtivo, especialmente pemes. Esta medida apoia a súa orientación estratéxica á mellora da excelencia investigadora a nivel internacional e á súa transferencia a nivel internacional.
- **Desenvólvese un instrumento para apoiar as Unidades Mixtas de Investigación**, enfocado a impulsar proxectos público-privados entre organismos de investigación e empresas. A partir dos bos resultados acadados no anterior período, no actual, este instrumento amplíase para cubrir todas as fases do desenvolvemento destas Unidades, cubrindo desde a súa creación e consolidación ata a creación de Centros mixtos de investigación.
- **O instrumento Conecta PEME** destinado a fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, a través do apoio a proxectos colaborativos de I+D+i orientados ao mercado e alineados cos retos da RIS3. Este instrumento financiará proxectos executados en colaboración efectiva por agrupacións de empresas, maioritariamente pemes, para actividades de investigación industrial e desenvolvemento experimental, así como innovación en materia de organización e de procesos.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN.

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería na área de educación. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento. Figuran neste programa os créditos precisos para o correcto funcionamento e desenvolvemento da actividade propia desta consellería, entre os que se atopan os gastos en bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmoables administrativos e demais actuacións tendentes ao mantemento ou mellora das dependencias de traballo así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

Outras actividades comprendidas no presente programa son, entre outras, a xestión do persoal, a tramitación e execución do gasto corrente e de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos; a realización de tarefas de xestión económico-administrativa; o impulso, a modernización e a informatización dos seus servizos centrais e periféricos; a realización de estudos e traballos técnicos en temas comúns e xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas, así como a tramitación de toda a produción normativa.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Neste programa contéplanse as dotacións orzamentarias para atender ás necesidades de funcionamento dos servizos centrais e das direccións territoriais, como son as de reparación de edificios, maquinaria, material de oficina, subministración de enerxía eléctrica, combustible, comunicacións, transporte, xurídicos e contenciosos, as do Consello Escolar, as do Museo Pedagóxico de Galicia, así como as indemnizacións por razón de servizo do persoal.

No capítulo I asumírase a vixilancia e o control da saúde do persoal non docente que presta servizo nos centros educativos, dando así cumprimento ao mandato do artigo 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.

No capítulo VI conta coas aplicacións para atender ás adquisicións de pequeno material mobiliario para os servizos centrais e direccións territoriais, así como para atender a reparación,

ampliación e mellora nas dependencias administrativas e os investimentos de carácter inmaterial transversais da consellería e para a o Museo Pedagógico de Galicia.

Dentro deste programa, levarase a cabo o impulso, coordinación e seguimento de programas destinados á innovación, no ámbito dixital e da internacionalización. Asemade, realizaranse actuacións de planificación e desenvolvemento de plans e programas de formación, perfeccionamento e actualización no ámbito funcional de la Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cando no estean atribuídos a outros órganos da Consellería.

Este programa de gasto tamén dará soporte á coordinación das estratexias e programas respecto das políticas públicas para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como ás atribucións como unidade encargada da xestión da seguridade da información e protección de datos e ás funcións de xestión das obrigas de publicidade activa, de transparencia da actividade administrativa e do bo goberno da Consellería e dos seus órganos e entidades dependentes.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 04.01.08), consisten en garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagógico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas á poboación galega en xeral e aos órganos administrativos da Consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Atención aos gastos para o normal funcionamento dos servizos centrais e das direccións territoriais, do Consello Escolar de Galicia e do Museo Pedagógico de Galicia.

Adquisición de diverso mobiliario e outros investimentos para os servizos centrais e direccións territoriais.

Inmovilizado para o Museo Pedagógico de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o correcto funcionamento e unha axeitada coordinación dos servizos centrais e periféricos no eido da educación, tanto no que respecta a medios humanos como aos materiais e de organización, e actuar de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e axilidade administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Formación Profesional e Universidades e, en xeral, da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 04.01.08) é mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos xerais de educación e atención aos gastos operativos necesarios para prestar os servizos educativos, tendo un marcado carácter instrumental e de apoio aos demais programas educativos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.2. PROGRAMA 422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación infantil e primaria, que representan máis do 54% do alumnado non universitario. O 67% da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 16.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- Dotar aos centros de educación infantil, primaria e educación infantil e primaria dos recursos humanos necesarios para garantir na nosa comunidade autónoma un ensino de calidade para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias. Estímase imprescindible unha atención moi específica nestas iniciais etapas educativas para poder acadar os fins do sistema educativo, entre os que podemos mencionar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade, o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade e a iniciativa persoal.

- En todo caso, os recursos humanos dispoñibles deben facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería nos niveis de educación infantil e primaria.
- Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).
- Atender a demanda de postos escolares.
- Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.
- Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.
- Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 16.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato do artigo 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.
- Prestación dos servizos educativos a través do profesorado de primaria.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 04.01.01) consiste en mellorar a calidade da educación e os resultados dos escolares galegos, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2021-2027.

- No exercicio 2025 continuarase na execución de distintas actuacións nos centros docentes en materia de eficiencia enerxética, rehabilitación e obras de acondicionamento e ampliación de aulas,. Actuacións ao abeiro do II Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, cuxos obxectivos son o deseño dunha nova arquitectura institucional educativa, o acondicionamento e solución de problemáticas do parque inmobiliario educativo (número de edificios, idade media), dar resposta ás novas necesidades espaciais, así como a implicación coa educación dixital e as novas metodoloxías, xunto co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Nese marco os centros privados que ofrezan ensinanzas declaradas gratuítas e satisfagan necesidades de escolarización poden acollerse ao réxime de concertos e ós fondos públicos destinados ao sostemento dos centros privados concertados establécense nos orzamentos e se distribúen pola aplicación dun módulo económico por unidade escolar. O dito módulo ten un importe que posibilita que o ensino se imparta en condicións de gratuidade e garante, entre outros, os salarios do persoal docente, incluídas as cotizacións á Seguridade Social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A rede de centros públicos dedicados as ensinanzas de infantil e primaria da nosa comunidade autónoma, conta cunha antigüidade a maioría deles cunha media aproximada de 40 anos, o que fai necesario que a Consellería de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ademais de incrementar postos escolares alí onde a demanda educativa o esixe, deba proceder á reposición e as reformas integrais de centros así coma á correspondente dotación e/ou renovación de mobiliario e material didáctico. A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redundará no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciabes da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios, modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

O programa 422A ten a súa razón:

- Na Constitución Española, cando no artigo 27 establece que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto e que os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos, previstos con carácter básico, no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de concertos educativos. Na Comunidade autónoma de Galicia a regulamentación dos vixentes concertos recóllese fundamentalmente na Orde do 14 de marzo de 2017.
- No Decreto 201/2003, do 20 de marzo, que desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros públicos docentes non universitarios, sinalando que o estado de ingresos do orzamento anual do centro estará integrado, entre outros recursos, polas dotacións procedentes da Consellería de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para gastos de funcionamento.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional tenta garantir unha ensinanza obrigatoria coa mellor calidade de infraestruturas e dotación de material didáctico e de equipamento, levando a cabo, dentro do contexto económico, a creación e ampliación de centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes debido á presión demográfica, así como á reforma dalgúns dos centros da nosa rede educativa, a fin de dar unha resposta axeitada á demanda de postos escolares na zona en que se produce.

Por todo iso, seguiranse realizando obras de conservación e mellora dos centros existentes, de renovación das súas instalacións e revisión das infraestruturas existentes.

Con cargo a este programa orzamentario materialízase, tamén, a adquisición de mobiliario e material didáctico para dotar os novos centros educativos e as ampliacións realizadas, así como o destinado ás reposicións do material deteriorado.

O presente programa resulta estratéxico para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional xa que con el (e os outros que atenden á educación especial, de adultos, de ensinanzas artísticas,..) aténdese a finalidade de consignar os gastos de funcionamento dos centros públicos e privados concertados (e, neste último caso, tamén o pagamento delegado das nóminas).

Os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garante a súa autonomía, e posibilita dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios. Todo iso constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.01.01) son, por unha banda, acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno, o desenvolvemento de novas capacidades para a educación dixital e por outra banda, mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A construción de novos centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes, fundamentalmente en zonas de novo crecemento da periferia das cidades e poboacións da área de influencia desta permiten atender á demanda crecente nestas zonas. A adaptación dos centros existentes as novas necesidades (mediante obras de reforma e ampliación) e a adquisición de material e mobiliario, permiten completar os servizos cos que se dota as localidades e aos centros, por exemplo ampliando os espazos de comedor e aulas de atención a alumnado con necesidades especiais. Estas actuacións complétanse nas instalacións de cociña e na adquisición de material adaptado ás necesidades do alumnado, para unha mellor atención ás alumnas e alum-

nos procedentes de familias desfavorecidas aproximando os servizos educativos aos domicilios das familias, posibilitando a conciliación laboral-familiar e polo tanto a promoción da igualdade de oportunidades.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos, o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes é de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros. A existencia de distintas figuras no eido laboral como as comisións de servizo por conciliación familiar, os intercambios provisionais etc., repercuten na promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilita a conciliación e a corresponsabilidade.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do

contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas licitacións realizadas pola consellería máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que as rexían.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.3. PROGRAMA 422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 422C –Ensinanzas Universitarias– concreta o Plan Galego de Financiamento Universitario (en adiante PGFU) para os anos 2022-2026.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 422C - Ensinanzas Universitarias correspóndese co PGFU 2022-2026.

O PGFU 2022-2026 estrutúrase en dous grandes fondos: o financiamento non condicionado e o financiamento da investigación.

O financiamento non condicionado integra todas as cantidades que son de libre disposición por parte de cada universidade, para asegurar o normal funcionamento destas institucións.

Comprende seis sub-fondos, cuxo reparto realizarase aplicando criterios obxectivos, medibles e homoxéneos:

1. Custe estándar.
2. RAM. Gasto corrente e mantemento de infraestruturas.
3. Complementos retributivos e compensación por matrículas.
4. Custes asociados ao funcionamento do SUG:
 - Centros asociados da UNED en Galicia.
 - Axencia para a Calidade do SUG (ACSUG).
 - Consellos Sociais.
5. Panel de indicadores.
6. Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.04), consiste en racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades públicas galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O PGFU servirá, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades públicas galegas pero tamén debe comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Por iso, o programa 422C está dirixido a todo o colectivo universitario: alumnado, persoal docente, persoal investigador e persoal de administración e servizos do Sistema Universitario de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Unha vez superada a fase de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior é preciso fomentar o avance do Sistema Universitario de Galicia, SUG, ata cotas de calidade cada vez mais elevadas. O financiamento dótese dunha estrutura dinámica e flexible que permitirá adaptar as achegas aos cambios do escenario macroeconómico no que se encadra.

O plan define un marco de financiamento moderno, dinámico, flexible, sostible, suficiente, equitativo e eficiente que permite o cambio e modernización das universidades públicas galegas no medio prazo mediante a planificación de estratexias que faciliten a súa converxencia coas universidades tanto do sistema español de universidades como a nivel internacional.

Os fins descritos materializaranse nas seguintes actividades:

- Custe estándar, destinado a subvencionar gastos correntes asociados á docencia.
- Financiamento dos complementos retributivos autonómicos así como a compensación por bolsas e prezos públicos.
- Financiamento dos Consellos Sociais.
- Subvencionar aos centros asociados da UNED en Galicia.
- Financiar determinadas accións de apoio económico ás mozas e mozos estudantes do SUG (bolsas, axudas e premios).
- Acadar a consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Continuar con convenios de colaboración coas universidades públicas galegas.
- Os gastos de investimento: obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas, maquinaria e gasto corrente non condicionado.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- PGFU 2022-2026.
- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os parámetros establecidos no PGFU 2016-2020:

- Custe estándar: que incluírá contías a transferir a cada institución en función do custe estimado da docencia nos graos e máster oficiais ofertados, PDI, PAS e capacidade instaladas.
- Gasto corrente e mantemento de infraestruturas: Destinado a subvencionar gastos de investimento tales como obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas, maquinaria e gasto corrente non condicionado.

- Complementos retributivos e compensación por matrículas, atenderase as contías derivadas da aplicación da normativa estatal e autonómica, contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos autonómicos, así como as compensacións anuais por bolsas e prezos públicos.
- Custes asociados ao funcionamento do SUG contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de:
 - Centros asociados da UNED en Galicia.
 - Axencia para a Calidade do SUG (ACSUG).
 - Consellos Sociais.

Panel de indicadores: contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades públicas galegas en cada un dos indicadores que configuran o panel no que se recollen as seis principais áreas de acción:

- Indicadores de financiamento
- Indicadores de internacionalización
- Indicadores relacións universidade-empresa
- Indicadores de docencia innovadora
- Indicadores de investigación avanzada
- Indicadores de responsabilidade social e medio ambiente

Plan de Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica: contías adicionais vinculadas á presentación e cumprimento dun plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que incluírá indicadores de proceso e resultados.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.04) son, por unha banda, incrementar a taxa de gradación nas titulacións e, por outra banda, racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades públicas galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os prezos públicos máis baixos do Estado, unido á política de bolsas, favorece o acceso da xuventude á formación universitaria na nosa comunidade, independentemente do sexo. Aínda así, segundo os datos do SIIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) do MEFP, a presenza feminina nas aulas universitarias galegas alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, un 56,60% no curso.2022-2023.

Por outra banda, segundo a mesma fonte, no curso 2022-2023 (últimos datos dispoñibles) o 43,44% do persoal docente e investigador das universidades públicas galegas é feminino.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As tres universidades públicas galegas, financiadas pola comunidade autónoma manteñen na súa estrutura orgánica unha unidade específica en materia de igualdade de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Prevese unha evolución en liña coas tendencias xerais demográficas, dado que o programa incide de xeito xeral na totalidade da poboación galega facilitando o acceso aos estudos universitarios con independencia de calquera condición (principio de igualdade de oportunidades e non discriminación).

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ano 2023 un 63,70% dos/as beneficiarios/as das bolsas para o alumnado universitario da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional foron mulleres (datos da SXU).

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

III.1.4. PROGRAMA 422D - EDUCACIÓN ESPECIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase a atender, en base aos principios de normalización e inclusión, as escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, en canto ao funcionamento diario dos centros e as súas infraestruturas, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- a) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que escolarizan ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- b) Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados que escolarizan ao alumnado con necesidades educativas especiais (incluído o pagamento delegado dos salarios do persoal docente destes centros).
- c) Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas deste colectivo.
- d) Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.
- e) Escolarizar adecuadamente e garantir a formación e a atención especializada do alumnado con necesidades educativas especiais.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)2022-2030, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.07), consiste en mellorar a calidade da educación

e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Nenas e nenos de entre 3 e 21 anos de idade que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Comunidade autónoma conta con centros de educación especial que necesitan a realización de actuacións periódicas de reforma, reparación e conservación, tendo en conta a antigüidade das edificacións existentes, debendo ser adecuados estrutural e funcionalmente.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciabes da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente, os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado con necesidades educativas especiais o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional, así como o logro dos correspondentes obxectivos curriculares.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).

- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para alcanzar os fins sinalados a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realizará as actuacións necesarias, dentro dos recursos dispoñibles, de reparacións e melloras dos centros existentes, para atender adecuadamente a este alumnado, dotándoo dunhas instalacións máis axeitadas.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional préstalle atención ao alumnado con necesidades educativas especiais mediante unha rede pública e concertada de centros docentes, tanto ordinarios como de educación especial, que atenden as súas necesidades, ben mediante a escolarización a tempo total ben mediante escolarización combinada, así como aos programas educativos que engadan un valor a estas ensinanzas. Polas súas necesidades particulares e especializadas é necesario prever un programa diferenciado que dea resposta ás necesidades dos centros de educación especial no marco dun sistema único, inclusivo e non diferenciado que dea a mellor resposta educativa posible a cada alumno/a, de acordo cos preceptos da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir no obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.07) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Acadar que o alumnado logre os obxectivos formativos da ensinanza ordinaria.
- Promover unha educación igualitaria, accesible e inclusiva eliminando obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións de mellora dos centros educativos de educación especial permiten o mantemento de prazas escolares que redundan na conciliación da vida familiar-laboral e polo tanto promoven a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Así mesmo a atención específica, individual e personalizada ao alumnado con necesidades educativas especiais posibilita a consecución dun obxectivo fundamental na loita pola igualdade entre mulleres e homes como é evitar a dobre discriminación que sofren as mulleres discapacitadas e que está sobradamente constatada a todos os niveis. A función educativa posibilita a súa maior autonomía, empoderamento, liberdade e autoxestión para evitar o impacto da discriminación por razón de sexo e por razón de discapacidade.

Débase facer referencia, finalmente, á capacitación profesional que se ofrece nos centros de educación especial, con programas formativos de FP Básica que, adaptados ás necesidades do alumnado, permiten a este acadar competencias profesionais que permitan a súa incorporación ao mundo laboral e, polo tanto maior grao de autonomía na consecución do seu proxecto vital. Esta capacitación é vital no caso das mulleres dado que contribúe a dotalas de maior grao de autonomía e inclusión social e laboral no súa vida adulta.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A consellería aposta por unha educación inclusiva en centros educativos ordinarios, deixando á elección dos pais a escolarización dos seus fillos e fillas, a tempo total ou en escolarización combinada, en centros de educación especial que, en calquera caso, enmárcanse nun sistema educativo único, inclusivo e non diferenciado. Os centros de educación especial son un recurso organizativo e material, contan con recursos humanos especializados e dispoñen de maior marxe de adaptación e personalización dados os seus equipamentos, a súa ratio reducida, etc, pero

forman parte do sistema ordinario e, polo tanto, contan cos mesmos obxectivos e finalidades, currículos e marco de actuación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A implantación dunha nova estratexia na adquisición de material para centros de educación especial mellora a actual transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.5. PROGRAMA 422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender o funcionamento diario dos centros públicos de ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas de titularidade da consellería e as súas infraestruturas:

- Os conservatorios de música e danza.
- As escolas de arte e superiores de deseño.
- A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
- A Escolar Superior de Arte Dramática.
- As escolas oficiais de idiomas.
- Os centros educativos dependentes que imparten ensinanzas deportivas.

No marco do Plan Educ-arte, resaltamos dúas liñas de actuación:

1. Potenciar o funcionamento dos centros que imparten ensinanzas de música non regradas, dirixidas a poboación nova e público en xeral, que teñen como obxecto de prestarlles apoio ás iniciativas para o fomento, difusión e extensión destas ensinanzas por parte de entidades locais e privadas sen ánimo de lucro situadas en zonas non urbanas. Esta iniciativa visualízase como unha oportunidade para favorecer a igualdade de oportunidades e que Galicia conte con canteira e talento cara ao acceso a estudos regrados de música.
2. Fomentar e poñer en valor ás ensinanzas de réxime especial (artísticas, idiomas e deportivas). Darlle continuidade a InnovArt polo éxito acadado nas edicións 2023 e 2024 e impulsar e apoiar as creacións artísticas realizadas polos centros educativos (óperas, concertos, exposicións...) co obxectivo de loubar e darlle prestixio ás obras e autorías do noso alumnado.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas e aprendizaxe permanente na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

- Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros.
- Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.
- Xade para a xestión administrativa e académica das ensinanzas artísticas.

- Actualizar e adecuar a ordenación académica das ensinanzas artísticas á nova Lei 1/2024, do 7 de xuño, pola que se regulan os ensinos artísticos superiores e establécese a organización e equivalencias dos ensinos artísticos profesionais.

As ensinanzas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia son as seguintes:

- Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño: abordan a aprendizaxe das técnicas artísticas, así como os oficios tradicionais de contido artístico. Estrutúranse en familias profesionais (semellantes ás da formación profesional) e comprenden unha serie de ciclos de grao medio e de grao superior, de dous cursos o caso dos de grao superior e dun curso no de grao medio.
- Estudos superiores de deseño: responden á necesidade de lles proporcionar aos futuros profesionais unha adecuada formación artística, científica e técnica, así como unha formación de calidade e unha titulación superior nos distintos ámbitos do deseño. Abranguen catro especialidades: deseño gráfico, deseño de interiores, deseño de moda e deseño de produto.
- Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais: teñen como finalidade a formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación de bens culturais e integran coñecementos tanto artísticos coma científicos e tecnolóxicos, en distintas especialidades: pintura, escultura e arqueoloxía.
- Ensinanzas de arte dramática: están enmarcadas nas ensinanzas artísticas superiores e teñen como obxectivo proporcionar unha formación práctica, teórica e metodolóxica, a través da creación e investigación nos ámbitos relativos á interpretación, dirección escénica e dramaturxia, e escenografía.
- Ensinanzas de música e de danza: poden ser regradas (grao elemental, profesional ou superior) e non regradas. As primeiras conducen a unha titulación oficial, común para todo o Estado, e pódense cursar exclusivamente en conservatorios públicos e en centros privados autorizados de música ou de danza. Pola contra, as ensinanzas non regradas non conducen a titulación ningunha nin seguen un currículo oficial e cúrsanse nas escolas de música ou de danza, moitas delas de titularidade municipal ou dependentes de asociacións sen ánimo de lucro.
- Ensinanzas de idiomas de réxime especial: as ensinanzas de idiomas de réxime especial teñen a finalidade de capacitar o alumnado para o uso axeitado dos idiomas, fóra do réxime ordinario do sistema educativo, e facilitarlle o desenvolvemento da capacidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar a competencia comunicativa en linguas, ao longo da vida, para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- Ensinanzas deportivas: as ensinanzas deportivas teñen como finalidade preparar o alumnado para a actividade profesional no sistema deportivo en relación cunha determinada modalidade ou especialidade deportiva, e facilitar a adaptación do persoal técnico formado á evolución do mundo laboral e deportivo e á cidadanía activa. As ensinanzas deportivas estrutúranse en dous graos: grao medio e grao superior. O grao medio

organízase en dous ciclos: inicial e final. O grao superior organízase nun único ciclo de grao superior.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.07), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados.

Son ensinanzas para persoas adultas as seguintes:

- Niveis I e II da etapa das ensinanzas básicas iniciais.
- Educación secundaria para persoas adultas: modalidades presencial e a distancia.
- Bacharelato nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia.
- Castelán e galego para inmigrantes.
- Preparación para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio.
- Actividades non regradas de carácter profesional, de formación sociocultural e de desenvolvemento persoal e comunitario.
- Aula MENTOR.

A Aprendizaxe Permanente verase potenciada co desenvolvemento dunha prevista Lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, xa en tramitación, que terá por obxecto a regulación e a organización dun sistema de aprendizaxe ao longo da vida adulta en Galicia que responda de maneira eficiente ás necesidades de formación permanente da cidadanía galega, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A formación ao longo da vida adulta favorecerá o desenvolvemento persoal e profesional das persoas e impulsará a súa contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas de música e de danza pódense cursar a partir dos 8 anos nos graos elementais, e a calquera idade nos graos profesionais, así como nas escolas de música en ensinanzas non regradas.

Ademais, en Galicia ofértase o grao superior, equivalente aos estudos universitarios de grao, no ámbito da música, así como na arte dramática, o deseño, e na conservación e restauración de bens culturais, ás que se poden acceder as persoas maiores de 18 anos (16 anos no ámbito da música).

Para acceder ás ensinanzas de idiomas será requisito imprescindible ter dezaseis anos feitos no ano en que se comecen os estudos. Poderán acceder, así mesmo, as persoas maiores de

catorce anos para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na educación secundaria obrigatoria como primeira lingua estranxeira.

Para acceder a cada un dos ciclos de ensino deportivo as persoas aspirantes deberán reunir, con carácter previo á matriculación, os requisitos de acceso de carácter xeral e os requisitos de acceso de carácter específico ou acreditar méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva, ou as tres condicións de forma conxunta establecidas para cada modalidade no correspondente real decreto polo que se establece o título, segundo dispón o establecido no artigo 48 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

Coa publicación do Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos de ensinanzas especiais os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño, realizouse un axuste nos prezos públicos para estas ensinanzas que tivo efectos neutros sobre a matrícula, como consecuencia de que a subvención reguladora do custo das ensinanzas se mantivo en promedios superiores ao 95% e que se ampliaron os supostos de exención e pagamento da matrícula aos distintos colectivos con dereito a bonificación.

Con data 3 de xullo de 2024 foi publicado o DECRETO 163/2024, do 24 de xuño, polo que se modifica o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

Con carácter xeral, poderán matricularse nas ensinanzas para persoas adultas todas as persoas maiores de dezoito anos, ou que os fagan no ano correspondente.

O ámbito de aplicación da prevista Lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta refírese a todas as actuacións, formais e non formais, en materia de aprendizaxe ao longo da vida adulta de ámbito non universitario desenvolvidas na Comunidade Autónoma de Galicia promovidas por iniciativa pública, privada ou mixta. As persoas destinatarias do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta son todas aquelas persoas adultas que emprendan na Comunidade Autónoma de Galicia unha actividade de aprendizaxe co obxectivo de mellora persoal ou profesional. As persoas con baixa cualificación profesional ou en risco de exclusión social serán obxecto de atención preferente dos plans e programas establecidos nesa lei.

Así mesmo a próxima publicación da ORDE pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, establecerá os currículos específicos para a educación de persoas adultas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As ensinanzas de música divídense en regradas e non regradas. As primeiras pódense cursar exclusivamente nos centros autorizados de música e nos conservatorios, mentres que as segundas pódense cursar nas escolas de música. Os estudos regrados de música divídense en tres etapas: grao elemental, grao profesional e estudos superiores. Os dous primeiros graos poden cursarse, ademais de nos sete conservatorios profesionais dependentes da Consellería, noutros 26 conservatorios públicos dependentes dos concellos, así como en distintos centros privados autorizados. Mentres que os estudos superiores pódense cursar nos dous conservatorios superiores de música, da Coruña e Vigo así como en dous centros privados.

Por outra banda, ante o proceso de converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior, cada vez é maior o número de alumnos e alumnas que cursan ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, estableceranse unhas axudas complementarias que lles faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadías noutras institucións superiores de países de Unión Europea.

Finalmente, dende o ano 2015 os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais, que teñen carácter anual, están destinados ao alumnado que supere os seus estudos profesionais de música, danza ou de artes plásticas e deseño cun grao de excelencia. Así mesmo, prémiasse ao alumnado que rematou brillantemente os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores nos centros dependentes da Xunta de Galicia desde o curso 2018/19.

No curso 2023/24 implantouse Xade nos oito centros de ensinanzas artísticas superiores.

No curso 2024/25 porase en marcha a xestión das ensinanzas artísticas profesionais mediante Xade, dando un paso máis na mellora e dixitalización da xestión das ensinanzas artísticas.

As ensinanzas de idiomas de réxime especial cúrsanse unicamente nas escolas oficiais de idiomas, que son os centros docentes públicos en que se ofrecerán contextos para a aprendizaxe e a práctica de idiomas. Nelas deberase fomentar especialmente o estudo das linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilitarase o estudo doutras linguas que, por razóns culturais, sociais, económicas ou de oportunidade resulten de especial interese. En Galicia existen 11 EOI mais 29 seccións destas, seccións que case na súa totalidade se sitúan en institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Nos últimos anos, aumentou a demanda das probas libres de certificación nas escolas oficiais de idiomas. O interese por certificar a competencia lingüística, tanto nunha das linguas cooficiais como en linguas estranxeiras, deixa de manifesto unha necesidade real da sociedade diversa, plural e heteroxénea do século XXI. Por mor deste contexto social e académico, foi necesario

ampliar o número de convocatorias e ofrecer probas libres, unificadas e estandarizadas, nunhas novas datas, ben ao longo do propio curso (febreiro) ou mesmo unha vez finalizada a convocatoria ordinaria (xullo). A validez, así como o impacto positivo das certificacións das EOI, permite que as persoas candidatas desenvolvan e melloren as súas competencias profesionais e, polo tanto, prosperen no eido laboral, garantindo uns parámetros de calidade vencellados a unha comunidade dixital, plurilingüe e multicultural. Xorde, así mesmo, a necesidade de atender e incluír unha diversidade xeográfica e social tan acentuada en Galicia e por iso no curso 2020/21 se ofreceron e titorizaron, por primeira vez, os cursos semipresenciais nas escolas oficiais de idiomas. Nese curso, en concreto, en inglés e francés. Tendo en conta a excelente acollida e o seu crecemento gradual ao longo destes dous últimos anos, estanse a crear novos cursos noutras linguas como o alemán, o chinés, o italiano e o galego. En só dous cursos, o número de grupos desta modalidade semipresencial medrou exponencialmente, feito que evidencia esa boa acollida e bo funcionamento. Sen dúbida, é preciso ampliar esta oferta educativa na modalidade semipresencial, tanto en novas linguas como noutros niveis do Marco Europeo Común de Referencia, ao longo dos vindeiros anos. Para garantir a correcta elaboración, administración e avaliación das probas de certificación, así como a apropiada impartición destes cursos semipresenciais, cómpre redactar e revisar, con carácter anual, unha serie de guías que describen e pautan as directrices que se deben seguir. Ademais, é preciso formar e preparar, de xeito continuo, o profesorado das diferentes linguas en todo o proceso de elaboración, administración e avaliación, consonte ao currículo, ao nivel e ao MECRL, como prescribire o Real decreto 1/2019 nos seus artigos 3, 4, 5, 6 e 7.

As ensinanzas deportivas de réxime especial cúrsanse en centros públicos e en centros privados. No caso dos centros públicos nos que se imparten son dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, un total de sete centros: dous centros integrados de formación profesional mais cinco institutos de educación secundaria.

Para dar a coñecer o potencial das ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas que se ofrecen en Galicia, no ano 2023 e 2024 tivo lugar o evento “InnovArt”, no que se contou con material expositivo e actividades interactivas de: arte dramática, artes plásticas e deseño, conservación e restauración de bens culturais, danza, ensinanzas deportivas, idiomas e música. Preténdese dar continuidade e dotalo de maiores medios debido ao éxito acadado.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei 1/2024, do 7 de xuño, pola que se regulan os ensinos artísticos superiores e establécese a organización e equivalencias dos ensinos artísticos profesionais.
- Orde EFP/668/2023, do 14 de xuño, pola que se homologa o plan de estudos do título de Máster en Ensinanzas Artísticas en Creación, Interpretación e Investigación Musical do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

- Decreto 41/2023, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 1 de marzo do 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se resolve a convocatoria do programa para o mantemento e a incorporación de centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades á rede de centros de capacitación dixital da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (desenvolvida polo Decreto 35/2002 e modificado polo Decreto 74/2013).

- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de bens arqueolóxicos, escultura e pintura, na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais en desenvolvemento

do Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de Bens Arqueolóxicos, Escultura e Pintura na comunidade autónoma de Galicia.

- Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática en desenvolvemento do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.
- Orde do 29 de xuño de 2022 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2021/22.
- Orde do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2022/23 en centros públicos de Galicia (código de procedemento ED311G).
- Orde do 29 de maio de 2024 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro (códigos de procedemento ED314E e ED314D).
- Orde do 24 de xullo de 2024 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, de danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, curso 2023/24.
- Orde do 11 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2023/24 (código de procedemento ED322A).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

As escolas de artes e conservatorios de música deben ser dotados de mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten.

O labor desenvolvido no ámbito da música pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa dotación e o sostemento dos conservatorios de música dependentes dela, vese complementado polas iniciativas de moitos concellos da comunidade autónoma, que dende hai anos realizan un importante labor a través da creación e sostemento de escolas de música e de conservatorios que tamén imparten ensinanzas regradas de música, e tamén da oferta privada.

Finalidades previstas:

- Adecuación progresiva das ensinanzas superiores ao novo Espazo Europeo de Educación Superior coa implantación dos novos plans de estudos superiores de ensinanzas artísticas.
- Establecer convenios con entidades públicas e privadas que fomenten a excelencia musical e a práctica orquestral do alumnado dos conservatorios profesionais e superiores.
- Establecer axudas complementarias para o alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, cómpre establecer, na mesma liña que para o alumnado universitario, unhas axudas complementarias que faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadias noutras institucións superiores de países de Unión Europea.
- Creación e potenciación de seccións bilingües nos centros de ensinanzas artísticas.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE. 4.01.07) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno e o desenvolvemento de capacidades dixitais.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todos os procesos de selección para o acceso ás ensinanzas artísticas cómpre superar unha proba de capacidade e de coñecementos específicos básicos para poder cursar con aproveitamento as ditas ensinanzas. Estes procesos réxense, con carácter xeral, polos criterios de igualdade, mérito e capacidade, en función dos distintos niveis e especialidades, nos que non se aplica ningún tipo de medida que implique unha asignación de prazas en función do xénero dos aspirantes.

Neste senso, cómpre sinalar que existe unha demanda moi desigual nas distintas ensinanzas en función da especialidade, por parte de alumnos e alumnas, como por exemplo na danza, moda e nalgúns especialidades de música, nas que case a totalidade de aspirantes son mulleres.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas para realizar durante o ano 2022 son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.

- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de

contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ámbito das ensinanzas artísticas o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias del son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Dende o punto de vista de acceso a estas ensinanzas, non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás ensinanzas artísticas, en todos os seus niveis e ámbitos, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas capacidades e coñecementos para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que superan as probas e acceden a estas ensinanzas son mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Formación Profesional

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.6. PROGRAMA 422G - ENSINANZAS ESPECIAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Con este programa son atendidas as obrigas relacionadas co funcionamento das escolas oficiais de idiomas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O dominio das competencias comunicativas en linguas modernas constitúe un dos principais obxectivos nas políticas educativas europeas. O crecemento da demanda de ensinanzas especializadas de idiomas por parte de amplos sectores profesionais, así como do ámbito académico, especialmente en lingua inglesa, xustifica a adopción de medidas que potencien a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

As ensinanzas de idiomas son de réxime especial e abordan os estudos de idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, co obxecto de capacitar e acreditar ás persoas no dominio das distintas destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas. As ensinanzas estrutúranse nos niveis básico, intermedio e avanzado (de acordo co Marco Común Europeo de Referencia das Linguas).

En materia de infraestruturas tense estudado a situación dos centros educativos que imparte ensinanzas especiais na comunidade autónoma apreciándose un aumento considerable da demanda por parte do alumnado deste tipo de ensinanzas, implicando a creación de novas prazas, así como a necesidade de reparacións e adaptación dos centros existentes.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE. 4.01.07), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para o mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas.

Na Comunidade autónoma de Galicia hai 11 escolas oficiais de idiomas, con seccións en varias localidades, nas que se poden cursar os correspondentes estudos (alemán, árabe, chinés,

francés, inglés, italiano, portugués, ruso, xaponés, español e galego), ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English!.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na Comunidade autónoma de Galicia fóronse creando progresivamente escolas oficiais de idiomas atendendo a criterios de distribución xeográfica. Así, desde a creación en 1969 do primeiro destes centros, a EOI da Coruña, existe na actualidade unha rede de 11 escolas, das que dependen 30 seccións situadas en IES, ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English! en 23 centros (escolas oficiais de idiomas e institutos de ensino secundario), que posibilita o estudo dos niveis básico e intermedio nesta lingua.

As ensinanzas que imparten as escolas oficiais de idiomas, que xorden cun carácter marcadamente práctico (ben para completar a formación xa adquirida, ou ben para satisfacer as necesidades profesionais do alumnado), están estruturadas en tres niveis (básico, intermedio e avanzado), cunha duración xenérica de dous cursos para o nivel básico, de tres cursos para o nivel intermedio e de tres cursos para o avanzado (tres no caso do nivel básico e cinco de nivel intermedio en chinés e xaponés, e cinco no caso do nivel intermedio de árabe, e catro no nivel intermedio de ruso). Os niveis básico, intermedio e avanzado corresponden cos niveis A, B e C, respectivamente, do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL). Aquel alumnado que supere as probas de certificación de cada un dos niveis, ben polo réxime oficial ou polo réxime libre, recibe o certificado correspondente.

O Plan galego EDULINGÜE 2030: Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, recolle entre os seus obxectivos a formación do profesorado especialista e non especialista que imparta ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües a través dun plan de formación específico en idiomas que inclúa tanto a formación presencial, como semipresencial e telemática, no idioma inglés, francés, alemán e portugués. Neste contexto as escolas oficiais de idiomas deben desempeñar socialmente un papel integrador como centros de formación en linguas, sensibles a todas as demandas da cidadanía, busca lograr os seguintes obxectivos:

- Manter unha oferta variada, flexible e atractiva para a aprendizaxe das linguas e asegurar a coordinación das escolas oficiais de idiomas cos outros organismos de formación permanente.
- Difundir e promover as ocasións de recoñecemento e certificación de competencias lingüísticas dentro do MECRL co fin de que a sociedade galega estea preparada para o mundo laboral a nivel internacional.
- Promover o uso do Port-folio Europeo das Linguas para fomentar unha mobilidade persoal e profesional fluída a nivel internacional.
- Promover unha educación que recoñeza e valore a riqueza da diversidade lingüística e cultural entre as persoas adultas.

- Manter e realizar as correspondentes melloras nos edificios educativos destinados a este fin.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 20 de agosto, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as de este real decreto.
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que establécense currículos dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través das escolas oficiais de idiomas a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional fomentará o estudo doutras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas resulten dun interese especial, así como a impartición de cursos para a actualización de coñecementos de idiomas, destinados ao profesorado e a outros colectivos profesionais. Polo que se crearán novas prazas destinadas a este fin e se realizarán as actuacións de reparacións, ampliacións e melloras que sexan necesarias nos centros de ensinanza especiais existentes.

As actividades que se levarán a cabo para a materialización dos obxectivos deste programa, no referente ás ensinanzas especializadas de idiomas, son as seguintes:

- Cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) en inglés, francés e portugués dirixidos ao profesorado que imparte docencia en seccións bilingües e centros plurilingües, referenciados aos niveis A2, B1, B2, C1 e C2 do MECRL.
- Cursos de formación do profesorado en idiomas, en colaboración cos centros de formación e recursos, nas diversas linguas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.
- Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega CELGA en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior para persoal funcionario en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de formación en inglés e francés para o profesorado participante no programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).
- Cursos de especialización e perfeccionamento de inglés audiovisual.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE. 4.01.07) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de coñecementos en idiomas estranxeiros.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas ensinanzas de idiomas de réxime especial cómpre sinalar que existe unha demanda moi similar nas ensinanzas de idiomas por parte de homes e mulleres. Estas ensinanzas van dirixidas a persoas adultas e a asignación de prazas realízase por sorteo; polo que non se precisa da aplicación de criterios compensatorios por cuestións de xénero.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ámbito das ensinanzas de idiomas de réxime especial o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias do mesmo son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás de idiomas de réxime especial, en todos os seus niveis, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas competencias lingüísticas para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que acceden a estas ensinanzas son mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.7. PROGRAMA 422I - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

A través do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE), nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, artículase a formación permanente como o conxunto de actividades que perseguen a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, tutoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e a formación en linguas estranxeiras do profesorado, independentemente da súa especialidade.

Os cambios normativos derivados dos novos currículos de deseño curricular, obriga a necesidade de formación de todo o profesorado polo que e a estratexia pasa por levar a cabo actividades a través da rede de formación do profesorado, pero sobre todo a través de plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP).

A Administración educativa planificará as actividades de formación permanente do profesorado, garantirá unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecerá as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da práctica educativa.

A planificación da formación permanente do profesorado realizarase a través do plan estratéxico e dos plans anuais tratando de dar resposta ás estratexias da consellería, as liñas e programas prioritarios do sistema educativo galego.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.06), consiste en garantir a capacitación adecuada do

profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Actualizar a formación do profesorado para adecuar os seus coñecementos e métodos de ensino ao novo modelo de competencias profesionais docentes de Galicia e á evolución da ciencia e da didáctica, á utilización das TIC, ás linguas estranxeiras e a todos os aspectos que incidan na calidade do ensino.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesorado de niveis de ensino non universitarios, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que imparte as ensinanzas contempladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No curso 2010-2011 publicouse o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Nel modificáronse as estruturas de formación, para permitir a súa adaptación aos novos retos e obxectivos da consellería, como son a mellora da competencia lingüística do profesorado, a formación on-line e a implantación de procesos de mellora da calidade da formación.

Neste decreto creouse o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) que realiza, entre outras funcións, o deseño e desenvolvemento da formación a distancia. Con este decreto mantéñense os centros de formación e recursos e créase unha rede de centros educativos de apoio á formación permanente do profesorado.

O cambio normativo instaurado pola LOMLOE e a aprobación de diversas estratexias por parte da consellería (EDULINGÜE, EDUDIXITAL e EDUCONVIVES) e a dimensión do colectivo do profesorado de Galicia esixen continuas actuacións formativas sobre os deseños curriculares iniciados coa implantación da LOMLOE

A actualización en Galicia dun novo Marco propio de competencias profesionais docentes xunto co desenvolvemento de plans de formación específicos dos eixos do sistema educativo

(plurilingüismo, educación dixital e STEM, función directiva, igualdade de oportunidades, atención á diversidade e convivencia entre outros) precisa dun novo pulo do sistema de formación co seu correspondente acompañamento orzamentario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE).
- Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións.
- RESOLUCIÓN do 2 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2024/25.
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estratexia Educación Dixital (edudixital 2030).
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar. EDUCONVIVES 2025.
- Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras (edulingüe 2030).
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Actividades:

Nos plans anuais de formación do profesorado desenvolveranse os obxectivos anuais a través de medidas e accións concretas. Os plans anuais poderán incluír plans específicos de formación para distintos colectivos do profesorado, entre outros, os que exercen funcións directivas, o profesorado de formación profesional e o de ensinanzas de réxime especial, contando coa participación dos servizos competentes nestas ensinanzas.

Os Plans de formación anuais conterán unha oferta formativa diversificada en diferentes modalidades:

- Formación presencial.
- Formación a distancia.
- Formación semipresencial ou mixta.
- Formación derivada da implantación LOMLOE.
- Formación derivada das estratexias da consellería (educonvives, edulingüe e edudixital) e de participación nos programas educativos de centro que as conforman.
- Plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP).
- Cursos, xornadas, encontros, congresos.
- Formación entre iguais nos propios centros (proxectos de formación, grupos de traballo e seminarios permanentes), así como observación inter-pares e inter-centros.
- Formación específica para a acreditación da función directiva e da formación en igualdade.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.06), é mellorar as competencias profesionais docentes mediante un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e investigación educativa.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A formación permanente do profesorado baséase no principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, permitindo o acceso a todo o colectivo docente a unha formación permanente de calidade e buscando a capacitación profesional para o traballo co alumnado para que acaden as competencias e coñecementos imprescindibles para o seu pleno desenvolvemento na sociedade do coñecemento.

Ademais, a formación permanente do profesorado, como proceso de revisión e actualización dos coñecementos, actitudes e habilidades, é un factor clave da calidade do sistema educativo e do fomento de políticas de igualdade, na medida en que exerce a función de transmisión de valores e modelos de comportamento para o alumnado. Neste sentido, por medio da planificación formativa actual ten que darse resposta aos compromisos establecidos no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade autónoma de Galicia.

As accións contempladas no I Plan de Igualdade no ámbito educativo terán acomodo dentro da dotación orzamentaria prevista neste programa de gasto.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medidas previstas para realizar son as seguintes:

- Formación do profesorado en estratexias para o fomento de actitudes e valores entre o alumnado que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación e onde:
 - O profesorado con licenza para atención á familia ten prioridade na asistencia a actividades formativas.
 - As actividades impartidas na fin de semana dispoñen de servizo de atención á infancia).
- Inclusión da corresponsabilidade e da conciliación como principios de igualdade na formación inicial do novo persoal funcionario docente.
- Impulso das Escolas de Nais e Pais,(ENAPAS), como instrumento de acción coeducativa e de concienciación sobre o necesario reparto equilibrado das tarefas doméstico familiares entre mulleres e homes e a importancia dun uso axeitado dos tempos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
--	---

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A promoción da igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero son unha prioridade do sistema educativo dentro do I Plan de Actuacións para a Igualdade nos Centros Educativos de Galicia 2016-2020, no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 e a actual Estratexia Galega de Convivencia Escolar EDUCONVIVES 2025.

Co obxecto de sentar os alicerces para o efectivo desenvolvemento destes plans e estratexias, así como de apoiar os obxectivos e fins establecidos nas diferentes normativas, tanto estatais como autonómicas e, en especial, o previsto no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado conta cunha ampla oferta formativa tanto básica como avanzada.

As diferentes actividades de formación poden consultarse telemáticamente.

Desta oferta destacan as actividades encamiñadas a:

- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para novo persoal funcionario, cunha duración mínima de 20 horas, de acordo co previsto na disposición adicional segunda do devandito decreto.
- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero, cunha duración mínima de 20 horas, á disposición de todo o persoal docente de centros sostidos con fondos públicos.
- Formación básica en igualdade no ámbito educativo, cunha duración mínima de 30 horas. Ofertaranse cursos específicos para equipos directivos, departamentos de orientación, profesorado de infantil e primaria, e profesorado de educación secundaria, FP e de adultos.
- Actividades formativas vinculadas ao Plan Proxecta de innovación educativa. Prioritarias para o profesorado involucrado nos programas deste plan pero abertas, no seu caso, ao resto de docentes.
- Actividades formativas vinculadas ao Club de letras de innovación educativa. Ofertarase un curso específico para centros docentes públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato participantes neste programa.

Actividades de formación avanzada, cunha duración mínima de 50 horas, dedicadas a afondar nos aspectos vinculados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia machista na escola, á educación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

Ademais, a través dos Plans de Formación Permanente do Profesorado, como actividades de formación en centros que mellor se adaptan a unha metodoloxía de traballo proactivo centrado na realidade particular de cada centro, poderase adquirir unha formación de carácter especializado. Para iso, os centros que opten por un plan formativo en igualdade, poderán contar co apoio e asesoramento dos Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa a través da Asesoría de Igualdade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O programa está deseñado, tanto en oferta como en temática, de xeito que facilite o mantemento da proporción equitativa entre homes e mulleres con respecto á proporción que se da no colectivo docente.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A perspectiva de xénero implántase de xeito transversal na formación do profesorado. A medida na que se está a traballar é o aumento da oferta de cursos en liña e mixtos que favorezan, así como durante o horario lectivo, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar, particularmente nas áreas nas que as mulleres están subrepresentadas, como pode ser a do profesorado de FP.

Así mesmo, na formación interna da propia Rede de Formación do Profesorado, estase a facer fincapé no deseño de actividades formativas que integren unha linguaxe inclusiva e coeducada.

Finalmente débese mencionar que nas actividades de gran formato realizadas na fin de semana contarase cun servizo de ludoteca de 3 a 12 anos baixo demanda para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e a corresponsabilidade dos e das docentes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.8. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e educación de persoas adultas que representan o 46% do alumnado non universitario. Preto do 90 % da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 14.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas trátase de atender:

- A demanda de postos escolares en determinados centros educativos da comunidade autónoma.

- A situación de deterioro provocada polo uso e antigüidade dos centros existentes, así como nalgún caso a inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais.
- A reposición do mobiliario e equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto, así como o necesario para os novos centros educativos e ás adaptacións curriculares.

A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redunda no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

A nivel económico- financeiro, este programa atende as seguintes necesidades:

- Financiar os gastos do persoal deste programa, que supoñen o 50,32% do capítulo I da consellería.
- Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de ensino secundario e de formación profesional de titularidade da consellería.
- Mellorar a calidade do ensino mediante a aplicación de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos de formación profesional, centros nos que se aplican medidas de orientación, reforzo e apoio, etc.
- Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 14.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.
- Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de formación profesional (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).
- No tocante a formación profesional, poñer en marcha e desenvolver os distintos programas e ofertas formativas, así como as distintas liñas de actuación recollidas na Estratexia de FP 2030: Formación, Acreditación, Innovación, Internacionalización, Emprendemento, Orientación e Difusión e Calidade.

Polo que se refire a formación profesional, a Lei Orgánica 3/2022 de ordenación e integración da formación profesional ten por obxecto a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional. Ten como finalidade a regulación dun réxime de formación e acompañamento profesionais que, servindo ao fortalecemento, a competitividade e a sustentabilidade da economía, sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, as expectativas e as aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.

O Sistema de cualificacións e de formación profesional da Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional desenvolveuse de xeito integral constituíndo un mecanismo estrutural para a formación inicial e continua e para a aprendizaxe permanente da sociedade galega.

A Lei Orgánica 3/2022 de ordenación e integración da formación profesional derroga a Lei orgánica 5/2002 coa finalidade de constituir e ordenar un sistema único e integrado de formación profesional. Posteriormente publicouse o RD 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional. Nesta norma establécense as bases da Formación Profesional dual, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinados os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. Procede avanzar decididamente nunha formación profesional na que a empresa e o centro de formación profesional incrementen os seus vínculos, que xunten esforzos e favorezan unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. precisa ser adaptado ao novo marco normativo derivado da Lei Orgánica 3/2022 de ordenación e integración da formación profesional.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 12/2006, do 3 de maio, creou os ciclos de formación profesional básica dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para a loita contra o abandono educativo temperán. Estes ciclos inclúen, ademais do desenvolvido con carácter xeral para a formación profesional, ámbitos relacionados coas ciencias aplicadas e sociais que permitirán ao alumnado acadar e desenvolver as competencias de aprendizaxe permanente para continuar estudos de ensinanza secundaria post-obrigatoria. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece os ciclos de grao básico en substitución dos ciclos de formación profesional básica.

Neste contexto, cada ano esta consellería aposta decididamente por un plan de formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida, que dea resposta ás necesidades de cualificación do noso sistema produtivo, poñendo en marcha todas as accións formativas que se requiran dentro das diferentes ensinanzas de Formación profesional: ciclos formativos e cursos de especialización.

O establecemento dunha oferta de ensinanzas de formación profesional na modalidade a distancia, favorece á formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida. Esta modalidade, caracterízase pola súa flexibilidade, de xeito que permite ás persoas adultas a posibilidade de combinar o estudo e a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais. Os principais obxectivos desta modalidade de formación son por tanto os seguintes:

- Favorecer a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás expectativas e ás situacións persoais e profesionais, incluíndo o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Ofrecerlles ás persoas adultas a oportunidade de accederen ás ensinanzas de formación profesional, nomeadamente a quen teña dificultade para asistir na modalidade presencial.

A potenciación dun sistema de recoñecemento, avaliación e certificación de competencias contribúe, non só a unha maior transparencia do mercado de traballo, senón ao incremento da información que as empresas teñen do potencial dos seus recursos humanos, permite ofertar unha formación máis axeitada ás necesidades do mundo produtivo. Así mesmo o impulso á orientación vocacional e profesional a través do Plan FPGal360, contribuirá, sen dúbida, dun modo eficaz á hora de dar a información e orientación ás persoas na elección das mellores oportunidades de aprendizaxe, formación e emprego contribuirá á redución do abandono escolar e á titulación da poboación xove sen cualificación.

Así mesmo, en complemento do resto de ofertas flexibles de formación profesional nos distintos réximes e modalidades, continuarase implantando de xeito progresivo a formación profesional dual en Galicia, baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, intensiva, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas.

Adicionalmente, afondarase na especialización a través dunha ampla oferta de cursos de especialización (Másteres de FP) que permita aos titulados en FP completar a súa formación, cunha especialización que lles permita incorporarse no mercado laboral en profesións cun alto valor engadido.

A potenciación da rede de centros integrados é o eixo no que se desenvolven as principais accións de integración das distintas ofertas de formación profesional (ámbito educativo e laboral), así como de orientación profesional, polo que xunto co resto dos centros que imparten formación profesional no sistema educativo, deben de contar coas instalacións e recursos suficientes para levar a cabo o seu cometido, que deberá desenvolverse nun proceso de calidade e mellora continua, tanto nas accións formativas como nos procesos administrativos que se desenvolvan.

No ámbito da demanda de ensinanzas de réxime xeral, nos niveis de bacharelato e formación profesional, engloba as seguintes actuacións referidos a cada un destes niveis:

- Bacharelato: comprende dous cursos académicos, que normalmente se cursarán entre os dezaseis e os dezoito anos de idade. Ten tres modalidades diferentes: ciencias, humanidades e ciencias sociais, e artes. Para poder acceder aos estudos de bacharelato o alumnado precisa contar co título de graduado en educación secundaria ou equivalente.
- Ensinanzas de formación profesional: son ensinanzas que teñen unha estrutura modular, inclúen un módulo de formación práctica. Aos ciclos de formación profesional básica accede o alumnado que non ten un título de educación secundaria, principalmente persoas de 15 e 16 anos que estando a cursar 3º de educación secundaria obrigatoria foron propostos polo equipo docente para realizar as ensinanzas de FP básica. Aos ciclos de grao medio accédese co título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou de formación profesional básica e ao grao superior co título de bacharelato ou co título

de técnico en FP. Tamén se pode acceder a través dunha proba regulamentada polas administracións educativas. Aos cursos de especialización accedese con determinados títulos de técnico ou técnico superior de FP.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, os obxectivos estratéxicos deste programa (coa identificación OE 4.01.02 e 4.01.03) consisten en potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación cualificada profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando os ciclos, os procedementos e os medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER do período 2021-2027.

Mantense a liña de actuación en centros de carácter histórico, que polo valor dos elementos arquitectónicos a preservar necesitan intervencións individualizadas e especializadas.

No exercicio 2025 continuarase na execución de distintas actuacións nos centros docentes en materia de eficiencia enerxética, rehabilitación e obras de acondicionamento e ampliación de aulas, Actuacións ao abeiro do II Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, cuxos obxectivos son o deseño dunha nova arquitectura institucional educativa, o acondicionamento e solución de problemáticas do parque inmobiliario educativo (número de edificios, idade media), dar resposta ás novas necesidades espaciais, así como a implicación coa educación dixital e as novas metodoloxías, xunto co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030.

Así mesmo, conta co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) vinculado ao programa operativo do FSE+ para o período 21-27, dentro do obxectivo político 4.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre os 12 e os 21 anos (preto de 165.000).

Persoas adultas maiores de 18 anos que seguen ensinanzas de formación profesional e educación de persoas adultas:

- Persoas inmigrantes que demandan ensinanzas de galego e castelán como medio de integración laboral e social.
- Persoas que demandan eses mesmos servizos nos centros de educación de persoas adultas con sede nos centros penitenciarios de Galicia (cinco en total).
- Mozos e mozas que, despois de abandonar o sistema educativo sen o título básico do sistema, demanda formación para obtelo.

- Persoas adultas estritamente falando que, por prescricións do medio laboral ou dos propios servizos públicos de emprego, demanda unha titulación básica ou de formación profesional.
- Persoas que se presentan ás probas libres para a obtención do título da ESO, do bacharelato ou da formación profesional.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na comunidade autónoma de Galicia a media dos centros de ensino secundario e de formación profesional é de 30 anos de antigüidade, polo que resulta preciso a realización de reformas nalgúns destes centros. Ademais, deberase crear ou ampliar aqueles centros que oferten un número de postos escolares insuficientes para a demanda existente, debéndose así mesmo de dotar de mobiliario e de material didáctico actualizado que permita unha formación integral do alumnado.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciabes da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e as habilidades que lle permita desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, facilitando tamén o acceso ao emprego e a participación activa na vida económica.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional está a facer unha aposta decidida pola formación profesional como unha das ferramentas fundamentais para sentar as bases do crecemento e o progreso na Comunidade Autónoma de Galicia, vinculándoa ás demandas do tecido produtivo de cada zona, e conseguindo que o sector empresarial a conciba como un gran oportunidade, tanto para contar con capital humano altamente formado.

Ampliouse a rede de centros integrados de formación profesional ata o número de 28 como eixe central das accións formativas de formación profesional.

Así mesmo, durante estes últimos anos, incrementouse o alumnado que accede ás ensinanzas de formación profesional, que pasou de 34.746 alumnos no curso 2008/2009 a máis de 64.570 alumnos no curso 2023/2024, o que supuxo un incremento do 85,8 %. Nesta liña seguirase nos cursos seguintes coa finalidade de incrementar a taxa de graduados en formación profesional e aproximala á media europea.

No Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, creouse o Centro

Galego da Innovación da Formación Profesional, con sede en Ourense. Este centro encargado da investigación e da innovación aplicada e a transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i a todos os centros que imparten formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, ten entre as súas finalidades a formación do profesorado dos centros que imparten formación profesional nas tecnoloxías que vaian emerxendo nos sectores produtivos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020 que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2022 de ordenación e integración da formación profesional.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Real decreto 143/2021, do 9 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de Formación Profesional.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

- Orde do 4 de xuño de 2021 pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da comunidade autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, para unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (código de procedemento ED517B).
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Estratexia FP Galicia 2030.
- Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en trámite).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realizará obras de construción de novos centros nas localidades con aumento da poboación en idade de escolarización obrigatoria, así como ampliación, reforma, reparacións e melloras nos centros existentes, co fin de ofertar e adaptar as ensinanzas de educación secundaria, bacharelato e FP ás diversas necesidades curriculares, educativas (demanda de prazas, desdobramentos de grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo, etc.), tendo como obxectivo a organización, deste alumnado, de acordo cos principios de educación común e de atención a diversidade.

Así mesmo, as permanentes e dinámicas transformacións económicas e tecnolóxicas operadas na sociedade, inciden na modificación das cualificacións profesionais co que xorde a necesidade de proporcionar a sociedade unha cualificación e recualificación necesaria para dar resposta as modificacións. Tentando atender as necesidades de cualificación inmediata e emerxente do sistema produtivo.

Con tal fin, seguiranse realizando obras de conservación, e reparación dos espazos educativos, dotándose a estes centros do mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten, preparando ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitarlle a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal. Atenderase especialmente á dotación de espazos e equipamento para implantación de novos ciclos formativos en atención á demanda do mercado laboral, así como implantación da formación profesional dual con formación en centros de traballo.

Por outra banda, continuarase desenvolvendo o Plan conecta de colaboración público-privada, para o establecemento de ofertas de formación profesional a medida do tecido produtivo

galego 2023-2025, aprobado no Consello da Xunta de Galicia, no marco da Estratexia de FP Galicia 2030.

Tamén se incidirá no Plan Innova FP Galicia para o impulso de liñas de actuación que avancen na innovación, investigación aplicada e no emprendemento na formación profesional galega, no marco da Estratexia FP Galicia 2030.

Así mesmo, realizaranse as seguintes actuacións:

- Posta en marcha do Plan de orientación profesional integral FPGal360 co obxectivo de acadar a “tendencia cero” no abandono escolar temperá e reducir a porcentaxe de poboación xove sen cualificación nin titulación.
- Potenciación da rede de centros integrados de formación profesional que serán o referente para o establecemento da oferta integrada de formación profesional, da formación para o emprego e da orientación profesional.
- Establecemento dunha oferta de formación profesional básica de grao básico para reducir o abandono escolar temperá, continuando coa dotación aos centros educativos dose recursos materiais e das infraestruturas necesarias para a súa implantación.
- Continuar mellorando a funcionalidade do portal de formación profesional que relacione as oportunidades de formación e emprego coas oportunidades de aprendizaxe e inserción laboral, incluíndo os instrumentos de información e orientación profesional asociados ao procedemento de acreditación de competencias profesionais.
- Realización de accións sobre orientación profesional en relación coas diferentes familias profesionais.
- Desenvolver a convocatoria permanente, das diferentes familias profesionais e niveis de cualificación, sobre avaliación, recoñecemento e certificación das competencias adquiridas ao longo da vida, de xeito que as persoas poidan ver acreditada a súa cualificación de cara a inserción laboral e á súa formación ao longo da vida. Así mesmo, realizar convocatorias específicas para colectivos concretos.
- Establecemento dun marco normativo de ordenación da formación profesional en desenvolvemento do Real decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de Formación Profesional.
- Modificación dos decretos polos que se desenvolven os currículos dos distintos títulos de formación profesional para a súa adaptación ao establecido no Real decreto 659/2023.
- Potenciar a formación profesional a distancia a través da plataforma e-learning co fin de adaptarse ás necesidades da poboación. Elaborar, en colaboración coas administracións educativas das comunidades autónomas e do Estado, materiais para a oferta a distancia das ensinanzas de formación profesional, así como para os cursos de acceso. Elaborar materiais de apoio para as ensinanzas de formación profesional nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia.

- Implantar os novos cursos de especialización da formación profesional, dirixidos a titulados que se adapten á demandas e necesidades de cualificación dos sectores produtivos estratéxicos de Galicia.
- Desenvolver a estratexia FP Innova para potenciar unha formación profesional moderna, dinámica, innovadora e adaptada a realidade socio-económica. Continuar coas convocatorias para potenciar e executar proxectos de I+D+i de formación profesional nos centros de FP en colaboración con empresas. Establecer mecanismos para favorecer a xestión de patentes, no seu caso, dos proxectos desenvolto e a creación de empresas por parte de alumnado e titulados.
- Continuar cos programas do Plan Edu-emprende que fomenten os valores asociados ao espírito emprendedor e o acompañamento para a creación de empresas, así como o desenvolvemento de accións para o cooperativismo e autoemprego e a xeración responsable.
- Realizar estudos de tendencias para adaptar a oferta formativa de FP ás necesidades e demandas laborais. Así como, elaborar estudos de inserción laboral do alumnado de formación profesional, segundo os sectores produtivos.
- Plan de Capacitación do profesorado da Formación Profesional e réxime especial para a mellora da calidade da Formación Profesional potenciando a mellora da calidade da Formación profesional e a formación específica e de alta especialización coa colaboración CGIFP Eduardo Barreiros e a rede de CIFP.. Así mesmo, neste plan, incluírase formación específica derivada da implantación da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional: novos módulos profesionais e novos currículos.
- Fomento da cultura de prevención de riscos profesional entre o profesorado de FP.
- Convocar probas libres para a obtención dos títulos de FP.
- Continuar coa convocatoria do procedemento para obtención de carnés profesionais en virtude do protocolo de colaboración coa Consellería competente en materia de industria.
- Revisar a caracterización dos equipamentos requiridos para os ciclos de formación profesional coa finalidade de ter actualizado o catálogo de equipamento.
- Promover e poñer en valor a FP ante a sociedade fomentando as relacións co sector produtivo.
- Promover convenios de colaboración entre os centros de formación profesional, as Administracións públicas e as empresas para o impulso conxunto de ofertas formativas concretas, para realizar a formación en empresas ou organismo equiparado do alumnado e para desenvolver proxectos de investigación e innovación.
- Elaboración de materiais en relación coa organización e desenvolvemento das probas de acceso ás ensinanzas de formación profesional e das probas libres de obtención dos títulos de FP.

- Potenciación das accións para a mellora continua, estendendo os plans de calidade nos centros de formación profesional, consolidando a rede galega de aseguramento da calidade en formación profesional.
- Continuar o itinerario de formación dos equipos directivos e do profesorado para ir consolidando esa rede galega de calidade e mellora no sistema de formación profesional.
- Continuar co apoio ao profesorado para realizar estadias formativas en empresas que permitan adquirir experiencias que fomenten a cooperación co contorno produtivo.
- Apoiar economicamente ao alumnado que realice a formación en centros de traballo e que teña que desprazarse a outra localidade distinta á da súa residencia, facilitando que esa formación poida realizala en países da Unión Europea.
- Realizar accións de información e divulgación da formación profesional a través da participación en eventos, feiras, mostras, etc., relacionadas coa formación profesional, así como mediante a organización e realización de eventos específicos, facilitando o desprazamento do alumnado desde os centros educativos.
- Organizar e coordinar o campionato galego de formación profesional Galiciaskills, así como a participación galega nos campionatos nacionais Spainskills e internacionais (Eurosports e Worldskills).
- Impulsar a formación profesional dual intensiva na Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración con empresas. Avanzar nun modelo baseado no incremento sensible da formación nas empresas do sector, de modo que a formación adquirida nos centros de traballo implique para o alumnado unha inmersión real no contorno laboral.
- Potenciar o programa Retorna Talento FP incrementando e diversificando a oferta formativa co fin de atraer talento á Comunidade e contribuír a fixar poboación no territorio.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.01.02 e OE. 4.01.03):

- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Incrementar a porcentaxe de alumnado que opta pola formación profesional.
- Acadar que mais do 85% dos mozos e mozas continúe estudando e formándose unha vez finalizada a escolarización obrigatoria, ata acadar polo menos unha titulación de educación secundaria superior.
- Incrementar o número de emprendedores e emprendedoras que xorden dos viveiros de empresas.
- Mellorar a porcentaxe de poboación con competencias profesionais acreditadas.
- Incrementar a colaboración entre os centros e o tecido produtivo, a través da formación Dual, a innovación, o emprendemento e a internacionalización.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico non é maioritaria, non obstante existen determinados eidos de competencia nos que as mulleres son unha gran maioría. Isto débese na meirande parte dos casos á existencia de prexuízos, “etiquetas” e dinámicas socioeconómicas que levan a distinguir entre estudos e profesións “de homes” e profesións “para mulleres”.

Nos currículos de formación profesional tense un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero. En concreto, no módulo de formación e orientación laboral, existente en todos os ciclos formativos, dentro da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, inclúese o criterio de avaliación “valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores” ; e dentro da unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego, establécese o seguinte criterio de avaliación “valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres”.

Por outra banda o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero impártese nos centros educativos CIFP Ánxel Casal - Monte Alto en A Coruña, CIPF Leixa de Ferrol, CIPF Compostela en Santiago de Compostela e CIPF A Xunqueira en Pontevedra.

No decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende e os seus programas e liñas de actuación, facilitan o acceso ao emprego e á promoción profesional en igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

Nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica inclúense contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social. Así figura recollido no artigo 12 do Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas a realizar son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplan medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico é minoritaria, non obstante existen determinados eidos de competencia nos que as mulleres son unha gran maioría. Isto débese na meirande parte dos casos á existencia de prexuízos, “etiquetas” e dinámicas socioeconómicas que levan a distinguir entre estudos e profesións “de homes” e profesións “para mulleres”.

Nos currículos de formación profesional tense un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero. En concreto, no módulo de formación e orientación laboral, existente en todos os ciclos formativos, dentro da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, inclúese o criterio de avaliación “valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores” ; e dentro da unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego, establécese o seguinte criterio de avaliación “valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres”.

Por outra banda o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero impártese nos centros educativos CIFP Ánxel Casal - Monte Alto en A Coruña, CIFP Leixa de Ferrol, CIFP Compostela en Santiago de Compostela e CIFP A Xunqueira en Pontevedra.

No decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende e os seus programas e liñas de actuación, facilitan o acceso ao emprego e á promoción profesional en igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

A perspectiva de xénero é tida en conta nos programas de innovación aplicada na Formación Profesional galega, como no programa InnovaTech FP que promove a paridade de xénero entre o alumnado participante.

Nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica inclúense contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social. Así figura recollido no artigo 12 do Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas a realizar son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplan medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do

contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas licitacións realizadas pola consellería máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeron.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A implantación dunha nova estratexia na adquisición de equipamento didáctico na ensinanza secundaria e formación profesional fomenta a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mozas e mozos, mulleres e homes na sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Formación Profesional

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.9. PROGRAMA 423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa dentro do ámbito da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destínase, entre outros, a atender os seguintes ámbitos:

- Os gastos ocasionados pola prestación dos servizos de comedor escolar, así como polo funcionamento dos centros residenciais docentes.
- O cofinanciamento cos concellos e ANPAS que xestionan comedores escolares dos gastos ocasionados pola prestación do servizo, así como a concesión de axudas aos concellos que prestan o servizo de limpeza nos CPIs con medios propios, e axudas en función da renda para todo o ensino obrigatorio (educación primaria e educación secundaria obrigatoria e centros de educación especial).
- As actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares no marco do PLAN LIA. Aumentar a rede de centros do Plan de mellora das bibliotecas escolares (PLAMBE) ata chegar ao 100% dos centros non universitarios e a e consolidación das bibliotecas que se acolleran con anterioridade a dito programa, deseñando novas estratexias e ampliando proxectos.
- Ao desenvolvemento de programas de cooperación territorial en materia de ensinanza, e de actuacións no eido da prevención de riscos laborais.
- As actuacións derivadas da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2030.
- A convocatoria das axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, continuando co apoio ás familias con maiores dificultades.
- No curso escolar 2014/2015 púxose a disposición da comunidade educativa non universitaria de Galicia os contidos curriculares dixitais para os cursos que están incluídos no proxecto Abalar que se incrementarán para o curso escolar 2023/2024.
- Realizar as avaliacións diagnósticas do sistema educativo establecidas na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e outras avaliacións do sistema educativo.
- Convocar os premios extraordinarios ao alumnado de formación profesional de grao superior, de bacharelato, de educación secundaria obrigatoria e de ensinanzas artísticas.
- Convocar premios a centros e docentes cunha traxectoria de compromiso coa innovación educativa ao desenvolver enfoques didácticos e/ou organizativos que buscan dar resposta ás necesidades do seu alumnado.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Na formación integral do alumnado é fundamental a prestación de recursos complementarios de carácter educativo integrados na programación xeral anual de cada centro, na procura dun ensino de calidade e mellora continua.

De acordo co anterior, a consellería trata de que un servizo educativo e de calidade responda ás novas demandas sociais dun xeito eficaz e eficiente completando a oferta de ensinanzas e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para toda a cidadanía.

Convén sinalar que o servizo de comedor, ademais de servir á Administración educativa como un factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e formativa en habilidades e comportamentos humanos, por iso inténtase que chegue ao maior número de alumnos e alumnas posible. Na procura disto, os créditos destinados á prestación dos servizos de comedores escolares nos orzamentos permiten manter os niveis do servizo.

Por outra parte, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asume o compromiso de racionalizar e modernizar a prestación do servizo de comedor de xeito real. Neste sentido, no ano 2013 aborouse unha reforma do servizo, que, cun concepto máis progresivo e redistribuidor do cofinanciamento necesario, uns principios máis racionais da xestión, e unha extensión decidida da xestión pública do servizo mediante a asunción dos comedores xestionados polas ANPAS e a subscrición crecente de convenios de colaboración cos concellos, que desembocou na publicación do Decreto 132/2013 que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.

Como se ven dicindo, con cargo a este programa 423A desenvólense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación e ao acceso a ela en igualdade de condicións. Así, especificamente, financia o servizo de comedor nos centros docentes públicos. E, así mesmo, financia as axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, nun esforzo conxunto na procura da conciliación da vida laboral e familiar necesaria hoxe en día.

Igualmente resultan destacables outras accións complementarios como as que teñen que ver coa prevención de riscos laborais.

Nesta materia compre destacar que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten contraído o compromiso de adoptar unha posición activa en materia de prevención de riscos laborais, na idea de que o cumprimento das obrigas legais na materia incide de maneira directa na calidade do ensino e no grao de satisfacción do persoal que a fai posible.

Así as cousas, esta Consellería ven desenvolvendo gradualmente unha programación dirixida a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes, dando prioridade aqueles que presentan unha maior e potencial perigosidade.

Igualmente, a Consellería ven asumindo baixo a súa responsabilidade a vixilancia e control da saúde do persoal docente e non docente que presta servizos nos centros docentes públicos dela dependentes.

Resumindo, co programa financiaranse, entre outras, as seguintes accións:

- A prestación do servizo de comedor escolar nos 425 centros docentes públicos dependentes da Comunidade autónoma nos que existen comedores de xestión directa (278 centros onde os traballos de cociña son desenvolvidos polo persoal laboral da Xunta) e de xestión indirecta (147 centros), contratados con empresas de restauración, garantindo 62.919 prazas de comedor.
- As axudas para o cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, en número de 51 e 208 respectivamente, financiando 16.658 prazas de comedor.
- A colaboración con outros órganos da Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas divulgativos dirixidos a fomentar unha alimentación sana do alumnado nos comedores escolares e nos seus fogares e uns hábitos de vida saudables.
- O desenvolvemento de accións de avaliación de riscos laborais dos centros docentes públicos dependentes da Consellería, de formación na materia do colectivo de persoal que presta os seus servizos neles.
- Atender ás convocatorias das axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en centros de educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, sostidos con fondos públicos.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional establececeu, entre as liñas xerais da política en materia de educación, profundar no logro da igualdade de oportunidades educativas así como promover a mellora continua da calidade e da equidade do sistema, en concordancia cos obxectivos europeos.

A tal fin, dende a Administración educativa débese facilitar o acceso da cidadanía máis nova ás competencias e habilidades sociais que require a sociedade do século XXI. Neste sentido, é especialmente importante o dominio das novas linguaxes das tecnoloxías da información e a comunicación.

Tamén, e non menos importante, é a necesidade de que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras. Este dominio vai profundamente ligado ao progreso científico e tecnolóxico. As industrias e os especialistas constitúen redes de comunicación que ignoran as fronteiras lingüísticas e nacionais. Así, o aumento das relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, de tal xeito que o número de linguas que a cidadanía dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento.

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2030 xunto ao resto de programas dirixidos ao éxito escolar, pretende atender os tres seguintes ámbitos:

- Consegur que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras.
- Inmersión lingüística do alumnado en territorio español e de ser o caso no estranxeiro e completarase a formación lingüística con actividades de cultura, deporte e costumes de países concretos.
- Creación de centros plurilingües, apoiando a impartición de materias en inglés, ou nou- tro idioma estranxeiro, para completar un proxecto educativo plurilingüe.
- Certificación do profesorado no nivel requirido de competencia lingüística en lingua estranxeira para impartir materias cun enfoque CLIL/AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras).
- Certificación da competencia lingüística en lingua estranxeira do alumnado.
- Dinamizar a alfabetización en idiomas da comunidade educativa.
- Facilitar materiais curriculares dirixidos a traballar na aula dixital dentro do proxecto ABALAR así como apoio á elaboración de programacións didácticas relativas mediante unha dinámica de grupos de traballos.
- Potenciar plans e proxectos de mellora do rendemento escolar.
- Continuar os contratos-programa e programas de reforzo educativo dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria e formación profesional.
- Promover iniciativas coeducativas nos centros docentes de educación primaria e secun- daria e formación profesional.
- Seguir promovendo as convocatorias de premios a proxectos e prácticas destacadas de innovación educativa de centros e profesorado que poidan servir de referente a outros centros docentes.
- Revisar e adaptar a normativa de atención á diversidade dentro do ámbito da orienta- ción educativa, elaborando propostas da normativa que regulen e potencien as medidas curriculares e organizativas para atender a diversidade do alumnado.
- Promover accións de apoio ao alumnado inmigrante con problemas de adaptación escolar.
- Realizar actuacións de avaliación e mellora do sistema educativo, en particular, as avala- cións individualizadas establecidas na lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Potenciar a realización de actividades transversais en colaboración con outras institu- cións e Administracións.
- Potenciar a excelencia e o esforzo no estudo nas distintas etapas educativas, dando recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de formación profesional de grao superior, reforzando

aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntando excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

- Dotar de recursos para facer fronte aos gastos de funcionamento dos 3 centros residenciais docentes (na Coruña, Ourense e Vigo) nos que durante o curso académico ofertan aloxamento e manutención ao alumnado que precise dese servizo en función da inexistencia nas súas localidades de residencia da oferta educativa que escollen, atendendo aos niveis de renda da unidade familiar da que proceden.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.08), consiste en eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e en garantir que este alumnado, mais o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquiera as competencias de comprensión e expresión oral e escrita.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A comunidade educativa en todos os niveis educativos e ensinanzas contempladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Singulamente na ensinanza obrigatoria o alumnado que podería solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto ou participar no fondo solidario de libros de texto estímase ao redor do 68%.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de avaliacións autonómicas, a comunidade galega desenvolve as súas propias avaliacións ademais de participar noutras de ámbito nacional e internacional.

Avaliacións externas no sistema educativo de Galicia:

A LOMLOE prevé a implementación dunha Avaliación Xeral do Sistema Educativo. No curso 2022-2023 levarase a cabo unha proba “inicial” da avaliación xeral de sistema dirixida a alumnado de 6.º de EP e terá carácter mostral e unha frecuencia trienal. No curso 2023-24 implementouse para 4º da ESO. Estase a colaborar co Instituto Nacional de Evaluación Educativa (INEE) na elaboración dos marcos de avaliación da Avaliación Xeral do Sistema Educativo.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece nos seus artigos 21 e 29 a realización de avaliacións diagnósticas

das competencias adquiridas a todo o alumnado de cuarto curso de educación primaria e de segundo curso de educación secundaria obrigatoria. Estas avaliacións, responsabilidade da Administración educativa, terán carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias e para o conxunto da comunidade educativa. Estas avaliacións terán como marco de referencia o establecido no artigo 144.1 da lei. De acordo coa Disposición final quinta da Lei Orgánica 3/2020 de calendario de implantación as avaliacións diagnósticas ás que se refiren os artigos 21 e 29 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación comezaron a aplicarse no curso escolar no que se implanten os cursos cuarto de educación primaria e segundo de educación secundaria obrigatoria, é dicir, no curso 2023-2024.

Ademais, para poder dispoñer de información que permita a análise comparativa do noso sistema educativo con outros países e comunidades autónomas, Galicia participa no Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA) cunha mostra de arredor de 60 centros educativos e máis de 2000 alumnos e alumnas, o que permite extraer datos representativos fronte aos países da OCDE e demais participantes.

O programa PISA é un estudo internacional de avaliación de estudantes de 15 anos realizado baixo a coordinación da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Combina a avaliación das competencias do alumnado nas áreas dun campo específico (matemáticas, ciencias, comprensión lectora e outra competencia innovadora) coa recollida de información de contexto da súa contorna familiar e social. Así, os resultados obtidos polo alumnado na avaliación das áreas correlaciónanse cos seus factores contextuais.

Durante o mes de maio de 2021 aplicouse o estudo piloto de PISA 2022 nunha mostra representativa de 12 centros educativos, 8 públicos e 4 privados, do sistema educativo de Galicia. A finalidade do estudo piloto foi a de poñer a punto tanto os materiais como os procedementos e protocolos para a realización do estudo principal de PISA realizado en 2022.

A Administración educativa tamén colabora co Instituto Nacional de Avaliación Educativa do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) na realización doutras avaliacións internacionais coma PIRLS ou TIMSS que miden o nivel de competencia do alumnado de 4º de educación primaria en comprensión lectora, matemáticas e ciencias e o EECL (Estudo Europeo de Competencia Lingüística) que ofrece información comparable sobre a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado ao finalizar educación secundaria obrigatoria e con TALIS (Estudo Internacional sobre o Ensino e a Aprendizaxe) no que se recolle información do profesorado e dos equipos directivos sobre o ambiente da aprendizaxe escolar e as condicións de traballo do profesorado nos centros docentes. Ademais colabora co ICCS (Estudo Internacional sobre Educación Cívica e Cidadanía), estudo destinado ao alumnado de 2.º de educación secundaria obrigatoria que avalía o papel dos centros educativos á hora de preparar á mocidade para ser cidadáns e cidadás dentro da sociedade, co ICILS (Estudo Internacional sobre competencia dixital), promovido pola IEA para avaliar a competencia dixital do alumnado de 2.º de educación secundaria obrigatoria, co SSES (Estudo sobre as competencias sociais e emocionais), promovido pola OCDE par analizar as habilidades socioemocionais desenvolvidas polo alumnado de 15

anos e con PIAAC (Programa Internacional para a Avaliación das Competencias da Poboación Adulta), que avalía as competencias das persoas adultas de 16 a 65 anos e mide as súas competencias nas destrezas clave do procesamento da información (comprensión lectora, matemáticas e resolución de problemas en contornos informatizados) e recolle información sobre o uso que as persoas adultas fan das súas competencias na súa vida diaria e no traballo.

Por outra banda, na procura da excelencia académica e da cultura do esforzo na aprendizaxe convócanse anualmente premios extraordinarios ao alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato, de formación profesional de grao superior e de ensinanzas artísticas, para recoñecer publicamente e valorar méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo persoal. Convócanse anualmente 20 premios extraordinarios de bacharelato, ata 23 premios extraordinarios de formación profesional de grao superior (un por cada familia profesional), 20 premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, 20 premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e superación persoal e os premios de emprendemento en formación profesional, e 6 premios extraordinarios de ensinanzas artísticas (deles 3 de música, 1 de danza e 2 de artes plásticas e deseño).

Singular relevancia debe outorgarse ao programa denominado gratuidade solidaria (axudas para a adquisición de libros de texto, fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de material escolar) dentro das medidas de mellora continua da calidade e da equidade do sistema, que implica unha acción política de goberno cara a consolidación do modelo que permite combinar e complementar sistemas de axudas e reutilización de libros e material escolar aproveitando o mellor de cada un dos instrumentos empregados, buscando obter o máximo rendemento educativo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de educación primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, de educación.
- Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.
- Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar.
- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ORDE do 29 de xaneiro de 2024 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2024, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.
- Resolución do 10 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2024/25.
- Resolución do 1 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novos centros docentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia para o curso 2024/25.
- Resolución do 1 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2024/25.
- Resolución do 1 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o Programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurininfantil) para o curso 2024/25.
- ORDE do 8 de agosto de 2024 pola que se regula o réxime de axudas a centros docentes privados concertados dependentes desta consellería para participar no programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2024/25.
- Resolución do 14 de xuño de 2024, de Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria para a selección de centros públicos de ensino non universitario da comunidade autónoma de Galicia para participar no programa EDUFRANCE de intercambio de alumnado con centros educativos dependentes das Régions Académiques Hauts-de-France e Bretagne durante o curso escolar 2024/2025.
- Resolución do 2 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2024.
- Resolución do 12 de xuño de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Boas Prácticas en Educación Inclusiva 2024

para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2023/24.

- Resolución do 10 de xuño de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2024/25.
- RESOLUCIÓN do 20 de febreiro de 2024, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2023/24, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2024/25.
- ORDE do 29 de maio de 2024 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2023/24.
- Orde do 13 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2020/21, e a súa correspondente ao curso 2022/2023.
- ORDE do 19 de xuño de 2024 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2023/24.
- ORDE do 19 de abril de 2024 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2023/24
- Resolución do 7 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), para o curso 2024/25
- Comunicación do 26 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial do Ministerio de Educación e Formación Profesional en relación co asunto tomado en consideración na Conferencia Sectorial de Educación do 25 de marzo de 2020 relativo ás avaliacións previstas nos artigos 20.3, 21 e 29 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades que se levan a cabo para o desenvolvemento deste programa son fundamentalmente as seguintes:

- Organización e xestión do transporte e dos comedores escolares.
- Planificación e desenvolvemento de accións encamiñadas á prevención de riscos laborais nos centros docentes públicos, á formación do persoal que presta os seus servizos neles, e á vixilancia da saúde de dito colectivo.

- Xestión e coordinación no desenvolvemento dos programas de cooperación territorial co MEFP e con outras comunidades autónomas.
- Desenvolvemento e realización na comunidade autónoma de Galicia das avaliacións diagnósticas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de educación.
- Desenvolvemento da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras-Edulingüe 2030.
- Participación na avaliación PISA cunha ampliación de mostra que permita extraer datos para comparar o sistema educativo de Galicia a nivel internacional.
- Participar co MEFP no desenvolvemento doutras avaliacións do sistema educativo a nivel internacional (TIMSS, PIRLS, EECL...).
- Deseño e elaboración, mediante grupos de traballo, de materiais curriculares para apoio ao profesorado que imparte materias ou áreas en centros plurilingües e en seccións bilingües.
- Potenciar o recoñecemento público do esforzo e da excelencia dos alumnos e das alumnas a través dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior, de bacharelato, de ensinanza artística profesional e da educación secundaria obrigatoria.
- Incentivar programas de innovación educativa que propicien o desenvolvemento de proxectos, en centros educativos, relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, coa atención á diversidade, coa mellora na competencia lingüística nas linguas propias (castelán e galego) e nas estranxeiras.
- Intercambio de experiencias de boas prácticas educativas e elaboración de materiais didácticos, mediante premios que as distinguan e as dean a coñecer.
- Continuidade do programa de promoción de hábitos saudables relacionados coa alimentación e a actividade física do alumnado infantil dentro do contexto da educación para a saúde en colaboración coa Consellería de Sanidade.
- Desenvolver accións de prevención de riscos, seguridade hixiénico-sanitaria e control epidemiolóxico, así como os vinculados á Educación para a Saúde, conxuntamente coa Consellería de Sanidade.
- En relación co proxecto ABALAR, facilitar o desenvolvemento de novos modelos pedagóxicos e a incorporación dos últimos avances tecnolóxicos na educación, aproveitando as mellores prácticas desenvolvidas nos centros máis avanzados e poñendo en valor todo o traballo e o coñecemento do profesorado galego.
- Fomento do espírito colaborativo e participativo do colectivo de docentes para establecer unha comunidade de desenvolvemento de contidos propios, así como doutros externos que estean a disposición do profesorado tanto das aulas dixitais como do resto, integrados nun espazo ABALAR.
- Dentro da Estratexia Educación Dixital (Edudixital 2030) que trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto Edixgal como evolución do proxecto Abalar e as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.01.08) por unha banda, eliminar os obstáculos para o acceso ás ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria por parte do alumnado galego e, por outra banda, mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Unha das preocupacións dos sistemas educativos é garantir o maior desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do sexo, clase social, nacionalidade etc.

Os estudos de avaliación do sistema educativo inclúen desagregacións por xénero para orixinar, como se dun observatorio externo se tratase, as tendencias e os posibles efectos das políticas de igualdade que se veñen a desenvolver nos centros educativos.

Tanto nas avaliacións individualizadas de 3.º e 6.º de educación primaria e 4.º educación secundaria obrigatoria como nas próximas avaliacións diagnósticas de 4.º de educación primaria e 2.º de educación secundaria obrigatoria son potenciais participantes todos os alumnos e alumnas destes niveis educativos e en PISA de todo o alumnado de 15 anos, independentemente do xénero. En ambas avaliacións o número de mulleres participantes é do 50% e hai un indicador de resultados con relevancia de xénero.

Por outra banda nos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria é potencial participante todo o alumnado, independentemente do xénero, que cumpra uns determinados requisitos académicos. Aproximadamente un 60% do alumnado participante son mulleres.

Especificamente o programa de gratuidade solidaria (fondo solidario e axudas para adquisición de libros de texto e material escolar) está destinado a todo o alumnado matriculado en centros docentes sostidos con fondos públicos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, que acceden ao programa en función do nivel de renda da unidade familiar.

En desenvolvemento do II Plan Galego de Benestar laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025, as medias previstas a realizar son as seguintes:

- Realización dun tratamento específico sobre o fomento da corresponsabilidade e a conciliación dentro da programación da materia de libre configuración para abordar a perspectiva de xénero dende o ámbito educativo.
- Elaboración de orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista do fomento da corresponsabilidade, harmonización de tempos e a conciliación.
- Inclusión de materiais sobre a boa xestión dos tempos, corresponsabilidade e conciliación nas maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero.
- Creación dun espazo propio sobre a importancia de coeducar en corresponsabilidade nos foros de debate e discusión interdisciplinarios constituídos para garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- Impulso á utilización dos recursos dixitais existentes nos centros para levar a cabo tutorías online entre o profesorado e as familias, co fin de facilitar a conciliación.
- Utilización do programa Abalar pola comunidade educativa coma ferramenta estratéxica para comunicación inmediata e instantánea entre o centro educativo e as familias.
- Realización de publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa, con especial incidencia na importancia do reparto equilibrado de tarefas entre mulleres e homes, e a distribución equilibrada dos tempos.
- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnos e alumnas, o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá as políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

O programa de gratuidade solidaria a través da orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, recolle especificamente accións vinculadas co establecido no artigo 42 Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras ordes da consellería neste programa.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Os estudos elaborados a partir das avaliacións permiten constatar o posible efecto das diferentes políticas de igualdade que se deben desenvolver a fin de garantir o máximo desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do seu xénero ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Os informes elaborados a partir das diferentes avaliacións autonómicas, nacionais ou internacionais, veñen a confirmar as diferenzas de rendemento asociadas ao sexo do alumnado sen que poida establecerse ningún tipo de relación de causalidade.

En xeral as alumnas obteñen unha puntuación promedio superior na competencia en comunicación lingüística e os alumnos na competencia matemática. Os resultados son similares en ambos sexos na competencia científica.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas avaliacións de diagnóstico internacionais e autonómicas existe diferenza nos resultados das distintas competencias segundo o xénero do alumnado.

Aínda que en PISA tradicionalmente os alumnos alcanzaban unha puntuación media máis alta que as alumnas nas competencias científica e matemática, do último informe PISA extráese que as alumnas acadan de media mellores resultados que os alumnos aínda que as diferenzas non son significativas, agás no caso da competencia lectora, que neste caso a diferenza si é significativa.

Non obstante en ningún caso poden deducirse relacións de causalidade e son necesarios enfoques científicos experimentais que afonden na orixe destas diferenzas a nas vías para a súa compensación.

Nas últimas convocatorias dos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria, a porcentaxe de premiados ten resultados moi paritarios, así o 51,9 % dos premiados son alumnos e o 48,1 % son alumnas.

As axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar concédense en función dos ingresos da unidade familiar do alumnado situados nos tramos de renda definidos na convocatoria.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Como xa se mencionou nun apartado anterior, non se teñen implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración. Non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.10. PROGRAMA 423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Favorecer a adquisición das competencias clave necesarias para a sociedade do século XXI a todo o alumnado, con independencia das súas condicións persoais e sociais, representa un reto para todos os sistemas educativos xa que é unha condición necesario para o pleno desenvolvemento persoal e a participación activa na sociedade.

A educación dixital é xa unha realidade no sistema educativo galego coa que se trata de desenvolver, entre outras, a competencia dixital e as asociadas ao campo científico tecnolóxico. Neste sentido Estratexia Educación Dixital (Edudixital 2030), habilita un marco de referencia que permite dar maior coherencia e impulso ás políticas educativas neste terreo.

A adquisición da competencia en comunicación lingüística é un proceso longo e complexo, que esixe a posta en práctica de multitude de recursos e estratexias educativas para garantir uns niveis mínimos desta competencia a toda a poboación escolar.

Neste contexto e, dado que a lectura é a ferramenta imprescindible para todo tipo de aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal, académico e social, as medidas destinadas á promover a mellora da lectura comprensiva e os hábitos de lectura de todo tipo de textos (en soporte impreso ou dixital), deben ser variadas e eficaces.

A visión inclusiva e equitativa que incida na igualdade de oportunidades, especialmente no que respecta ao ensino mixto ou virtual, é fundamental para evitar que a crise sanitaria se convirta nunha crise educativa que acrecente as desigualdades socio-económicas e culturais, e rompa a función da escola como ascensor social, tanto de xeito inmediato como a medio prazo.

As intervencións para o fomento da lectura nos centros de ensino van destinadas a:

- Dotar de recursos aos centros para actuacións no fomento da lectura entre o seu alumnado.
- Realización de actividades e elaboración de materias de apoio con esta mesma finalidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón as nosas sociedades aspiran a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo da vida. De aí que incrementar o número de persoas tituladas en formación postobrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá obedece a causas moi diversas e por iso a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Con este obxectivo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono temperá na comunidade autónoma.

As propostas artículanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administración locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral.

Para abordar a diminución do abandono escolar, faise necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior, nivel CINE 3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, UNESCO). A consecución de este nivel educativo converteuse nunha cuestión clave dos sistemas educativos e formativos nos países desenvolvidos, e está recollida tamén no Proxecto de Indicadores da Educación da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE), que destaca a necesidade de que a mocidade complete como mínimo o nivel CINE 3 para afrontar a súa incorporación ao mercado laboral coas suficientes garantías.

A flexibilización das traxectorias, de forma que cada estudante poida desenvolver todo o seu potencial, concrétese no desenvolvemento de programas de diversificación curricular no terceiro curso e cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria, a Formación profesional Básica, a anticipación dos itinerarios cara o Bacharelato e a Formación Profesional, e a transformación do actual cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria nun curso fundamentalmente propedéutico e con dúas traxectorias ben diferenciadas. Esta diversificación permitirá que o estudante reciba unha atención personalizada para que se oriente cara a vía educativa que mellor se adapte ás súas necesidades e aspiracións, o que debe favorecer a súa progresión no sistema educativo.

Dotación ao persoal docente e aos propios centros dos recursos e ferramentas necesarias para que a biblioteca escolar contribúa a adquisición das competencias clave do alumnado, singularmente, comunicación lingüística e “aprender a aprender”.

Garantir a axeitada dispoñibilidade de recursos dixitais para continuar o proceso formativo independentemente do escenario de restricións ou peches (individuais ou colectivos) é unha medida transversal fundamental para soste o proceso educativo.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)2022-2030, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.05), consiste en reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a través de medidas de apoio personalizado.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Innovación está integrado por tres subsistemas:

- a) Subsistema de xeración e difusión de coñecemento: Composto por Universidades, Organizacións Públicas de Investigación (OPIs e Grupos de Investigación ligados aos Centros Hospitalarios) e as Organizacións Intermedias de Tecnoloxía, como poden ser os Centros Tecnolóxicos, Parques Tecnolóxicos, Viveiros e Asociacións Empresariais, incluídos as Plataformas e os Clúster.
- b) Subsistema de explotación do coñecemento ou estrutura de produción rexional: Composto maioritariamente de empresas, especialmente das que mostran características sistémicas.
- c) Subsistema ou infraestrutura de apoio rexional, no que actuarían as organizacións gobernamentais e as axencias de desenvolvemento rexional.
- d) A cidadanía como beneficiaria da innovación social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A nosa sociedade aspira a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de titulados e tituladas en formación post-obrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

Por elo esta consellería vai apoiar o desenvolvemento de actuacións que teñan por obxecto:

- Afrontar a situación dos centros que reciben un alumnado en situación de desvantaxe educativa asociada á contorna sociocultural, para o que os recursos ordinarios se mostran insuficientes, polo que se necesitan mecanismos de compensación a través das distintas modalidades dos contratos-programa.
- Diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen a titulación de educación secundaria coa realización de actuacións orientadas tanto á retención de estudantes no sistema educativo como con programas de segunda oportunidade, orientados á reincorporación de mozos e mozas, con actividade laboral ou sen ela, que abandonaron a súa formación sen cualificación nin titulación.

Desde a implantación do programa contribúese a que as bibliotecas escolares de Galicia sexan un referente e unha ferramenta para abordar a problemática do abandono escolar, como factor de compensación social.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais sobre as que se basea o programa, son as seguintes:

- Resolución do 12 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos - Programa Inclúe (CPInclúe) para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2023/24.
- Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.
- ORDE do 30 de xaneiro de 2024 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2024.
- Na Lei Orgánica de educación (LOE), artigo 13 e na normativa curricular da Comunidade autónoma de Galicia, recóllese a necesidade de que os centros docentes contén cunha biblioteca escolar, correspondendo á Administración educativa a obriga de facer fronte a súa dinamización e funcionamento, con especial referencia aos proxectos lectores de centros.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
- Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
- Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.
- Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo de competencias e orientación.
- Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
- Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.
- Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Desenvolver iniciativas de formación do profesorado relacionadas co ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics; Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e ao ensino de linguas estranxeiras, así como ao enfoque baseado na Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE, en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL).
- Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, na atención á diversidade.
- Elaboración de materiais dixitais adaptados aos currículos galegos, lexibles e inclusivos, para empregar nas aulas dixitais dos centros de primaria e ESO no marco do proxecto cREAgal.
- Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.
- Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.05) buscan acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os alumnos teñen máis dificultades que as alumnas para prosperar no sistema educativo, suspenden máis, repiten curso máis, abandonan antes o sistema educativo.

A diferenza de resultados non é puntual. Maniféstase dende hai varios anos, curso tras curso. Iso mesmo pasa en todas as comunidades autónomas; en todos os indicadores educativos de progreso (promoción, titulación) e en todos os niveis de ensinanza, desde a educación primaria ata a formación superior.

En todas as ensinanzas: ESO, Bacharelato e ciclos formativos, a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%.

Se os datos se refiren á porcentaxe de alumnado que sae da ESO sen o título de graduado en educación secundaria, obsérvase que arredor do 32% dos alumnos sae sen título da ESO e, no caso das alumnas, arredor do 19%. Unha diferenza en torno a 13 puntos.

En desenvolvemento do II Plan Galego de Benestar laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025, as medidas previstas a realizar son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplan medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBOECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos, o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación, inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Como se indica na descrición do programa, nas ensinanzas de educación secundaria e bacharelato a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%. A porcentaxe nese ano non é diferente ao de cursos anteriores. Dende o sistema educativo a atención educativa mediante os programas regrados de mellora da aprendizaxe e do rendemento e os programas de reforzo

e apoio de carácter voluntario, realizados fóra do horario lectivo, destinados ao alumnado con dificultades para obter o título de Graduado en ESO, maioritariamente masculino, dan resultados similares aos xa sinalados.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

En cumprimento das medidas contempladas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar, EDUCONVIVES 2025 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional puxo en marcha no curso 2016/2017 a oferta dunha materia de libre configuración autonómica coa denominación "igualdade de xénero" dispoñible para os cursos 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)) e para o curso 2018/2019 a materia "Coeducación para o século XXI" para 1º de bacharelato. Esta materia, desde o curso 2022/2023 non se imparte xa que, a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación, ten entre os seus principios reitores a igualdade entre homes e mulleres. Esta Lei orgánica reforza este enfoque a través da coeducación e impulsa en todas as etapas educativas a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Os decretos publicados en setembro do 2022 que desenvolven a ordenación e o currículo das etapas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato en Galicia, recollen de xeito, de xeito transversal, e tamén específico en cada curso e en diferentes materias, a igualdade efectiva de homes e mulleres.

Así mesmo, o Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado para o curso 2022/2023 conta cunha oferta formativa específica en materia de Igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero:

- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para novo persoal funcionario e para todo o persoal docente de centros sostidos con fondos públicos.
- Formación básica en igualdade e coeducación no ámbito educativo para equipos directivos, departamentos de orientación, profesorado de infantil e primaria, e profesorado de educación secundaria, FP e de adultos.
- Actividades formativas vinculadas ao Plan Proxecta de innovación educativa. Prioritarias para o profesorado involucrado nos programas deste plan pero abertas, no seu caso, ao resto de docentes.
- Actividades de formación avanzada dedicadas a afondar nos aspectos vinculados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia machista na escola, á educación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.11. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto atender a un conxunto de prioridades que se agrupan en tres grandes retos para o 2025:

- Reto 1. Modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación.
- Reto 2. Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento.
- Reto 3. Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación.

Á hora de concretar como abordar os tres retos, os axentes do ecosistema de innovación acordaron enfocar cada un deles desde tres aspectos transversais comúns. Estes aspectos constitúen as prioridades da RIS3 e a través delas canalízanse os recursos e esforzos dirixidos a cada reto:

- a sostibilidade como eixo diferenciador.
- a dixitalización como elemento facilitador.
- o enfoque cara ás persoas, na procura, desenvolvemento i ensaio de novas solucións de innovación en resposta aos desafíos da sociedade galega.

As prioridades, polo seu carácter horizontal, teñen incidencia en todas as cadeas de valor e favorecen a colaboración entre sectores e as diferentes áreas de coñecemento e tecnolóxicas, constituíndo unha oportunidade de desenvolver novas cadeas de valor e novos mercados. Ase-made, están plenamente aliñadas coas prioridades da Unión Europea e o Estado español.

Para precisar de forma máis detallada como cada prioridade aborda os tres retos, a RIS3 selecciona unha serie de temáticas máis delimitadas, denominadas ámbitos de priorización, que concretan e detallan o perfil de especialización para Galicia e nos que se focalizan os investimen-tos e esforzos da estratexia.

Prioridade 1: Sostibilidade

Desenvolver e aplicar as diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sostibilidade dos recursos naturais (terra e mar) e patrimoniais de Galicia, xerando ademais oportunidades para a diversificación cara a produtos sostibles, competitivos internacionalmente e que melloren o benestar das persoas. Os principais ámbitos de priorización para a especialización galega vinculados á sostibilidade son:

- Biocombustible e enerxías renovables.
- Biotecnoloxía agraria, mariña, industrial e ecolóxica.
- Construción sostible.
- Economía circular e simbiose industrial.
- Descarbonización das cadeas de valor.
- Desenvolvemento de téxtiles sostibles.
- Eficiencia enerxética en procesos produtivos, en construción e en mobilidade.
- Materias primas, produtos, envases e embalaxes máis sostibles na cadea de valor alimentaria.
- Mellora, preservación, xestión sostible e posta en valor da biodiversidade.
- Mobilidade urbana e rural.
- Turismo e patrimonio cultural sostible.

Prioridade 2: Dixitalización

Apoiar a dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego, a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, así como a xestión de recursos naturais e culturais, como panca para a transformación resiliente de Galicia.

Os principais ámbitos de priorización para a especialización galega vinculados á dixitalización son:

- Administración pública dixital.
- Desenvolvemento de competencias dixitais e educación dixital.
- Desenvolvemento de propostas de valor arredor dos recursos naturais, patrimoniais, culturais e turísticos.
- Fabricación avanzada e intelixente.
- Soberanía tecnolóxica (desenvolvemento de coñecemento, tecnoloxías e aplicacións innovadoras propias).
- Redes intelixentes, flexibilidade e almacenamento enerxético.
- Saúde dixital.
- Tecnificación e dixitalización do sector primario (agricultura, gandería e forestal, pesca e acuicultura) e da industria mineira.

- Xerontotecnoloxías.

Prioridade 3: Enfoque cara as persoas

Orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e ao benestar das persoas, e a consolidación de Galicia como unha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento e ensaio de novas oportunidades e solucións innovadoras dirixidos a elas. Os principais ámbitos de priorización neste contexto son os que se recollen a continuación:

- Alimentación humana segura, saudable e funcional.
- Deporte, para a promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida.
- Desenvolvemento de téxtiles intelixentes para a saúde e o deporte.
- Medicina de prevención, rexenerativa e de precisión • Novas solucións de hábitat e modelos de convivencia.
- Saúde animal: veterinaria e alimentación de precisión.
- Economía prateada e dos coidados.
- Turismo saudable baseado nos recursos naturais.
- Investigación básica de excelencia e na fronteira do coñecemento.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos anos, foise afianzando unha traxectoria de políticas de innovación desenvoltas dende a Xunta de Galicia que propiciaron o fortalecemento e cohesión dun Sistema Galego de Innovación composto por un conxunto de axentes que conforman unha ampla oferta tecnolóxica e que reduciu significativamente a súa fenda tanto coas diferentes rexións españolas máis avanzadas así como coa media europea.

Dende a posta en marcha do primeiro Plan Galego de I+D+i, a economía galega está a medrar cara un modelo económico baseado na innovación e o coñecemento que faciliten o crecemento económico e a converxencia cos territorios europeos máis avanzados, mais aínda ten moito traballo por diante, retos dixitais e de transformación industrial sostible, aos que hai que sumar a crise económico social que se está a producir por mor da COVID19.

Factores limitantes:

- a) reducido tamaño medio das empresas: máis do 95 % das empresas son micropemes, o que condiciona a súa capacidade de absorción de novo coñecemento e de trasladar ao mercado novas innovacións. En concreto:
 - un menor enfoque a innovación
 - unha maior dificultade de acceso a financiamento para I+D+i
 - unha maior dificultade para captar persoal con formación adecuada

- unha maior dificultade para coñecer e aproveitar os recursos e capacidades do sistema de innovación.
- b) Estrutura produtiva con significativa presenza de sectores tradicionais e de menor intensidade tecnolóxica, que presentan menores niveis de adopción de tecnoloxías e de innovación, e maiores barreiras e limitacións.
- c) Limitada capacidade de atraer e reter talento e persoal cualificado.
- d) Sistema de innovación con niveis de colaboración e integración insuficientes, especialmente entre os axentes de coñecemento e o tecido empresarial.
- e) Esfuerzo insuficiente en investimento en I+D+i, sobre todo por parte das empresas.
- f) Limitado nivel de integración nas cadeas de valor e de coñecemento globais.
- g) Período de profundos e rápidos cambios globais:
 - xeopolíticos, reconfiguración das cadeas de valor a nivel mundial
 - demográficos, envellecemento
 - climáticos, sustentabilidade.

Desafíos do Sistema Galego de Innovación:

- a) Transición cara unha estrutura produtiva e de servizos baseada no coñecemento e caracterizada por unha especialización disruptiva e sostible, que permita unha alta de tracción por parte do sector privado no eido da innovación e o coñecemento.
- b) Potenciar e aproveitar a excelencia dos centros de coñecemento, e a transferencia e difusión do coñecemento xerado, asegurando súa translación ao mercado.
- c) Necesidade de crear dinámicas sistemáticas de cooperación entre universidades, centros tecnolóxicos, organismos de investigación e empresas.
- d) Necesidade de estruturar unha oferta financeira e de apoios para a emprendeduría de base tecnolóxica e innovadora especializada e eficaz.
- e) Necesidade de captación, formación e retención de talento.
- f) Necesidade de transición industrial e transformación económica para afrontar os cambios globais.
- g) Cambio de modelo debido ao novo contexto de recuperación.

Alén dos desafíos que debe afrontar o Sistema Galego de Innovación, Galicia conta cun abano de singularidades espaciais e sociais no contexto internacional que por si mesmas ou combinadas coas demais, implican desafíos diferenciais para o mercado, e polo tanto que implican oportunidades de xerar novos produtos ou servizos baseados en coñecemento suficientemente competitivos no contexto internacional, en áreas transversais a múltiples sectores económicos como é o caso da Saúde e a Calidade de Vida, o Transporte, as Comunicacións, ou o Medio Ambiente.

Singularidades espaciais e sociais destacadas respecto do contexto nacional e europeo:

- a) Fragmentación do territorio e dispersión poboacional.
- b) Situación periférica con respecto ás rexións europeas.
- c) Envellecemento máis acusado da poboación, cunha media de idade en constante aumento.
- d) Abundancia de recursos forestais, mariños e enerxéticos asociada a sectores económicos de intensidade tecnolóxica media-baixa que presentan un forte enraizamento socioeconómico no territorio.

Das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades identificadas, destílanse os principios reitores que rexerán a definición da estratexia e que son adoptados pola estrutura de gobernanza do Sistema Galego de Innovación, actuando de columna vertebral en tódolos elementos que conforman a devandita estratexia. En definitiva, os principios reitores da Estratexia RIS3 de Galicia son catro:

- Pemes innovadoras para ser competitivas.
- Investimento público para atraer investimento privado.
- Promoción da transferencia de investigación ao mercado.
- Oportunidades para a investigación e o talento innovador.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de “fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica” e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para “o fomento da cultura e da investigación”.
- O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico créase ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
- O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, “fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes”.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é consolidar a economía galega para o ano 2025 nunha senda socialmente recoñecible cara a mellora do crecemento e a competitividade en base á transformación do modelo produtivo dende un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, mediante a absorción das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE) promovendo o seu carácter disruptivo, necesidade da súa transversalidade alcanzando a todos os sectores produtivos e sinerxiando usos destas, e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

Todo isto, sen prexuízo de impulsar os proxectos tractores que poidan axudar a Galicia a saír da crise provocada pola COVID19, o que implicará ter unha rexión máis dixital, máis verde e máis resiliente.

O conxunto de prioridades establecidos anteriormente acadaranse mediante unha serie de instrumentos que se agrupan en cinco Programas:

- Programa Innova e emprende:
 - I. IGNICIA.
 - Conecta PEME.
 - 2. Programa Diferenza.
- Programa Completa e transfire.
 - I. Misións RIS3.
- Persoas:
 - 1. Apoio á etapa predoutoral.
 - 2. Axudas á etapa posdoutoral.
 - 3. Axudas para completara etapa de formación posdoutoral.
 - 4. Grupos de investigación.
 - 5. Doutoramento industrial.
 - 6. Programa Oportunus.
 - 7. Apoio atracción talento dos axentes do ecosistema I+D+i.
- Programa Posiciona:
 - I. Programa de apoios para fomentar as sinerxías con fondos europeos e nacionais.

- Programa Integra:
 1. Ecosistema de cuántica.
 2. Consolidación do ecosistema biotecnolóxico galego.
 3. Infraestruturas de centros tecnolóxicos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado nos homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado nos homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa 56IA destinado a investigación e a innovación, prevé, non obstante, unha serie de actuacións que poden contribuír a eliminar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da ciencia. Para iso, a Axencia Galega de Innovación en todas as actuacións que desenvolva tratará de analizar as posibles fendas de xénero e as súas causas, tentando establecer medidas correctivas.

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que a análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

As diferentes actuacións nas que se fará especial énfase na perspectiva de igualdade son as seguintes:

- Talento e capital humano.

- Emprendemento innovador.
- Difusión e divulgación da ciencia e do papel da muller nesta.

Resulta de especial importancia o traballo a prol da participación de mulleres no eido da investigación, un sector que tradicionalmente ten unha maioritaria participación masculina. Con esta finalidade nas distintas actuacións e liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación valorarase a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados por esta Axencia, incluíndo a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñecemento e de resultados de I+D+I. Así mesmo, con este mesmo obxectivo, tamén será relevante a inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación.

Trátase con estas medidas de favorecer un cambio nas actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación realizadas polas empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres. Promovendo a implantación da igualdade de xénero nas empresas con actividade de I+D+I como unha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente no tecido produtivo galego a adopción de boas prácticas na igualdade de xénero.

Tamén, hai que destacar a participación con outros órganos no Plan de Ciencia e Muller, fundamentalmente a través de premios que visualicen o papel da muller na ciencia, así como a participación noutras iniciativas como o “día internacional das rapazas nas TIC”, unha celebración a nivel internacional, orientada a motivar as novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia galega de Innovación

III.1.12. PROGRAMA 561B -INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 561B – Investigación universitaria, recolle o desenvolvemento das accións de apoio e reforzo da investigación universitaria.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa forma parte do Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia para os anos 2022-2026 e apoiase na Estratexia de Especialización

Intelixente de Galicia - RIS3, publicada en 2022 e que se centra na aplicación e explotación do coñecemento.

A Consellería ven de definir un marco para o financiamento da investigación, xunto coas universidades e a comunidade investigadora, a través de dous tipos básicos de mecanismos, como son as convocatorias en concorrencia competitiva e os convenios.

A mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados no entorno universitario de Galicia pasa en primeiro lugar pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación e a mellora da súa calidade. Isto implica a introdución duns enfoques adecuados por parte das universidades e a administración que faciliten, por unha parte, a formación e incorporación de persoas investigadoras de talento, e por outra, a creación dun entorno académico que facilite a interacción e o intercambio de coñecemento.

Ademais, este programa orzamentario trata de acadar o obxectivo de impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)(2022-2030), o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE.3.01.02), consiste en mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das universidades galegas, impulsar os centros e institutos de investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado.

Este programa conta con axuda de fondos europeos, en primeiro lugar co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) vinculado ao programa operativo do FSE para o período 2021-2027.

No marco do OP 4.- Unha Europa máis social e inclusiva, no obxectivo OE406.- Promover a igualdade de acceso a unha educación e formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os grupos desfavorecidos, dende a educación infantil e coidados da primeira infancia, pasando pola educación e formación xeral e profesional, ata a educación superior. En desenvolvemento da Medida 33.- Axudas para a formación e mobilidade de investigadores, tecnólogos e persoal de apoio a investigación en áreas identificadas como relevantes para o mercado laboral. Co Reto R2.1.- de desenvolver unha oferta formativa en contidos e formatos que responda as necesidades reais do tecido produtivo, con especial atención a poboación xove e a os sectores con maior potencialidade para xerar emprego. A acción supón o financiamento parcial do Programa de Axudas a formación predoutoral.

En segundo lugar do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no Programa Operativo do FEDER para o período 2021-2027 cuxo obxectivo político OPI.- Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional as tecnoloxías da información e das comunicacións. No obxectivo específico OEI1 de desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas, consiste en apoiar os Proxectos de Investigación dos Centros de Investigación excelentes no Sistema Universitario de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai destinado a todos os axentes implicados na actividade investigadora no Sistema Universitario de Galicia, isto é, o persoal investigador en formación, o persoal postdoutoral, o persoal docente investigador, os grupos de investigación e as estruturas de investigación de ámbito superior ao grupo (centros de investigación universitarios).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O Sistema Galego de I+D+i, evolucionou nos últimos anos dende unha situación de fragmentación das súas capacidades cara a un modelo estruturado de centros de investigación de excelencia, con recursos humanos científicos ben capacitados, que require na actualidade do estabilidade, por unha banda, de instrumentos de apoio á carreira investigadora e, doutra banda, de medidas de impulso e creación de estruturas de investigación fortes, capaces de competir en contextos nacionais e internacionais dinámicos, que lles permita actuar como axentes tractores do Sistema Galego de I+D+i.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026.
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación.
- Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os retos e liñas establecidos no documento Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026.

Reto 1: Captación, formación e retención de talento, e o Reto 2: Investigación de referencia competitiva conforman os programas a desenvolver no financiamento da investigación nas tres universidades galegas:

Reto I.-Captación, formación e retención de talento. Orientado a persoal de investigación e apoio.

Ten un único eixo estratéxico: a xestión do talento. Este eixo estrutúrase ao redor de 5 liñas de actuación:

Liña I.1. Programa de apoio á carreira investigadora: consiste en contratos pre-doutorais e pos-doutorais. Convocatoria competitiva.

Liña I.2. Programa de apoio á consolidación de persoal investigador. programa de atracción e retención de talento.

Liña I.3. Programa de capacitación e incorporación de xestores de apoio á investigación e os tecnólogos e tecnólogas, que se vinculan aos servizos centrais da universidade, non aos grupos.

Liña I.4. Captación e retención de talento investigador de prestixio. É un programa orientado á apoiar ás persoas investigadoras con proxectos altamente competitivos como os do European Research Council (ERC).

Liña I.5. Programas de mobilidade. Basicamente de formación pos doutoral no estranxeiro. Fináncianse dous anos de estancia en centros internacionais.

Reto 2.-Investigación de referencia competitiva.

Búscase a creación dunha contorna adecuada e atractiva para o desenvolvemento da actividade científica e do desenvolvemento tecnolóxico en Galicia a través da dotación de instrumentos que potencien aos grupos de investigación, que constitúen a unidade básica do conxunto do sistema de investigación universitaria, as estruturas estratéxicas e os centros de investigación. Os grupos son as entidades que cada vez máis actuarán como enlace entre os investigadores individuais e os centros de investigación. Ten tres eixos estratéxicos:

- Consolidación de Grupos.
- Proxectos singulares.
- Potenciación das estruturas de investigación.

O eixo consolidación de grupos de investigación instrumentalízase en 3 liñas de actuación e mediante convocatorias competitivas.

Liña 2.1.1 Apoio aos grupos de referencia competitiva. Axudas de 4 anos cunha dotación entre 50.000 e 100.000 euros/ano a grupos xa consolidados (uns 100).Convocatoria competitiva.

Liña 2.1.2. Apoio aos grupos de potencial crecemento. Axudas aos grupos con alto potencial de crecemento. Similar ao anterior, pero para grupos aínda non consolidados. A duración do financiamento é neste caso de tres anos con ata 35.000 euros/ano. Convocatoria competitiva.

Liña 2.1.3. Proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente. Convocatoria competitiva. Segundo as características poden presentarse a unha das seguintes modalidades:

- Liña de reforzo da traxectoria investigadora consolidada. Neste caso, as axudas serán de aplicación por un período de ata 4 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima anual de 50.000€.
- Liña de reforzo de traxectorias emerxentes. Neste caso, as axudas serán de aplicación por un período máximo de ata 5 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima anual de ata 25.000€.

O eixo de proxectos singulares neste eixo financia proxectos non necesariamente de investigación, pero si relacionados coa I+D.

Liña 2.2.1 Especialización dos campus universitarios. Apoio ao financiamento dos Campus de Especialización acreditados: o Campus Terra, de Lugo, o Campus Industrial de Ferrol e o Campus Auga, de Ourense co fin de definir un mapa universitario diversificado.

Liña 2.2.2 Financiamento de proxectos singulares, de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade.

O eixo de potenciación das estruturas de investigación é o momento do reforzo das súas estruturas organizativas, con definición dos seus obxectivos, estratexia, axendas de investigación e plans de actuación. As medidas de apoio á consolidación, constitución e consolidación das agrupacións estratéxicas e dos centros singulares de investigación representan unha vía de actuación que, adecuadamente orientada e potenciada, permitirá dotar ao sistema de investigación de Galicia dunha sólida estrutura de centros de investigación nados do novo marco.

Liña 2.3.1 Apoio aos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, co obxectivo de fortalecer as súas capacidades científicas e mellorar os resultados de alto impacto científico, social e económico.

Liña 2.3.2. Apoio á Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS), co obxectivo de impulsar a visibilidade dos centros de investigación do SUG que teñan acreditada a súa excelencia científica, técnica ou artística.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE.3.1.02) son o aumento da calidade científica dos programas de investigación universitaria medida de acordo a estándares internacionais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER.

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres.	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO.

Segundo os datos do SIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) do MEFP, no curso 2022/2023 (últimos datos dispoñibles) o 43,44% do persoal docente e investigador das universidades galegas son mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA.

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Ao amparo das axudas á formación de investigadores, para as convocatorias desde o no ano 2020 ata 2024 solicitáronse e se lles concederon concedeu a ampliación de contrato polo mesmo tempo que a interrupción, a once persoas cun contrato de formación postdoutoral e a sete persoas contratadas ao amparo das axudas predoutorais (se lle concede a todo o persoal investigador que solicita prórroga de contrato por maternidade, risco de embarazo, lactancia, etc.).

As accións de fomento da actividade investigadora mediante contratos predoutorais e posdoutorais e grupos de investigación, deseñadas no programa de gasto, están a fomentar o incremento progresivo do número de mulleres que se dedican á investigación.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

En Investigación universitaria incluíuse como causa de flexibilización na acreditación de requisitos (data de obtención de títulos) para o acceso ás axudas a formación predoutoral e postdoutoral o coidado de maiores e nenos a cargo.

Nas convocatorias de axudas de predoutorais e posdoutorais, en caso de empate ten preferencia o sexo feminino.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Proporcionar ao persoal docente formación en: Novas tecnoloxías, idiomas, metodoloxías didácticas (máis alá da aprendizaxe por proxectos).	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0005 - Formación e participación das familias en materia de educación, a través de diversos sistemas, como por exemplo as escolas de nais e pais	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Reforzar o sistema educativo do ensino infantil e de primaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostibles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI02 - Gastos de persoal	
0003 - Ampliación, mellora e creación de novos centros educativos máis sustentables e flexibles	
Indicador	Valor Previsto
D0C035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	550
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	221
P01004 - Número de efectivos	27.980
P1019H - Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	64.293
P1019M - Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	59.749
P1020H - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	24.281
P1020M - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	23.229
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Fortalecemento da atención á diversidade.	
0002 - Programas de orientación, reforzo e apoio.Actuacións para loitar contra o fracaso e o abandono escolar.	
Indicador	Valor Previsto
P237.H - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	3.719
P237.M - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	3.101
Programa: 422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que de resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades e a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0002 - Establecer mecanismos que permitan unha maior comunicación empresa-universidade. Dispoñer de canles para que as empresas trasladen as súas demandas en relación cos perfís profesionais que precisan.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P033.H - Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	678
P033.M - Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	1.190
P1021H - Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes	24.487
P1021M - Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres	31.838
Programa: 422D EDUCACIÓN ESPECIAL	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.	
0003 - Axudas á gratuidade da educación especial (alumando con necesidades especiais)	
Indicador	Valor Previsto
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	11
Programa: 422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.	
Indicador	Valor Previsto
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	14
P109.H - Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Homes	5.708
P109.M - Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Mulleres	5.708
Programa: 422G ENSINANZAS ESPECIAIS	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.	
Indicador	Valor Previsto
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	4
P108.H - Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Homes	25.777
P108.M - Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Mulleres	7.537
Programa: 422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Incentivar a formación do persoal docente (e que a participación en accións formativas teña efectos, positivos ou negativos no nivel do recoñecemento/desempeño profesional).	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0003 - Elaborar unha programación formativa integral, desde a formación inicial, pasando polo acceso á profesión e formación permanente, recollida nun estatuto docente e no marco dunha carreira profesional.	
Indicador	Valor Previsto
P281.H - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Homes	20.110
P281.M - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Mulleres	47.262
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0005 - Formación e participación das familias en materia de educación, a través de diversos sistemas, como por exemplo as escolas de nais e pais	
Programa: 422M ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Continuar a potenciar as actividades de I+d+i e avanzar no proceso de especialización establecido pola RIS3 de Galicia	
0006 - Atraer e manter o talento innovador	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Reforzar o sistema educativo en educación secundaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostibles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI02 - Gastos de persoal	
0003 - Ampliacións e novos centros educativos máis sustentables e flexibles	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	720
DOE015 - Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos	220
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	153
P01004 - Número de efectivos	17.802
P1019H - Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	86.364
P1019M - Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	80.347
P1020H - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	17.506
P1020M - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	16.307

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E03 - Elevar a participación na formación profesional dos graos básico, medio e superior, e cursos de especialización, en particular nas modalidades relacionadas co tecido produtivo (DUAL), mellorando a súa calidade, a súa personalización, capacidades de innovación, emprendemento e internacionalización, nunha relación estreita coas empresas e coas competencias necesarias na estrutura produtiva de Galicia

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
 OI02 - Gastos de persoal
 O001 - Fomento da FP e definición dunha oferta integrada, inclusiva e adaptada as necesidades dos sectores produtivos e do territorio galego. Desenvolvemento de prácticas e programas de ERASMUS.
 O002 - Desenvolver procedementos de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, en colaboración co tecido produtivo e os axentes do mercado laboral.
 O005 - Ampliacións e novos centros educativos máis sustentables e flexibles
 O006 - Impulso ao emprendemento en colaboración co tecido emprendedor de Galicia
 O008 - Posta en valor da rede de centros de excelencia, a través do aseguramento da calidade no seu funcionamento e na formación do seu capital humano, o profesorado.

Indicador	Valor Previsto
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	31
P01095 - Unidades de competencia profesional a acreditar	40.052
P01098 - Centros participantes en campionatos de Formación Profesional	20
P033.H - Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	2.500
P033.M - Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	2.500
P281.H - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Homes	1.744
P281.M - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Mulleres	2.246

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI02 - Gastos de persoal
 O001 - Fortalecemento da atención á diversidade.
 O002 - Programas de orientación, reforzo e apoio.Actuacións para loitar contra o fracaso e o abandono escolar.

Indicador	Valor Previsto
P237.H - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	442
P237.M - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	333

Programa: 423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

O010 - Dixitalización no eido da educación: fomento da ensinanza dixital e modelos híbridos; creación de contido dixital; mellora da capacitación dixital e tecnolóxica do alumnado e do profesorado;

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

O003 - Elaborar unha programación formativa integral, desde a formación inicial, pasando polo acceso á profesión e formación permanente, recollida nun estatuto docente e no marco dunha carreira profesional.

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI03 - Transferencias internas 0001 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios. 0002 - Mellorar as competencias clave, en especial en comunicación lingüística do alumnado. 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00379 - Centros educativos que participan	1.094
P032.H - Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Homes	68
P032.M - Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Mulleres	68
P035.H - Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Homes	50
P035.M - Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Mulleres	50
P037.H - Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Homes	36.741
P037.M - Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Mulleres	36.551
Programa: 423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0010 - Dixitalización no eido da educación: fomento da ensinanza dixital e modelos híbridos; creación de contido dixital; mellora da capacitación dixital e tecnolóxica do alumnado e do profesorado;	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0002 - Programas de orientación, reforzo e apoio.Actuacións para loitar contra o fracaso e o abandono escolar.	
Indicador	Valor Previsto
P232.H - Alumnado en programas destinados a redución do abandono escolar. Homes	48.000
P232.M - Alumnado en programas destinados a redución do abandono escolar. Mulleres	45.000
P237.H - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	1.500
P237.M - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	1.600
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Proporcionar ao persoal docente formación en: Novas tecnoloxías, idiomas, metodoloxías didácticas (máis alá da aprendizaxe por proxectos).	
Indicador	Valor Previsto
P281.H - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Homes	1.630
P281.M - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Mulleres	3.550
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Mellorar as competencias clave, en especial en comunicación lingüística do alumnado.	
Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OI03 - Transferencias internas
0001 - Continuar a potenciar as actividades de I+d+i e avanzar no proceso de especialización establecido pola RIS3 de Galicia
0002 - Fomentar a cultura de innovación nas empresas establecendo incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i, especialmente nas PEMES e sectores, nos ámbitos de especialización de Galicia. Mellorar o impulso e seguimento do ciclo innovador de todas as empresas.
0003 - Reforzar as estruturas de transferencia de coñecemento e tecnoloxía a través da capacitación, adestramento e especialización dos seus profesionais (xestores de I+D+i).
0006 - Atraer e manter o talento innovador
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	189
DOC027 - Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	77.354.273
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	689
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	951
P0076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	290

Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0002 - Actuacións para o fomento da modernización e innovación tecnolóxica, fomentando o emprego das TICs en sectores estratéxicos e empresas, especialmente PEMES

Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Programa: 561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos de Investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
0002 - Reforzar os programas de formación de investigadores para equiparalos aos mais excelentes e impulsar medidas de incorporación de talento e persoal dedicado a I+D+i dos centros de coñecemento ás empresas.
0003 - Impulsar a excelencia e a internacionalización do Sistema de Investigación universitario.
0006 - Impulsar o desenvolvemento da investigación combinada das diversas disciplinas e das infraestruturas científicas compartidas

Indicador	Valor Previsto
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	276
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	364

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
421A-Dirección e servizos xerais de educación	3.524			
422A-Educación infantil, primaria e ESO	35.478			
422C-Ensinanzas universitarias		432.182		
422D-Educación especial	400			
422E-Ensinanzas artísticas	400			565
422G-Ensinanzas especiais	150			
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	41.018			26.550
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza	42.986		16.362	264
423B-Prevención do abandono escolar			2.946	
561B-Investigación universitaria		106.363		
Total	123.956	538.545	19.308	27.379

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	05	A2	Total
421A-Dirección e servizos xerais de educación	30.707		34.231
422A-Educación infantil, primaria e ESO	993.808		1.029.286
422C-Ensinanzas universitarias			432.182
422D-Educación especial	59.889		60.289
422E-Ensinanzas artísticas	45.062		46.027
422G-Ensinanzas especiais	21.804		21.954
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado	3.282		3.282
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	978.079		1.045.647
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza	57.775		117.388
423B-Prevención do abandono escolar	27.301		30.247
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica		119.877	119.877
561B-Investigación universitaria			106.363
Total	2.217.707	119.877	3.046.772

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
421A-Dirección e servizos xerais de educación	30.707	1.620	50	129	1.675	50			34.231
422A-Educación infantil, primaria e ESO	688.489	15.415		289.760	34.878	744			1.029.286
422C-Ensinanzas universitarias		567	7	374.083		57.027		497	432.182
422D-Educación especial	38.812	1.120		19.957	400				60.289
422E-Ensinanzas artísticas	43.162	1.900		305	660				46.027
422G-Ensinanzas especiais	20.854	950			150				21.954
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado		700			2.582				3.282
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	906.858	42.718		31.047	65.017	6			1.045.647
423A-Servizos e axudas complementarias da enseñanza	21.275	44.757		19.217	23.914	8.226			117.388
423B-Prevención do abandono escolar	22.312	1.000			6.935				30.247
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	7.509	237	109	5.935	3.278	97.721	1.584	3.504	119.877
561B-Investigación universitaria		262		44.155	120	61.826			106.363
Total	1.779.977	111.247	166	784.587	139.609	225.601	1.584	4.001	3.046.772

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	38.793	39.713	2,4
Cap. III - Gastos financeiros	50	50	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	3.000	3.200	6,7
Cap. VI - Investimentos reais	95.224	80.343	-15,6
Cap. VII - Transferencias de capital	100	650	550,0
Total	137.167	123.956	-9,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	2024	2025	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	829	829	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	14	7	-49,6
Cap. IV - Transferencias correntes	393.424	418.238	6,3
Cap. VI - Investimentos reais	120	120	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	118.068	118.854	0,7
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.115	497	-55,4
Total	513.570	538.545	4,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	2024	2025	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.101	3.296	6,3
Cap. IV - Transferencias correntes	6.644	6.455	-2,9
Cap. VI - Investimentos reais	7.980	8.886	11,4
Cap. VII - Transferencias de capital	671	671	0,0
Total	18.396	19.308	5,0

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL	2024	2025	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	808	928	14,8
Cap. IV - Transferencias correntes	1.597	1.924	20,5
Cap. VI - Investimentos reais	26.281	24.527	-6,7
Total	28.686	27.379	-4,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.689.000	1.772.468	4,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	67.599	66.244	-2,0
Cap. IV - Transferencias correntes	335.236	348.836	4,1
Cap. VI - Investimentos reais	22.324	22.454	0,6
Cap. VII - Transferencias de capital	7.705	7.705	0,0
Total	2.121.863	2.217.707	4,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.839	7.509	9,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	237	237	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	112	109	-2,5
Cap. IV - Transferencias correntes	5.670	5.935	4,7
Cap. VI - Investimentos reais	11.923	3.278	-72,5
Cap. VII - Transferencias de capital	74.812	97.721	30,6
Cap. VIII - Activos financeiros	1.584	1.584	0,0
Cap. IX - Pasivos financeiros	3.501	3.504	0,1
Total	104.679	119.877	14,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	137.167	123.956	-9,6
02 SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	513.570	538.545	4,9
03 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	18.396	19.308	5,0
04 DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL	28.686	27.379	-4,6
05 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	2.121.863	2.217.707	4,5
A2 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	104.679	119.877	14,5
Total	2.924.361	3.046.772	4,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autónomas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	1.689.000	1.772.468	0	7.509	0	0	0	1.779.977
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	111.130	111.010	0	237	0	0	0	111.247
Cap. III - Gastos financeiros	64	57	0	109	0	0	0	166
Cap. IV - Transferencias correntes	754.043	792.015	0	5.935	0	13.362	0	784.587
OPERACIÓNS CORRENTES	2.554.237	2.675.550	0	13.790	0	13.362	0	2.675.977
Cap. VI - Investimentos reais	151.928	136.331	0	3.278	0	0	0	139.609
Cap. VII - Transferencias de capital	279.843	233.967	0	97.721	0	106.087	0	225.601
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	1.584	0	0	0	1.584
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.115	497	0	3.504	0	0	0	4.001
OPERACIÓNS DE CAPITAL	432.886	370.795	0	106.087	0	106.087	0	370.795
Total	2.987.124	3.046.345	0	119.877	0	119.450	0	3.046.772

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	2025
Altos Cargos	6
Persoal Funcionario	32.977
Subgrupo A1	15.228
Subgrupo A2	15.401
Subgrupo C1	230
Subgrupo C2	899
Agrupacións profesionais	1.219
Persoal Laboral	2.393
Grupo I	17
Grupo II	29
Grupo III	102
Grupo IV	1.082
Grupo V	1.163
TOTAL	35.376

Medios Persoais

Axencia Galega de Innovacion	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	57
Subgrupo A1	34
Subgrupo A2	7
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	45
Grupo I	32
Grupo II	9
Grupo III	4
TOTAL	103

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-
cións do Sector Público Autonómico**

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Cons. Axe. Calidade Sisteme Universit.	1.535	16
Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fund. Centro Supercomputación Galicia	5.987	48.614
Total	7.522	48.630

(Miles de Euros)

